

TUI E VALENÇA
nos
Séculos XI a XV

Os acontecimentos históricos, sociais, artísticos e económicos

SUSO VILA-BOTANES

LIMIAR

A Idade Media tudense é unha dinámica sucesión de feitos históricos, que debido principalmente á falta de estudos pormenorizados, ficaron escurecidos ou descontextualizados pola soa visión de fontes documentais indirectas.

Non recurrir ás fontes orixinais foi a causa salientable para que o rico pasado medieval de Tui e Valença ficara no esquecemento, sen entrar a formar parte da historia nun posto de honra pola súa importancia social, estratéxica, económica e militar. Ver no Tui e a Valença medieval somentes un espazo fronteirio cheo de rivalidade e polo tanto soamente cun carácter militar, ademais da ligazón eclesiástica, é un erro que deforma a historia tudense e valenciana.

Porén, Tui foi unha cidade cun desenvolvemento semellante ás das outras cidades galegas pero con particularidades que marcan a súa traxectoria histórica: episcopal, fronteira, portuaria, vitivinícola, comercial; atributos que ordenan as súas potencialidades económicas.

Tui foi un proxecto malogrado de cidade comercial, a súa ubicación era e é privilexiada pero as loitas señoriais, sendo Tui o albo e cobizada mazá das discordias, levou ao fracaso aquel proxecto, non por inviable senón por consunción da propia cidade. Ser campo de batalla deu como resultado que a comezos do século XVI a debilitada burguesía tudense fora incapaz de turrar do carro económico da cidade xa que esta sería guiada polo reforzado poder dos prelados que arcaizarían a vida municipal.

Valença medraría ao abeiro da súa posición estratéxica dentro do reino portugués pero aprezoando en grande medida as excelencias do mercado transfronteirizo. A decadencia do século XV e XVI levou a Valença a perder grande parte dos seus valores económicos, culturais e sociais.

As consecuencias das guerras e saqueos do século XV foi o anquilosamento da vida económico-social de Tui practicamente ata o de agora. Cunha vida municipal coartada polo conservadurismo dunha sociedade que é incapaz de ver as potencialidades do lugar onde habitan. Sen ser conscientes dos verdadeiros problemas que aqueixan a súa cidade. Contentándose coas migallas dos outros e sen decatarse que só uns poucos son os que se reparten os beneficios, precisamente aqueles que intentan convencer aos demais para que as cousas non muden.

Valença puido abandonar a decadencia na que estaba sumida gracias ao seu papel como fortaleza fronteiriza e gracias á conservación desta forte personalidade acadou unha forte reactivación económica ao se aproveitar das vantaxes da fronteira.

Tui, por costume máis que tradición, ten o alcume de cidade de D^a. Urraca. Malia as doazóns feitas pola raíña á igrexa tudense (1095, 1112), non é esta materia para identificala co celme histórico tudense, pois os seus privilexios non determinaron o devir dos veciños de Tui, pois tales doazóns eran practicadas con magnanimidade polos reis (dun lado e do outro da fronteira), destinados á igrexa para salvar a súa propia alma.

O alcume máis acaído á historia tudense e que significou marcar a súa existencia histórica é o de cidade “dos Soutomaioir”.

Lembrémonos do paso pola cidade de dous bispos desta familia de grande importancia histórica, ademais de deáns e cóengos; e dos cabaleiros que trazaron a ferro o destino da cidade; Paio Sorredeia, Fernán Eans, Álvaro Paes, Pedro Madruga.

Son estas motivacións suficientes como para asinalar a Tui como verdadeira capital dos Soutomaioir e protagonista senlleira da súa historia.

Abandonemos rancias denominacións que só nos falan dunha parte da historia tudense, a episcopal, deixando de lado a propia grandeza do Concello e a súa loita, e do

poder señorial exercido polos Soutomaior, triángulo histórico fornecido polas intensas relacións con Valença que particularizan e moldean a historia tudense dun xeito orixinal, afastado de manidos arquetipos.

SÉCULO XI: DESTRUCCIÓN E RECONSTRUCCIÓN.

Unha escura etapa histórica decorre para Tui desde o 716, ano da tomada da cidade polos árabes-bereberes, ata os comezos do século XI. A presenza musulmana foi substituída ben cedo por unha autoridade cristiá centralizada en Oviedo, aínda que de xeito máis aparente que real, alimentado polas crónicas áulicas, únicas fontes de información que temos deste período.

Porén temos episodios que relatan os duros acontecementos da comunidade tudense enfrontándose coa dura ameaza normanda (Gundroed, 970) e musulmana.

É no remate do século X (997) cando terá lugar a devastación de Tui realizada por Muhammad Ibn Abir Amir al-Mansur bi-Illah (Almanzor). O hábil xeneral cordobés estaría acompañado dunha flota algarvía cando sitia Tui. A dura resistencia ofrecida polos tudenses amolaría grandemente ao hayib do califa Hisam II o que conlevaría a destrucción das murallas da cidade.

Os normandos de Olav

Non se tiñan esquecido os tudenses destes dramáticos acontecementos cando no horizonte (ano 1015) albiscábanse de novo as flotas normandas que tornaban as súas razzias sobre as costas galegas.

En realidade desde Tui non se albiscaron as temibles embarcacións porque os normandos caíron por sorpresa sobre a cidade non deixando reaxir á poboación.

Comandaba a flota Olav Haraldsson, tal e como no-lo contan as sagas islandesas. Olav sería rei de Noruega (1016-1030), convertido ao cristianismo, logo de morrer na batalla de Stikestad (1030) o seu corpo pasaría a ser venerado transformándose poucos anos despois en Santo Patrón do país nórdico e paradoxalmente cristianizador desas terras¹.

Os noruegueses chamaron a Tui, Gunnvaldsborg, é dicir cidade de Gonçalves. Para a “*Saga do rei Olaf*”, Tui “*era grande e antiga, e alí fixo prisioneiro ó conde que era dono da cidade e que se chamaba Geirfinn. Alí o rei Olaf falou cos habitantes da cidade; fixo que a cidade e o conde pagasen doce mil moedas contantes de ouro e levou toda a prea que puido.*”²

O de “*cidade de Gonçalves*” debíase ao goberno exercido polo conde Menendo Gonçalves en Tui.

A cidade estaría en mans dos normandos varios anos, ata o momento que Afonso V poida vir e expulsalos definitivamente do territorio miúdo.

Nunha carta datada o 29 de outubro de 1024, o rei leonés Afonso V agregaba a sé tudense á de Compostela:

*“Na verdade, non moito despois, ao medrar os pecados dos homes, as costas foron arrasadas polos normandos, e posto que a sé de Tui era a máis afastada de todas e ademais era moi pequena, o seu bispo que alí moraba, foi capturado polos inimigos, xunto con todos os seus. A uns os asasinaron, aos outros os venderon, e a cidade mesma foi reducida á nada e permaneceu moitos anos asolada e baleira. Tras do cal, favorable a divina misericordia, que todo o dispón con bondade e rexe o universo, derrotamos moitas veces aos inimigos e os botamos fora da nosa terra coa axuda da divina gracia...”*³

¹ Vicente Sierra Ponce de León; Olav II rey de Noruega. Diputación de Pontevedra. 2000.

² Vicente Almazán; Gallaecia Scandinavica, pax. 113.

³ Ernesto Iglesias Almeida e Plácido Méndez Cruces; Evocación histórica de la ciudad de Tui y sus antiguas rúas. Pax. 27. Tui. 1990.

No privilexio da infanta Dona Urraca, 1071, de reinstauración da sé, faise de novo mención destes feitos, no que o bispo Afonso xunto cunha boa parte dos viciños da cidade foron apreixados e levados da terra, deixando o territorio ermo⁴.

E con isto a escuridade documental cae sobre Tui, descoñecendo os seus aconteceres ata uns corenta anos despois.

As invasións normandas deixarían como lembranza case perenne da súa presenza nestas terras as “barcas do Miño”, as cales foron proveito dalgunha embarcación viquinga abandonada ou destruída nas súas múltiples incursións ao longo dos séculos IX, X e XI. Os ribeiráns miñotos recolleron as técnicas e artes nórdicas para relanzar o tráfico fluvial: barca de pasaxe, transporte comercial, actividades pesqueiras,...

A reinstauración da Sé

O documento que nos abre as portas da historia é o devandito da infanta Dona Urraca no 1071. Esta infanta dotaría de diversos bens ao novo bispo de Tui *Georgius* ao que debeu ver en precariedade, cousa nada digna para un prelado. Entre as doazóns que constitúen esta reinstauración da sé tudense está a metade do mosteiro de Albeos, unha terceira parte do de Veiga de Lima, a metade de San Paio de Paderne, o de Pallatino e un feixe de herdades no territorio da Lima.

O bispo estaría instalado no vello mosteiro de San Bertolameu xunto cos coéngos baixo norma regular, supoñemos San Bieito.

Esta reinstauración da sé tudense non significa a volta da xente á cidade ou algún tipo de repoboación. Simplemente é a reorganización eclesiástica dun espazo xa dotado cun apreciable número de poboación. Logo da destrución da cidade no 1015 por Olav, a poboación iría recuperando o seu primitivo pulo ata que no ano 1071 xa cunha poboación dinámica e a tranquilidade do cese dos ataques normandos e sarracenos, sería tempo para a organización eclesiástica de se acomodar de novo no seu vello asentado.

A poboación tudense estaba ocupando o que chamaremos *burgo vello*, a cimeira do outeiro actual, entre a Catedral e a Oliveira (hoxe Monxas de Clausura). Isto podémolo supoñer así polas referencias da documentación posterior, xa que logo, o mosteiro de San Bertolameu ficaba nun suburbio ou arrabalde de Tui, polo tanto é lóxico que aseveremos a continua presenza no outeiro e non como ata o de agora se ten suposto, na veiga de San Bertolameu.

O Señorío da Cidade.

Os tempos mudan con rapidez e os bispos son dotados con máis doazóns de cara a que poidan vivir dignamente. A principal e data simbólica para Tui foi a doazón dos condes da Galiza Don Reimunde de Borgoña e Dona Urraca no ano 1095⁵. Neste privilexio dóase o señorío sobre o couto de Tui aos bispos tudenses. O couto é marcado nos seus lindeiros; aproximadamente ía desde a altura de O Torrón (Sobrada), pasando por Seixos Albos (Areas), Marco de Friande (Randufe), Monte Aloia; como lindeiro norte pasaba o Louro á altura de Orbenlle (O Porriño), baixaba ata o alto de Sobredo (Guillarei), collía un regato no medio da veiga de Paramos ata o río Miño; adentrábase en Portugal rodeando as alturas veciñas de Valença (Monte Faro), baixaba por Gándara e Arão e finalizaba en Segadães. Os coutos viñan a ser como unha especie de termos municipais actuais, polo que se o comparásemos poderíamos observar as súas

⁴ Henrique Flórez; España Sagrada, Tomo XXII, pax. 247.

⁵ Ver o Apéndice Documental 1 para coñecer o texto inteiro.

dimensións maiores, abranxendo parte de Valença, pero ficando fóra lugares como Malvas, Pexegueiro, a metade de Paramos, Baldráns e Caldelas.

Todas estas freguesías irían incorporándose ao ritmo das doazóns reais e dos cambios e integracións que houbo despois. Sinxelamente podemos advertir que este primitivo couto tudense vai trazado polo espazo xeográfico natural no que está enmarcada a cidade; veiga do Louro e veiga valenciana.

Este couto sería mantido, malia independencia do condado portucalense, pola raíña Dona Tareixa e o seu fillo Afonso Henriques, quen en 1169 repetiría os mesmos termos do couto alén Miño (Valença); logo ficaría esquecido para crear Contrasta e así alimentar rivalidades marcadas por monarcas lonxanos, aínda que ambas beiras seguiron entendéndose.

Como remate do privilexio, o conde Don Reimunde establece o pago de multas para aqueles que roubasen, violasen ou danasen no devandito couto, multa que subía aos VI mil sólidos de prata a pagar ao bispo e cóengos tudenses.

Esta carta de privilexio ben a significar a definitiva unión entre Tui e a igrexa, non só no plano eclesiástico, senón e tamén, no plano señorial acoutando a independencia municipal e polo tanto o desenvolvemento económico da cidade no futuro.

O SÉCULO XII: ENTRE PRIVILEXIOS E GUERRAS

Tui neste século coñecerá o comezo da súa máis característica configuración urbana e o desenvolvemento das súas actividades comerciais e agrícolas, pero tamén coñecerá as guerras de fronteira, supoñendo a cidade a mazá da discordia para os rebeldes reis portugueses.

A primeira noticia deste século témola no curioso “*pio latrocinio*” protagonizado polo bulideiro D. Diego Xelmírez no ano 1102. Este, ao recoñecer o estado de certas posesións compostelás ubicadas no arcebispado de Braga, toma unhas cantas reliquias de vellas igrexas a el pertencentes naquel arcebispado, para dotar a súa igrexa de Compostela de valiosas reliquias. Claro está que os veciños de Braga isto non o consentían e polo tanto estaban dispostos a impedilo. O afouto bispo decidiu sacar as reliquias pola noite e que fose un subordinado quen as levase directamente a Compostela.

O Arceidiago encargado de tal misión levou os corpos santos por sendeiros ocultos ata chegar ao Miño, que, pola tempada que era, estaba embravecido. Mais, por efecto milagreiro ao chegar as reliquias á beira do río as augas acalmaron o seu furor. Puido así o Arceidiago transportarse ata Tui e desde alí dirixirse ata o mosteiro de San Bertolameu para depositar tan sagrados corpos. O mosteiro, coméntanolo a *Historia Compostelana*, estaba ubicado nun arrabalde de Tui¹. Este dato, empregado con anterioridade, fainos ver como a cidade ubícase desde antigo² no outeiro tudense ofrecéndonos a continuidade poboacional mal interpretada por autores anteriores.

Logo de ser deixadas as reliquias en Compostela, achegouse ata Tui no ano 1108 o bispo de Santiago D. Diego Xelmírez e o arcebispo de Braga D. Mauricio. O compostelano cederíalle en préstamo a metade das súas propiedades no arcebispado bracarense.

No ano 1112, o bispo tudense Afonso II recibiría a grata visita da raíña Dona Urraca, a cal doaría á igrexa as vilas de Santa Mariña de Areas e de Spenicelo (Rebordáns), ademáis de ceder todo aquilo que posuise entre Santa Comba de Ribadelouro e Anta, desde o Louro ata o Aloia³ e desde Riomuíños ata a Pedrafita de Pexegueiro e para rematar a cuarta parte da veiga entre Louro e a fonte Maior (Paramos).

Con estas doazóns o bispo e cóengos organizaban a vida eclesiástica da diocese e por exemplo recuperaban vellas propiedades perdidas nos tempos escuros como era a vila de Vinea (perto de Viana do Castelo), cedida polo bispo Afonso I a comezos do século XI a Nuno Soares. A morte do bispo a mans dos normandos produciría a agregación da sé tudense á compostelá, repartíndose desde entón os fillos e familiares as posesións da devandita vila. O bispo Afonso II fixo que tódolos familiares renunciasen a súa parte recobrando a vella propiedade episcopal no ano 1112, excepto dúas igrexas

¹ Historia Compostelana (feitos de D. Diego Xelmírez), 1º arcebispo de Santiago. Traducida do latín ao castelán polo R. P. Fr. Manuel Suarez. Compostela 1950. pax. 48.

² En realidade a continuidade ocupacional deste outeiro rochoso é xa prehistórica cos achádegos ocasionais descubertos na cidade e inmediacións, para logo pasar a un asentamento castrexo e a expansión da cidade provocada pola romanización da rexión, desta etapa romana derivarían os asentamentos do Tui altomedieval e o crecemento da cidade na Baixa Idade Media.

³ Ver Apéndice Documental II.

dependentes de Vinea e parte da mesma vila mentres vivisen os netos daquel Nuno Soares⁴.

No ano 1118 acontecería unha desgracia, pois o cabaleiro Paio Dias cometería sacrilexio ao perpetrar un homicidio dentro da igrexa de Santiago de Penso (perto de Melgaço). A vítima non debía de ser nobre pois dela non se coñece o nome. A penar ao sacrilego Paio Días xuntáronse en concilio, na cidade de Tui, varios bispos, entre eles o de Compostela. A decisión foi a cesión ao bispo de Tui (posto que se fixera o crime na súa diocese) da igrexa violada engadindo a esta a cuarta parte da igrexa de San Paio de Paderne e a cuarta parte de San Martiño de Valadares, ofrecido pola nai do homicida, Ónega Fernandes, que ademáis daría pola súa alma a cuarta parte da igrexa e vila de San Vicente e o casal de Deva⁵, todas na actual autarquía de Melgaço.

As xeiras da guerra.

Non podemos considerar unha guerra continuada os enfrontamentos entre reis galego-leoneses e os condes portugueses; son máis episodios da independencia do condado portucalense, e para alongar o seu reino cara estas terras, lugar que consideraban de seu dereito, xa que logo, o sur da Galiza era de vella obediencia eclesiástica bracarense e aínda non se esqueceran os lazos administrativos dos tempos da diocese romana.

O primeiro choque de tropas datado acontecería no ano 1121. Tempo atrás a raíña Dona Tareixa invadeira Tui e terras veciñas, acto que provocou a reacción da súa media irmá a raíña Dona Urraca. Esta última solicitaría axuda do arcebispo compostelá, D. Diego Xelmírez. A pesares dos acordos e leis municipais que impedían que os veciños de Santiago e Iria fosen a guerra algunha, D. Diego acadou a participación do concello compostelá e iriense. A raíña D. Tareixa coñecendo a vinda das tropas da súa media irmá, reuniu as súas tropas e acampou na outra beira do Miño.

As forzas santiaguesas e irienses co arcebispo e D. Urraca na testa, chegados a Tui tiveron que idear o xeito de cruzar o río, pois con ese obxectivo feito a victoria sería fácil. Parte das tropas pasarían o río nas embarcacións apreixadas aos portugueses que andaban polo Miño, para tomar unha illa que ficaba no medio (actual veiga do Louro). Uns en naves e outros a nado toman a illa cunha afouteza que espanta os ánimos dos portugueses que fuxen e deixan sen protección o acampamento. Neste momento cruzan o río D. Diego e D^a Urraca, entran en Portugal e dispóñense aos saqueos, roubos, incendios e demáis hostilidades na terra da súa inimiga⁶.

Xa temos exposto⁷ como este episodio bélico puido ficar prendido no imaxinario popular para transformalo no famoso túnel baixo o río e fuxida de D. Urraca a Portugal, xuntándose isto coa construción da Torre Vella catro anos despois.

Antes do ano 1126 entraría D^a Tareixa de novo en terras galegas por Tui, momento no que faría edificar a Torre Vella. Sería o novo rei galego-castelán Afonso VII, quen vindo a Galiza organizaría unha expedición contra a súa tía. Entre as axudas solicitadas estaba a do arcebispo compostelá D. Diego Xelmírez que reunindo cabaleiros e peóns acompañou ao rei ata Portugal onde de novo e por espazo de seis

⁴ Henrique Flórez; España Sagrada, tomo XXII, pax. 73.

⁵ Ávila y La Cueva, Francisco; Historia Civil y Eclesiástica de la Ciudad de Tuy y su Obispado, tomo III, pax. 133.

⁶ Historia Compostelana; op. cit. pp. 301-302. cap. 40, libro II.

⁷ Pórtico, nº 113, febreiro 2000; "A Torre Vella".

semanas, devastarían vilas, tomarían castelos e cidades non parando ata que a terra toda ficase asoballada. Finalmente ficaría restablecida a paz entre Tareixa e Afonso⁸.

No ano 1124, momento probable da toma de Tui, a raíña D^a Tareixa outorgaría privilexio ao bispo tudense Afonso II. Nesta doazón a portuguesa dáballe á sé tudense a liberdade de circular todo tipo de mercaderías (trigo, cebada, viño, animais, vestidos) polo veciño reino ata a igrexa de Tui. Tamén concedía a liberdade de apacentar o gando en todos os coutos e resíos a excepción de facelo polos cultivos e devesas fechadas. Foi a que fixo a doazón da barca de pasaxe polo río exclusivamente aos bispos e de acoutar o río desde a vila de Lazoiro (Salvaterra) ata a foz do Miño no que ninguén podía pescar sen o permiso do bispo tudense. Finalmente entregoulle a totalidade da vila de San Pedro da Torre.

Os seguintes enfrontamentos serían protagonizados polos curmáns Afonso Reimundes, o Emperador, e Afonso Henriques, o príncipe portugalense.

Estando Afonso VII lonxe da Galiza, o conde portugués aproveita a ocasión para se rebelar tomando Tui e territorio veciño no ano 1131. Obtivo a axuda dos condes de Toroño, Gomes Nunes e da Limia, Rodrigo Peres Veloso, quen lle entregaron varios castelos facilitando así o traballo do portugués⁹.

Afonso VII non puido ata entrado o ano 1137¹⁰ reaxir contra outra ocupación portuguesa que aproveitara os problemas do Emperador con Don García de Navarra e de certas infidelidades dos condes fronteirizos. Gracias ao aviso dun fidelísimo vasalo, Afonso VII emprendeu a viaxe entre Zamora e Tui, andando, sen parar días e noites cun pequeno número de cabaleiros; entrou aos tres días na cidade de Tui, desde onde enviou legados aos condes e príncipes do seu reino, para que canto antes lles fose posible, acudisen con toda a súa forza de cara a entrar en Portugal ao comezo da ceifa e en tempo de verán e asoballar a terra completamente. A petición non foi respostada pola maioría dos nobres, e os legados tiveron que amonestar ao arcebispo de Santiago a que valesse logo ao rei. D. Diego Xelmírez estimularía con estipendios abondosos aos condes e príncipes para que acudisen en favor do rei, pero cando o exército xa estaba disposto a marchar cara a Tui, chegaron mensaxeiros advertíndolles que as pazes foran feitas entre Afonso VII e Afonso Henriques¹¹ e que na mesma xornada chegaría Afonso VII a Compostela.

Na chamada Paz de Tui (1137), os dous contendentes restituíronse as fortalezas tomadas, aceptando o portugués a vasalaxe ao Emperador coa promesa de fidelidade, seguridade e auxilio contra os inimigos.

A piadosa alma de Afonso Henriques compensaría á sé tudense, “*polo dano que causei a aquela igrexa*”¹², coa doazón da vila de Vinea nos seus términos e lugares antigos, quizais maiores do que o tiñan os bispos de Tui. As dúbidas de Ávila y La Cueva e o Padre Flórez¹³ son infundadas xa que esta *Vinea* é a mesma daquela en posesión dos netos de Nuno Soares, o que acontece é que unha cousa era ser propietario da vila (como o era o bispo) e outra cousa é o señorío no que se incluían o cobro das

⁸ Historia Compostelana; op. cit. pax. 397, cap. 85, libro II.

⁹ Historia Compostelana; op. cit. pax. 454, cap. 51, libro III.

¹⁰ Os datos ofertados pola Historia Compostelana son pouco claros pois a pesares das relacións existentes entre os feitos de 1131 e de 1137 non se establecen vencellos nidos entre os dous episodios polo que seguiremos a versión de Pascual Galindo.

¹¹ Historia Compostelana; op. cit. pax. 507, cap. 51, libro III.

¹² AT.:5/3, copia do documento en Pascual Galindo Romeo, Tui en la Baja Edad Media (siglos XII-XV), documento III.

¹³ Ávila y La Cueva; op. cit. tomo III, pax. 146/ Henrique Flórez; op. cit. tomo XXII, pax. 81.

multas e de diferentes tributos e que incluso debeu abranxer un espazo maior que o da propiedade episcopal xa que nela inclúense pastos, montes, augas, homes e vasalos, é dicir a totalidade das posesións contidas nesa demarcación.

O que recibían os bispos tudenses dunha parte, os nobres llo querían quitar por outra, e é que a nobreza xa era belicosa neste tempo, cousa que para Tui supuxo unha dura carga ao longo dos séculos.

Polo ano 1140 o conde Gomes Nunes, pouco contento de só gobernar a Terra de Toroño, adicouse a se apropiiar dos bens do bispo D. Paio. Entre estas posesións atopábase o castelo de Entenza, un auténtico bastión para a defensa de Tui e desde o cal o rebuldeiro conde podía controlar á cidade episcopal. As queixas do bispo non se fixeron agardar e chegaron aos oídos do Emperador que sentenciou a favor do prelado tudense, engadindo que viría aquí para quitar os tiranos da terra¹⁴, feito que descoñecemos si se chegou a producir.

Afonso VII daría unha extensa doazón á igrexa tudense no ano 1142. Neste privilexio víñanse a confirmar tódolos privilexios anteriores, o de D. Reimundo, D^a Urraca, D^a Tareixa e ademáis certas prerrogativas que algúns consideran a primeira Carta Foral de Tui. Estas prerrogativas diríxense aos cidadáns de Tui, os cales non podían ter outro señor, nen vender as súas casas ou propiedades a outras igrexas ou nobres que puidesen malparar os dereitos do bispo tudense. Recibiría o bispo dos homes dos seus coutos os chamados xantares¹⁵. Ningún home do rei (*merino, subricio, gallinario*) podía entrar nos coutos do bispo sen o seu permiso e recaudar as multas sobre os roubos, furtos, calumnias ou homicidios que se cometesen, pois no caso que o bispo os chamase para que fixesen xustiza, a metade das multas das caloñas (calumnias-multas) e a décima parte do resto serían para o prelado.

Os bispos poñerán os xuíces na cidade e nos seus coutos, isto é, que serán os propios prelados quen controlen a xustiza na cidade, cuestión á que os cidadáns sempre se opoñerán.

O privilexio reitera o xa concedido con anterioridade como o portádego da cidade, o acoutamento do río desde a vila de Lazoiro ata a foz do Miño e a nave de pasaxe en propiedade episcopal. Tamén é interesante o relativo ao comercio coa seguridade dada aos mercadores e ás súas mercaderías, e a liberdade de circular sen pagar pedático nen portádego a comida e vestidos do propio prelado e cóngos¹⁶, liberdade que deberon estender o bispo e cóngos para importar demais (por riba das súas necesidades persoais) telas de calidade de ultramar (Bruxes, Yprès, Bristol, etc.) e comercialas con vantaxe no territorio.

Por último e non menos interesante, está a cesión dunha torre na cidade, ubicada perto da torre sineira da igrexa de Santa María¹⁷. Con isto deducimos que existía unha torre no medio do burgo vello e que xa se comezaran as obras da catedral tal e como nolo confirma a doazón realizada no ano 1145 polo mosteiro de Oia de dous marcos de prata para a construción da sé de Santa María. Esta torre doada polo Emperador debeu

¹⁴ Ávila y La Cueva; op. cit. tomo III, pax. 150.

¹⁵ Imposto que a xente pagaba polo concepto de que eran obrigados a servirle xantar ao bispo cada vez que pasaba pola súa casa, isto que era costume antigo (reservado aos reis) convertíuse nun imposto recaudatorio máis non precisando o bispo (o no seu caso o rei) a ir persoalmente ás casas dos seus vasalos.

¹⁶ Pascual Galindo; op. cit. pp. 36-37.

¹⁷ Henrique Flórez; op. cit. tomo XXII, pp. 266-268. Traducimos: “Douvos tamén e confirmovos a perpetuidade aquela torre que mandei facer na cidade de Tui xunto a vosa torre sineira para defensa do noso reino, de maneira que tanto aquela torre como a cidade de Tui con todo o dereito real nela xamais sexa arrebatada do voso dominio”.

ser construída uns anos antes, entre 1137 e 1142, e con certeza podemos afirmar que se trata da que logo sería Torre do Concello.

Seica os anos posteriores pasaron sen sobresaltos sobre todo e malia o cambio de monarca e a división do reino en Fernando II (1157-1188), o cal reinaría sobre Galiza-León, e Sancho III (1157-1158) e Afonso VIII (1158-1214) que gobernarán sobre Castela.

Os acordos de paz establecidos entre os reinos portugués e castelán-leonés culminarían coa voda da infanta portuguesa D^a. Urraca, filla de Afonso Henriques, co fillo do Emperador Afonso VII, o infante D. Fernando (quen sería rei de Galiza-León no 1157). Pero a consanguinidade entre os dous infantes faría para a igrexa que o casamento fose inválido. Se cadra, xunto coa morte do Emperador, provocase máis que Afonso Henriques rompese todo pacto de vasalaxe e relación de amizade co veciño reino non tardando en enfrontarse co novo rei galaico-leonés.

Fernando II estaría en Tui no ano 1159, quizais de cara a asegurar a fronteira, de paso doaría ao mosteiro de Oia a vila de Maloes¹⁸.

No ano 1160 aconteceu un suceso que máis poderíamos calificar como noticia de sociedade. En Tui reuniríanse o conde de Barcelona D. Raimundo IV, o xa rei de Portugal Afonso I, xunto a eles o arcebispo de Braga D. Johan, o bispo de Barcelona D. Guillerme, e o bispo de Tui D. Isidoro¹⁹. O motivo foi concertar o casamento dun fillo do conde barcelonés con Mafalda, filla de Afonso I. Desgraciadamente coa morte da infanta a voda non se chegaría a producir.

Para o ano 1166 produciríase a ruptura definitiva entre os reinos de Portugal e de Galiza-León. Afonso I lanzárase sobre as terras fronteirizas do seu reino tomando Tui e chegando ata Pontevedra. No 1169, en Tui, despois de confesar haber sitiado e violado²⁰ a cidade lle fai privilexio e doazón ao seu bispo do realengo de Benevivere en terra de Fragoso, xunto a 17 casais, cinco barcos con seis temoneiros en Santa María de Vigo, a igrexa de Santa Baia de Vilar de Mouros e cinco casais en Truiti. Logo fai confirmación de todo o doado con anterioridade tanto polo seus pais como polo Emperador²¹.

Neste mesmo ano de 1169, e combatendo o rei portugués con Fernando II en terras de Badajoz, sería derrotado e aprexado Afonso I. Ferido e no poder do galego-leonés, Afonso tivo que aceptar a devolución do conquistado por el uns anos antes.

Bonaventura: o povo é quen máis ordena.

Fernando voltaría da fronteira extremeña para reconquistar o tomado anteriormente por Afonso I. Non sería un camiño fácil a reconquista do territorio, pois seguía habendo tropas portuguesas nos principais enclaves da rexión conquistada. A toma do castelo de Cedofeita (sobre Pontevedra) foi interpretado, pola súa dificultade, como signo de protección divina, caendo a vila de Pontevedra no mesmo ano de 1169. Alí mesmo, o rei Fernando II, daríalle foros, non tardando en dirixirse cara Tui, e finalizar así co dominio portugués sobre o bispado.

¹⁸ Ávila y La Cueva; op. cit. tomo III, pax. 161. A vila de Maloes é a actual parroquia tudense de Malvas.

¹⁹ Ávila y La Cueva; op. cit. tomo III, pax. 162.

²⁰ Ibidem, pax. 166.

²¹ Ver Apéndice Documental III.

A chegada á cidade episcopal debeu facerse en febreiro de 1170. A principal preocupación de Fernando sería a seguridade de punto tan estratéxico da fronteira. Porén non debemos somentes pensar na fortificación da cidade, senón e sobre todo, do seu goberno. Probablemente a máxima atención do rei galego debeu ser a de fixar a fidelidade dos gobernantes da cidade. Os bispos, señores dela ata o entón, tiñan unha ambigua fidelidade, pois debido a que a metade das súas posesións atopábanse en terras portuguesas a vasalaxe podía chegar a ser problemática.

De feito outro dos problemas era que os propios bispos tudenses eran portugueses, o era o bispo *Xohán*, o prelado que estaba á fronte da sé cando chegou Fernando. Estas cousas debían de facer desconfiar a Fernando II incluso nos feitos máis inmediatos da tomada da cidade que fixo Afonso Henriques uns anos antes.

A solución que debeu argallar o rei Fernando sería demasiado complexa para que callase. Deseñaría unha cidade libre, con vantaxes comerciais, agrícolas e legais, de tal xeito que a súa maior forza fose a súa poboación. Isto é, na prosperidade da cidade os primeiros en querer defendela serían os seus cidadáns, precisamente os máis fieis á lealtade real.

A complexidade do plan argallado por Fernando era tremenda. Non só trataba de dotar á cidade de foros que lle permitisen a prosperidade da poboación, senón e tamén de ampliala cidade e fortificala convenientemente, e por último e máis dificultoso; quitarlle o señorío da cidade aos bispos tudenses.

Fernando II comezou por trazar a nova cidade. O burgo vello, na cimeira do outeiro, aínda que fortificado e protexido pola elevación, era demasiado pequeno para unha poboación en forte crecemento e que ademáis debía extenderse espalladamente sobre os campos veciños.

O rei quería dotar a cidade de maior amplitude, para defensa, salubridade e acollemento de toda a poboación²².

A partires de aquí temos que explicar unha cuestión que se estivo debatendo desde fai uns séculos en Tui.

Xa vimos máis arriba como a poboación da cidade asentábase sobre o que chamamos *Burgo Vello*, é dicir esa penichaira entre a praza da catedral e a rúa das monxas de clausura. Tamén deducimos como sendo que na documentación aparece o mosteiro de San Bertolameu no arrabalde de Tui, podíamos asegurar que esta achábase no lugar actual, ou mellor dito, que nunca mudou de sitio, aproveitando a poboación tudense, malia as destrucións, o vello asentamento urbano.

Polo tanto e tras disto, podemos recoñecer que Fernando II non mudou a cidade desde San Bertolameu ao burgo, senón que ampliou cara ao río, baixando ás abas do outeiro, a cidade, e mudar á numerosa poboación que se espallaba nos arredores para o novo recinto fortificado.

A argumentación do rei galaico-leonés na Carta Foral por el feita, expón con claridade o seu interese por ampliala cidade, e para mellorar a súa fortificación, isto é que o burgo vello tiña xa murallas e torres²³.

Outro motivo argumentado polo rei para este traslado ou mudanza era a da salubridade da cidade. Isto quere dicir que o burgo vello coas súas pequenas dimensións

²² Ver Apéndice Domumental IV.

²³ As torres serían as feitas por Tareixa en 1125 e a realizada por Afonso VII entre 1137 e 1142. A primeira conservouse pasando a se chamar Torre Vella conservándose parte dela no actual túnel das monxas de clausura que debeu ser unha porta do burgo vello cara o porto; a segunda torre transformábase na chamada torre do Concello, desta conservábase o seu muro posterior na traseira da casa do concello ata que este foi transformado no actual edificio consistorial.

e ateigamento de casas nun espazo tan reducido non debía ter unhas condicións hixiénicas moi recomendables. O feito de amplia-la cidade daría maior ventilación e probablemente dotaríase de rudimentarios sumidoiros para bota-las augas fecais cara ao río e sanear así a cidade.

Por último ficaríanos por explicar por que o bispo e cóngos vivían no mosteiro de San Bertolameu.

Quizais o pouco espazo e a insalubridade do burgo vello non recomendasen a súa instalación na cidade, pero principalmente o motivo débese outorgar a que o mosteiro proporcionaba unhas mellores condicións para a vida regular (S. Agostiño) á que estaban suxeitos tanto bispo como cóngos. Tamén ao non estar construída a sé de Santa María impediría a vida normal no interior da cidade.

Si podemos asegurar que sería a partir de 1170 cando bispos e cóngos comezarían a vivir na cidade. Supoñemos que neste tempo a vida regular á que estaban afeitos ficaría revogada.

Para amplia-la cidade, Fernando II tivo que mercar os terreos que ían desde a catedral ata o río. Estes, chantados de viñas, pertencían ao bispo e cóngos e a un tal mestre Reimundo. Con este feito, o rei quitáballe a posesión da cidade ao bispo.

Fernando II concedía estes terreos e foros aos habitantes de Tui coa condición que vivisen na cidade construíndo os muros, fosos, torres e casas da nova urbe. Á nova cidade chamaríalle *Bonaventura*²⁴. Era moi afeito este rei a dar novos nomes ás vilas e cidades por el refundadas como se pasou no caso de Noia, no que a chamaba *Totum Bonum*. Quizais esta liña exprese un carácter optimista por parte do rei galaico-leonés.

Estamos, en efecto, ante un intercambio entre o rei galaico-leonés e os habitantes de Tui; foros e o lugar a cambio da defensa da cidade. O que quería sen dúbida Fernando II era dotar á nova Bonaventura de altos muros e homes libres que a puidesen defender.

Os foros ou Carta Foral é unha mostra de tentativa igualitarista municipal de tal abranxemento que lle poderíamos chamar utópica a súa aplicación no mundo medieval.

O contido dos foros podémolos dividir así²⁵:

- Plena propiedade das herdades puidendo chegar ata o encautamento.
- Facultade de abrir novas plantacións en montes e ermos.
- Liberdade de inmigración e trato igual a tódolos novos moradores, aínda que algúns sexan fidalgos.
- Libre circulación dos seus mariñeiros e mercadores polo reino.
- Exención de tributos reais e señoriais: portádego, décima dos viñedos, luctuosas, maniadego e especialmente das caloñas e demais penalizacións.
- Inmunidade fronte aos merinos reais en especial respecto ás prendas por débedas.
- Confirmación dos bos costumes que os cidadáns de antigo ou de novo tiñan.

Este panorama legal ofrécenos unha idea clara do que quería Fernando II para Tui, unha cidade próspera e igualitaria en contra da señorialización do mundo medieval.

Para conter o malestar do bispo, o rei tívolve que ofrecer compensacións como a doazón do couto e igrexa de Borreiros²⁶ (Gondomar). Noutro documento para

²⁴ Ávila y La Cueva erroneamente atribuíu este nome ao bairro de San Bertolameu.

²⁵ García Oro, José; Galicia en los siglos XIV y XV, tomo II, pax. 123.

²⁶ Ver Apéndice Documental V.

compensar a compra dos terreos para face-la cidade outórgalle a vila de Oliveira, xunto a Sobroso, e acouta a igrexa de Santa María de Vigo²⁷. Pero este acto no sería suficiente para que o proxecto municipal tudense seguise adiante.

Descoñecemos a motivación exacta do rei Fernando para revogar os foros tudenses. Malia posuír varios documentos de Fernando II en ningún deles exprésase directamente o motivo do cambio, pois non podemos aceptar tan só a literalidade das palabras do propio rei²⁸ dicindo que “*non se debe diminuir os dereitos das igrexas senón polo contrario acrecentalos*”, senón e tamén un trasfondo máis sutil.

A anulación dos foros de Bonaventura só podería ser explicada por presións da igrexa provocando unha posterior rebelión do pobo tudense contra o señorío eclesiástico, motivación apuntada por Galindo Romeo²⁹. Podemos intuír este desorde social nun documento asinado polo rei, o que fai referencia á devolución do collido polos seus portarios Martín Muñiz e Paio Martín³⁰. Entre os datos que se poden albiscar neste documento está a expresión “*alonxado todo motivo*”, o cal nos sinala momentos tensos na relación da poboación tudense co bispo e incluso entre Fernando II e o propio bispo.

Tamén, e na mesma liña, outra expresión diríxenos no mesmo camiño, “*e esteades seguros que non seremos amigos destes que fixeron doutra maneira*”. O rei suxírenos con isto unha rebelión en Tui reforzado polo mesmo sentido do documento, a restitución de todo o collido por Martín Muñiz e Paio Martín.

A lóxica dictaríanos esta sucesión de feitos: apoio da igrexa ás presións do bispo Xohán para que se lle devolvese o señorío da cidade. Con isto Fernando II anularía os foros concedidos a Bonaventura devolvéndolle o señorío ao bispo. Como consecuencia provocaría unha forte reacción en contra feita pola cidadanía tudense, posiblemente alimentada ou apoiada polo propio rei aparecendo en escena os seus portarios. Logo o rei restituiría o furtado por aqueles e reiteraría o señorío episcopal sobre a cidade na mesma liña que no documento de anulación.

Como apoio disto temos o exemplo do acontecido uns anos antes noutra cidade episcopal galega. No ano 1159 o rei Fernando II anulaba os foros que outorgara á cidade de Lugo³¹. Estes foros concedidos na ausencia do bispo e baixo a presión da guerra da que se aproveitaron os lucenses para sacar os devanditos foros.

Por suposto que no caso tudense Fernando II dispuxo de total liberdade para concede-los foros á cidade, sabendo o que facía. Pero podemos comprobar como ante as presións era relativamente fácil recuar nas decisións, sobre todo cando podían existir contraprestacións máis interesantes.

Segundo isto que acabamos de apuntar a liña de acontecementos é moi estreita pois nun período dun mes o rei elimina ou afasta o señorío episcopal sobre a cidade outorgándolle foros utópicos, cede ás presións da igrexa e devolve o señorío ao bispo anulando os foros, rebelión do pobo tudense, restitución das cousas collidas ao bispo durante a rebelión.

Esta sería a primeira sublevación cidadá da que temos novas en Tui pero non será a última. Os autonomistas foros do rei Fernando alimentarán ao concello tudense para reivindicar contra o bispo maior autonomía municipal. Durante moitos anos só os reis casteláns-leoneses poderán arbitrar nas contendas entre bispos e concello tudense.

²⁷ Ver Apéndice Documental VI.

²⁸ Ver Apéndice Documental VII.

²⁹ Galindo Romeo, Pascual; op. cit. pax. 42.

³⁰ Ver Apéndice Documental VIII.

³¹ Galindo Romeo, Pacual; op. cit. pax. 44.

Tranquilizárase a cuestión municipal, aínda que o problema seguiría latente tal e como demostrarían as rebelións de anos posteriores. De momento, o novo bispo tudense, D. Beltrán, de orixe portuguesa³², debeu acalmar a situación, aínda que semella máis posible que o devandito bispo estivera máis na corte co rei Fernando II que na súa diócese. Esta relación coa corte debeulle beneficiar en privilexios tal e como acontece no ano 1179 cando o rei lle concede o castelo de Sta. Helena (Val Miñor), a igrexa de San Xoán de Vilacova (Ribarteme), Bembibre e Beade, o realengo de Saxamonde e o mosteiro de Sta. María de Salceda³³.

O máis interesante do privilexio é a concesión de poder construír unha fortaleza xunto dunha torre perto das casas episcopais³⁴. A torre á que se fai referencia cremos nos que é a que sería chamada Torre Vella³⁵. Tamén a referencia que se fai ás casas episcopais da Oliveira é interesante, representando con total seguridade a volta dos bispos e cóngos á cidade.

Fernando II outorgaría, para facer a devandita fortaleza e a catedral, un imposto especial sobre os grans (calquera clase) vendidos no mercado tudense.

Esta doazón non sería tan desinteresada como parece, a salvación da súa alma, senón e tamén para agradecer os 1100 maravedís que o bispo tudense D. Beltrán ofrecera ao rei, probablemente para as súas campañas en Extremadura.

Os cercos de Sancho I

No ano 1186 o rei Don Sancho de Portugal doaría á igrexa tudense San Salvador de Mahacedo, San Pedro de Gándara e San Nicolao de Cortos e o realengo entre o río Miño e o Castelo de Lañoso³⁶. Tamén por un documento independente³⁷ do anterior sabemos que “*D. Sancho I deu á sé de Tuy sessenta maravedis que metessem en vinhas*”.

O por qué desta doazón é a de sempre, espiar a súa alma dos males³⁸ que causou á igrexa de Tui. O problema venos para fixar cando foi este sitio e violación da cidade. Para uns seica foi cando acompañou ao seu pai na campaña de 1169. Pero a doazón de 60 maravedís para chantar novas viñas (as preexistentes serían destruídas no sitio da cidade) fálanos máis dunha recente (arredor de 1186) expedición portuguesa á beira galega do Miño que dunha expiación de culpas pasadas. Polo tanto neste tempo temos que situar unha entrada do rei D. Sancho contra Tui aínda que non apareza reflectida nas crónicas con exactitude.

Para 1197³⁹ temos novas dun novo cerco sobre a cidade imposto por Sancho I o *Povoador* do cal non temos moitas máis referencias.

A toma da cidade nestas datas, debeu inspirar ao “divino” Camões no seu Canto III, estrofa 89, da súa epopeia Universal *Os Lusíadas* cando narra as afoutezas do rei Sancho: *E, se tantos troféus do Maometa/ Alevantando vai, também do forte/ Leonês não consente estar quieta/ A terra, usada aos casos de Mavorte,/ Até que na cerviz seu*

³² Ávila y La Cueva; op. cit. tomo III, pax. 170.

³³ Ver Apéndice Documental IX.

³⁴ Actual zona do Convento das Monxas de Clausura, antes rúa da Oliveira.

³⁵ Pórtico nº 113, febreiro 2000, “A Torre Vella”.

³⁶ Galindo Romeo, Pascual; op. cit. documento XV. O documento orixinal está moi deteriorado, polo que no que se refire ao realengo pode haber dúbidas.

³⁷ Ávila y La Cueva; op. cit. tomo III, pax. 176.

³⁸ No privilexio dinos “obsedi et violavi” é dicir, por sitiar e violar.

³⁹ António Matos Reis; O Foral de Valença, 1996. pax. 23.

*jugo meta/ Da soberba Tui, que a mesma sorte/ Viu ter a muitas vilas suas vizinhas,/ Que, por armas, tu, Sancho, humildes tinhas.*⁴⁰

Neste tempo non só haberá doazóns reais, tamén as existen leigas. O exemplo o temos no ano 1192 cando un matrimonio nobre, Pedro Pelaes e Elvira Venegas, deron á igrexa tudense a igrexa de Burgo novo de Miñor máis 500 pixotas cada ano.

Tamén dúas freiras de Santa Baia das Donas, co permiso da Abadesa, darían no ano 1199 a cuarta parte da vila de Rial e un casal en Mosende.

Neste século é cando se materializa o poder episcopal tudense sobre gran parte da diócese gracias ás doazóns reais e leigas.

⁴⁰ Luis Vaz de Camões; Os Lusíadas, canto III, estrofa 89.

SÉCULO XIII: A LOITA POLA AUTONOMÍA MUNICIPAL

O rei Afonso VIII¹ ficaría por Tui en 1201 coa raíña Dona Berenguela. Desde Tui expediría algúns privilexios ao mosteiro de Oia. O tempo que ficou por Tui o rei e a súa muller, fai sospeitar no nacemento na cidade do infante e futuro rei Fernando III (o Santo).

No ano 1206 Afonso VIII fai doazón dos reguengos de Soutelo e Paramos. Deste xeito vaise configurando un espazo de señorío episcopal arredor da cidade e do propio couto tudense.

A contenda de 1211

No ano 1211 volveu a treboada sobrevoar Tui. Os cidadáns descontentos co señorío episcopal sublévanse ao bispo Don Sueiro negándose a pagar os seus foros e dereitos². A tensa situación terala que arbitrar o rei Afonso VIII. O problema do rei foi grande porque as dúbidas o asaltaban. Mentres o bispo e cóngos lles mostraban as súas cartas reais e privilexios, os cidadáns tamén amosaban os seus foros polo que “*non atopou neles ningunha satisfacción e ningunha certeza*”.

Tivo que deliberar cos seus magnates e vasallos, e entendendo que a cidade fose mellor poboada, dictou que calquera que viñera a Tui tivese total seguridade para vir e marchar, permanecendo o tempo que sexa, vendendo e comprando, pero pagando o portádego ao bispo e á igrexa. Concede ao bispo as caloñas (multas) e o relego e o detallo³, o bispo será o único señor nos seus coutos e herdanzas non podendo inmiscuirse outro señor ou amo nestas propiedades sen o seu permiso.

Finalmente para que non haxa dúbidas posteriores, o rei Afonso manda queimar os foros presentados polos cidadáns e polo bispo. Todas estas disposicións facían continuar o señorío episcopal sobre a cidade, polo que non deberon ficar contentos os tudenses. Quizais o mellor foi a disposición de protección de mercadores e libre circulación de mercadorías, ademais de establecer como único señor ao bispo. Isto era positivo pois evitaba o dominio de outros cabaleiros, non sendo extraño que o labrego ou o cidadán tivese que obedecer a varios señores, tendo que pagar por duplicado os tributos. Esta resolución en certa maneira aliviaba a presión señorial sobre os cidadáns.

Pero conformarse coa arbitraxe real non ía ser o camiño do concello tudense. Seguían reivindicando autonomía municipal e o retorno aos foros de Fernando II. Nos anos seguintes seguirían desafiando o poder episcopal sobre a cidade.

Sendo bispo de Tui Don Estevo Egea (1217-1239), o rei portugués Afonso II no ano 1218 lle concede o privilexio das décimas reais no territorio portugués (Entre-Minho-e-Lima) do bispado tudense. Este sustancioso privilexio provocaría sen dúbida un espectacular medre dos recursos económicos do bispo e cabido tudense, o cal puido

¹ Designamos a este rei galaico-leonés co número VIII e non o IX da historiografía clásica porque as contas saen claras. Afonso (1188-1230) foi o oitavo rei con ese nome que gobernou sobre o reino de Galiza-León. É inaceptable meter na conta ao castelán Afonso VIII (1158-1214) pois ademais de contemporáneo do galaico-leonés só gobernou sobre Castela. O por que desta intencionada conta ten un sentido rancio da historia, ofrecendo algo unificado cando en realidade non o estaba, senón que ofrecía un panorama de reinos cuns costumes e lexislación diferentes. Que se siga a liña dos reis casteláns só é unha mostra do casteláncentrismo dos historiadores “clásicos”. Claro está que os historiadores modernos seguen esta numeración por comodidade e para non crear confusións.

² Ver Apéndice Documental X.

³ É o monopolio de venda en determinados días do ano.

servir para dar o definitivo pulo ás obras da catedral, que sería consagrada poucos anos máis tarde (tradicionalmente en 1224-1225).

Á consagración puido estar o propio rei galaico-leonés Afonso VIII, xa que foi un gran protector da igrexa tudense. E como monarca gobernante ben puido ficar representado na portada occidental, nas estatuas-columnas tradicionalmente atribuídas a Fernando II ou a Salomón. Esas dúas últimas estatuas-columnas do lado da epístola deben ser con total seguridade Afonso VIII e a raíña Dona Berenguela, que xa aparecen na portada da catedral de Ciudad Rodrigo, e polo tanto lóxico e habitual que sexan ensalzados incluso con posibles atributos de personaxes bíblicos (Salomón e raíña de Saba).

O Corpo Santo

Durante o episcopado de D. Lucas, famoso bispo cronista máis coñecido como Lucas de Tui, morrería Frei Pedro González. No ano 1246 anunciando a súa propia morte regresa a Tui, e aquí morre nunha humilde casa, logo aproveitada como oratorio e cripta da súa Capela. O labor apostólico de Frei Pedro foi intenso na diocese tudense, pero para nos resulta extremadamente interesante o seu traballo como “facedor de pontes”. Acéitase xeralmente este labor de “San Telmo”, iniciativa que resultaría absolutamente necesaria para a activación comercial no bispado tudense mellorando as comunicacións entre os diferentes núcleos de poboación que compoñían o territorio e dando saída cara Tui ou Baiona dos excedentes agrarios comercializables, o que supuña unha mellora sustancial no nivel de vida labrego do século XIII.

A rebelión do Concello: Fernando III reinstaura os foros municipais de 1170.

Don Lucas soubo apreciar as virtudes que adornaban a Frei Pedro pero non puido comprender a necesidade da autonomía municipal, e ese xesto daríalle serios disgustos.

No ano 1249 o concello tudense voltaría a se rebelar contra bispo e cóngos, pero desta vez a revolta é máis violenta⁴. O Concello entraría con armas na igrexa, pecharían ao bispo e cóngos tra-lo altar, verquerían as lámpadas (sacrilexio), insultarían, e outras cousas malas e desaguisadas⁵.

A gravidade do asunto era extrema. O bispo levou o caso ata o rei, Fernando III o Santo. Este dividiu o preito entre a cuestión dos males causados ao prelado e cóngos e logo sobre a cuestión do señorío da cidade, principal motivo do Concello.

En 1250 daríase sentenza ao caso, pero xa falecido o bispo D. Lucas, sería o seu sucesor D. Gil de Cerveira, quen velaría polos intereses da igrexa tudense.

Foron chamadas tódalas partes á Corte. O Bispo D. Gil, o arcediago Fernán Eans e o cóngo Arias Paes polo cabido tudense. O Concello ficaría representado por Martín Fernandes Boguero, xustiza da cidade.

O rei presentara o caso ao xustiza de León e ao de Astorga para que pescudaran o asunto. As pescudas feitas foron ensinadas a varios bispos; Palencia e Segovia, e ao Arcebispo de Santiago. Pediu o rei Fernando consello ao seu fillo Afonso, ao Arcebispo, bispos e rico-homes que estaban na Corte.

A sentenza ficou dictada nunha multa de mil maravedís que tería que pagar o Concello de Tui. Ademais os principais dirixentes da revolta, Pedro Menendes xustiza, Fernando Soares e Pedro Pombo terían que ir nun día de festa xeral en panos de liño,

⁴ Descoñecemos se nas anteriores revoltas, 1170, 1211, houbo violencias. Para a de 1170 podemos intuír que si, pero para a de 1211 non cabe esta posibilidade. De tódolos xeitos a de 1249 permítenos coñecer como eran estos ataques contra a xerarquía eclesíastica.

⁵ Ver Apéndice Documental XI.

descalzos, e con sendas sogas ao pescozo á Catedral, lugar onde fixeron os males, e diante do altar mor, que o bispo lles dese penitencia.

Visto o caso a sentenza non foi moi grave, pero o rei argumenta precisamente sobre esta levedade da sentenza, porque entendeu que tanto Bispo como Cabido fixeron cousas malas e desaguisadas contra o Concello.

Con isto fica medianamente clarexado o asunto. A revolta do Concello é productu dun directo abuso de poder do Bispo e Cabido.

A outra parte da contenda, referida sobre o señorío da cidade, e que debatía desde longo tempo ao Concello e Igrexa tudense, terá que resolvela o rei Santo con grandes doses de prudencia.

O Concello presentou ante o rei os foros concedidos en tempos de Fernando II. Pero como o estado do pergamino era moi sospeitoso; interlineado, enmendado, a dúas mans, o rei entendeu que non debía valer.

Logo chegaría o turno ao Bispo que presentou todolos seus privilexios; o de Afonso VII (o Emperador), Fernando II e Afonso VIII. Todos falaban de grandes mercedes e franquezas, e sobre todo do señorío sobre a cidade.

Pero cunha especie de golpe de efecto o Concello, representado aquí polo xustiza Martín Fernandes Boguero, presentou unha Carta de Afonso VIII⁶ onde mandaba a homes sinalados da cidade que fixesen xustiza, sobre todo para defenderse dos abusos de nobres e poderosos. O poder que outorgaba o rei Afonso ao Concello de prender, recaudar e facer xustiza na cidade.

Fernando III recoñecía así que o Concello tiña razón na contenda e podía facer xustiza, sen necesidade de quitar o poder episcopal sobre a cidade pero ficando de facto un concello con ampla autonomía.

O rei espurgaría entre os privilexios e cartas cales debían ser válidos ou non, decidindo finalmente reinstaurar os Foros de Fernando II. Engadiríalle a advertencia ao bispo tudense que senón gardase os foros e dereitos ou a xustiza da cidade, podería chegar a perder o seu señorío sobre a mesma.

Ademais inclúe o relego e o detallo⁷, concedido en 1211 por Afonso VIII. O detallo ficaría limitado a oito días na Feira de Pascoa e outros oito días na Feira de Santa María de Agosto, o bispo só poderá aplicar o detallo en panos. O relego, o cal o bispo vendería viño en exclusividade, sería do día de San Xoán Baptista de Xuño ata quince días, vendendo o viño por un diñeiro á cuarta que se vendía o máis caro ao tempo que comeza o relego. Ninguén podería vender viño neste tempo máis que o bispo. Pero era posible vendelo cando viñan, no tempo do relego, barcos estranxeiros a mercar viño.

Como resumo do exposto anteriormente e seguindo a García Oro⁸, poderíamos dicir:

- Que a igrexa tudense non podía pretender un señorío cheo, con monopolios económicos, de tal xeito que o Rei xulgaba que tanto bispo como cabido fixeran cousas malas e desaguisadas, se ben eran eles mesmos os que sufriran a peor parte, ou sexa o reaxir violento dos tudenses.

⁶ Descoñecemos cal será esta carta de Afonso VIII, probablemente por beneficiar ao Concello só este a gardase, polo que non chegou ata nos.

⁷ Relego é o dereito de vender privativamente o viño en meses maiores. Detallo é poder vender por menor. Henrique Flórez, op. cit. pax. 300.

⁸ García Oro, José; op. cit. pp. 124-125.

- Que o estatuto de Fernando II establecía unha normativa municipal sen necesidade de entrar no tema do señorío⁹, o cal resultaba fixado polos numerosos privilexios ensinados pola igrexa.
- Que determinadas prácticas do concello como as de coñecer directamente en causas de xustiza e en sancións de malfeitores enténdense como supletorio e non en exclusiva, sendo polo tanto compatibles co señorío episcopal.
- Que excepcionalmente a xustiza real actuará en Tui, sempre que o bispo non fixera ben pola cidade, advertindo coa perda do señorío para o caso que a Igrexa pretenda impedir a intervención real con recursos do dereito canónico.
- Que a igrexa ficase asegurada no seu dereito preferencial de vender en exclusiva os seus panos durante os oitos días das feiras de Pascoa e santa María de Agosto; e os seus viños durante os quince días seguintes a San Xoán.

Con todo isto vemos como Tui disporía dun estatuto municipal, como dí Garcia Oro, máis claro e preciso que noutras cidades episcopais. Tui ademáis das tradicións e costumes contará cun texto escrito que preverá o funcionamento autónomo da cidade. Pero no futuro descoñecemos se parte do vello foro de Fernando II sería mudado dalgún xeito xa que, como veremos, algúns dos seus privilexios fiscais non se cumprirán no século XV, polo que temos que pensar en cambios aportados polos reis casteláns-leoneses a petición dos bispos, ou a un costume introducido polo señorío episcopal e a propia muda dos tempos.

Chegada dos Dominicos a Tui: un preito relixioso.

A expansión da predicación dos frades dominicos e os seus “progresos espirituais” fixeron ver ao Concello que a súa vinda á cidade era necesaria e beneficiosa para a comunidade cristiá de Tui.

Así que baixo esta perspectiva, o Concello tudense no ano 1272, chamou aos frades deixándolles un lugar para a fundación do convento¹⁰. O lugar¹¹ escollido sería extramuros¹², xunto o río Tripes e perto da entrada a Riomuíños¹³ (entre 100 e 200 metros).

Pero esta chegada dos dominicos a Tui atopouse coa oposición frontal do Bispo D. Gil de Cerveira e do Cabido, xa que veían na orde mendicante un serio inimigo no control das almas tudenses, restando influencia e poder, todo isto en teoría e dentro do

⁹ Non é certo o que dí García Oro que o foro de 1170 non falaba do señorío, xa que este non ficaba implícito pero sí explícito no contexto no que foi dado, a saber a retirada da posesión episcopal sobre Tui para construír a nova cidade de Bonaventura. Fernando III viviu lonxe do contexto histórico no que foi dado o foro tudense polo que na súa lectura non se apreciaban indicios de señorío, e polo tanto a súa aplicación foi válida para o rei Santo, sen dúbida unha gran victoria para o Concello e polo tanto alonxada da interpretación nesgada que fai tanto Ávila y La Cueva como Henrique Flórez.

¹⁰ Henrique Flórez; op. cit. tomo XXII, pp. 149-150.

¹¹ Por tradición errónea veñen poñéndoo tanto Henrique Flórez como Ávila y La Cueva no lugar da actual capela da Misericordia, onde existía unha capela na idade media adicada a San Martiño.

¹² Era unha regra non escrita que se aplicou nas cidades galegas, quizais para non entorpecer a organización parroquial da cidade.

¹³ Iglesias Almeida, Ernesto; Boletín de estudios del Seminario Fontán-Sarmiento, nº 19, 1998. pp. 90-91: “Sobre el restablecimiento de una verdad histórica; el primitivo emplazamiento del monasterio de Santo Domingo de Tui.”

medo que lle entra a aquel que ve chegar nova competencia, sobre todo aquela que practica unha nova linguaxe e novos métodos.

A contenda chega a tal extremo que non sabemos se a igrexa tudense oponse aos frades por ser chamados polo Concello ou pola propia competencia que representaban os frades. O Concello no asunto puido ter intencións dobres, xa que a autonomía municipal estaba entre algodóns (o Bispo seguía sendo dono da cidade) e polo tanto a tentación de fender o monopolio relixioso de Bispo e Cabido sobre a cidade era irresistible.

A oposición contra os dominicos tivo como efecto que a Orde relixiosa pedise valimento ao Papa Gregorio X. Este nomearía como xuíces aos Arcediagos de Castela, de Limia (Ourense) e ao cóngo Estevo Xohán, para que sentenciasen na causa, facendoo a favor dos relixiosos de San Domingos.

A bula papal chegaría despois de setembro de 1273, pola cal continuarían a fundación do convento na cidade tudense. No lugar estiveron ata 1330. Logo de abandonalo (pasarían ao lugar actual), esta primitiva ubicación denominaríase San Domingos o Vello, pero tamén no século XV aparece a denominación de Frei Anxo, sen dúbida lembranza do vello oratorio dominico. Tal nome aplicaríase máis tarde ao que hoxe é o Arrabalde de Freanxo.

No episcopado do Bispo D. Fernando Arias, o cal recollera varios privilexios tanto de Afonso X como de D. Dinís de Portugal, confirmariáanse polo rei Sabio os foros da cidade. Nese ano de 1279, D. Afonso ademais de ratificar o outorgado polo seu pai (Fernando III) tamén facía mención duns foros por el dados¹⁴, pero hoxe descoñecidos para nos.

Uns anos antes, 1274, Afonso X reclamaba ao Concello que cumprisen a promesa de darlle “*oganno el servicio de dos annos bien e complidamente... que aviemos mucho mester pora fecho del imperio*”¹⁵.

Isto danos a entender que a cidade gozaba dunha cómoda autonomía municipal, cousa que non puido rachar o bispo D. Fernando Arias na confirmación de privilexios de 1282 a pesares de favorecer¹⁶ a D. Sancho IV. Este, quizais por gañarse a uns e aos outros, non ía mudar o *status quo* no que estaba as relacións Concello-Igrexa tudense.

O Preito das Chaves: o concello desafia o Señorío episcopal.

Cun novo prelado na cadeira episcopal tudense, ano 1286, Xohán Fernandes de Soutomaior, pero cun carácter máis cortesán, o Concello comezou a moverse.

As cousas deberon comezar¹⁷ na Pascoa dese ano de 1286, cando na renovación dos cargos municipais. Tanto concello como xustizas continuarían axitándose contra o bispo, o Rei D. Sancho decidiu nomear a dous xustizas, D. Oeiro e D. Xohán de

¹⁴ Galindo Romeo, Pascual; op. cit. pp. 41-42. “*Valla asi como valio en tiempo del Rey Don Alfonso nuestro Avuelo e del Rey Don Ferrando nuestro Padre, e en el nuestro fasta aqui, salvo ende en aquellas cosas que pertenesçen al Señorío de la Villa de Tuy, que mandamos que sean guardadas assi como dize en los Privilegios del Rey Don Ferrando nuestro Padre, e en los nuestros, que fueron dados en esta sazón*”, todo o cal debeu outorgar uns foros á cidade favorecedores da autonomía municipal.

¹⁵ Galindo Romeo, Pascual; op. cit. pax. 47. O de “imperio” foi pola pretensión de D. Afonso de subir ao trono do Imperio Xermánico, para o que se precisaban grandes sumas de diñeiro, aínda que fracasou na empresa.

¹⁶ Isto é que apoiara ao infante contra do seu pai Alfonso X.

¹⁷ Galindo Romeo, Pascual; op. cit. pax. 48.

Moreira, que gardasen as chaves ata a Pascoa seguinte, xa que logo, o bispo D. Xohán tiña que acompañar¹⁸ ao Rei ata Santiago.

Os problemas chegan cando na Pascoa do ano 1287, D. Oeiro e D. Xohán de Moreira néganse a dar as chaves ao deán e cabido.

Ficaba a cidade legalmente sen xustizas, non dando o Concello os cobros¹⁹ ao bispo e cabido. O desafío de D. Oeiro e Xohán de Moreira máis que de violencia ou rebelión era de forzar a legalidade, aínda que con argumentos demasiado revirados aproveitando a ausencia do Bispo.

Os escenarios do preito foron as casas episcopais, entre o coro e altar mor da Catedral, e o Portal Novo. Cada un dos escenarios foron usados a medida que o preito ía desenvolvéndose nese turbio mes de abril de 1287.

A principal razón argumentada por D. Oeiro e Xohán de Moreira para non entregar as chaves da cidade, ademáis da ausencia do bispo, era que non aceptaban as razóns do Deán da teoría do vigairo, contrargumentando que non era vigairo do bispo D. Xohán Soáriz senón que o era Xohán Pérez de Santiago.

Logo a argumentación do concello transformouse en que o vigairo Xohán Soáriz non era vigairo xeral nen especial sen o outro vigairo Xohán Perez, é dicir tiñan que estar os dous vigairos presentes para que devolvesen as chaves, pero o cabido contestou que cada un era vigairo sen necesidade do outro, ademáis que Xohán Perez fôrase desamparando a vigaría polo que xa non tiña validez ficando en Xohán Soáriz todo de feito e de dereito²⁰.

Insistían D. Oeiro e Xohán de Moreira, eles recibiron as chaves de mans do bispo e do deán, polo tanto, ata que non estivese presente o Sr. Bispo non devolverían as chaves. Isto malia que o prazo de posesión das chaves remataba na Pascoa, sobre todo para renovar os cargos públicos.

A contenda continuaba na mesma liña argumentativa, moi escrupulosamente legalista para o concello. Os dous vigairos tiñan que estar presentes e con carta do bispo ordenándoo.

Para o deán D. Xohán Gomes e o vigairo e mestrescola D. Xohán Soáriz, o importante era gardar a cidade e nomear novos xustizas, polo cal ordenaban apregoar e facer concello. Pero negouse este ata que os xustizas non entregasen as chaves.

Seguían D. Oeiro e Xohán de Moreira poñendo excusas e razóns máis estudadas. Aínda que o asunto ficaba no ar, diante do Portal Novo²¹ tomouse fe notarial, rematando o preito quizais coa propia entrega das chaves.

Como di Pascual Galindo²² non deixa de ser curioso que o que máis temía Fernando III, que o bispo reclamase ante Roma, o fixera en realidade o Concello os cales ameazaban con apelar á igrexa de Braga ou a de Roma.

Foi un desafío ao señorío episcopal, aproveitando as circunstancias, con argumentacións de leguleio pero cun claro obxectivo: devezar a autonomía municipal, pero en lugar de se rebelar para a reclamar, xa con certas prerrogativas municipais satisfeitas en tempos de Fernando III, o certo é que agora a arma vai ser a lei, non sabemos se só é para amolar ao señorío eclesiástico ou con outros obxetivos a máis longo prazo.

¹⁸ O Bispo D. Xohán Fernandes de Soutomaior chegou a exercer como notario do rei, polo tanto podémolo confirmar como unha personaxe de grande influencia na corte.

¹⁹ O concello ofrecía varias persoas para que foran escollidas polo bispo-cabido.

²⁰ Arquivo Catedral; Pergamino 14/42.

²¹ É o Pórtico da Catedral construído por eses anos como continuación da Portada escultórica.

²² Galindo Romeo, Pascual; op. cit. pax. 49.

O que provocou este conflito foi a ausencia do bispo, D. Xohán Fernandes de Soutomaio. Home que ficara viúvo, desde alí comezou a súa carreira eclesiástica, chegando a bispo quizais pola súa influencia, xa que de seguido foi nomeado notario real en Andalucía acompañando ao rei Sancho IV. Este labor do bispo tudense fixo que o goberno da cidade ficase en mans de vigairos e do cabido polo que non é extraño a aparición de conflitos.

Na morte do rei Sancho IV, e na sucesión do seu fillo Fernando IV, o bispo foi nomeado Chanceler da Raíña, xa que á minoridade de Fernando ficara este baixo a tutela da súa nai D. María de Molina.

Neses postos de responsabilidade, D. Xohán acadaría sustanciosos privilexios para a Sé tudense: a facultade de poñer xuíces nos coutos de Salceda e Vilaza; confirmación de privilexios, como o de non intromisión, nen impedimento das eleccións que facían os eclesiásticos, nen tampouco tomasen os seus bens, nen puidesen prender aos cregos²³.

Tamén lle confirmaría Fernando IV no ano 1295 o castelo de Santella:

“Sepan... Commo yo don Ferrando... Por que me dixieron que el castiello que llaman de Santella que es en tierra de Toronno esta yermo e que es cayda una partida del e que es lugar fuerte e que esta en la frontera de Portugal e que si algunos omnes malffechores se acogiesen a el que odrian del faser grant danno en la tierra e que serie grant mio deserviçio. Et por quanto vos don Johan obispo de Tuy... me mostrastes privilegio del Emperador que aquel castiello fue de la iglesia de Tuy. Por fazer bien e merçed a vos e a la iglesia de Tuy e por mucho serviçio que fiziestes al muy noble Rey don Sancho mi padre que Dios perdone e fazedes a mi e a la Reyna mi madre..... do a vos don Johan obispo sobredicho e a vuestros suscessores el castiello sobredicho de Santella en Çamaes e con toda la otra tierra e con todos los lugares que pertenescen a este castiello. Et que podades poner vuestro merino e vuestro juez en Çamaes e en la otra tierra e en los lugares...segunt que los ponedes en la otra tierra e en los cotos e en los lugares de vuestra iglesia...”²⁴

O máis importante privilexio era sen dúbida un expedido en tempos de Sancho IV e confirmado polo seu fillo (con mediación da nai) no ano 1296. Nel o bispo tudense podería percibir a metade de totalas moedas, servizos e peitos²⁵ que os reis tomaban dos homes e vasallos da igrexa tudense.

No ano 1297 sería tamén premiado o bispo tudense coas igrexas de Rebordechán, Morgadáns e Ramallosa.

²³ Henrique Flórez; op. cit. tomo, XXII, pax. 157.

²⁴ Pascual Galindo; op. cit. doc. XXII.

²⁵ Todos son tributos especiais.

SÉCULO XIV: OS CATRO XINETES; FAME, PESTE, GUERRA E MORTE.

No século XIV continúa a memoria do primeiro bispo Soutomaior quen vivirá ata o ano 1323.

Os problemas para o seu bispado, aparte os conflitos co concello, comezarían no ano 1301, ou máis correctamente un chisco antes, xa que logo esta data é a de recoñecemento das culpas por parte do Pertigueiro Maior de Santiago D. Fernando Ruiz de Castro o cal fixera moitos danos, roubos e inxurias contra o bispo D. Xohan e a súa igrexa. Por estas sen razóns doaría todo canto tiña no seu couto de Caldelas co padroado da igrexa de San Martiño¹.

Estes danos contra bispo e igrexa tudense enmárcanse dentro dos conflitos da fronteira, xa que logo, D. Fernando de Castro era fautor do rei D. Dinís, este entraría en guerra con Castela no ano 1296, polo que dentro da guerra debeu entrar en xogo as influencias nos territorios fronteirizos xa que o bispo D. Xohán Fernandes de Soutomaior tiña o favor de Fernando IV de Castela.

Polo tanto nunha complicada trama de guerra fronteiriza e de esixencias señoriais² queda fixado o movemento de Fernando de Castro, que non será o último desta familia feito en Tui.

O preito dos notarios.

Como é natural D. Xohán Fernandes gobernaba sobre un territorio episcopal dividido entre dous reinos. O bispo tudense dispuxo que os cregos da parte portuguesa da diócese non fixeran escrituras de instrumentos públicos senón e somentes por medio dos notarios de Tui. Esta medida era extremadamente gravosa para os eclesiásticos da outra beira.

Non aproveitaron os cregos portugueses a súa representación no tribunal do prelado³ decidindo acudir directamente ao rei D. Dinís que os valeu expedindo un Real Decreto o 1 de decembro de 1307. No devandito escrito ordenaba que non se puidesen outorgar instrumentos ante aqueles notarios, e os que así fosen escritos serían nulos.

Esta contenda duraría pouco ao se establecer unha avinza entre bispo e os veciños de Valença sobre os bens pertencentes ao bispo en Portugal, sendo confirmada polo rei D. Dinís o 28 de decembro de 1307.

Outro acordo estableceuse entre o Bispo tudense e o rei portugués no que permutarían varias igrexas. O bispo cedeu os padroados de Santa María de Monção e de Castro Laboreiro; o rei deu a D. Xohán os de Viana, Santa Cristina de Meadela, San Martiño de Moimenta de Valdevez, da igrexa de Lara, Hermida da Pena da Raíña, e a metade dos padroados de Parada de Valdevez, Santa María de Moreira, San Xoán da Portela, San Xoán de Silva, Santa Cristina de Mentrestido, e San Verísimo de Lucio, todo con data do 1 de xaneiro de 1308⁴.

Este acordo entre bispo e rei D. Dinís foi beneficioso para ambo-los dous xa que logo o rei reforzaba a fronteira do seu reino e o bispo acrecentaba a riqueza da súa igrexa⁵.

¹ Henrique Flórez; op. cit. tomo XXII, pax. 159.

² García Oro, José; op. cit. tomo I, pax. 62.

³ Henrique Flórez; op. cit. tomo XXII, pax. 159. As mesmas palabras en Ávila y La Cueva, tomo III, pp. 256-257.

⁴ Henrique Flórez; op. cit. tomo XXII, pp. 159-160. Copia en Ávila y La Cueva, tomo III, pax. 257.

⁵ Pascual Galindo, pax. 81, pon en dúbida a data de tal acordo xa que logo, nun documento de 1320 as ditas igrexas de Monção e Castro Laboreiro seguían sendo da diócese tudense. O que descoñecemos é se

En 1321 produciríase a doazón, desta vez definitiva, do couto de Caldelas, polo fillo daquel Fernando Ruíz de Castro que fixera entrega do mesmo couto polos males causados ao bispo e igrexa tudense. D. Pedro Fernandes de Castro, chamado pola historia Don Pedro da Guerra, dentro do entramado de ambicións señoriais da época, tal e como fixera o seu pai, e no que Tui como lugar de fronteira ocupaba un lugar privilexiado e polo tanto vital para as tácticas destes señores da guerra, expiou as súas culpas polos “*males e danos que eu fiz ao dito bispo et a iglesia de Tuy enos seus coutos de Pesegueiro et de Maloes et nos outros logares*”⁶. Como dí Pascual Galindo⁷ este caso ten un interese especial, xa que a doazón do couto de Caldelas faise primeiro pola renuncia da nai de Don Pedro, Dona Violante.

D^a. Violante viña sendo filla natural de D. Sancho IV rei de Castela, e D. María Alfonso. O couto de Caldelas foi entón doazón de Sancho IV a súa filla para ser levado en arras no seu casamento con Fernando Ruíz de Castro.

Tamén estas violencias cometidas por Don Pedro van na liña das do seu pai, xa que logo, o complexo panorama das fidelidades fronteirizas facían que Tui fose albo dos señores dun ou doutro bando.

O traslado dos Dominicanos

No ano 1328, e con menos polémica que en 1272, os frades dominicos deciden trasladar o seu convento polo estreito do terreo no que se asentaran. Solicitarán bula do Papa Xoán XXII. Establecerase un acordo entre o cabido de Tui e a orde de predicadores de San Domingos, de como debían facer o convento “*(...) Item que faga estas casas e a yglesia e claustra sem fortaleza nenhuna de maneira que as casas non seian mays altas que agora he o dormideyro de seu moesteiro de San Domingo de Pontevedra, e a iglesia que seia mays alta comunalmente sen fortelleza de guisa que non posa ende virr mal nen dapno a yglesia nen a çidade de Tuy, nen aos moradores della (...)*”⁸. Con isto pónense as cousas claras, tanto bispo como cabido teñen que aceptar a presenza dos frades en Tui, pero as condicións as poñeran eles, non debendo representar unha ameaza ao seu señorío.

O novo lugar escollido será un sitio chamado do Restrillo, mercándose os terreos a unha viúva chamada Estebania Eans⁹. A fábrica do convento ficaría rematada por 1330, gracias ás esmolos dos fieis e especialmente de Durancia Peres, veciña de Valença e nai de Fr. Martim de Valença, Provincial de España da Orde dos Predicadores; as súas imaxes ficarían no altorrelevo xunto da porta da Sala Capitular do convento.

Unha grande Seca

Para o ano 1333 temos novas dunha gran seca que afectou a Tui¹⁰. Isto foi unha indicación de que o tempo estaba mudando e a estabilidade climatolóxica dos séculos XII e XIII que fixo prosperar os campos acrecentando a poboación, daba por rematada.

apreciación de Pascual Galindo faise sobre o territorio do bispado onde loxicamente continuaban estando os dous devanditos lugares ou fai referencia á propiedade das ditas igrexas.

⁶ Galindo Romeo, Pascual; op. cit. pax. 80.

⁷ Ibidem.

⁸ Prot. Pero de Lagea, 1328.

⁹ Henrique Flórez; op. cit. tomo XXII; pax. 173.

¹⁰ Cronicón Coninbricense, pax. 343, tomo XXIII da España Sagrada. “Na Era de MCCCLXXI, anno fuy tão mau anno por todo Portugal, que andou o alquere do trigo a XXI seitis, e o alquere de milho a XIII seitis: e o centeio a desaseis per la medida Coimbraa. Item en esse anno andou el almude do vinho bermelho a XXIII seitis: e do branco, a XXX seitis por la medida Coimbraa: e bien assi foy menguado o

En Tui os indicios documentais dos que dispoñemos para apreciar esta seca provén, paradoxicamente, da falta de protocolos notariais entre febreiro de 1333 e agosto de 1334, aínda que non sexa proba segura si que é un elemento a ter en conta.

Outros efectos nunha área próxima a Tui desta grande seca e mortandade atopámola no arcebispado bracarense¹¹. “...visitando os mosteiros e as igrejas do noso arcebispado, assi como somos teudos de noso offizio, porque achamos que moitas dessas igrejas som hermas e despoboadas e as casas derribadas e as searas das vinhas desfeitas e que se nom dizem hi missas nem horas”.

Representa uns efectos contundentes sobre o territorio, cuxa semellanza debeu darse en Tui, despoboándose as zonas que recentemente tiñanse ocupado ao monte, a gran presión demográfica do momento anterior deu paso a unha serie de catástrofes naturais que foi mermando a poboación do campo, e nun proceso certamente paradóxico acrecentando a poboación das cidades, sobre todo por efecto do seu maior dinamismo e posibilidades de sobrevivir.

Neste ano de 1333 é curioso o privilexio concedido polo rei D. Afonso XI ao bispo de Tui D. Rodrigo. É a concesión ao bispo, cabido e vasalos que tiñan da liberdade de non pagar xantares¹². Este privilexio ben puidera gardar relación coa seca e fame que estaría asolando o territorio tudense.

Os conflitos fronteirizos

No ano 1337 unha flota portuguesa destruíría a vila de Baiona provocando a desolación na vila mariñeira; “vos derribaron e quemaron las casas e les robaron todo quanto avian, e que muchos de los del dicho lugar que murieron et los otros que fincaron que se fueron a morar a otras partes... et que agora la dicha villa que esta yerma e despoblada”¹³. Con motivo disto, os poboadores do realengo de Toroño ficarían obrigados de contribuir cun canteiro por casa, destinándose xunto coa suma das rendas reais alí extraídas para a reconstrución da vila.

Descoñecemos se Tui sufriu consecuencias durante este conflito, sobre todo tendo en conta a ubicación fronteiriza e portuaria de Tui.

A presenza nos pazos episcopais tudenses nese ano de 1337 de Paio Sorredea de Soutomaíor¹⁴ debe implicar o desenvolvemento do conflito na cidade: “Saiban todos que no ano do nasçimento de noso Señor Iesu Xpto de mill e trezientos e trinta e sete anos sexta feyra vinte dias do mes de setebro estando Payo Sorreda de Soutomayor enos paços da Oliveyra de dita çibdade de Tuy que agora ele pousa en presençia de Vasco Martiz notario de dita çibdade”¹⁵.

anno de todos los otros frutos, porque se a gente havia de mateer: e neste anno morreron muitas gentes de fame quanta nunca os homes virom morrer por esta razon, nem viron nin nem ouviron dizer o omes antigos dante si tal cosa vissem, ni ouvissem: e tantos fueron os passados, que fueron soterrados em os adros das Egrejas, que non cabian en elles, e a nes os soterraban dora dos adros e deitavanos nas covas quatro a quatro, e seis a seis, assi como os achavam mortos por nas ruas e por fora. E esto foi asi todo do comezo do anno ata o outro renuevo do anno seguinte. E bien asi foi este anno tam mao e muy peor por toda Castilla, e por toda Galicia (...).

¹¹ Synodicom Hispanum, Antonio García García, t. II, Portugal. Sínodo de D. Gonçalo Pereira. Braga. 1333. 6 setembro.

¹² Henrique Flórez; op. cit. tomo XXII, pax. 175. O xantar do rei ou do bispo era o tributo orixinado na obrigación de dar de comer ao señor (Rei ou Bispo) cando aparecese pola súa casa. Este privilexio convertíriase nun tributo anual a pagar por todos os vasalos.

¹³ García Oro, José; Galicia en los siglos XIV y XV. 1986. pax. 252.

¹⁴ Non confundir co Paio Sorredea que vivirá a fins do século XIV, protagonista da historia tudense durante varias décadas.

¹⁵ Prot. Andrés Ferreira (3), 1597, fol. 37.

O dato da súa presenza na cidade, e ocupando os pazos episcopais da Oliveira, ben dado pola cesión a un parente seu, Álvaro Vasques, do couto de Verducido, o cal herdara Paio do seu irmán Xoán Fernández de Soutomaior. Este último estaba en posesión do devandito couto por ser cumpridor das mandas testamentarias do avó de Álvaro Vasques, Martín Topete de Soutomaior, quen debería devolver o couto o seu neto tan pronto medrara. Mais a devolución no se fixo e no ano 1336 morrería Xoán Fernández, polo que ao ser o seu irmán herdeiro recollería o devandito couto e bens. Chegado o ano 1337 Álvaro Vasques reclamaría o couto de Verducido como herencia do seu avó, cuestión que examinada atentamente aprobaría Paio Sorredea.

Xunto con Paio Sorredea estaban os seus escudeiros: Xoán Caldelas, Diego Álvares de Moreira, Vasco Gil de Morraço, Vasco Ozores, Xoán de Quintela e Lourenzo Correa. Como apunta Vasco de Aponte, D. Paio era un cabaleiro con “*oitenta lanzas*”, polo que non sería de extrañar que estivese en Tui por estar defendendo a cidade contra a ameaza dos portugueses.

A presenza en Tui de cabaleiros galegos tería a súa correlación coa estadia en Ganfei do fillo ilexítimo de D. Dinís, D. Pedro, conde de Barcelos, como “fronteiro do Minho”.

Se cadra en Tui os confrontos bélicos non se produciron por esa tensión que provocaba a mutua vixianza, o que impedía calquera ataque por sorpresa e polo tanto o elemento que favorecerá o balanço final da guerra.

Os cabaleiros á espreita

Non debemos deixar de pasar por alto a presenza dos cabaleiros da nobreza na cidade de Tui e no seu territorio, síntoma da súa presión sobre os bens eclesiásticos e leigos do bispado.

Do mesmo xeito que acontecería con D. Fernando Ruíz de Castro e o seu fillo D. Pedro Fernández de Castro, a nobreza da terra de Toroño tratará de posicionarse sobre as propiedades dos mosteiros e do bispo e cabido tudense.

A falta de terras por unha parte, e a progresiva falta de vasallos por outra faría que os cabaleiros procurasen outras vías de ingreso, principalmente polos seus servizos como guerreiros, imprescindibles polo clima bélico que se vai xerando desde comezos do século XIV, e que culminará coa guerra civil da segunda metade da centuria, na que se encumbrará a unhas familias en prexuízo doutras.

No 1325, o que probablemente fose meiriño de Toroño, Afonso Eans Torrichano, faría testamento. Entre as mandas contempla “...oyto mill moravedis de brancos e que os den e paguen en aqueles lugares que viren e poderen entender que eu e meu yrmao Pero Eannes fezemos assuadas e pollas mal feytorias que y fezemos e de mays en aquelles lugares que viren que mays seera salvamento da minna alma...”.¹⁶

Esta expiación de culpas, o temor que trae a proximidade da morte, seica é un síntoma da situación que padece a rexión. Polo tanto as mandas testamentarias estarán indicadas para “indemnizar” polas malas obras feitas en vida, percorrendo as doazóns os mosteiros e conventos do bispado: “*Et mando aos frades pregadores de Santo Domingo de Tuy duzentos moravedis da dita moeda alfonsi X dineyros por moravedi. Et mandolos por aver aleo que ouve e elles façan oraçon por minna alma e de meu yrmao Pero Iohanes e daqueles cuius foron.*”¹⁷

Se en vida non se tiña medo a nada, próxima a morte, Deus aparece como un xusticieiro implacable: ...*entemendome en moyto dos nojos e dos pesares quelle en este*

¹⁶ A.H.N., Clero Melón, carp. 1461, nº 3. De Ermelindo Portela Silva, La región del obispado de Tuy en los siglos XII a XV “Una sociedad en la expansión y en la crisis”. Compostela 1976. pax. 330.

¹⁷ Ibidem. pax. 398.

mundo fige...porque os juíços de dios son moytos e en moytas maneyras...e temendome moyto de meu sennor don Iehsu Xristo...”.¹⁸

Pero en vida, malia os fortes remorsos relixiosos que se puidera ter, a usurpación de bens alleos era un feito. Se estes bens eran da igrexa, máis apetecía e máis cómodo era arrebatarllos. Isto acontecía no 1330 cando María Sorredea, filla de Pedro Álvarez de Soutomaior devolve o casal de Senra “*o qual eu tiina tomado do dicto moesteyro contra voontade do abbade e convento do sobre dicto moesteyro de Melón*”.¹⁹

O que se quitaba en vida se daba na morte, pero a igrexa poñía todo o seu esforzo por evitar tantos males que se lles ocasionaba. Deste xeito no 1329 o mosteiro de Melón solicitaba do bispo tudense D. Rodrigo a excomunióndos daqueles que posuían contra a vontade do mosteiro certas herdades en Deva, Gondían e outros lugares, aos cales, continuando na súa usurpación, debíase anunciar como excomungados nos domingos e días de festa²⁰.

As apertencias dos nobres e cabaleiros sobre as posesións leigas e eclesiásticas na rexión tudense semellan ser o limiar dunha acción máis devastadora por parte da nobreza, sobre todo a partires da guerra civil entre os partidarios do rei D. Pedro e do seu medio-irmán Enrique de Trastámara. A victoria do de Trastámara significará o afortalamiento dos cabaleiros que con el ascenden, determinando o futuro do bispado tudense.

Polo ano de 1342 viu á cidade episcopal o bispo de Porto D. Pedro Afonso. Fora acollido polo bispo tudense D. García, cando fuxira do seu bispado polas violencias da corte estando en perigo a súa vida. Desde Tui seguirá exercendo a xurisdicción sobre o bispado portucalense.

A Peste

No ano 1348 acontecería a chamada Peste Negra. Poucos indicios temos en Tui dos seus efectos na cidade e comarca, aínda que esta é unha falta da que padecen outros lugares.

O lugar máis próximo do que temos constancia documental é Valença. Por un documento de 1365²¹ no que o rei D. Pedro de Portugal intermedia a favor do mosteiro de Oia nunhas posesións que tiña na vila, menciónase de esguello os dramáticos acontecementos. No documento exprésase desde cando ten esas posesións os frades cistercienses “*...Et queo dito moesteyro esteve en pose delles des a pestilencia que foy na era de oyteenta e sex annos aaca...*”

En Baiona tamén podemos rexistrar a peste²², “*...que veera ao mundo tal pestilencia e morte ennas gentes que a mayor partida dellas eran ffinadas en tal maneira que elles non podian manteer o dito foro nen dar a dita rrenda ao dito día en cada anno*”.

Con isto comprobamos que os efectos da peste negra no bispado de Tui foron tan devastadores como noutros lugares, pero a consecuencia desta crise non é só aplicable á peste, é, como di Ermelindo Portela²³, o resultado do desequilibrio entre poboación e recursos, e tamén por unha poboación enfeblecida polas secas e fames o que fará que os efectos da peste sexan máis devastadores do normal.

¹⁸ Ibidem.

¹⁹ Ibidem. pax. 329.

²⁰ Ibidem. pax. 405

²¹ A.H.N., Clero Oia, carp. 1835, nº 11. De Ermelindo Portela Silva, op. cit. pax. 425.

²² Portela Silva, Ermelindo; op. cit. 1976, pp. 289, 419-420.

²³ Portela Silva, Ermelindo; op. cit. 1976, pax. 278.

No Cronicón Conimbricense relátase as consecuencias da peste: *“Era de MCCCLXXXVI. annos por S. Miguel de Setembro aomezou esta pestelencia, foi grande mortaidade por lo mundo, asi que igualmente morreron as duas partes das gentes. Esta mortaidade duraba na terra por espazo de tres mezes, e as mais das doenzas erão de levazones que tiinhão nas virilhas, e so os brazos: e as mais das gentes tambem as que morrerom como as que ficaram, todos houveron estas doores”*²⁴.

Que os documentos conservados refiran os efectos da epidemia en vilas portuarias (Baiona e Valença) amósanos o camiño de entrada da peste na diócese tudense: o mar. Polo tanto podemos asegurar que en Tui, tamén cidade portuaria, a peste entrou a través dos navíos que ancoraban no porto de San Xohán. O axente transmisor era a pulga da rata e por suposto, as ratas eran abondosas nas naos e carracas que batían as ondas na Idade Media.

Sendo xa bispo de Tui D. Xohán de Castro, de longo episcopado, outorgou a favor dos dominicos tudenses, no ano 1357, revogando o convenio de 1328 entre convento e o bispo D. Rodrigo que era extremadamente gravoso e perxudicial para os frades. Isto foi debido ao moito que traballaron e serviron á igrexa de Tui coas súas predicacións, pero sobre todo debeu ser polo seu labor asistencial durante a peste. O instrumento aprobaríase despois polo Papa Clemente VII²⁵.

No ano 1361 o xuíz da Audiencia episcopal, o chantre D. Álvaro Pérez ordenou cumprir unha sentenza de 1357 na cal se emitira a favor dos barqueiros de Tui, esta fora feita polo cóengo e provisor D. Xoán González pero como marchara co bispo tivo que confirmala e mandala executar o chantre²⁶.

A Guerra Civil: Tui entre Petristas e Trastámaras.

A partires da proclamación de Enrique de Trastámara como rei en 1366 desafiando ao seu medio irmán Pedro, rei de Castela, a situación mudará nas terras tudenses. Enrique controlaría no devandito ano toda Castela, ficando fóra do seu dominio Galiza, sendo aquí forte Pedro I.

A situación sería de calma tensa no bispado ata a morte de Pedro I en Montiel, no mes de Marzo de 1369. Quen recollerá a bandeira lexitimista²⁷ será o rei portugués Fernando I (1367-1383), xa que se consideraba o verdadeiro sucesor ao trono de Castela por ser neto da raíña Dona Beatriz e bisneto de Sancho IV. Contará co apoio de importantes petristas como Fernando de Castro e Suero Iáñez de Parada.

Na primavera-verán dese ano de 1369 Fernando I tomará varias cidades: Ciudad Rodrigo, Alcántara, Valencia de Alcántara e Tui. A caída da cidade debeuse producir por toma, xa que logo, o bispo D. Xoán de Castro era un decidido enriqueño.

A aparición nos protocolos notariais dun ataque de “galees”, témolo que integrar neste momento: *“...que o dito Niculano orvallo e as vozes despos el lavren e aproveyten e refaçan a dita vinna et que alcen a casa que y estava que queimaron os das galees e ponhan en ela huun lagar daqui ata dous annos...”*²⁸, *“...o formal dos moyynos coroxinnos que estan en esta ribeyra de rio de Moyynos a sub o outro moyyno*

²⁴ Cronicon Conimbricense, España Sagrada tomo XXIII, pp. 344-345.

²⁵ Ávila y La Cueva; op. cit. tomo III, pax. 299.

²⁶ Ávila y La Cueva; op. cit. tomo III, pax. 300.

²⁷ Nome que se adxudica o bando petrista por considerarse os lexitimos propietarios do trono de Castela contra a usurpación efectuada polo irmán bastardo de Pedro, Enrique de Trastámara.

²⁸ A.C.T., protocolos Nuno Gonçalves, fol. 10 e vº. 1370, 21 xaneiro.

*coorneyro que he do cabidoo os quaes moynnos foron queimados e destruidos con a aviinda que veeron aqui as Galees del rey don Pedro...*²⁹.

En aparecendo o nome do rei D. Pedro xa podemos adscribi-lo ataque a un bando. O problema ven cando queremos precisar o tempo, xa que logo, descoñecemos calquera ataque ou movemento naval do rei castelán, polo cal debemos entender a mención do rei como unha determinación do bando que produxo o ataque³⁰.

O único do bando petrista que tiña flota para efectuar un ataque sobre Tui era o rei portugués Fernando I, o cal precisamente desprazara unha flota de oito galeras ata Galiza no verán de 1369, as cales curiosamente empregaría para a súa fuxida da Coruña na vinda de Enrique II.

Con todo isto temos que pensar nun apoio naval á entrada de Fernando I en Tui na primavera-verán de 1369, aparecendo os seus efectos na destrución dos arrabaldos portuarios tudenses.

A resposta non se faría agardar, xa que nese mesmo verán entra en Galiza Enrique II. Isto obriga ao rei portugués a retirarse a Portugal, deixando o campo libre para a reconquista trastamarista. Enrique avanzaría ata Braga e Bragança, deténdose no cerco de Guimarães. Ante a imposibilidade de tomar a cidade, na cal se refuxiara Fernando de Castro, burlando a vixianza persoal imposta por Enrique de Trastámara, ficaría o rei castelán algúns días entre Douro e Miño “*faciendo daño en toda la tierra*”³¹.

Con anterioridade debeu mandar o seu capitán Pero Ruíz Sarmiento para tomar Tui. A destrución na cidade foi ampla “*...foro a Estevo Dominguez canonigo...o formal de casas da Canicouba parte de huna parte de contra fondo con as casas de Vaasco Duraez e da outra parte de contra çima con as casas que foron de Domingo delrey et saa a rua da Oliveira de huun cabo e do outro aa rua Canicouva as quaes casas foron queimadas e destruydas de quando a entrada de Pero Xarmento fizo en esta vila de Tui*”³².

Con isto temos que correxir o que nos conta a Crónica Conimbricense, xa que as datas andan erradas, poñendo todos os acontecementos no ano 1370, cando a realidade compróbase máis complexa.

Do paso por Tui de Fernando I de Portugal podemos testemuñar a acuñación de varias moedas de prata, cuxo destino era pagar aos soldados, coa ceca de Tui. Tamén batería moeda na súa estadía na Coruña.

No ano seguinte, de 1370, Fernando de Castro tomaría varias cidades galegas, Santiago, Lugo e Tui. Na cidade ía instalarse Suero Iáñez de Parada, Meiriño Maior da Galiza, o cal na súa estadía provocaría graves prexuízos ao bispo tudense, non sabemos se co apoio do concello, xa que logo, os petristas contaban coa adhesión das cidades na súa loita, produto do apoio dispensado polo rei Pedro I contra os abusos da nobreza e precisamente un dos motivos da guerra civil e da súa derrota.

É interesante unha sentenza de 1370 sobre o portádego dos navíos que botasen áncora de ferro no porto de Tui. A vasalaxe expresada polo xuíz ao rei portugués fainos

²⁹ A.C.T., protocolos Nuno Gonçalves, fol. 10 vº e 11. 1370, 18 de febreiro.

³⁰ Vila-Botanes, Suso; “Tui, entre Petristas e Trastámaras”, Pórtico nº 101, abril 1999.

³¹ Pero López de Ayala; Crónicas, Ano IV do reinado de Enrique II, capítulo VI.

³² A.C.T., Prot. Nuno Gonçalves, fol. 9. 1369, 15 decembro. Este documento claréxanos perfectamente que a destrución da cidade feita por Pero Sarmiento foi en 1369 e non en 1370. Ben é certo que nese ano Pero Sarmiento puido recuperar de novo Tui, aínda que non nos conste. Tamén é interesante nestos documentos notariais de que malia a total inmediatez do tempo fagase unha clara distinción entre as causas da destrución, os das galees ou Pero Sarmiento.

máis que sospeitar sobre esta adhesión do concello ao bando castrista-portugués: “...*Rodrigo Anes juiz da cidade de Tuy por Noso Señor el Rey Don Fernando*”.³³

Con esta situación, Galiza fóra do seu control e cun decidido apoio aos petristas, o rei D. Enrique mandará o seu Adiantado Maior de Castela, Pero Manrique, e ao Adiantado Maior da Galiza, Pero Ruíz Sarmiento³⁴, para reconquistar o territorio. Ata o ano 1371 non sería retomada a cidade xa que por estas datas aínda existían algúns reductos petristas en Galiza, non sendo ata estes momentos que sexa botado fóra Fernando de Castro³⁵.

O 4 de setembro de 1371 o rei D. Enrique recompensaría ao bispo tudense D. Juan de Castro pola súa fidelidade³⁶ ante os sufrimentos padecidos durante a guerra:

“...*Nos don Enrique...en uno con la Reina Doña Juana mi muger et con el Infante Don Juan mio fijo primero heredero... Conociendo a vos don Johan...obispo de Tuy...et por vos faser emienda de todo el daño e mal que vos el dicho obispo et la vuestra iglesia de Tuy avedes pasadoi por nuestro servicio de Suer Yanes de Parada e de otras compañías que andavam en nuestro deservicio teniendo los del Rey de Portugal.....Damos vos en donaçion por juro de heredit...e para vuestra Iglesia el castiello d’Entença que es en tierra de Toroño...et qual dicho castiello es nuestro e nos pertenesçe a nos, fecimos merced del en el Real de sobre Lugo. Et otrosi vos damos la villa de La Guarda la qual era de Suer Yañes de Parada... Et otrosi vos damos el coto de Coya con su baylia et la villa de Villa bella de Redondela que fueron de la orden del Temple de que nos aviamos fecho merced al dicho Suer Yañes. Et damos vos mas todos los bienes asi muebles commo rayses que dicho Suer Yañes ha e deve aver en qualquier manera en el dicho obispado de Tuy de las quales villas e cotos e bienes... que fueron del dicho Suer Yañes vos aviamos fecho merçed e donaçion dello por nuestras cartas en el Real de sobre Bragaa,.....Et vos damos los dichos castiello d’Entença e villa de La Guarda e coto de Coya con su baylia e la villa de Villa bella de Redondela e bienes...del dicho Suer Yañes...en donaçion pura.....mas que fagades e seades tenidos de faser vos e los canonigos e beneficiados della por el dicho castiello d’Entença de cada año para siempre jamas por la fiesta de Santa Maria de Setiembre un aniversario solepnemente con capas e çebtros... Dada en las Cortes de Toro quatro dias de Setiembre era de mill e quatroçientos e nueve años.*”³⁷

A obrigación de celebrar aniversarios por Santa María de setembro na honra de Enrique II, sería cumprida por longo tempo, case que chegando aos nosos días. Era unha celebración solemne que requería moito ritual: “*Misa aniversario do cabido pola alma do rei Enrique o vello, con seu responso e ceperios*”.³⁸

Non acabarían os problemas para Tui. Un ano máis tarde, 1372, un grupo de cabaleiros e homes de armas que “*non amaban o servicio do rei*”³⁹ tomarían a cidade. Serían estes Alfonso Gómez de Liria, natural da Galiza, Pero Díaz Palomeque, comendador de Santiago e natural de Toledo, e Men Rodríguez de Senabria, os cales estaban en Portugal desde onde se alzaron coa cidade.

³³ Iglesias Almeida, Ernesto; Los Antiguos portos de Tuy y la barcas de pasaje a Portugal, 1984. pax. 69.

³⁴ Pero López de Ayala; op. cit. Ano V do reinado de Enrique II, capítulo II.

³⁵ Pero López de Ayala; op. cit. Ano VI do reinado de Enrique II, capítulo IV.

³⁶ Frei Prudencio de Sandoval, Antigüedad de la Ciudad, y Iglesia Cathedral de Tuy y de los Obispos que se save aya avido en ella. Braga 1610. pax. 171.

³⁷ Pascual Galindo; op. cit. documento XXIV.

³⁸ Prot. Lib. VI. Fol. 30. 8 setembro de 1433.

³⁹ Pero López de Ayala; op. cit. Ano VII do reinado de Enrique II, cap. I.

A resposta do rei D. Enrique foi fulminante, “*e luego que el rey lo sopo partió de Burgos, e fue para Tui, e cercó la cibdad, e estovo y fasta que la cobró: e dexó en ella recabdo, e tornóse para Castilla*”⁴⁰.

Tui seguía sendo punto de encontro para os petristas en Galiza, e iso sufríao a cidade malia as paces feitas no ano anterior entre Fernando I e Enrique II con casamento no medio. A tensión fronteiriza e os problemas sucesorios serán a moeda corrente no territorio tudense durante moitos anos máis.

A Cisma de Valença.

Ademáis dos problemas da peste, fame e guerra, a Tui íanselle sumar conflitos relixiosos cunhas repercusións transcendentais para a historia da cidade.

No ano 1378 comezaría o chamado Cisma de Occidente. Dous Papas, Clemente VII e Urbano VI; un en Aviñón e o outro en Roma, repartíranse fidelidades dos reis e príncipes segundo fosen as inimizadas cos países veciños. Deste xeito Castela obedecerá ao Papa de Aviñón e Portugal ao Papa de Roma.

Tal e como se plantexa o conflito, o problema para a diócese tudense estaba claro, o seu territorio dividíase a partes iguais entre a Coroa de Castela e o Reino de Portugal. Pouco tempo pasaría para que entre os cregos tudenses xurdise o conflito.

Como cabe supoñer entre os eclesiásticos debateuse tamén a obediencia a Aviñón ou a Roma. Sería un numeroso grupo de cregos os que pasarían a Valença no ano 1381⁴¹, nomeando a un tal Frei Toribio como Administrador do Bispado de Tui Entre-Minho-e-Lima.

Elevarían a vella igrexa de Santo Estevão como Colexiada gobernando sobre 230 parroquias e numerosos conventos e igrexas. A perda para o bispo tudense era demasiado sustancial como para despreocuparse polo asunto.

O nome de “chamorros” reservado aos cismáticos designaba aos portugueses despectivamente, e foi o que ficou outorgado á hora de falar dos habitantes de alén Miño.

No ano 1398 era nomeado bispo da diócese tudense en Portugal o Arcebispo de Santiago D. Juan García Manrique, quen faltaría á lealtade castelá, obedecendo ao rei portugués D. João I. O bispo García Manrique, xa despojado do seu arcebispado de Santiago, morrería en 1416 intitulándose arcebispo de Santiago e administrador perpetuo dos bispados de Coimbra e Tui.

As relacións por estes anos foron moi tensas entre Valença e Tui, puidendo existir confrontos armados de carácter local. O bispo D. Xohán Fernandes de Soutomaior II, en 1419, facía chamamento ao concello tudense para aguisar parte dos muros da cidade, “*por quanto os chamorros se velavam e çerquavam e estaban aperçebidos nom sabia por qual rasom*”⁴².

En 1423 D. Xohán Fernandes, acadaría letras pontificias asinadas polo Papa Martín V contra os rebeldes de Valença. Pero debido principalmente ao interese político da causa, a Bula resultou ineficaz⁴³.

En 1444, Portugal conseguiría que o Papa *Eugenio IV* atribuíra o territorio Entre-Minho-e-Lima á recente diócese de Ceuta⁴⁴, findando a contenda e volvéndose a normalizar as relacións⁴⁵ entre ambas as dúas beiras.

⁴⁰ Ibidem.

⁴¹ Ávila y La Cueva; op. cit. tomo III, pax. 308.

⁴² Prot. Lib. VIII. Fol. 34. 22 agosto de 1419.

⁴³ Galindo Romeo, Pascual; op. cit. pp. 57-58.

⁴⁴ Ibidem.

A chegada dos ingleses

O duque de Lancaster desembarcaría na Coruña no ano 1386. Viña a reclamar o trono de Castela por ser a súa muller, Dona Costanza, filla do rei D. Pedro e polo tanto lexítima herdeira ao trono. Enrique II xa tiña morto, sucedéndolle o seu fillo Juan I, quen reclamara asimesmo o trono de Portugal por casar con Dona Beatriz, filla de Fernando I, a cal ficaba tamén como lexítima herdeira. O rei castelán caería estrepitosamente derrotado polo bastardo D. João, Mestre de Avis, na batalla de Aljubarrota (1385).

O rei castelán logo desta gran derrota non tiña moita capacidade para reaxir ao pulo do portugués e aínda menos para a nova ameaza inglesa, que reclamaba o mesmo que D. Juan I fixera en Portugal.

O duque D. Xoán de Gante, malia a capacidade das súas tropas, non puido tomar A Coruña por estar defendida por Fernán Pérez de Andrade. Comezou a moverse por Galiza, conseguindo a defección de Compostela a súa causa e outras vilas e cidades, entre elas seica estivo Tui, quizais por iniciativa do Concello que veía nesta unha nova posibilidade de quitarse de enriba o señorío episcopal.

O fracaso do de Lancaster foi debido primeiramente ao talante da empresa que quería emprender, ser rei de Castela, malia contar co apoio do mestre de Avis, João I. Non conseguiu establecer unha base sólida en Galiza, sendo un dos motivos a peste que diezmou as súas tropas de élite.

Acabaría asinando a paz en 1387. Os tratos establecían o casamento da súa filla, Caterina de Lancaster co herdeiro ao trono castelán, o infante D. Enrique (logo rei Enrique III). Sería pola primeira vez que o herdeiro á coroa de Castela recibiría o título de Príncipe de Asturias.

A guerra na fronteira

Aínda que D. Xoán de Gante asínase a paz, o que seguiría en guerra aberta sería D. João. Aproveitará o efecto psicolóxico que produxo nas tropas e señores de Castela a contundente derrota de Aljubarrota. O rei Juan I, lamentaríase da falta de capitáns para o seu exército, o cal poñía sobre a mesa a debilidade castelá e a imposibilidade de resposta rápida aos ataques do portugués.

Nesta posición vantaxosa, o mestre de Avis efectuaría un forte ataque sobre Galiza na primavera de 1389. No seu camiño recuperarían Valença á obediencia portuguesa xa que se mostrara a favor de Dona Beatriz e polo tanto no partido pro-castelán.

O Mestre de Avis non ficaría trabado no Miño e a primeira cidade galega en sufrir o seu acoso sería Tui. Como o exército portugués era numeroso, foi advertida a súa chegada polos tudenses que se pecharon na cidade, entre eles tomando conta da defensa estaba Paio Sorredeia de Soutomaior quen avisaría rapidamente ao rei Juan I do inminente cerco sobre a cidade.

Deste xeito e recibida a noticia, D. Juan malia estar *“muy menguado de capitanes de guerra. E porque non dixiesen que non mostraba algún cobro e non enviaba defender aquella cibdad, envió estonce allá a don Pedro Tenorio, arzobispo de Toledo, e a don Martín Yáñez de Barbudo, portugués, maestre de Alcántara, con cierta compañía; e el arzobispo de Santiago don Juan Garci Manrique, que estaba en Galicia,*

⁴⁵ Principalmente normalizáronse as relacións polo lado relixioso, non impoñendo o bispo e cabido sancións relixiosas polos contactos sociais ou comerciais coa outra beira, cuestións que non se detiveron en ambas dúas beiras a pesar da oposición da igrexa tudense.

*se juntaría con ellos, para que ordenasen aquello que fallasen que cumplía a su servicio.*⁴⁶

Os preparativos para axudar a Tui tardaron demasiado e a cidade sería tomada polo portugués o 25 de xullo de 1389⁴⁷:

*“Cercou o muy noble Rey Dom Joaõ de Portugal à muy noble Cidade de Tuy. em sua ajuda ò muy noble Conde Dom Nuno dos Reynos de Portugal, è do Algarve, è todos os Capitães Senhores dos dittos Reynos, que fizerão sobre à ditta Cidade muyto por suas mãos por suas onras, è linhages serem exaltadas, è tomou ò ditto Senhor Rey com seu exercito à ditta Cidade por forza de armas dia de Santiago da suso ditta Era no mez de Julho.”*⁴⁸

Curiosamente, o rei D. Juan nas cortes de Guadalajara de 1390, perdoaría *“a ciertos omes de la cibdad de Tuy, que fueron en fabla e consejo de dar la cibdad al maestre Davis, que se llamaba rey de Portugal”*⁴⁹.

Semella lóxica esta medida por parte dos tudenses, entre os que se atopaba sen dúbida, Paio Sorredea de Soutomaior, defensor da cidade. A cidade non tiña valimento próximo e estaba sufrindo un duro cerco, tal e como nolo aseguran os protocolos con varios exemplos como o da destrucción dunha casa na rúa Malega, xunto da porta Vergán *“ a qual casa aforaron ao dito Afonso Gago por quanto ficou dampnada e destruyda dos engennos quando o Mestre davis rey que se chama de Portugal tomou esta çidade”*⁵⁰, e nos arredores coa desfeita dun casal na Lagarteira *“enna çerca de sobre esta villa que y fezo o Meestre davys que se chama rey de Portugal”*⁵¹. O Concello máis tarde lembraría esta situación *“...reçeberom grandes penas dapnos et meos cabos tanbem ante da çerqua enna guerra que abiam con Portugal como despois enna çerqua en que fforam conquistados dos inimigos”*⁵².

O interese desta documentación ven dado por algo que a todos se lle pasa por alto: a utilización de maquinaria de asalto nos asedios, e os conseguíntes efectos destructivos no interior da cidade. Feito este que acontecerá en Tui moitas veces.

A recuperación da cidade seica ten algúns puntos escuros ou pouco claros, aínda que estamos coa certeza que nos aporta a documentación do Arquivo catedralicio tudense, na que a cidade sería recobrada polo rei D. Juan no outono de 1389.

O rei castelán podería recobrar A Guarda, e logo dun duro asedio Tui⁵³, antes de ser asinadas as paces co rei portugués⁵⁴ por seis anos.

O Preto das Fortalezas.

Efeito da toma da cidade polo rei D. Juan, foi un conflito que se desatou en Tui durante varios anos, no que sorprendentemente a cidade pasou a ser de facto de reguengo e independente do señorío episcopal.

⁴⁶ Pero López de Ayala; op. cit. Ano XI do reinado de Juan I, cap. V.

⁴⁷ Ávila y La Cueva; op. cit. tomo I, pax. 134.

⁴⁸ Cronicón Conimbricense, España Sagrada tomo XXIII. Pax. 354.

⁴⁹ Pero López de Ayala; op. cit. Ano XII do reinado de Juan I, cap. III.

⁵⁰ A.C.T., Prot. Nuno Gonçalves. De Ermelindo Portela, op. cit. pax. 334.

⁵¹ Ibidem.

⁵² A.C.T., pergamino 2/8, 1393, 23 novembro.

⁵³ Ibidem.

⁵⁴ Nas crónicas do chanceler D. Pero López de Ayala, de quen recolle a información Ávila y La Cueva, menciónase o intercambio de cidades e castelos na paz entre Portugal e Castela, incluíndose a Tui, cousa que debemos considerar errada, xa que logo, no documento expresado arriba, fálanos con claridade da recuperación de Tui e A Guarda por Juan I, e incluso os males causados á cidade debido ao cerco que tivo que realizar o rei.

O bispo D. Diego Anaya y Maldonado pasara a ser bispo de Ourense en 1390, pero podémolo supoñer fóra xa da cidade tudense no verán de 1389.

Neste contexto, sen señor episcopal, debeu atopar Juan I Tui, e sen posible señor que a defendese poñerá a un subordinado á fronte da cidade. O tenente da cidade (o gobernador) sería D. Ruy López Davellos, quen tería facultades para poñer xustizas na cidade. Isto é, con este acto, o rei retiraba oficiosamente o señorío sobre a cidade aos bispos.

Coa non presenza do bispo (sería moi dubidoso que estivese en Tui con estes acontecementos, xa que o rei non tería efectuado cambios tan trascendentais) semella lóxica a actitude do rei para defende-la cidade. Pero debemos lembrar que o señorío era compartido co cabido, e este seica non se opuso a tal medida xa que logo fixo o preito e homenaxe ao rei e tempo despois ao arcebispo compostelán.

Pero non contento de arrebatarse o señorío episcopal Tui, tamén o fixo con A Guarda, que trala concesión de Enrique II en 1371 pertencía ao Bispo e Cabido. Juan I poñería á fronte do concello guardés e do seu alfoz ao fidalgo D. Nuno Fernandes Cabeza de Vaca, quen tería facultades para poñer alcaldes e oficiais na vila mariñeira.

Seica que non se discute a propiedade de Tui e A Guarda, senón a súa xurisdicción que pasan a ser controladas polo rei, quizais para intentar ordenalas debidamente ante máis ataques dos seus inimigos os portugueses.

O tenente da cidade, Ruy López Davellos, poñería como xuíz e xustizas a Afonso Fernandes, Gómez Nunes e Lopo Afonso, estes últimos posuindo as chaves da cidade.

Estamos ante un conflito ou contenda moi semellante ao Preito das Chaves de 1287, coa diferenza que alí o rei nomea a uns xustizas pero sen retirar o señorío ao bispo e cun prazo de devolución das chaves e dos seus cargos, prazo habitual aos cargos do concello. E con outra diferenza fundamental, o preito e homenaxe (isto é a promesa de obediencia e lealtade) a fan ao rei Juan I non como hai cen anos ao bispo e cabido de quen recibirían as chaves.

Polo tanto, a complexidade do caso vai máis aló da interpretación da lei. O concello e o tenente da cidade teñen como o seu señor ao rei, xa que a el lle deben obediencia e lealtade polo preito e homenaxe realizado, e baixo este feito non poden, nen deben, e por suposto, nen queren, obedecer a outro señor namentres o preito e homenaxe non fose retirado, e como é o propio rei a quen se lle fai, deberá ser el quen o quite.

Pero as cousas non paran aquí, xa que logo, o rei Juan I morrería en accidente de cabalo (aos 32 anos de idade) en outubro de 1390. Coñecida a súa morte achegárase rapidamente ata Tui o arcebispo de Santiago D. Juan García Manrique pois “*al tiempo que sopo la muerte del rey dom johan ... (viu) a la çibdat de Tuy por la guardar et poner recaudo en ella ... por quanto el dicho electo nin otro alguno quela podiesse guardar et defender non estava en ella*”⁵⁵.

O acto era unha medida preventiva por se a cidade puidese ser tomada polos portugueses nuns momentos tan delicados para o reino.

O arcebispo realizou tal feito para cumprir co seu novo rei D. Enrique III, pero como non pode estar na cidade xa que outros deberes o levaban a súa dicocese ou á corte do novo rei puxo a Paio Sorredea de Soutomaior como guarda e valedor da cidade, posuíndo as chaves das fortalezas de Tui: Torres e pazos do bispo, Torre Vella e Torre do Concello. Por todo isto D. Paio faría preito e homenaxe ao arcebispo, e probablemente tamén o farían o concello e os xustizas da cidade.

⁵⁵ A.C.T., pergamino 2/8. 1393, 23 novembro.

Nesta mesta selva de obediencias ficaría a cidade baixo varios señores, o rei, o arcebispo, e o bispo tudense que ficaría marxinado nesta situación, pero non será ata 1391 cando saia elixido como novo bispo de Tui D. Juan Ramírez de Guzmán xa que desde fins de 1389 Tui non contará cun bispo que defenda o seu dereito secular sobre o señorío tudense.

Cando sae elixido o novo bispo tudense debeu atoparse coa situación descrita arriba. Os prexuízos eran moi graves para o bispo, posto que minimizaba a súa autoridade. Tan cedo como soubo o estado da súa cidade, debeu esixir lealtade aos xustizas, concello, tenente, Paio Sorredea, e todos aqueles que tivesen algo que ver na cidade.

A resposta de todos eles sería clara e contundente: non podían obedecer ao bispo porque a cidade xa non era súa senón do rei a quen debían preito e homenaxe, e tamén ao arcebispo, e a todos aqueles que pasaran por Tui menos ao bispo e lexítimo señor da cidade. Desta vez a argumentación era clara, sen chegar a reviradas interpretacións da lei.

Sen demora, D. Juan Ramírez de Guzmán, poñería o interdito⁵⁶ sobre a cidade: “*por la cossa et agraveo quela dicha iglesia resçebio fue puesto entredicho en la dicha çibdat*”⁵⁷. Esta grave pena eclesiástica non debeu facer recuar ao concello, pois o bispo tudense tería que solicitar do rei D. Enrique a supresión do preito e homenaxe debido ao rei D. Juan, e que o rei solicitara do arcebispo a retirada do seu preito e homenaxe.

Con todo isto mandaranse cinco cartas dirixidas a cada un dos implicados e que debían ser ensinadas polo procurador nomeado polo bispo, o arcediago de montes D. Lopo Rodrigues, quen debería facer que fosen entregadas a cidade e as súas fortalezas ao bispo.

O caso é que as cinco cartas estaban escritas en marzo de 1391, pero ata o 3 de novembro de 1393 non faría o bispo a saída definitiva para Tui das devanditas cartas.

Cando foron recibidas as ditas cartas, estaban presentes Paio Sorredea de Soutomaior quen posuía as fortalezas; o arcediago de Cerveira quen tiña “*a iglesia cathedral da dita çidade que he huna das mellores fortalezas que estan en ella*”; e o concello, posuidor das chaves da cidade.

Ensinadas as cartas reais cada un dos implicados foron obedecendo.

O concello argumentou sobre a situación acontecida, “*diserom que aelles et a esta çidade desla morte de dom Johan Fernandes de Souto maior bispo que fora desta iglesia recresçeram muytos perigos et grandes e graves negoçios assi enna çerqua que os portugueses fezeram ssobre esta çidade como despois enna morte de nosso sennor el rey dom Johan que deus perdom, et que por guardar serviço do dito sennor rey reçoerberom grandes penas dapnos et meos cabos tanbem ante da çerqua enna guerra que abiam con Portugal como despois enna çerqua en que fforam conquistados dos inimigos, por las quaes razoons lles aconteçera de fazer alguns pleitos et menajeos et pleitos et posturas et prometementos que en outra guissa sselles os ditos negoçios non aconteçeram non fezeram primamente consentido ao dito Ruy Lopez poer alcaldes en esta çidade por lo dito ssennor rey ussando con elles et tomando delles ofiços et*

⁵⁶ O entredito é unha pena canónica pola que a Igrexa prohíbe a unha persoa ou a un lugar, a asistencia ou a celebración dos oficios divinos, a administración de certos sacramentos e o soterramento no lugar sagrado. Para incurrir na dita censura é preciso que se tivera cometido unha falta externa grave pola súa materia ou circunstancias, que signifique un menosprecio ou rebelión contra os preceptos ou autoridade eclesiásticas. O entredito diferénciase da excomunión en que esta é unha pena que priva de maior número de bens espirituais.

⁵⁷ A.C.T., pergamino 2/8.

*ficando en sseu lugar dos ditos vizinos por ofiçiaas quando daqui partia o dito Ruy Lopez*⁵⁸.

Co cal inténtase fixar unha data para o comezo dos males da cidade, é dicir a morte do primeiro bispo Soutomaior en 1323. Xa vimos como as fames, pestes e guerras mudaran a situación de calma anterior, o documento do concello corrobora os problemas para a cidade desde o primeiro cuarto do século XIV.

O Concello remata a súa argumentación: *“et que agora byam as ditas cartas et mandado do dito ssennor rey dom Enrrique que deus mantenna e do dito senor arçibispo et que as reçebiam homildossamente et con aquela reverençia que devyam et reçebiam outrossi o quitamento das ditas menajeas”*.

Dado o carácter das cartas non era posible contrarialas polo que Afonso Fernandes e Gomes Nunes entregaron as chaves da cidade ao procurador do bispo xa que eles fixeran o devandito preito e homenaxe por mandado do Concello.

O vigairo do bispo ordena ao Concello que fixesen os seus cobros⁵⁹ de cara a poder entregar as chaves das portas da cidade a aqueles que fosen escollidos, desta vez polos modos que dictaba a vasalaxe ao bispo de Tui.

Con rapidez o Concello ofreceu os seus cobros: nun a Lopo Afonso e Xohán Collaço, e noutro Estevo Degues e Vasco Martim. Ante tal rapidez *“os ditos procurador do dito ssennor bispo et dayam et cabidoo beendo o bom curaçom et talente dos ditos conçello et homes boos et que foram et eram bem diligentes para conprir o mandado do dito ssennor rey et do dito ssennor arçibispo et prestes para todo serviço do dito ssennor bispo et dayam et cabidoo”*.

Todo transcorría ben, sen rebeldías, algo que polas palabras anteriores debía temer o procurador e vigairo.

Xa só ficaba Paio Sorredea de Soutomaior para que fixera preito e homenaxe ao bispo e retirara o anteriormente feito ao arcebispo. D. Paio obedecía o contido das cartas así que *“frontava et requeria ao dito arçidiago de montes que tomasse et reçebesse as fortalezas que el tyna enna dita çidade, convem a ssaber as torres et paaços de morada do dito ssennor bispo para o dito ssennor bispo em espeçial e a torre bella et a torre do conçello para os ditos ssennores bispo et cabido ssegundo que acostumarom deas aver et lle quitasse a menajeem que por las ditas çidade et fortalezas tynna feita”*.

Erróneamente se ten dito que a entrega das fortalezas por Paio Sorredea foi tardía reténdolas durante bastante tempo (desde 1391 data das cartas ata 1393 data da entrega oficial). Xa vimos anteriormente como o Concello estaba metido no allo e o asunto era máis complexo, entrando nos devanditos preitos e homenaxes o propio deán e cabido.

Pero como D. Paio era un *“fidalgo et grande e boo e basallo do dito ssennor bispo”* e *“querendo el estar enna dita çidade et teer as ditas fortalezas que el requeria primeramente aos ditos dayam et cabido et conçello sselles prazia deo dito Paay Surredea estar enna dita çidade e teer as ditas fortalezas fazendo por elas aquela menajeem que debe fazer home fidalgo et os ditos dayam et cabidoo diserom que em casso que ao dito Paay Surredea proubesse que prazia a elles”*.

Tal proposición sería aceptada polo vigairo do bispo, cunha serie de condicións *“que el collere ao dito ssennor bispo enna dita çidade de tuy et ennas ditas fortalezas quitado et pagado de noyte e de dia con poucos et con muytos quando e cada que el chegasse et a ques oras que el chegasse et o apoderasse enna dita çidade et fortalezas byndo el porssi pessoalmente et nom byndo por ssi pessoalmente et enbiandolle sseu*

⁵⁸ Ibidem.

⁵⁹ Son as persoas presentadas polo Concello en dúas parellas para que o Bispo ou o seu vigairo fixesen a súa escolla.

recado certo com vem assaber sua carta firmada de sseu nome et seelada con sseu seello pontifical e signada de nome et signal de notario en que mandasse entregar a dita çidade e fortalezas a outro algum et quitandolle o dito ssennor bispo et os ditos deam et cabidoo esta menajeem quelle ora faziam que el collese enna dita çidade aqual que o dito ssennor bispo mandasse”.

Debía facer o Soutomaioir preito e homenaxe polos bispos que viñesen, e facendo guerra e paz por eles.

É curiosa a presenza dos Soutomaioir na cidade. Xa vimos como na toma da cidade de 1389 por D. João acometera a defensa da cidade D. Paio Sorredea. Entre as cartas mandadas polo rei Enrique en 1391 menciónase a Álvaro Páez, Diego Álvarez e o propio Paio, os tres irmáns Soutomaioir, quen xunto con Álvaro Fernandes de Valladares renderían preito e homenaxe ao Arcebispo de Santiago para defender a cidade e acoller nela ao prelado compostelá día e noite, polo cal o rei lles pedía a obediencia ao novo prelado tudense D. Juan Ramírez de Guzmán.

Esta masiva presenza dos Soutomaioir xunto con outros nobres poderosos na cidade indica xa ás claras como a opresión señorial vai tomando unha forma definida en Tui, no que a nobreza xa non se conforma con causar algúns males nos coutos e posesións episcopais, senón e que ademais tomará parte no poder da diocese controlando tributos, coutos, vasallos e a propia cidade.

A segunda tomada de Tui por D. João I

Tui seguiría sendo albo do rei D. João e logo de rematado o período de paz establecido en Monção por seis anos, en 1398, o rei portugués repasaría o Miño poñendo cerco á cidade quen de novo recibiría a axuda de cabaleiros locais, entre eles D. Paio Sorredea.

Seguindo ao cronista Fernão Lopes: *“Em outro dia XXV do mês nomeado (Julho) de quatrocentos e trinta e seis que era festa de Samtiago (...) mandou el rey daar as trombetas e mover a escala e fazer todos prestes pera combater como no dia passado...”*⁶⁰.

Non todo serían facilidades para o belicoso rei D. João pois efectuado o paso do Miño de noite, as dificultades do mesmo ocasionarían unha grave perda para o portugués, aínda que non lle impediría tomar Tui e proseguir a conquista do territorio tudense.

O rei de Castela, Enrique III, procurou enviar auxilio⁶¹ mais non chegaría a tempo. Seica o portugués trataría ben á cidade tras capitular esta. Nos sucesos da toma de Tui estaría de por medio o arcebispo de Santiago D. Juan García Manrique, quen pasaría ao bando de Portugal coa chegada do Mestre de Avis a terras galegas.

O arcebispo intitularíase administrador perpetuo do bispado tudense aproveitando da ausencia do lexítimo bispo D. Xohán Fernandes de Soutomaioir. A participación de D. García Manrique na tomada de Tui e arredores lle carrexaría a perda do arcebispado compostelán nese mesmo ano de 1398.

A información que nos ofrece a documentación capitular da catedral tudense⁶² acláranos os incidentes desta incursión portuguesa e a participación do arcebispo nela.

⁶⁰ Alberto Pereira de Castro; op. cit. 2000. pax. 30. Aínda que o gran erudito valenciano apunte a data de 1396 como a correcta para este cerco da cidade episcopal o certo é que se a data que aporta Fernão Lopes é correcta (1436), descontandolle os 38 anos que ten demáis a “era hispánica” para transformala na “era de cristo” obteremos o ano 1398.

⁶¹ Ávila y La Cueva; op. cit. tomo I, pax. 135.

⁶² Prot. Libro VIII, fol. 136. 1424, 4 marzo.

Arguméntasenos na renuncia dun foro datado⁶³ o 19 xullo de 1404 na que os foreiros tiñan propiedades en varios lugares do bispado, sobre todo a vila de Baiona, dicindo que “...por rasom que enas guerras que nosso sennor el rey de castella ouvera con o aversario de portugal a çidade de Tuy e as villias de Bayona e da Guarda e de Salvaterra e de Ribadavya e esta terra toda de Toronho por la mayor parte foram tomadas e conquistadas por lo dito aversario e teveram en seu poder a dita çidade e a dita villa de Salvaterra por espaço de çinquo annos e mays e a dita villa de Bayona por espaço de dous anos e que en estas tomadas e estadas que estiverom por los ditos ynimigos e outrosy enna çerqua queo arçebispo de Santiago fesera sobre lla dita villa de Bayona foram dapnificadas e destroydas todalas casas que a dita sua moller y avya e lle pertença por herança....”

Como se pode apreciar a entrada de D. João I foi máis importante do que aparentaba ata o de agora estando Tui en mans portuguesas ata 1402. A devolución de Tui e Salvaterra sería efectuada a través dunha tregua asinada en Segovia por dez anos o 15 de agosto de 1402.

Aínda que é escuro o momento da toma de posesión do seu bispado por D. Xohán Fernandes, si temos seguro que os primeiros anos da súa prelatura (1395-1402) non está en Tui, xa que logo non hai constancia da súa presenza na documentación, síntoma ou evidencia quizais da conquista portuguesa do territorio tudense.

⁶³ Está transcrito este foro de 1404 no devandito de 1424.

O SÉCULO XV: A ERA DOS SOUTOMAIOR

O século XV vaise corresponder co total dominio da familia Soutomaior sobre a cidade: bispo, cóengos, valedores, señores e opresores da comarca, a súa pegada ficará marcada na lembranza máis profunda da historia tudense.

Xa ollamos como Paio Sorredea se facía valer como defensor da cidade contra os portugueses. Este primeiro valimento transformárase logo nun poder opresor sobre cabido e concello.

No ano 1403 temos noticias¹ sobre os estragos causados pola peste na comarca tudense. Por tal motivo bispo e cabido terían de se trasladar a Bouzas, pertencente ao bispo, celebrándose por algún tempo os oficios canónicos na igrexa parroquial desta vila mariñeira.

O longo reinado de D. João no trono portugués lle procurou a posibilidade de visitar Tui moitas veces. A última vez na que se constata a súa presenza sería no ano 1418. De novo sitiaria o rei a cidade, rendíndose esta sen esperanza de ser socorrida. Antes de entrar o rei en Tui, armaría cabaleiro a un seu fillo bastardo, D. Afonso, primeiro Duque de Bragança. Despois da cerimonia entraría en Tui, o día sería de 26 de xullo².

Este episodio quizais se podería enmarcar dentro do chamado preito dos Chamorros, relacionado coa escisión do bispado tudense en Portugal.

Os Xantares do Rei.

Xa temos visto como o xantar era un tributo pagado en especie ou en moeda no concepto de tránsito do rei polas súas terras.

Tamén puidemos ver como no ano 1333 o rei D. Afonso XI outorgaba ao bispo, cabido e concello a execución de tal tributo. Pois ben, tal privilexio non amedroñou á picaresca dos cabaleiros do bispado que encabezados por D. Paio Sorredea obrigarán ao bispo, cabido e cidade a pagarlle tales tributos.

O camiño polo que D. Paio obrigaba ao pago do tributo polo ano 1420, era de relación familiar co Adiantado Maior da Galiza, D. García Sarmiento, ao casar o fillo deste, tamén García Sarmiento, coa filla de D. Paio; D^a. Tareixa³.

O Adiantado concedera en gracia ao Soutomaior recoller o devandito tributo, non sendo impedimento algún os privilexios que ostentaban bispo, cabido e concello de Tui.

Isto expoñíano moi claro o cabido en 1421 cando “*Johan de Salvaterra canonigo en nome do dito cabido e como sseu provisor diso que o dito cabido dava e mandava dar os ditos maravedis por forza e contra sua vontade e con gran medo do dito Pay Sorredea*” xa que logo “*o cabido non devia nem era teudo de pagar os ditos maravedis en rasom do dito jantar por quanto o dito cabido era quite del por privilegio que agora cobraram quelle fora levado e roubado (dos chamorros) del rey de Portugal e do çerço quando tenam esta çidade en seu poder e o qual lle agora fora entregue, e que portestava ao adeantado do seu dereito, e que seos pagavam agora que os pagavam por forza e con o dito medo*”⁴.

¹ Álvarez Blázquez, José M^a, e outros; Vigo en su Historia, pax. 99.

² Ávila y La Cueva; op. cit. tomo I, pax. 135.

³ Prot. Lib. VIII. Fol. 166.

⁴ Prot. Lib. VIII. Fol. 79-80. 13 febreiro de 1421.

Esta noticia ábrenos unha porta máis, xa que a toma da cidade por D. João en 1418 tivo como consecuencia máis inmediata o roubo deste privilexio⁵, o cal impediu a inmediata reclamación cando D. Paio comezou a solicitar o *xantar*. Porén, malia se recuperar o devandito documento, o emprego da forza e o medo que tiña o cabido nas formas e maneiras expeditivas nas que se desenvolvía o Soutomaior, non tiñan máis remedio que pagar, xa que logo, saía máis barato e máis san que a oposición ás pretensións de Paio Sorredea.

Extraño se nos fai o silencio do bispo, que curiosamente será tamén un Soutomaior, D. Xohán Fernandes. Os traballos por el realizados reforzando e ampliando as defensas dos seus pazos episcopais e da catedral, revela a súa desconfianza cara á fronteira e tamén aos seus familiares.

Ante as lóxicas dúbidas legais que o cabido prantexaba, no ano seguinte D. Paio entregará tamén unha carta do adiantado maior da Galiza. Nela dábase potestade ao Soutomaior para que *“podesse pedir demandar rezeber e acordar todolos maravedis que o bispo de Tuy e cabido da dita iglesia de Tuy e conçello da dita çidade deviam de dar do jantar del rey ao dito endeantado en cada hun ano e que podese delo e de parte delo cartas e carta de pago e de quitamento”*⁶.

D. Paio Sorredea de Soutomaior morrería a fins de 1424 ou comezos de 1425⁷, pero non sería a fin dos *xantares* xa que estos os cobraría García Sarmiento como meiriño de Toroño⁸. O pago, de douscentos corenta maravedis cada parte (bispo, cabido e concello), seguiría recaudándose sen incidentes agás os de 1426, nos que cabido e concello opoñeríanse de novo.

No momento en que García Sarmiento demanda o pago do *xantar*, tanto cabido como concello argumentaron *“que elles quelle non quiserom dar os ditos dineiros por quanto lle non mostrava carta del rey por que os avya daver”*⁹, porén, os dous escudeiros de D. García, Rodrigo da Pressa e Xohán do Outeiro, responderían que se se lles obrigaba a traer a carta do rei, que o cobro penaríase co dobre. Non o debían de ter claro no cabido e concello, desconfiando quizais de que puideran conseguir o proposto ou con algunha outra argallada, que aceptaron o pago dos douscentos e corenta maravedís.

En anos posteriores sería a viúva de García Sarmiento, D^a. Tareixa, condesa de Santa Marta, quen faría reclamar o pago dos devanditos *xantares* en 1446, non sen antes o cabido ofrecer resistencia.

O preito dos Barqueiros.

Sendo o río o medio de comunicación máis utilizado, engadímoslle que é divisoria de dous reinos e que hai un conflito relixioso polo medio, sumaremos uns condicionantes propicios para que xurdan contendas entre os barqueiros de ambas dúas beiras.

No ano 1421, co transfondo do cisma de occidente, desatouse un conflito entre Tui e Valença. O motivo seica foi o apreixamento do barqueiro do cabido, Afonso Grande, e algúns males a el causados polo que decidiu o cabido prender aos que facían o labor na outra beira: *“entom parecerom os ditos Pero d’Antença e Afonso Barqueiro que tynan presos o dito cabido por injuria, prisom, mal e dapno que disiam quelles*

⁵ Non sabemos se puideron ser furtadas máis cousas.

⁶ Prot. Lib. VIII. Fol. 92. 8 xaneiro de 1422.

⁷ Prot. Lib. VIII. Fol. 166. 12 setembro de 1425. Estos datos aportan máis luz sobre a figura de Paio Sorredea. García Oro acurtaba a súa vida ata comezos do século XV.

⁸ D. García vai ser o último merino de Toroño do que teñamos certeza documental.

⁹ Prot. Lib. VIII. Fol. 172-173. 28 maio de 1426.

deram en faser prender o seu barqueiro que tynan preso em Valença e polos tratarem benignamente por que eram vesinos mandaronnos soltar sub estas condiçions convem a saber que os ditos Pero d'Antença e Afonso Barqueiro trabalases a todo seu leal saber e entendem e podem por faser soltar o dito seu barqueiro Afonso Grande que era presso e outrossi por lle dar aqui preso sem ferida e sem lesiom a Pero de Corape ou a Diego Anns ouriviz barqueiros da barqua de Valença, ou qual quer outro que ande por barqueiro da dita barqua e que sejam presos desta parte aqui de Valença doje este dia a XV dias e outrosi que ponam a barqua quelles tomarom por de Valença en sego e que non manem con ela nem con outro barquo ata que esta contenda dos barqueiros seja defincada e ajam liçençia do cabido e non facendo elles soltar o dito barqueiro, ou non dando aqui presos alguns barqueiros da dita vila de Valença ata os ditos XV dias quesse trovam aa dita prejom e aa torre nova¹⁰ en que estavam demandado do dito cabido e nonsse trovando que cayam en fe perjuros e sejam teudos e obrigados por si e por seus beens pagar no dito cabido de pena convençional dozentos frolys de boo ourro e de peso do cruno daragon e de resarzir correger e enmendar ao dito seu barquo todaslas terças e dapnos que rezeberom e rezebem por ocasion da dita prisom e juran ennas maos do dito Estevo Lourenço clerigo de missa deo teerem comprirem e aguardarem todo asi”¹¹.

A preocupación do cabido era lóxica xa que logo, debía valer tanto á persoa do barqueiro, que era foreira do cabido, como as mercadurías e persoas que el debía transportar, sendo o conflito un grave contratempo nas relacións sociais e comerciais da cidade. Por outra banda tamén debemos atender ás relacións vasalláticas entre barqueiro e cabido, xa que logo, como veciño de Tui e vasalo do bispo (representado polo propio prelado ou por un procurador por el nomeado) debía ser defendido e protexido por este.

O conflito debeuse solucionar prestamente; poucos días despois vemos como o cabido permitía aos dous barqueiros, Pero d'Antença e Afonso Barqueiro, que tomasen a barca e a levasen porque “*alçavam o degredo da barqua*”¹².

Déuselle remate á contenda co compromiso de Álvaro de Linares, barqueiro de Valença, causante dos males. Tanto Pero d'Antença como Afonso Barqueiro deberon cumprir o seu cometido cando o devandito Álvaro de Linares se atopaba preso polo cabido. Debeu existir algún acordo, sobre todo económico, xa que “*en nome do dito cabido dava por quite e por ben ao dito Álvaro de Linares da dita querela e demanda*”¹³. Finalizaría así o devandito preito chegando a un acordo, pero debendo brotar de novo ao socairo das guerras e conflitos que abalarían Tui no século XV. A fins do século, o bispo D. Diego de Muros establecería unha concordia que regularía o tráfico fluvial miñoto.

Fernán Eáns de Soutomaior.

Continuando coa progresiva influencia dos Soutomaior aparecerá no escenario un sobriño de Paio Sorredea, Fernán Eáns.

A importancia deste Soutomaior é evidente. É o primeiro do que temos constancia de dominar Tui¹⁴, e sobre todo por ser o pai dos famosos Álvaro Paes e Pedro Álvares, os dous máis famosos Soutomaior do século XV, señores de Tui.

¹⁰ Esta torre nova debía pertencer aos restaurados e ampliados pazos episcopais da Oliveira, realizados polo bispo Xohán Fernandes de Soutomaior.

¹¹ Prot. Lib. VIII. Fol. 78. 11 xaneiro de 1421.

¹² Prot. Lib. VIII. Fol. 78. 15 xaneiro de 1421.

¹³ Prot. Lib. VIII. Fol. 84. 1 maio de 1421.

¹⁴ Aínda que tamén o facía indirectamente Paio Sorredea, ben controlando as fortalezas da cidade, ben extorsionando a cabido e concello.

De Fernán Eáns sabemos que era “*un muy buen cavallero que en dichos y en echos no era menos que aquellos de quien él desçendía*”¹⁵, a súa casa formabaa “*çinquenta de a cavallo, y de vassallos y beatrias tenía dos mil y quinientos hombres poco más o menos*”¹⁶. Vasco de Aponte nos dí que “*la çidudad de Tuy se mandaba por él*”¹⁷.

O feito de armas máis extraordinario protagonizado por Fernán Eans foi o secuestro de Pedro Díaz de Cadórniga na súa propia casa de Ourense, atravesando territorio do inimigo, presentándose na súa casa e cunha afouteza sen paralelo “*puso fuego a las casas donde estaba el Cadórniga, y sacolo preso por la barba, volviendo por los pasos por donde viniera*”¹⁸ levaríao ata Soutomaior.

Este carácter sería herdado polos seus fillos os cales protagonizarían episodios semellantes.

Fernán Eans de Soutomaior comezaría a exercer o control sobre a cidade coa morte do seu parente o bispo Xohán Fernandes. No ano 1423, poucos días despois da morte do bispo, o cabido queixábase dos abusos dos señores que ante o baleiro de poder deixado coa morte do señor da cidade e dos coutos episcopais, cairían coma lobos sobre as súas posesións:

“*Garçia Xarmento jenrro de Pay Sorredea e os seus que con el estavam en Castelo Virgaço se forom aas camaras d’Ulveira e de Sam Mateu e de Frades e levaram dende o pam e o vinno e do al que y sia e que a sisse tenyam deo ao adeante ennas outras camaras e eso meesmo Fernan Anns de Souto Mayor con suas gentes e que por quanto elles eram poderosos que nom podiam coller nem reçoer as rendas do dito bispado queo devyam e que agora quelles cometera o dito Fernan Anns selle queriam arrendar as camaras do dito obispado e que por ende quelles pediam como em maneira de consello quelles disessem se eram bem dello arrendar ante quese perder todo e elles disserom que era bem çelos do que elles disiam e que por seu entender delles quelles praçia que era bem deo arrendar ao dito Fernan Anns... sem maliçia podesse coller ante quesse perder todo*”¹⁹.

O cinismo amosado por Fernán Eáns era claro para os cabaleiros galegos, e sería practicado no século XV polo sistema da *Encomenda* sobre bispados e mosteiros; cartos a cambio de protección, pero protección dos mesmos encomendeiros e os seus escudeiros.

Co control sobre os coutos que pertencían ao bispo²⁰, o Soutomaior dominaría a maior parte do territorio episcopal tudense.

Aproveitárase o cabaleiro da sé vagante prolongada que afectou ao bispado tudense, e baixo esta debilidade exercería os seus abusos na cidade. O caso máis claro foi o do apreixamento dun membro do concello tudense no ano 1425, “*entom o dito chantre feso relaçoem aos ditos personas e canonigos e homes boos do conçoello por como Fernan Anns de Souto Mayor fesera prender seu yrmao Fernando Esteves justiça e vesino desta çidade non gardando as cartas do seu de nosso sennor el rey...que dera ao dito conçoello para os vesinnos da dita çidade quelle foram mostrados e apregoados por notarios et os ditos personas e canonigos disserom que era bem deo enviar querelar*

¹⁵ Vasco de Aponte; Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia, Santiago de Compostela 1986. pax. 214.

¹⁶ Ibidem.

¹⁷ Ibidem.

¹⁸ Vasco de Aponte; op. cit. pax. 215.

¹⁹ Prot. Lib. VIII. Fol. 119. 18 novembro de 1423.

²⁰ Diferentes eran dos que pertencían ao cabido, aínda que moitos eran propiedade mista.

*a nosso sennor el rey e que catasem mensageiro para elo e eso mesmo disserom os ditos omens boons leygos que por si e en nome do dito cabido o fasiam*²¹.

A presión de Fernán Eans sobre Tui continuaría bastantes anos na sé vagante, na que o cabido e concello terían que defenderse da ferocidade do Soutomaior. Morrerá arredor do ano 1440 en Valladolid, xa como un nobre cortesano. Como dí Vasco de Aponte, Fernan Eans “*fallesçio de viejo; nunca fue vencido ni preso*”²², co cal se amosa claramente a súa traxectoria de caudillo señorial, deixando un legado que superarán os seus fillos, cando os seus atrevementos na cidade e no bispado ultrapasen aos do seu pai.

O Preito dos Chamorros.

Xa faláramos anteriormente do que foron as repercusións da Cisma de Occidente sobre o bispado de Tui en territorio portugués. A longa duración da cisma, e as complexidades políticas que concurrían no caso, víu a complicar a situación entrambas dúas beiras miñotas causando problemas tan dispares como o acontecido en 1423 na que un foreiro do cabido tiña que pagar (ademáis da pensión) un maravedí para o mosteiro de Sta. Cruz de Coimbra pola dita casa que posuía pero “*en quanto ho non ouvesse o dito mosteiro por rasom da çisma que os pagase para o lume da dita igrexa de Tui*”²³.

O nome de *Chamorros* foi aplicado indistintamente aos portugueses, sendo nomeadamente pexorativo cara aos rebeldes de Valençã, que eran os máis achegados a Tui e onde radicaban a maior parte dos cregos sediciosos.

O momento no que máis complicacións terían as relacións entre Tui e Valençã será a partires de 1423, aínda que con anteriores episodios de conflictividade como o xa relatado do preito dos barqueiros.

A data de 1423 é significativa por canto se vai aplicar as bulas papais asinadas no ano anterior polo papa Martín V, nas que se contiña a sentenza favorable ao bispo D. Xohán Fernandes, na que os de Valençã debían restituir á igrexa tudense canto lle tiñan usurpado, e voltasen á obediencia do seu lexítimo prelado²⁴.

As devanditas bulas foran traídas polo mestrescola Estevo Trigo. O custo das mesmas tería que serlle rembolsado, máis os gastos da viaxe e estancia en Roma. Pero para o cabido as contas non saían, xa que as mesmas bulas supoñían un alto custo para as arcas capitulares²⁵, que como logo se viu, os seus resultados foron totalmente nulos.

Coa chegada das bulas a acción conseguinte era tratar de que fosen aplicadas, pero coa desobediencia de Valençã, a contraofensiva foi o de facer cumprir as penas establecidas nas bulas, que para este caso recomendaban a excomunión dos rebeldes.

Esta foi a preocupación primeira do cabido a partires de entón, o total cumprimento da excomunión, avisando repetidas veces ao concello para que se aplicase tal procedemento e se gardase o máximo coidado en non favorecer ou darlles coartada aos excomungados para que incumprisen tal pena canónica.

A aplicación da pena sobre a vila de Valençã foi a mazá da discordia para que desataran os problemas en pleno cabido e cidade. A cuestión era clara para algúns cóengos, xa que tiñan relacións abondosas e amigables cos valencianos do mesmo xeito que o que acontecía en Tui con numerosas relacións sociais, comerciais, familiares, culturais, etc.

²¹ Prot. Lib. VIII. Fol. 169. 17 decembro de 1425.

²² Vasco de Aponte; op. cit. pax. 215.

²³ Prot. Lib. XXV. Fol. 178.

²⁴ Henrique Flórez; op. cit. tomo XXII, pax. 202.

²⁵ Prot. Lib. VIII. Fol. 128. 19 xaneiro de 1424.

A severidade no cumprimento da pena provocou a escisión no cabido e serios problemas na cidade xa que parte da poboación tiñan reivindicacións que facerlle á igrexa. En moitos casos as rebeldías foron resolvidas co encarceramento dos sediciosos.

Deste xeito se tiña que chamar a atención ao concello sobre o caso, “*o dito cabido diso contra os ditos homens boons...que bem sabia como en quatro cabidoos lle rogarom e pedirom frontarom e requeriom que tevesem por bem de faser como os chamorros que eram escomungados por letras do papa e contra elles dadas cartas descomuniom por que non obedesiam a esta iglesia por que se en elas contynna, non viesem aa dita çidade para quese çelebrasem os ofiçios devinos e que elles (...) deo faser que por ende elles estavam çerrados dias avia que puramente non pediam diser os ditos ofiçios e que por ende lles frontavam e requeriam...de por verdade das ditas letras prendesem qual quer persona asi clerigo como leygo que en esta çidade andasem que asa faser excomungado que o prendesem e levasem preso aa torre bella*”²⁶.

Entón o cabido non só tiña o problema dos chamorros, senón e tamén a sé vagante e a presión que exercía Fernán Eans de Soutomaior, o que obrigaba a encastillar a catedral de cara a protexer o seu tesouro, doazóns e o máis importante: a súa situación como fortaleza privilexiada de Tui.

Da división do cabido temos algúns nomes aportados pola documentación. O máis importante era Nicolao Días, mordomo do cabido; Lopo Rodrigues, arcediogo de montes; Xohán de Salvaterra e máis outros cóengos que os apoiaban.

O primeiro encarcerado sería o cóengo Xohán de Salvaterra, quen estaría preso pola súa colaboración cos sediciosos. As faltas cometidas non deberon ser excesivamente graves pois sería soltado²⁷ da súa prisión na Torre Vella, “*et logo o chantre soltou a Johan de Salvaterra da excomuniom en que encorreo por que fallara aos chamorros e esto de consentimento do dito cabido*”²⁸.

Resulta curioso o proceso a Xohán de Salvaterra, por que aínda que sería soltado e levantada a excomunión non se lle permitiría entrar no coro ata que viñera o novo bispo, e este aínda tardaría en chegar. Como consecuencia da prohibición de entrar no coro, lugar onde percibían unha remuneración os cóengos por asistencia, e polo tanto en moitos casos o seu medio de vida, Xohán de Salvaterra tiña que esmolar aos seus compañeiros e pedir insistentemente o seu reingreso no coro.

O cabido decidiu “*que desse a Johan de Salvaterra por caridade e per soportar su proveza tresentos maravedis brancas en tres dineiros*”²⁹. Meses despois, reunidos cabido e concello para deliberar sobre a situación do cóengo “*os quaes consintiom enno negoçio juso escripto, entom o dito Johan de Salvaterra pediu de merçed e de graçia e vontade aas ditas personas e canonigos que tevessem por bem delle perdoar ao dito Johan de Salvaterra todo o erro e sem rasom quelles fesera en seer cos de Nicolao Dias e de seus conpanneiros enno que faserom contra o dito cabido e conçello e elles por quanto el omyldosamente lle pedia perdom e se covesçia enno erro. Perdoarom o dito todo odio e mal querença quelle por elo avyam e que husase de sua congia que antes do dito erro usava jurando el aos santos avangeos de non yr contra o dito cabido e personas e conçello ennas cousas que fosem seu perjuiso nem ser con os ditos Nicolao Dias e arçediago de Montes e aquelles que con el foram con ninhuna cousa que fose seu perjuiso a seu entender e sola e publico nem ascondido*”³⁰.

²⁶ Prot. Lib. VIII. Fol. 145. 23 maio de 1424.

²⁷ Prot. Lib. VIII. Fol. 164. 20 xullo de 1425.

²⁸ Ibidem.

²⁹ Prot. Lib. VIII. Fol. 184. 7 marzo de 1427.

³⁰ Prot. Lib. VIII. Fol. 187. 17 xuño de 1427.

Resulta moi interesante a relación entre cabido e concello neste caso, xa que logo, o cóengo debeu pedir perdón a ambo-los dous estamentos da cidade, cando o contencioso tiña un significado netamente relixioso. Quizais debamos pensar na cooperación entre cabido e concello na administración da xustiza, se cadra cunhas implicacións que desbordaban o simple carácter eclesiástico.

O bando contrario non ficaría inmóvil. Debeu facer xestións ante os seus superiores, seica que directamente a Roma. A apelación realizada polos cóengos rebeldes encabezados por Nicolao Días obrigou ao cabido a mandar mensaxeiros para seguir a devandita apelación³¹. O contido das xestións era sen dúbida polo tema da excomuniión dos Valencianos, “*para proseguir a apelaçom que era contra elles e o arçediago de montes e Nicolao Dias e os canonigos da sua parte e caendo en algun sobrelo que el non fose teudo e elo disendo mays largamente diso o arçediano de mynnor e mestrescolla e cabido e os outros canonigos quelles prasia delo et que catassem mesageiro para elo frontado tanbem e requerindo o dito mestrescolla que ordinassem e fesessem os anos da letras que foran aqui presentadas que el trouvera en rasom do bispado que daquela parte estava para que o enbiassem aa corte do papa a quanto y estevesse o bispo...*”³².

O conflito debeu rematar coa vinda do novo bispo, Rodrigo de Torres, xa que na documentación xa non aparece ningunha referencia sobre o caso. Si coñecemos como derradeiro dato a prisión do cóengo Xohán Fernandes da Seyra, quen sería liberado por pagar a fianza imposta de mil maravedís ordenada polo cabido³³.

Sé vagante e entredito en Tui.

Entre os anos 1423 e 1427 vaise prolongar na diócese tudense un conflito eclesiástico que atinxía ao nomeamento do bispo tudense. O cabido tiña, ata o de aquela, a potestade de elixir un prelado para a diócese e presentalo a Roma. Porén, 1423 será o derradeiro ano no que se poida facer esta elección, a partires de aquí, Roma e o Rei decidirán sobre o nomeamento do bispo tudense (como doutras dióceses).

Á morte do bispo D. Xohán Fernandes de Soutomaior o 5 de novembro de 1423, o cabido reunido escollerá como o seu candidato ao chantre de Ourense, D. Pedro Henriques, que era sobriño do Duque de Arjona.

O primeiro paso sería pedir ao duque que intercedese por eles ante o rei para a elección do seu candidato, que favorablemente era o seu sobriño.

Os mensaxeiros escollidos para levar as cartas dando cumprida información ao rei da elección do novo bispo, serían elixidos por parte do cabido e do concello, “*...entom o dito arçediago de mynnor diso que fora por menssegeiro da parte do dito cabido ao duque darjona e o dito vasco lourenço notario que fora por menssegeiro da parte do conçello da dita çidade con çertos capitulos que da parte dos sobre ditos cabidoo e conçello quello deram para o dito duque para que elles dito cabidoo fosem deligentes en escreveer ou apostular ao chantre dourense seu sobrinno para seen obispo do das igrexas do obispado e que o dito duque quelle respondera ao primeiro capitulo que levavam para el en que fasia mençom que el dito duque tevese por bem deos relevar ou seer ou cumpla de escripvir a noso sennor el Rey sobre rasom da esleçom ou postulaçom quelles enbiava pedir que fesessem ao dito se sobrinno selle aprasia delo ou nom paralle o dito sennor Rey nom poer a culpa e senom atronasse a elles que el quelle non queria escripvir poendo a elo suas escusas disendo que el era servidor del rey quelle escripviseem elles avaano seu (...e que entendia quelle prasaria*

³¹ Prot. Lib. VIII. Fol. 186. 5 maio de 1427.

³² Prot. Lib. VIII. Fol. 186. 19 maio de 1427.

³³ Prot. Lib. VIII. Fol. 198. 22 outubro de 1427.

*do que elles enbiava demandar se quisessem e logo o dito cabido e homees boons non disendo ninhum queo contra desia disserom que era bem descrevire sobrelo a el rey*³⁴.

Seguíronse enviando mensaxeiros para ir a Castela, quizais por fracasar os enviados con anterioridade, tentando que fose algunha persoa do cabido. Escolleríase a Rui Dalván, máis este negaríase completamente a aceptar tal misión. Finalmente o enviado sería Xohán Lobato, crego do coro “*o qual diso que yva de boamente*”³⁵.

O fracaso ía ser evidente, a elección xa fora feita desde Roma, escollendo como bispo a D. Diego Rapado, quen nunca pisaría Tui por non ser aceptado como tal polo cabido e concello, isto carrexaría o entredito sobre a cidade.

Era ben certo que isto non supoñía senón, un problema máis sobre a cidade, e non o maior. Pronto terían que dispoñer a catedral como unha fortaleza ante a ameaza de expolio de Fernán Eans de Soutomaior e outros cabaleiros.

Un cóngo, Gonçalvo Esteves, tería que ficar na igrexa “*dez dias con suas noites*”, aportándolle “*çen maravedis para seu mantenimiento*”, era o 28 de marzo de 1425³⁶ e os problemas non facían senón comezar.

Logo as estadías serán máis prolongadas, así mesmo tamén acrecentábase o número de cóngos vixiantes, “*Gonçalvo Esteves e Gonçalvo Rodrigues canonigos que estavam por guarda da dita igrexa outros çen maravedis para ajuda do seu mantenimiento*”³⁷.

A catedral transformárase definitivamente nunha fortaleza ben abastecida, “*...entom as ditas persoas e canonigos por quanto a dita igrexa estava agora ocupada disserom que entendendo que era serviço de deus e de noso sennor el rey e do bispo que aela viesse para seer guardada ata que sobrelo noso sennor el rey mandase ou fosse sua merçed que mandavam aos reçoitores que posessem dentro en ela tresentos açumbres de vinno, dez buseos de pam (terçado) e queo dito cabido se obrigava deos quitar e relevar sem perda e dapno do bispo que viesse aa dita igrexa e mandarom ao dito fernando pero que da mesa do dito cabido desse outra rasom vinno e pam*”³⁸.

Nun peche prolongado como o efectuado polos cóngos na catedral, iría producir incidentes. O máis curioso foi a excomunió e prisión na Torre Vella do cóngo Gómez Correa, logo revogado polas desculpas do crego quen pedira “*omylldosamente aos reçoitores que estavam presentes quelle perdoasem por quanto el abrira vinno enno estanço sem sua liçençia e que el prometia e jurou que nunca outro tal fesesse sem mandado e consintimento do que para elo ouvesse poder o qual foy perdoado da injuria que asi fesera e foy soltoo per lo dito estevo lourenço bachelor per comisiom quelle para elo o cabido e vigario a see vagante da excomuniom en que asi encorreu por la dita rasom*”³⁹.

Tamén existían problemas en canto ao cumprimento das velas e guardas, “*Item logo o dito cabido mandarom que qual quer coengo que non viesse vellar aa igrexa ao seu dia que o moordomo da sua raçom aos que por el vellasem seus conpanneiros XX brancas et ao clerigo que ao dito dia non fosse quando fosse a sua a vela e ouvesse nounsaria que fosse pennorado por IIII maravedis para os conpanneiros que por el velasem et aos outros clerigos que nounsarias non ouvessem e tevessem casas que eso*

³⁴ Prot. Lib. VIII. Fol. 122. 27 decembro de 1423.

³⁵ Prot. Lib. VIII. Fol. 126. 7 xaneiro de 1424.

³⁶ Prot. Lib. VIII. Fol. 163.

³⁷ Prot. Lib. VIII. Fol. 163. 22 abril de 1425.

³⁸ Ibidem. 1 maio de 1425.

³⁹ Ibidem. Fol. 164. 9 xullo de 1425.

meesmo fosen pennoradas et aos que non tevessem casas que o cabido remedaria sobrelo seendalle querelado”⁴⁰.

Manter o “encastillamento” da catedral supoñía un alto custo que para o cabido tiña que asumir a partes iguais co bispo que chegara, “...entom o dito as ditas persoas e canonigos disserom porlos negocios e custos ebudentes que feseram e selle recreçera enna estada que esteveran en esta iglesia de tuy con gentes (darmas e escudados) enviadas que enviaram a castela por defenssom da jurdiçom dela porque era notorio de que eno bispo que viesse aa dita iglesia de boa rasom e dereito era teudo de pagar e susubir a metade dos ditos custos e cargos quesse sobrelo recresçeram e recresçessem ao adeante quelles mandavam aos ditos arçediago de mynnor e mestrescolla e thesoureiro e gonçalvo peres persoas e canonigos sobre ditos reçoceptores da dita igreja e obispado que pagassem e sussovissem por la messa obispal a metade de todolos custos e cargos que sobrela dita rasom eram feytas e se fesessem daqi adeante durante a see vagante e por los contadores por lo dito cabido fosse achado que aelle s acresçia de pagar et con elles ditos personas e canonicos obligarom e obligavam os beens da sua messa do cabido aquitar e relevar sem perda e sem dapno aos ditos reçoceptores e sus beens do bispo de tuy”⁴¹.

Todos estes “negocios por defendemento da iglesia e çidade”⁴² tiñan por obxecto defender as propiedades episcopais da rapiña dos cabaleiros e escudeiros dos grandes señores como os Soutomaior ou os Sarmiento, quen quixeron aproveitar a falla e baleiro de poder que era a ausencia dun bispo na diócese.

Porén, malia os traballos levados polo cabido, nen o bispo designado por Roma quixo vir a defender o que era seu, nen recoñeceu o esforzo efectuado polos cregos da cidade para defender as súas propiedades, xa que logo, como bispo de Ourense, reclamaría as rendas episcopais polo tempo que el estivo nomeado bispo de Tui.

As reclamacións de D. Diego Rapado

O sucesor de D. Diego Rapado, D. Rodrigo de Torres, tería que apelar esta reclamación, da que esixía o prelado as rendas desde a morte do bispo D. Xohán Fernandes ata a súa promoción ao bispado de Ourense, entre 1423 e 1427. Os procuradores e provisores do bispo D. Rodrigo terían nas súas mans en 1428 cartas que “o Bispo de Ourens queria ganar, ou ganara del Rey sobre razon dos bens que fincaron do Bispo D. Johan ultimo Prelado, que estaban en contenda entre o dito noso señor o Bispo, e o dito Bispo de Ourens”⁴³.

A mediados do ano 1430 continuaba a contenda, presentando D. Diego cartas favorables a súa reclamación; “diserom que Pedro Pardo procurador do Bispo de Ourens lle presentara una sentencia e Carta egecutoria por... juez dado por lo Papa en razon dos bens e frutos que o bispado rendera depois que fora proveudo do dito Bispado de Tuy o dito Bispo de Ourens ata que fora trasladado a o dito Bispado de Ourens: e Cartas de nosso Sr. El rey para as Justicias que as fècesen cumprir”⁴⁴.

A pesares dos traballos e penas sufridas polo cabido e cidade durante catro anos, atopáronse indefensos ante a inxusta pretensión de D. Diego Rapado que gracias a súa privilexiada posición na corte romana puido contribuír eficazmente a súa pretensión de recoller os froitos da diócese aínda que non a defendese, como era o seu deber.

⁴⁰ Ibidem. Fol. 171. 31 xaneiro de 1426.

⁴¹ Ibidem. Fol. 167. 14 novembro de 1425.

⁴² Ibidem. Fol. 171.

⁴³ Henrique Flórez; op. cit. tomo XXII, pax. 210.

⁴⁴ Ibidem.

Preito de Porto: o entredito

O entredito sobre a cidade seguía sendo un feito polos sucesos acontecidos en San Xoán de Porto (Salvaterra). No ano 1428 desatárase un preito entre Bispo e cabido de Tui e a orde militar de San Xoán de Rodas. O conflito debía ser xurisdiccional⁴⁵ entre as propiedades episcopais e as da orde militar. De datos posteriores á contenda coñecemos a ambigüidade entre ambas xurisdiccións, xa que logo, como argumentaría o cabido, a pobreza de moitas freguesías non permitía soste-lo pago das dízimas ao Bispo e Cabido e á Orde de San Xoán e polo tanto era imposible manter un crego na freguesía⁴⁶.

Bispo e cabido mandarían mensaxeiros ao rei con cartas para tratar do preito sobre “*o bispado que jaz en Porto*”⁴⁷, e tamén da canonización de Frei Pedro González, máis coñecido como “*Corpo Santo*”.

Os resultados non deberon ser bos, xa que logo, foi aplicado o entredito sobre Tui, do que só era suspendido no Domingo de Ramos de 1429 e despois da Pascua o último xoves derradeiro día do mes de Marzo no que os proviso-res do bispo suspenderon as excomunións sobre os de Porto, polas honras fúnebres que debían facer ao arcebispo D. Juan García Manrique⁴⁸.

O preito non se debeu solucionar totalmente pois anos máis tarde voltaría a aflorar o conflito.

As bulas de anexión dos mosteiros

Os problemas económicos para bispo e cabido estaban moi presentes; os grandes dispendios para as bulas contra os rebeldes de Valença, os gastos acometidos durante a sé vagante, os cartos reclamados polo bispo D. Diego Rapado, e o que é máis importante; a perda de ingresos pola separación da diócese tudense afincada en Portugal, a cal supoñía case que a metade das rendas episcopais.

Ante o desequilibrio económico habería que poupar e acadar máis ingresos. Sería o novo bispo tudense, Cardenal D. Juan de Cervantes, quen levaría a cabo unha redución no número de cóengos. Dos trinta e seis que ata 1435 habería, pasaría ata os vinte e cinco que por bula do papa Eugenio IV⁴⁹ quedarían. Logo, en 1444, reduciríase máis o seu número ficando en vinte e tres⁵⁰.

Non sería dabondo esta redución de cóengos para equilibrar as arcas capitulares, e o cabido e o bispo tomaron a determinación no mesmo ano de 1435 de incorporar á igrexa varios mosteiros. Eran estos os mosteiros de bieitos de San Bertolameu (Tui), San Pedro de Angoares (Pontearas), San Salvador de Barrantes (Tomiño), e o cluniacense de San Salvador de Budiño (O Porriño).

Esta incorporación, como a redución de calonxias, supoñía un desembolso económico moi importante de cara a pagar as bulas: “*por rasom das letras de aneixa com dos moesteiros que lle vieram da Cort de Roma lle conuinna contribuyr outrosy algunos dineros et de mays venderem ou empenasem alguna prata da iglesia por que lle*

⁴⁵ Intuímos os motivos da contenda por que o celme da mesma estaba sen solucionar en 1467, parte da que temos máis datos.

⁴⁶ E tamén noutras freguesías que estaban na mesma situación de “dobre dominio”, acrecentándolle a presión señorial exercida polos cabaleiros da diócese.

⁴⁷ Henrique Flórez; op. cit. tomo XXII, pax. 211.

⁴⁸ Ibidem. Esta referencia ao arcebispo D. Juan é certamente desconcertante, xa que a súa morte fora verificada no ano 1416.

⁴⁹ Ibidem. pax. 215.

⁵⁰ Ibidem. pax. 224.

*custavan acerca de huuns vynt et cinco mill et tantos maravedis d emoeda vella et non as podiam aver en otra guisa*⁵¹.

As custas das bulas supuso a venda e empeño de varios calices e cruces da igrexa tudense para que a través dos prateiros e prestamistas xudeos, Abraam e Jaqo, puidera efectuarse o pago de 5530 maravedís⁵², cantidade adevedada polas devanditas bulas.

As fames de 1438-1439

As grandes mortandades e fames non deixarían o bispado, e así nos anos 1438 e 1439 houbo grande fame, chegando o prezo do trigo entre cento dez e cento e sesenta maravedís o buceo⁵³.

D. Luis Pimentel e o cabido.

Logo de episcopados breves e sen presenza na cidade tudense, chegaría un bispo de nobre familia extra-galaica. D. Luis Pimentel (1441-1467) era fillo do conde de Benavente D. Afonso.

Un dos pasos máis significativos de D. Luis na diócese tudense foi nomear como deán o seu irmán D. Henrique Pimentel e de razoeiro a un seu sobriño, D. Juan Pimentel⁵⁴.

Este posicionamento da familia no territorio tudense ameazaba claramente o predomínio Soutomaior na zona. Tamén xurdiron enfrontamentos co cabido, quen estaba a disgusto co proceder do novo prelado.

Un dos problemas que xurdiron entre bispo e cabido foi a negada dos cóngos para amosar certos indultos pontificios sobre as súas calonxías. Era 1446 e D. Luis Pimentel decidiu poñer excomunión e suspensión ao cabido, sería levantada a pena o 8 de setembro do mesmo ano⁵⁵.

Non debían estar contentos os cóngos co seu bispo, xa que logo, no ano 1449, realizarían uns estatutos de cara a protexerse contra os abusos do bispo, cabaleiros ou calquera outro poderoso:

*“...en esto sse continua que quando algunos das personas e canonigos onrrados della mansuenarios ou moradores en esta dita çidade ffose preso do bispo ou represado en sua poussada ou en outra ou lançado fora da dita çidade onde o mandasse o bispo estar por çerto tempo ou en quanto lle prouvese que o tal persona canonigo ou raçoeiros que asy fose apartado sendo dos mansuenarios ou moradores dende que antes proyan enna dita igllesia non fesendo ou procurando contra o bispo ou contra o cabido (...) que fosse contado en todos llos oras aniversarios prosisoons e prebenda...”*⁵⁶.

Esta situación favorecía a intromisión de Álvaro Paes de Soutomaior na cidade, xa intuída nese mesmo ano de 1449 por aprobación real, e quizais coa consideración do cabido como un mal menor contra o bispo e as circunstancias adversas do momento pero temendo sempre as súas consecuencias:

“...onde nos consyderando as aversydades movymentos gerras e boliços que cada dia aconteçen ennos rreynos e sennorios de noso sennor el rey teste a expirençia e questa çidade agora e guarda por seu mandado con gentes de armas poderosos e

⁵¹ Pascual Galindo; op. cit. pax. 84.

⁵² Prot. Lib. X. Fol. 70. 1 novembro de 1435.

⁵³ Henrique Flórez; op. cit. tomo XXII, pax. 221.

⁵⁴ Galindo Romeo, Pascual; op. cit. pax. 62.

⁵⁵ Galindo Romeo, Pascual; op. cit. pax. 62.

⁵⁶ Prot. Lib. Fernán Gonçalves. Fol. 4. 2 agosto de 1449.

*padesia adeante acontecer que as (...) dos personas e canonigos fossem non devidamente lançados dende contra sua voontade por ende avydo açerca dello noso consello diligen ten trautado e deliberaçom e en avendo a dita costituiçom...*⁵⁷.

O cabido coñecía perfectamente á familia Soutomaior, xa que tiñan a memoria aínda fresca do pai de Álvaro, Fernán Eans, e a lembranza non moi lonxana de Paio Sorredea, polo tanto, na devandita constitución do cabido temíase que os cóengos e dignidades “*foran lançados ou desterrados da dita çidade ou bispado, ou presos ou deteudos en cada hun delles, ou con medo temor ou opresyom*”, polo que ante estas eventualidades que tristemente se ían cumprir, todolos cóengos “*que sejan contados*” como medida que contrareste os danos sufridos e como forza de unión de todo o cabido.

As preocupacións do cabido non remataban aquí, senón que cara 1451 tiñan que reunir os cartos precisos cunha cruz de prata que trouxera o tesoureiro de Angoares, o motivo “*por rrasom da letera de ausoliçom que o dito mestrescolla trouxe de corte de Roma en rasom dos excomunios que o bispo avia postos contra a cleresia e çertos leigos deste obispado*”⁵⁸.

Ante isto debemos supoñer que o conflito de 1446 non ficara resolto ou tamén que outro novo problema xurdira co bispo D. Luis Pimentel, quen nesas datas xa non estaría en Tui, senón en Santa María del Valle (Astorga), no condado do seu pai.

O bispo tampouco tería moita sorte en sinalar ao seu vigairo. O nomeado, Alfonso Rodrigues, crego de Villa Sendino, non tería unha conducta moi axeitada, polo que chegándolle aos oídos de D. Luis Pimentel mudaríase de vigairo, pasando frei Pero de Ribadavia e o mordomo Juan Martín de Zamora, a gobernar o bispado en ausencia do bispo, todo isto co permiso do encomendeiro Álvaro de Soutomaior.

A principal función dos vigairos de D. Luis era administrar os seus bens, procurando que as súas rendas non minguasen, polo cal o bispo Pimentel coñecendo que Alfonso Rodrigues estaba “*adminitrando mal la renta*”, e “*arendando nuestras camaras por meenos del justopreçio e a personas que nom eram llanas ni abonadas desatando e desfaciendo otrosy muchos fueros que en el dicho nuestro obispado de tiempo antiguo, estavam en buena tasa los de dinero amenoriendolos por menos de la mietad del justo preçio, otros que estaban de pan e vino e otras cosas... a pequena contia de dinero*”⁵⁹.

Claro que esta non era a primeira vez que o bispo intentaba revogar ao seu vigairo, actuando en certas ocasións o mordomo e frei Pero de Ribadavia en anos anteriores. Desta vez cumpriríase a orde do bispo e frei Pero acadaría a orde e poder para revogar e anular os foros e amaños que fixera o anterior vigairo, tentando recuperar, aínda que fose difícil, as arcas episcopais.

Como acto simbólico de acatamento, o cabido asentaría ao novo vigairo “*enna cadeira deputada do dito senyor obispo*”⁶⁰.

A través dos seus procuradores, o bispo seguiría entrometéndose nos labores do cabido, testemuñado isto polo feito en 1453, no beneficio de San Adrao de Meder, que correspondía ao cabido⁶¹.

As fames de 1446

Dentro das cíclicas fames e mortandades cabe ubicar a acontecida no 1446, da que temos novas por man do mestrescola Vasco Lourenço: “*Anno Domini Mmo.*

⁵⁷ Ibidem.

⁵⁸ Prot. Lib. Fernán Gonçalves, fol. 30. 27 maio de 1451.

⁵⁹ Prot. Lib. XIII. Fol. 16. 22 xaneiro de 1460.

⁶⁰ Ibidem.

⁶¹ Ibidem. Fol. 54. 23 xuño de 1453.

CCCCmo. XLVIº quinta feyra oyto dias do mes de Jullio sse morreu Stevoo Peres dean de Tuy et benefiçiado da meetada de Santa María de Bayona et foy grand mortandade e poujo pan. Et foy rubada toda sua cassa asy dos seus segundo sayan como dos do bispo et foy Enrique irmao do bispo e scriveu todo o que acheu ennas casas do dito dean cuya alma o Señor Jhu. Xpo. receba.”⁶².

Álvaro Paes de Soutomaior: “O Generoso Señor”.

Herdando do seu pai un dominio sólido sobre parte do bispado e da cidade de Tui, Álvaro Paes aventurárase a guiar o seu destino a cotas nunca antes acadadas pola súa familia.

Álvaro Paes debeu comezar a súa camiñada polo bispado tudense desde fins da década de 1430, substituíndo no mando ao seu pai, Fernán Eans, quen ficaría na corte.

Tiña casa de setenta lanzas, con cabaleiros de acostamento como “*Diego Sarmiento, señor de Sobroso, con diez de a cavallo, tenía una buena fortaleza con doçientos vassallos, y otros çientos de juzgado que no eran sus vassallos; Gregorio de Valladares, con çinco o seis escuderos poco más o menos, tenía çien vassallos; Tristán de Montenegro, con tres o quatro escuderos, y vasallos; Diego Suárez, tres o quatro escuderos; Gonzalo de Avelle y Francisco de Avelle, ambos hermanos, cada dos escuderos*”⁶³.

Outras palabras de Vasco de Aponte sobre D. Álvaro amósanos o seu poder: “*tenía en su poder la ciudad de Tuy, como la tenía su padre, y de la renta del obispo tomaba lo que quería*”⁶⁴.

A descripción do Soutomaior feita por Vasco de Aponte non ten perda: “*...era caballero muy valiente en toda valentía, esforçado y osado en todo esforço y osadía...*”⁶⁵.

Álvaro Paes estaría xa por Tui cando o bispo D. Luis Pimentel comezou o seu episcopado. 1449 será o ano no que o Soutomaior decida botar da cidade e do bispado ao Pimentel. A oportunidade debeulla brindar unha pseudo-concesión real insinuada no documento dos estatutos do cabido en 1449 “*e questa çidade agora e guarda por seu mandado con gentes de armas poderosos*”⁶⁶. A mesma data de expulsión do bispo e dominio Soutomaior sobre Tui coincide cos 33 anos de males sobre a cidade que dicta o bispo D. Diego de Muros no seu sínodo de 1482.

Non é extraño os favores do rei Enrique IV a Álvaro de Soutomaior, xa que logo, o rei castelán non se fiaba moito dos Sarmiento polo que aplicaba unha política de amizade con outros nobres.

Neste caso Álvaro sentiríase favorecido con cuantiosos xuros de herdade sobre as alcabalas de Tui e Pontevedra. En Tui tiña 5000 maravedís⁶⁷, os cales trocaría en 1466 co cabido por certas terras e vasalos, que serían nada menos que A Guarda e o seu alfoz, acción denunciada en 1482 por D. Diego de Muros, xa que non se contara coa autorización do bispo, propietario da metade da vila, ademáis de ser un total abuso por parte do Soutomaior.

⁶² Galindo Romeo; op. cit. pax. 62.

⁶³ Vasco de Aponte; op. cit. pax. 216.

⁶⁴ Ibidem.

⁶⁵ Ibidem.

⁶⁶ Prot. Lib. Fernán Gonçalves. Fol. 4. 2 agosto de 1449.

⁶⁷ Prot. Lib. Luis Vieira. Fol. 2. 24 xullo de 1466.

O cabido tudense, véndose absolutamente só ante D. Álvaro, non tivo máis remedio que facelo o seu encomendeiro⁶⁸ no ano 1451.

O cabido consideraba que “*ao presente entendian e avyan temor que algunas personas poderosas asy eclesiasticas como segrares lles tomasem e roubassem por forza e contra suas vontades sem dereito e justiças alguns seus beens dineiros e prioes movelles e de rreis*”⁶⁹.

A persoa ideal para o cabido era “*Alvaro Paas de Souto Mayor e vasallo de noso sennor el rey que ende presente estava era sennor natural poderoso para defender os beens e posisoos da dita igllesia*”⁷⁰, polo tanto lle outorgaban “*dous myll maravedis...por rrasom de encomenda e defensom*”, obrigándose ao “*dito Alvaro Paas ffose e seja senpre obrigado de enparar e defender os beens movelles e de rreys e posisoons quaes quer do dito cabido asy os que agora ter e poseer como os que dea aquí adeante ouveren*”⁷¹.

En “agradecemento” a Álvaro Paes pola súa encomenda, daríanlle as rendas do mosteiro de Angoares. Para finalizar, un acto que nos mostra ben ás claras, o carácter guerreiro do Soutomaior; “*o dito Alvaro de Soutomayor jurou en signal de crus de huna spada de aguardar manteer e comprir o sobre dito este juramento*”⁷², polo que amosra máis importancia a súa espada, onde se concentraba todo o seu espírito e filosofía de vida, que ao tradicional xuramento sobre os santos evanxeos.

Como pago aos seus escudeiros e cabaleiros, D. Álvaro Paes, acostumaba a cederlle os bens que lle sacaba á igrexa ou a outros señores. Os dous mil maravedis da encomenda, o Soutomaior os cedeu a un seu escudeiro, Pero Fernandes, para pagarllelos seus servizos⁷³.

Os Ginitarios.

Baixo este nome agóchase na documentación tudense a alianza entre Pimentel e Sarmiento. Don Luis Pimentel quería recuperar a súa cidade e bispado; os Sarmiento querían vingarse das inxurias sufridas e recuperar as súas terras.

Mentres D. Luis era botado fóra do seu bispado, o Soutomaior medíase contra os Sarmiento. D. Álvaro repetiría as accións emprendidas polo seu pai contra os Cadórnigas ourensáns: “*Ansí que Alvaro Páez ajuntó su gente y entró en la villa de Ribadavia, y sacó al Conde de dentro de sus palacios (a él y a todos los suyos) y prendiolo por la barva y llevolo preso dentro a Sotomayor, y tuvolo preso mientras fue su voluntad. Y al soltarlo que lo soltó, sacole todas los partidos que quiso y todo se lo guardó*”⁷⁴. As proposicións de paz de Álvaro Paes eran moi duras para o conde D. Diego. Era o ano 1455, e a primeira das cláusulas a anunciaba así: “*primeiramente quel dicho Señor Conde y la dicha señora condesa me den la su villa de Salvatierra con todo su alfoz e sus derechos por el derecho que yo tengo al Castro de Cavadoso*”⁷⁵. Percebiría co gallo dun casamento seu, unha importante renda en Pontevedra, e esixindo finalmente, a propiedade de tódalas merindades.

⁶⁸ Práctica habitual na nobreza galega medieval extorsionando aos mosteiros e bispados, quen se veían obrigados a pagar certa cantidade para solicitar a “protección” do cabaleiro ante os seus propios abusos, aínda que ao fin os escudeiros e homes do nobre acostumaban a seguir facendo males sobre as propiedades e vasalos eclesiásticos.

⁶⁹ Prot. Lib. Fernán Gonçalves. Fol. 28. 5 maio de 1451.

⁷⁰ Ibidem.

⁷¹ Ibidem.

⁷² Ibidem. fol. 29.

⁷³ Prot. Lib. Fernán Gonçalves. Fol. 38. 14 decembro de 1451.

⁷⁴ Vasco de Aponte; op. cit. 1986. pax. 218-219.

⁷⁵ García Oro; La Nobleza gallega en la baja edad media. Pax. 222.

Ademais D. Álvaro quería deixar claras as responsabilidades civís e criminais orixinadas do seu acto contra Sarmiento. Tanto o señor Conde como a señora Condessa deberían perdoar a entrada do Soutomaior en Ribadavia e a prisión do Sarmiento, debendo este procurar carta de perdón ao rei polas accións do revoltoso Soutomaior.

Ante este panorama tanto Pimentel como Sarmiento tiñan serias gañas de acabar dunha vez con Álvaro Paes. A oportunidade a obtiveron o 22 de febreiro de 1456 cando Enrique IV ordena que sexa devolto o bispado tudense ao seu prelado. Coaligándose ambos nobres dirixíronse cara a Tui coa intención de recuperar a cidade.

O sitio fracasou, máis as consecuencias para Tui foron evidentes. Deste xeito renunciaba o cóengo Rui Fernandes a unha viña: *“e asi era a verdade, que el tragia aforado da mesa do cabildo da dita iglesia de Tuy por tres voces o quarto da vinna da Manteigada e que tendoa el ben aportada, o reparada que quando aquí beeu sobre esta cidade o sennor, Dom Luis Pimintel obispo de Tui poderosamente con as gentes de armas, a pee e a caballo, que lle queimara abrira e destroyra a dita vinna”*⁷⁶.

Tamén se sentiron os efectos deste ataque en Riomuíños *“una casa que dicho convento (San Domingos) tenía en el arrabal de Riomolinos fuera quemada por los Ginitarios quando vinieron al reedor del ciudad”*⁷⁷.

O nome de *Ginitarios* ten unha orixe incerta, aínda que puidera derivarse da posición do cabaleiro sobre o cabalo, *“a la gineta”*⁷⁸, polo que da característica do seu xeito de cabalgar obterían o nome. Estes *Ginitarios* serían os cabaleiros dos Pimentel e Sarmiento, xa que logo, os ataques do Conde de Benavente e o Conde de Ribadavia e as mencións aos *Ginitarios* na documentación tudense van parellas.

Ambo-los dous Condes tiñan que vingarse do Soutomaior polo que deberían organizar outra expedición para recuperar Tui e Salvaterra. Reuniríanse en Mucientes o 25 de abril de 1458 para preparar a devandita expedición coa que contaría o de Benavente con oitenta de a caballo e toda a peonaxe que puidera sacar da súa terra; o de Ribadavia contaría con cincuenta de a caballo e con toda a peonaxe dispoñible. Acordarían que *“nunca nuestras gentes serán alzadas de faser guerra al dicho Alvaro de Sotomayor, fasta que sea ganada la cibdad de Tuy... e la villa de Salvatierra e todos los otros bienes que tiene ocupados de mi...”*⁷⁹.

O cerco sobre Tui debeu acontecer no verán de 1459, resultando un novo fracaso, xa que D. Álvaro seguiría en poder da cidade e do bispado. Os efectos do ataque se deixaron sentir de novo nos arredores de Tui: o lagar de Seixo *“...que ela (Stevana Nova) trage aforado do dito cabido e lle os ginitarios queimarom”*⁸⁰; *“...mandou o dito deam e cabido e Jacome Rodrigues que diga aos tençeiros do mosteiro de Sam Bertolameu que pagem çem maravedis para ajuda da reparaçom do dito mosteiro onde foy queimado dos ginitarios e que eso mesmo diga ao mordomo do cabido que pague outros çento que ja prometerom aos fregueses del para ajuda do seu correjemento”*⁸¹.

As consecuencias do cerco sobre Tui tamén serían sentidas polos freires de San Domingos. Os frades pedirían ao rei portugués a confirmación dos privilexios que de

⁷⁶ Prot. Lib. Álvaro Vázquez. Fol. 19. 5 xuño de 1456.

⁷⁷ Ávila y La Cueva; op. cit. tomo I. Pax. 135.

⁷⁸ A expresión a menciona Vasco de Aponte; op. cit. pax. 249, referíndose a entrada en Galiza no ano 1480 do gobernador Fernando de Acuña quen traía *“consigo tresçientas lanças, todos castellanos y a la gineta”*, no comentario **428**, infórmase que estes eran 300 xinetes capitaneados por Luis Mudarra. O estilo da “gineta” era con frenos o bocados recollidos e estribos anchos e de cortas accións; diferenciábase da “brida” en que esta consistía en estribos longos e perna tendida, propia da cabaleiría dos homes de armas. Vasco de Aponte; op. cit. nota **287**.

⁷⁹ García Oro; La nobleza... pax. 96-97.

⁸⁰ Prot. Lib. XIII. Fol. 16. 9 xaneiro de 1460.

⁸¹ Ibidem. fol. 26. 17 marzo de 1460.

antigo os reis de Portugal lle tiñan outorgado ao mosteiro tudense. Afonso V, en 1462, daría novos privilexios porque “ó Conde de Benavente viera sobre a dita cidade os frades forgiran do dito Moesteyro é se perderan muitas escrituras é outras cousas, entre as quaes se perderan os previllegeos que tinhan dos ditos Reis... pidendonos por merced que lle desemos outro noso”⁸².

O cabido tudense, obrigado polo Soutomaior, entraría nos xogos dos bandos nobiliarios, como acontecería no ano 1464 no que se negarían a recibir ao vigairo xeral que lles enviaba o seu bispo, D. Luis Pimentel, alegando para elo “que era da parte dos ynimigos benaventanos”⁸³

Aínda que os cercos sobre a cidade non tiveran consecuencias no poder de Álvaro Paes, si sentían serios problemas os habitantes da cidade. Deste xeito vemos que o cabido tudense non contento coa situación chama a atención ao Soutomaior, aínda que sexa timidamente:

“que el he noso comendeiro, e nos ha de defender e nosos coutos sennorios jurdiçõs beem posions labradores e totalas outras cousas de nosa mesa capitolar... e garda esta çibdade de Tuy a serviço de noso sennor el Rey, e por seu mandado, e tem governa e rege o sennorio e jurdiçom della per lo dito sennor el Rey... et el e os seus por seu mandado e consentemento, e sem seu mandado nos tomam usurpam e forçam o sennorio e jurdiçom mero mixto imperio e justiça royal de nosos coutos sennorios labradores e casaes bem feitados libres inmunes e exenptos de todo tributo peito e exartiom e les pom el a elles poem e repartem vacas e almallos pam e vinno dineiros e outras imposiçõs subiçõs e subpedaçõs de dun destas maneiras, e os fazem constrayem adryam servire el e os seus, por seu mandado, ennas vellas e reldas, servir ennas guerras e ajuntamentos de gentes, que el faze con suas armas, e aas suas propias expensas poendolles e levandolles sobre estas ditas cousas e cada huna dellas pennas pecunarias e outros quaes quer pennas quelle a el plaze”⁸⁴.

Álvaro Paes mandaba sobre o bispado tudense, deste xeito podía ordenar ao cabido a defender a cidade, apanar os seus vasalos para levalos as súas guerras, e impoñer novos tributos, todo elo baixo o teórico servizo do rei.

Pero o cabido ameazaba con quitarlle a encomenda e “demos querellar del, e aver sobre elo recurso a noso sennor o Papa, e a noso sennor o bispo de Tuy, e a iglesia de Santiago nosa metropolitana, e ao dito noso sennor el rey e a suas justiças delles e de cada hum delles”⁸⁵.

Pero non había caso, o Papa, o bispo, o arcebispo e o Rey ficaban moi lonxe de Tui para valer os dereitos do cabido. Álvaro de Soutomaior expuso as súas razóns ao cabido descoñecendo tódolos feitos que lle foran relatados, polo que deberían dicir qué labregos e en qué lugares aconteceron os males, e se achase que o mal foi feito por algún seu home, que mandaría pagar. O cabido aceptou as condicións, mais non debeu chegar a nada, porque non tardaría en solicitar o valimento do Papa.

Seguindo o camiño de Roma ía o Deán para procurar sobre calquera preito, contenda, cuestión, etc., que requirise o cabido, cousa que este aproveitaría para solicitarlle cartas favorables do Papa sobre os graves aconteceres de Tui: “...item por

⁸² Actas do II Encontro sobre historia dominicana; Ernesto Iglesias Almeida, “El Archivo de Santo Domingo de Tuy”. Doc. 18.

⁸³ Pascual Galindo; op. cit. pax. 67.

⁸⁴ Prot. Lib. XIII. Fols. 30-31. 14 xullo de 1460.

⁸⁵ Ibidem.

quanto esta iglesia de Tuy e seu cabildo son muyto pobres, e esta çibdade, e diocese he en poder deste cavaleiro, e muytas vezes recebem sin rrazons e agravios, asy del como dos seus complices e era muy neçesaria çerca desto algunha provisom de noso sennor o papa para esta iglesia, ou para o cabildo dela çerca das forças tomas roubos rescates e outros agravios e males, que cada dia aqui aconteçem e que esto viesse tambem para os singulares personas canonigos e beneficiados quaes quer da dita iglesia de Tuy, a çerca desto a saz entendees os agravios que se fazem, eo que a çerca delo cumple, pareçeme que se a dita constituom do papa Calisto se podese aver, o que creo que se avera aquela, avastaria, fazedea sacar examinar.”⁸⁶

Sobre os resultados de tal ida non sabemos nada, mais o silencio da documentación fainos sospeitar que os resultados foron nulos, sobre todo se temos en conta que as bulas requerían cuantiosos dispendios, e destes non tiña o cabido capacidade para afrontalos. Se tamén temos en conta que estas grandes custas non garantían óptimos resultados, fica claro que para o cabido aínda lle tocaba sufrir moito.

As violencias xa non viñan só polos homes do Soutomaior, tamén os Sarmiento facían valer o seu carácter nas terras eclesiásticas. O cabido mandaría en 1460 a Pero de Sevilla, criado de Pero Álvares de Soutomaior, ao Rey para demandar e denunciar civilmente a D. Diego Sarmiento, señor de Sobroso. D. Diego fixera “*roubos, rescates e pregons domes e molleres e danos que el avia feito ennos seus coutos de bodinno, forcadella, taborda, cabral, e en outros seus lugares terras coutos e sennorios*”⁸⁷.

Con tanto problema, o cabido decidiu recurrir a facer unhas constituicións. Recuperaron unhas xa feitas en 1457 e que facían referencia a outras anteriores, co cal xa da conta da inutilidade da acción. Nas de 1457 xa se daba un panorama bastante terrorífico da situación que sufría Tui: “*...e posissons do dito cabido cada dia se destruiam dissipavam e empeoravam, asy por las guerras pestilençias e mortaldades pasadas comora por las opresioos cassos fortituidos e outros sinistros eventos que afligiram e oprimiram a clerigia e oprimiam esta iglesia e diocese de Tuy*”⁸⁸.

Outro problema, non menor, era o das rendas do bispado. Por forza e temor o cabido e abades dos seus mosteiros de Barrantes, Tomiño, Angoares, Budiño, estaban arrendando sustanciosos bens capitulares a un prezo máis baixo do real. Nos estatutos do cabido se decidiría que non se arrendase a ningún “*fidalgo grande, nem a escudeiro poderoso nem a dona poderosa nem a outro qual quer escudeiro ou peom revoltoso*”⁸⁹, podería recibir as rendas calquera persoa fose o que for o seu estado ou preeminencia.

O resultado destas medidas era sempre o mesmo, xa que a forza a tiñan os fidalgos e escudeiros dos Soutomaior.

O propio Álvaro Paes tiña boas rendas da igrexa. A primeira era a da Guarda e o seu alfoz, por cinco mil maravedís que tiña das alcabalas de Tui, cando xa só a parte do cabido rendía máis de quince mil maravedís. Tamén posuiría a renda de San Martiño, a de Angoares, a de Tomiño, Taborda, etc.

Tamén o Soutomaior estaba “privilexiado” no aforamento de casas e agros. El posuía a finca de Sobreiras, e tiña aforado un montádego para facer viñedos dun tamaño

⁸⁶ Prot. Lib. XIII. Fol. 35. 21 xullo de 1460.

⁸⁷ Prot. Lib. XIII. Fol. 42. 15 setembro de 1460.

⁸⁸ Prot. Lib. XIII. Fol. 71. 6 agosto 1461.

⁸⁹ Ibidem.

de “*çento homens de cava*”, cando a media dos terreos de viñas aforadas pola igrexa tudense era de pouco máis de cinco homes de cava.

Tiña no seu poder as chaves da catedral, redondeando así o seu dominio coa mellor fortaleza da cidade. Incluso os cregos tiñan que facerlle preito e homenaxe por lle gardar as devanditas chaves como acontecía co mestrescola Vasco Lourenço, o cal renunciando á pose das chaves pedía ao Encomendeiro “*quelle quitase o pleito e omenajem quelle por elas fizera da dita igreja*”⁹⁰.

O Preito dos Arrianos

Un dos conflitos máis longos e que máis afectaron ao bispado tudense foi o dos Arrianos, cuxo alcume debe indicar a propia rebeldía dos labradores e leigos contra a igrexa.

O preito debeu comezar coa negación dos labregos e leigos da diócese a pagar o gravoso tributo da “loitosa” e as “camas e panos postomeros” que gravaban sobre as propiedades do defunto.

Nunha carta do bispo Pimentel faise a máis antiga mención sobre este tema, 10 agosto de 1458, na que o bispo de Tui expón o seu dereito de ver e executar as mandas e testamentos dos defuntos que non foron nen son cumpridos no prazo dun ano, pero como a súa ausencia impedía este dereito, deixaría ao seu vigairo, frei Pero de Ribadavia, e ao seu mordomo, Juan Martínez de Zamora, para que fixesen cumprir as devanditas mandas e testamentos, dando para elo plenario poder “*para compeler çitar e excomungare e absoltar e relaxar e nesta causa*”⁹¹, poñer xuíz ou xuíces, e co recaudado distribuílo “*enna obra da caustra*” e “*en algunas obras de piedade*” segundo a conciencia do vigairo.

As primeiras novas documentais do conflito son algo tardías, 1460, co desenrolo do caso xa avanzado, cousa que xunto cos datos anteriores nos dá a entender que a contenda levaba tempo producíndose, non sendo ata que os “Arrianos” pasasen á acción apelando ao Rei e aos tribunais eclesiásticos, cando a documentación comeze a falar do preito.

Do curso da acción legal o cabido emprenderá o traballo de repartir entre os cregos as custas que supuña o preito, tamén chamado polo seu carácter “dos Testamentos”. Estes problemas ocasionados ao cabido tudense revelaban unha boa organización por parte dos preiteantes rebeldes quen acadarían cartas do Rei⁹² en 1461.

O examen das devanditas cartas foi ordenado ao notario do Rei en Baiona, Juan Fernandes, quen se resistía a ensinar “*as cartas del Rey noso sennor quelle presentarom os leygos do obispado que ham o pleyto con seus clerygos e reitores*”⁹³.

Lidas as sobreditas cartas, o cabido sospeitará da implicación do Concello tudense no asunto, xa que as cartas mentaban a mediación deste. Isto constituía un signo claro de rebeldía contra o mesmo señorío eclesiástico, xa que logo, semellaba non haber problemas na cidade relacionados co Preito, polo que o cabido non tivo máis remedio que preguntar “*ao dito conçello se lles aviam feito petiçom ao dito sennor rey ou procuraçom por quelles taes cartas fosem dadas, nom avendo elles feito cousa contra elles de todo o que se nas cartas contynnam*”, con rapidez e contundencia respondeu o incriminado “*...conçello a huna viva voz diserom que elles nunca tal queixa aviam feito*”

⁹⁰ Ibidem. fol. 106. 3 abril de 1463.

⁹¹ Prot. Lib. XIII. Fol. 19. 22 marzo de 1460.

⁹² Por desgracia o contido das ditas cartas é descoñecido, aínda que polo carácter da resposta do cabido debían ser favorables aos Arrianos.

⁹³ Prot. Lib. XIII. Fol. 59. 14 abril de 1461.

nem mandarom faser ao dito sennor rey nem gaanarom taes cartas nem fizerom petiçom nem procuraçom”⁹⁴.

O concello para defender a súa inocencia “*por quese poderiam perder esta dita çibdade vesinos e moradores dela*”, prometería realizar pesquisas para coñecer quen puido “*levantar huna falsedade como esta foy*”, procedendo contra os culpables coas penas “*que en tal caso de dereito meresçer por falsificar tal petiçom*”. Para o concello o devandito preito dos Arrianos non os sacaran dos bós costumes que mantiñan e que querían manter como sempre fixeron.

A culpabilidade do concello e da cidade debeuse manifestar máis tarde, cando o cabido impoña o Entredito sobre Tui.

Pero o cabido tamén tiña problemas na casa. O repartimento para as custas do longo preito, non terá toda a colaboración que debería, sobre todo polo talante do caso. O mestrescola, Vasco Lourenço e os cóngos Martim Anns, Jacome Rodrigues, Vasco Peres e Pero Anns darían conxuntamente unha dobra de ouro cada un⁹⁵, estando á espera do que se recaudase polos outros cregos.

O problema máis grave sería co bispo, D. Luis Pimentel, xa que durante varios anos resistiríase a pagar, a pesares das ameazas realizadas polo cabido ao vigairo frei Pero e ao seu mordomo Juan Martínez de Zamora, de non pasarlle-las rendas episcopais.

Ademais do que adebedaba o bispo no que tocaba ao repartimento para pagar as custas polo preito, tamén lle tocaba parte duns diñeiros que non pagaba dende uns sete anos atrás.

O cabido reiteraría insistentemente aos procuradores do bispo Pimentel, xa que no preito lle ía moito ao Sr. Bispo porque “*el leva as luitosas de suas camaras e coutos e dos abades e dellas personas e canonigos*”⁹⁶, e “*por tanto justiça he pois leva que page*”.

Claro que non era ese o único disgusto que ocasionaba o Sr. Bispo, pois existían sospeitas da súa colaboración cos Arrianos, advertindo o cabido para non dar “*favor contra elles aos lavradores que eram contra a iglesia*”⁹⁷ e que se o fixese en contrario que eles certificaban de non darlle loitosa de ningunha persoa nen cóngo que se finase, “*e quese el fose contra elles, que tanbem seeriam elles contra el*”, apercibindo a bispo, vigairo e mordomo.

Ademais da rebeldía do bispo, quizais por influencia do seu exilio, tamén estaría unha boa porción de cregos que se negarían a pagar a parte que lles correspondía para o preito dos Arrianos, “*mandarom a Vasco Peres canonico que para o primeiro cabido traga o numero dos clerigos revees que nom pagarom seus repartimentos e as cartas e diligençias que çerca delo fez*”⁹⁸. A ameaza para que estos cregos pagasen era a do desconto⁹⁹.

Entre os rebeldes estaba Pero Álvares de Soutomaior, cóngo por eses anos en Tui. O cabido ordenaría en 1463 ao mordomo Ares d’Avale “*que dos dineiros da rraçom de Pero Alvares de Soutomaior page o seu repartimento dos dineiros quelle foram postos primeiramente para o pleito dos arrianos*”¹⁰⁰.

⁹⁴ Ibidem.

⁹⁵ Prot. Lib. XIII. Fol. 22. 19 abril de 1460.

⁹⁶ Prot. Lib. XIII. Fol. 81. 20 marzo de 1462.

⁹⁷ Ibidem. fol. 171. 14 outubro de 1463.

⁹⁸ Ibidem. lib. 62. 22 maio de 1461.

⁹⁹ Que non contabilizarían no coro, polo que non cobraban a retribución que por dereito lles correspondía, e que significaba a maior parte dos seus ingresos.

¹⁰⁰ Prot. Lib. XIII. Fol. 117. 30 xuño de 1463.

Pero non todos os cregos do bispado aceitarán o repartimento, poñendo a elo argumentacións de moito peso. Nesta liña estaban de acordo o cregos do Ribeiro do Avia porque como explicaba Juan Çebolinno, crego de Berán, “*este dito pleito nom vem a elles por quanto nom levam elles pannos nem camas nem luytosas dos que se finam*”¹⁰¹.

O cabido, para intentar impoñer as súas razóns, aplicará o entredito sobre a diócese, sendo a máxima prexudicada a propia cidade tudense, “*qual quer beneçiado que diser mysa en sua igreja, sabendo el que pasa por sua freguesia algun excomungado arriano e non guardar o entredito con el como se guarda en esta çibdade de Tuy que por ese meesmo feito ande en desconto por unn mes*”¹⁰².

Podíase retirar temporalmente o entredito e un dos motivos para facelo foi para “*execotar da constituïçom do santo padre Arroyo do conçello desta dita çibdade e dos, outros moradores e poboadores do obispado de Tuy, e da Sta. Madre Iglesia enquanto por serviço de Deus por que nom careçesem os ofiços de vynnaas, relaxou o entredito podia e devya de dereito posto con os leygos interditos, a dita çibdade e obispado salvo en aquelas freguesias villas e logares onde som moradores e abitantes continuamente os nomeados e demandados interditos por suas cartas*” e polo tanto “*se posam çelebrar e cantar os ofiços de vynnaas e todos os outros sacramentos*”¹⁰³.

Dada a amplitude do espazo xeográfico onde se estaba a producir o conflito, o cabido organizábase para chegar a tódalas freguesías, e aplicar se era conveniente os acordos que fosen precisos para solucionar o caso.

No ano 1462 reuníranse moitos cregos de todo o bispado. O cabido outorgaría seu poder aos “*ditos chantr e arçediano de montes en nome das ditas mesas obispal e capitolar, e ao dito abade de Barrantes por Riba de Mynno, e Afonso Lourenço e Juam de Borreiros raçoeiros da igreja de Bayona por lo dito Val Mynnor, e a Estevo Fernandes bachelor por Val de Fragoso, e a Fernam Troncoso abade de leirado por lo alfoz de Salvaterra, e a Lourenço Afonso reitor de Sanjurjo e Alvaro Vasques reitor Cristinnade por Riba de Tea, e a Juam de Fonterosa por Terra de Sam Martinno, e Lopo Martines raçoeiro por Terra de Montes, e a Juam Peres alcipreste por lo Ribeiro de Ave, estos fezerom procuradores para que podesem concordar e abyrr con os arrianos ou seus procuradores e outorgar e valer contrautos fortes e firmes valados con penna e juramento fortes e firmes sobr ela concordia...*”¹⁰⁴.

Con estos datos, seica o conflito estaba remitindo, intentando chegar a algún acordo cos que renunciásen a súa rebeldía, quizais debido a sentenza favorable aos Arrianos. Nembargantes o cabido apelaría ao rei, polo que enviaría a Castela como procurador do cabido ao crego Juan de Borreiros.

Polas custas e despesas que lle poidera ocasionar, se pagaría ao procurador dous mil marevedís, alugando para a súa ida a Castela a mula de Álvaro de Porto “*en seguimento da çitaçom dos arrianos contra a clerisia*”¹⁰⁵. O que non podía adiviñar Álvaro de Porto era que a súa mula morrería no servizo prestado ao cabido, polo que “*agora andava a pee con gram traballo de seu corpo e nom mellor onrrado*”¹⁰⁶, polo que solicitaría ao cabido que lle pagasen a súa mula, acordo que aceptaría o vigairo e o

¹⁰¹ Ibidem. fol. 30. 1460.

¹⁰² Prot. Lib. XIII. Fol. 89. 23 xuño de 1462.

¹⁰³ Ibidem. fol. 89. 13 xullo de 1462.

¹⁰⁴ Ibidem. fol. 89. 28 xuño de 1462.

¹⁰⁵ Ibidem. fol. 89. 29 xullo de 1462.

¹⁰⁶ Ibidem. fol. 103. 7 marzo de 1463.

mordomo do bispo xunto co cabido e a clerecía xa que a petición “*era boa justa e razonable*”.

O preito debeu ficar a favor dos leigos e labradores do bispado, malia que o cabido conseguiría demostrar certos abusos realizados polos arrianos, demostración que se sumaría aos gastos da clerecía “*por lo proçeso e autos feitos ante Alvaro de Soutomayor sobre rasom das forças que os arrianos fizerom, e provança que se sobre elo fiso por carta del rey en quorenta maravedis e com mais oyto maravedis que se beberom enna conta de todo esto*”¹⁰⁷. Curiosa é a mediación de Álvaro Paes o cal intercedía en tódolos conflitos e contendas da cidade e do bispado tudense.

Estas probas quizais redundaron nunha mellora da sentenza, de cara a que os arrianos polo menos pagasen as custas do preito, tal e como se entende nos “*dosentos maravedis vellos para yda que o mandam yr a casa do obispo, que nom de lugar aos arrianos dese absoltarem a menos de pagarem as custas querelle fizerom faser*”¹⁰⁸.

Todo o cal indica que o preito se decantaba cara o bando dos labradores da diócese, aínda que todo o seu contido o descoñezamos, pero observamos que o cabido continuaría a contenda coa ida de Álvaro de Porto a “*que inpretrase a corte de Roma... de apelaçom que levava do cabido e clerisia*”, cousa que agradecía o cabido pola cal sería contado “*en sua raçom por quatro meses*”¹⁰⁹.

O conflito, xa emporsí longo, tería un prolongado intervalo. A situación de Tui durante bastantes anos, azoutada por violencias, guerras e fames, non debeu ser favorable para a continuación do caso, do que non teremos novas ata o episcopado do bispo D. Pedro Beltrán, no ano 1494. Neste ano o bispo ordenaría que “*para el pleito de los arrianos*” a “*clerizia e dignidades canoygos e beneficiados dos cada huno que toviase seis myl maravedis de renta pagase dos reales e de seis myl maravedis abaxo hun real*”¹¹⁰.

No mesmo ano o concello e o bispo e cabido chegarían a un acordo para suprimir os panos, camas, dízimos persoais, coroados, etc., que resultaban gravosos para os veciños da cidade, cesión que realizaría o bispo movido polo estado de abandono e despoboación no que estaba a cidade episcopal, logo de tantas guerras.

Un acordo semellante realizaríase no ano 1500 no couto de Pexegueiro a petición dos seus fregueses, e co mesmo obxectivo; repoboar o couto.

Tamén coñecemos acordos do mesmo carácter para Vigo, Reboreda e Redondela, nos cales o bispo sentenciaría a favor da abolición do imposto dos panos e camas en troca de que os veciños seguisen pagando as dízimas e outros dereitos, principalmente sobre o peixe.¹¹¹

No mesmo sentido que os anteriores acordos, o bispo exaccionaría aos cregos da diócese das camas, panos e luitosas, acordo que será semellante aos devanditos, no que a cambio do favor, os cregos pagarían unha suma anual, un real de prata, que era moito máis levadeira para a maior parte dos cregos, sobre todo os das freguesías, que tiñan que aturar unha maior pobreza.

¹⁰⁷ Ibidem. fol. 104. 7 marzo de 1463.

¹⁰⁸ Ibidem. fol. 172. 30 outubro de 1463.

¹⁰⁹ Ibidem. fol. 172. 10 novembro de 1463.

¹¹⁰ Prot. Lib. XXVII. Fol. 75. 10 xaneiro de 1494.

¹¹¹ José Martínez Crespo; “Redondela y Vigo frente a la luctuosa y el diezmo eclesiástico: la sentencia arbitral de 1494.

En 1498 o cóengo Garçia de Duratón sería procurador “*enna causa dos arrianos para Santiago*”¹¹². E en 1505 o mesmo Garçia de Duratón iría desta vez a Braga¹¹³ para o preito do Arrianos.

A solución do conflito resolverase freguesía por freguesía tal como comprobamos polos devanditos acordos acadados con Tui, Vigo, Redondela, Reboreda, Pexegueiro, e como se tiña trazado na organización por terras da diocese en 1462.

A continuación do preito en anos posteriores nos asinala, ben a falta de acordos en boa parte do bispado, ben a falta de cumprimento dos acordos acadados para a supresión dos *panos e camas* a través de cuantías económicas ou o cumprimento do pago doutros tributos, cousa que acontecería en Redondela e Vigo nos primeiros anos do século XVI.

Preito dos Faliseus

Pouco podemos dicir sobre esta contenda senón polas escasas novas documentais que existen. Seica o conflito se desatara arredor do 1460, orixinado se cadra polas propiedades do cabido que aínda permanecían en Portugal ocasionando un litixio co abade do Mosteiro de Ganfei (Valença).

O encargado de avogar no caso foi o arcediogo de Montes, Fernán Vasques, “*o dito cabido mandarom ao dito Vasco D’Amyll mordomo do dito cabido, que dea dineiros ao arcediano de montes e aquele que con el ha de yr a Valença ao pleito dos faliseus para suas custas e despesas deste pleito.*”¹¹⁴

O preito dos Pelames

Este curioso conflito tudense desenvolveuse no verán do ano 1464, sendo un dos poucos casos onde se resolve amigablemente a fin do preito.

A orixe desta contenda veu pola construción dos pelames¹¹⁵ e aloques feita polos zapateiros e curtidores tudenses en camiños e accesos ás hortas do cabido. Os pelames ubicábanse en Riomuíños, lugar axeitado para curtir as peles polo aproveitamento do río Tripes, quizais así chamado por se lavaren os coiros nas súas augas.

O conflito non era novo, xa que logo, acontecera outras veces, mais desta o caso complicárase por faceren os zapateiros uns “estatutos” contra o cabido, co que tería como contramedida a demanda da igrexa (¿entredito?), embarullándose o asunto.

O concello, para defender os negocios dos zapateiros, requeriu os servizos do señor da cidade; Álvaro Paes de Soutomaior. Este rogaría ao cabido para un aveciñamento e cese do preito, os cóengos decidiron deliberar e pospoñer a súa decisión.

A resposta do cabido sería positiva; realizarían unha avinza e concordia amigable.

Pero ao cabido non se lle pasaría por alto deixar de recriminar aos zapateiros porque “*non deveram faser estatutos contra a igrexa*”¹¹⁶ e porque eles (o cabido) en particular “*fasia sempre graçia enas cousas que lle demandavam de seus foros e rendas*”.

¹¹² Ibidem. fol. 190. 13 xullo de 1498.

¹¹³ Prot. Lib. XXIX. Fol. 121. 30 novembro de 1505.

¹¹⁴ Prot. Lib. XIII. Fol. 16. 2 xaneiro de 1460.

¹¹⁵ O pelame ou aloque é a pía na que se pón o coiro para zurralo ou curtilo con tanino (a casca do castiñeiro) e con sal. En Riomuíños aínda existe unha congosta (A Tafona) que conserva o nome de Aloques.

¹¹⁶ Prot. Lib. XIII. Fol. 170. 4 xullo de 1464.

Porén, malia o desacostumado comportamento dos devanditos zapateiros e curtidores, “o dito cabido se descendia e descendeo de totalas mandas que avia movido contra os ditos çapateiros sobre raçom dos ditos palamos e aloques e prometia e prometerom dela mais elles nunca os demandar”¹¹⁷, e que “os palamos e aloques agora nobamente feitos que eram en dano dos camynnos e redondava mal a todos camynnantes e carros e bestas que por los ditos camynnos aviam de andare que os ditos omes boos e procurador do dito conçello os fosen logo derribare e defaser en tal maneira que non viese dano por ocasión delles a ningunha cousa que por los camynnos andase endeante enno dito lugare que os fezerem en lugar que non viese dampno nem perjuízo aos ditos camynnos nem aas cortinnas do dito cabido e suas entradas”.

O cabido mandaríaa ao seu notario e ao procurador xunto cos homes bos e procurador do concello para derribar e desfacer os ditos pelames. D. Álvaro de Soutomaior agradecía a grande honra que o cabido lles fixera, e que llo remuneraría con boas obras.

O concello tamén agradeceu a mercé que realizara o cabido e que nas cousas que o dito cabido lles fose requerida que eles con pracer, se for posible, llo farían.

Entón o notario e o procurador do cabido xunto cos homes bos da cidade “chegando todos de camynno a Ryo de Moynnos”, comezaron “logo de veer en elo... e acharom que Pero Bidal debe lançar e lançe huna campaa de pedra ancha reça e forte por sima do seu aloque que cubra o terço del e avie as pedras con picos tanto que encase a dita campaa forte e chaa con o camynno que por hi cay en tal maneyra que andem carros carregados e vasios e bestas por çima da dita campaa sem themor dese quebrar”; a mesma operación repetiríase co aloque de Vasco Días, desfacéndolle a metade do aloque, dándolle a opción de acrecentalo contra unha casa do camiño ou que o sacase todo; o aloque de Juam Gonçalves teríase que cubrir a metade cunha pedra para que o camiño fose sen perigo dos camiñantes, carros ou bestas; os mesmos feitos tivo que repetir Afonso de Leiras.

Rematado este proceso, o de cubrición dos aloques que resultaban danosos para o camiño, o resto, que entorpecía o paso cara ás cortiñas (hortas) que posuía o cabido, deberían esperar “por quanto estes aloques e palamos todos agora teen seus coyros acortir con casca e nonse podem sacar delles a menos de seerem cortidos por que de outramente se fezese perderianse os ditos coyros que en elles jasiam a cortir”¹¹⁸, polo tanto agardarían para correxir os devanditos palames e aloques ata fins de agosto, remate do curtido.

Esta consideración ante a perda dos coiros, déixanos ver a preocupación do cabido polo que era unha das industrias principais de Tui, polo que é lóxico que se agardase ata a fin dos traballos para eliminar os pelames que entorpecían os accesos ás cortiñas e o paso dos camiños.

Que se tivese que ocupar os camiños, obrigando (o que se fixo varias veces) ao cabido a requerir e demandar a desfeita das pías de curtido, dan conta da cantidade dos mesmos e a vocación industrial do arrabaldo de Riomuñíos.

O preito resolveuse con un bó acordo, e o agradecía sinceiramente o concello tudense, porque aos poucos días, e para retribuír a boa avinza co cabido, o concello desembargaría ao cabido sobre o asunto da casa da porta do Arco, para que o dito cabido fíxese de tal casa o que quisesse, desbloqueando un conflito sobre a dita casa, que quizais xurdira polo comezo do preito dos Pelames.

A autonomía do Concello

¹¹⁷ Ibidem.

¹¹⁸ Ibidem.

Malia as avinzas e concordias, o concello seguía devezando a súa independencia do señorío eclesiástico. A situación da diocese, coa expulsión do bispo e baixo o dominio Soutomaior, vai supoñer certa autonomía que o propio cabido non podía deter, xa que o concello contaba co apoio explícito de D. Álvaro, presente el nos acordos, decisións e arbitrxes do concello, ao cal interesaba esta manobra precisamente porque lle restaba poder ao bispo e cabido, e permitía o fácil control sobre a cidade.

O nomeamento dos xustizas e oficiais do concello estaba un pouco alterado. En 1460 o cabido denunciaba a intromisión do provisor episcopal neste dereito do cabido.

Para 1467, o concello, cos Alcaldes Vasco Camiña e Rui Vasques da Abadesa, poñerían oficiais, usando enteiramente da xurisdicción que tocaba de dereito ao cabido.

Este, amolado pola acción do concello, protestaría ante os mesmos alcaldes, demandando o seu dereito que era de usar da enteira xurisdicción da cidade e que “*os ditos alcaldes injustamente e contra sua liberdade e posisom, per sy faziam e puyynam os ditos offiças*”¹¹⁹.

Pero a protesta, como dí Pascual Galindo¹²⁰, sería completamente van e estéril, xa que o mesmo señorío que exercía D. Álvaro de Soutomaior, e polo tanto introducindo no concello elementos fieis, facía secularizar a xurisdicción da cidade.

Os choques entre Cabido e Concello eran frecuentes. Un pequeno exemplo desto atopámolo na posesión da casa aforada polo cabido a Gonçalvo Días o Moço, da que o concello lle tirara da súa pose, pedindo o devandito Gonçalvo a defensa á que debía proceder o cabido¹²¹.

O Preito de Porto

Observáramos xa como en 1428 as dificultades entre o Bispo e a Orde de San Xoán sobre a problemática xurisdicción de parte das terras do bispado levara ao entredito sobre Tui.

En 1460 rebrotaría a contenda, se cabe con maior fondo social, xa que o dominio de Soutomaior e os seus cabaleiros e escudeiros sobre a diocese empobrecía ao campesinado.

O cabido tudense, aproveitando a ida a Roma do seu Deán, solicitaríalle que procurase sobre o asunto de cara a solucionalo aínda que fose medianamente: “*...item averedes de noso sennor o papa huna revocatoria do privilegio da ordem de Sam Iohan çerca dos disimos dos seus caseiros labradores inquilinos emphiteutas e outros quaes quer que labran suas herdades de que a dita ordem toma os disimos aos reitores e clerigos das iglesias deste obispado que som muyto pobres e taas iglesias ha y a que leva a metade dos disimos e a outros os dous terços, asy que fica tampouco aos reitores que han de çelebrar os ofiços divynos, e ministrar os sacramentos eclesiásticos que nonse podem manter por lo que lles fica, ou a menos que impetredes huna declaratoria por la cual noso sennor o papa declare, que o dito previlejio ou indulto non se extenda a beneficio oo menos de çincoenta ducados en este obispado que chegen ao qorenta ducados.*”¹²²

Esta exposición aclara os motivos de gran parte do conflito entre a orde de San Xoán e a igrexa tudense, xa que a pobreza das propias freguesías non permitía o reparto maioritario das dézimas, principal ingreso dos reitores ou abades.

¹¹⁹ Prot. Lib. Luis Vieira. Fol. 17. 1 xaneiro de 1467.

¹²⁰ Galindo Romeo; op. cit. pax. 67.

¹²¹ Prot. Lib. Luis Vieira. Fol. 26. 26 marzo de 1467.

¹²² Prot. Lib. XIII. Fol. 35. 21 xullo de 1460.

Poucos días despois de querelar e queixarse sobre o devandito preito, aparecería polo cabido D. Álvaro Paes de Soutomaior para establecer unha concordia entre a igrexa tudense e o Comendador da orde de San Xoán, Frei Sueiro Nogueirol.

D. Álvaro falara co comendador “*por rrazom dos fruitos e rendas que diziam por sua querela quelles o dito comendador tomava e de coas despojava contra dereito e justiza*”¹²³, e el por honra da dita igrexa acabara co dito comendador deste xeito “*que desestia forza e esboulo...de todos los beneficios e rendas disimos foros...quelle tomava e ocupava... e que doje endeante para sempre fosem boos amigos con el dito comendador*”¹²⁴.

O cabido achaba este acordo “*en muyta merçed*”, agradecendo así a intervención de D. Álvaro.

Pero esta concordia non conducía o caso a unha resolución tan amigable, volvendo a xurdir problemas, máis pola actitude do comendador que por unha confusión de xurisdiccións entre coutos da orde e da igrexa.

O couto de Porto, por longo tempo do cabido tudense, veríase de novo coa intromisión do comendador de Mourentán (Orde de San Xoán).

Aos labradores de Porto Rui Lourenço, Lourenço Fernandes e Joam d’Almeyna lles sería mandado “*que daqy en diante non servisen nem dessem ao comendador de Mourentan marran nem cabaa de vynno nem fogaça de pam nem o servyse con cousa alguna e seo comendador os pennorase que se leixasem pennorar e se viesem a queixar ao cabido e fazendo eles o contrario que portestava de perderem a renda e foros que tynnan do cabido*”¹²⁵.

Con esta advertencia pronto se presentaría o comendador frei Sueiro de Nogueirol, para ficar nunha concordia sobre o devandito couto de Porto, no que ao mes seguinte amba-las dúas partes (Encomenda de Mourentán e Cabido tudense) enviásen cadanseu home bó para que sacasen pesquisa sobre a propiedade do dito couto. Se eles probasen que era do cabido, o comendador comprometíase a deixar para o cabido o devandito couto, e polo contrario, que o cabido llo deixase ao comendador se se demostrase a súa propiedade, todo isto libremente e sen preito algún¹²⁶.

A pesquisa, se se debeu dar, tivo que ser favorable ao cabido, xa que este seguiría desfrutando das rendas do devandito couto.

A revolución Irmandiña: Os gorrions corren tra-los falcóns

Dadas as condicións de sufrimento que padecía a maior parte da sociedade galega no século XV, agudizado polas secas, fames e pestes, non sería extraño que a paciencia esgotase os seus fluídos para se alzar en armas contra unha nobreza asoballante, principal responsable das violencias, furtos e mortes que padecían, sendo lóxico o deveso de unión para formar irmandade e con ela acadar a fin do dominio señorial e dos seus símbolos; os castelos.

A pinga que colmaría a paciencia das xentes do común sería as fames do período 1465-1467, con grandes mortandades, polo que xa non cabía aturar máis inxustizas dos señores.

¹²³ Prot. Lib. XIII. Fol. 37. 26 xullo de 1460.

¹²⁴ Ibidem.

¹²⁵ Prot. Lib. Luis Vieira. Fol. 17. 13 xaneiro de 1467.

¹²⁶ Ibidem. 14 xaneiro de 1467.

A formación das irmandades¹²⁷, xa introducidas en Castela e en León, contou co apoio explícito do rei Enrique IV, xa que estaba inmerso na guerra civil con Afonso “XII”, polo que lle interesaba dominar á nobreza rebelde.

O rei daría provisión para ser pregoada esta Irmandade en tódolos recunchos da Galiza. Os procuradores das vilas e cidades e o común da xente poderían defender as súas casas formando a Irmandade, e que se os cabaleiros non cumprisen a xustiza de derrocar as fortalezas onde se agochaban os ladróns, que tamén lles derrocasen as súas casas e fortalezas. Baixo esta premisa xuntáronse labregos e burgueses baixo o amparo real en Irmandade, percorrendo as terras galegas para tirar aos tiranos dos seus castelos.

Tui e o seu bispado non ficaba á marxe da Irmandade. Era sen dúbida un dos lugares máis inestables socialmente, tal e como o demostrou a negación dos labregos a pagar luitosas (1458?-1464?), e tamén os castigos e estragos cometidos polos señores da rexión: os Soutomaior e os Sarmiento.

O 14 de marzo de 1467, o cabido e o concello tudense formarían Irmandade, sendo unha das primeiras da Galiza: “*Entonçes os sobre ditos personas e cabildo e os ditos homes boos, vezinnos, alcaldes, regedores e moradores da dita çibdade que presentes syan e eram, fezerom juntos todos huuns con outros e os outros con os outros tal pauto uniom en modo e maneira de yrmandade e todos e cada huun por sy sobre huun livro dos santos evangeos que corporalmente con suas maans tangerom, jurarom aalende dos capitulos da santa yrmandade estas cousas que se siguen*”¹²⁸.

Desgraciadamente non coñecemos os mentados capítulos, quizais non escritos por precaución ante a violenta resposta de Álvaro de Soutomaior.

A unión de cabido e concello para xurar a Santa Irmandade non é tan extraño. Ambo-los dous sufrían as violencias, secuestros (rescates), furtos e mortes perpetrados polos homes de Álvaro de Soutomaior, e polo tanto formar a Irmandade para tentar acabar con tanto desaguisado era un devezo común tanto para concello como para cabido. Este último ademais tiña unha composición que o achegaba ás clases populares, xa que a extracción social da maior parte dos cóngos era da clase media-baixa, polo tanto era normal que as inquedanzas e intereses deste grupo social fose afin ao común da cidadanía, e en moitas ocasións en contra dos designios dos bispos.

O cabido participaba intensamente da irmandade, tal e como consta pola ida do cóengo Gonçalvo Vasques á xunta irmandiña de Medina (Castela)¹²⁹: “*entonçes ordenarom constetuyrom por seu procurador a Gonçalvo Vasques, canonigo, que procure enna junta general de medina da Santa Hermandad e ante el rey e en sua corte todo aquilo que for onrra e prol e proveyto desta eglesia e cabildo e conçello de Tuy*”¹³⁰.

O intento do cabido sería reclamar o que por dereito era seu; Tui e os seus coutos. O mosteiro de Celanova tamén mandaría procuradores a Medina para tentar a devolución do seu couto de Rabal, devolto logo pola *Santa Hermandade*. Ante estes feitos debemos supoñer a mesma promesa de acción para restablecer á xustiza na cidade e bispado tudense.

¹²⁷ Era unha milicia popular encargada de facer xustiza fora das vilas e poboados. Axustizaban asaetando aos culpables. Compúñase dos alcaldes de Irmandade, que recibían unha vara de xustiza como aos Alcaldes das vilas e cidades. Os Irmandiños nas súas campañas, como símbolo de bondade e xustiza ondeaban unha bandeira branca.

¹²⁸ Prot. Lib. Luis Vieira. Fol. 25. 14 marzo de 1467.

¹²⁹ Prot. Lib. Luis Vieira. Fol. 26. 26 marzo de 1467.

¹³⁰ Ibidem. 1 abril de 1467.

As primeiras accións emprendidas polos irmandiños tudenses nestos primeiros meses, fican na escuridade, aínda que debemos supoñer que os Irmandiños uniríanse para cumprir as mandas das xuntas de Medina, e acabar cos delitos en terras tudenses.

Non coñecemos moitos máis datos, aínda que as aportacións da Crónica de Santa María de Iria, e o Preito Tabera-Fonseca aportan un chisco de luz ao movemento irmandiño na rexión tudense.

Para este ano de 1467, tempo do estoupido irmandiño, as tropas irmandiñas cercarían Tui:

*...despois desto nostro señor Iesu cristo se vingou ben deles (os cabaleiros e nobres), porque todos eram perversos en maldades contra el, en tanto que foy despois desto moy grande mortalda, asi de moços como de omes e molleres et dos caballeiros que era huna grande maravilla. Durou huun ano continuo esta mortalda en todo o reino de Gallizia... en este encomedio morreu Alvaro Paas de Soutomayor ena çibdade de Tuy; estaba çerquado da Santa Irmandade; serian fasta çinquo mill omes de pee e de cabalo; mandou entregasem a çibdade a Irmandade. Falesçe enno mes de março, ano domini MCCCC sesagesimo oitavo.*¹³¹

Temos que imaxinar un longo cerco, ata que Álvaro Paes, xa en perigo de morte, decidise entregar a cidade aos Irmandiños: *y tomaron la çiudad de Tuy que tenia tomada Albaro de Sotomaior*¹³².

Tan pronto como puideron entrar na cidade as milicias populares, o sucesor de Álvaro na casa de Sotomaior, Pedro Álvares, tería que fuxir precipitadamente a Portugal.

As novas documentais falan que neste período de 1467 a 1469, os Irmandiños derrubaron todas as fortalezas galegas, agás algunhas excepcións, como o castelo de Pambre.

As fortalezas que se ubicaban no bispado tudense, tanto de propiedade eclesiástica como leiga, serían derrocadas. Lembremos as fortalezas de Santa Helena (Val Miñor), Entenza (Salceda), Tebra, Taraes, Goián, Sobroso,... e moitas máis, algunhas descoñecidas e outras pequenas torres, agocho dos cabaleiros da bisbarra.

A derrota Irmandiña

Non tardaría en voltar Pedro Álvares para recuperar o que era do seu medio-irmán e que por herencia lle tocaba a el. Desde Portugal viu ben pertrechado convertíndose no estratega da contraofensiva nobiliaria contra a Irmandade.

Debeu cruzar o Miño nalgún lugar pouco perigoso, xa que o seu obxectivo sería unirse ao Arcebispo Fonseca e a D. Juan Pimentel, irmán do conde de Benavente. Pronto se unirían á liga nobiliaria Fernán Pérez de Andrade, Gómez Pérez das Mariñas, Sancho Sánchez de Ulloa e Lope Sánchez de Moscoso¹³³.

Tiña Pedro Álvares “*çien lanças y dos mil peones poco más o menos*”¹³⁴. En contra do que opina a maioría de historiadores, D. Pedro no debeu tomar Tui no seu retorno a Galiza, xa que a toma da cidade provocaría un custo demasiado elevado¹³⁵, no

¹³¹ Anselmo López Carreira; Os Irmandiños. Textos, documentos e bibliografía. Pax. 76.

¹³² Angel Rodríguez González; Las fortalezas de la Mitra Compostelana y los Irmandiños. Pleito Tabera-Fonseca, 2 vol. 1984.

¹³³ García Oro; La Nobleza..., pax., 226.

¹³⁴ Vasco de Aponte; op. cit., pax. 222.

¹³⁵ Debemos pensar que do mesmo xeito que D. Pedro non tomaría Pontevedra cando pasou por ela, Tui lle sería imposible pois ademais ocasionaría unha terrible perda de tempo o seu cerco, contrariando a estratexia argallada polo Sotomaior de unirse á liga nobiliaria para cercenar a revolución irmandiña dun só golpe, a derrota dos líderes irmandiños, coa que desmoralizaría ás milicias populares.

que ademais chamaría a atención dos Irmandiños dándolles tempo a xuntarse e atacar as súas tropas, que non eran suficientes para vencer abertamente ás multitudes irmandiñas.

Vasco de Aponte nos pón na liña certa, xa que os irmandiños dos bispados de Tui e Ourense, apercibidos do intento de Pedro de Soutomaior de xuntarse co arcebispo e demais nobres, tentaron cortarlle o paso, o cal tivo como froito o enfrontamento do Castro da Framela¹³⁶, do que sairía victorioso D. Pedro, aínda que podemos desconfiar do relato de Vasco de Aponte, e a victoria non fose tan esmagante, o que obrigaría ao Soutomaior a pasar por Pontevedra (vila Irmandiña) para cruzar o Lérez en marea baixa, conseguindo chegar a Santiago cunha camiñada rápida, co fin de evitar máis encontros.

Xuntaríanse os exércitos do Soutomaior e de Fonseca-Pimentel en Balmalige, perto de Compostela, na primavera de 1469.

O estratexa D. Pedro derrota aos máis de dez mil irmandiños comandados por Pedro Osorio sen agardar que estes recibisen axuda, co que a batalla de Balmalige se fai decisiva para os Irmandiños, xa que logo, a partires de agora será o bando señorial quen tome a iniciativa, e os irmandiños ficarán á defensiva e desorganizados.

Aínda que a nobreza galega gaña en campo aberto, as vilas e cidades amuralladas seguirán en poder irmandiño por longo tempo.

Este sería o caso de Tui, que resistiría namentras Pedro Álvares axuda os seus colegas anti-irmandiños para que recuperasen as súas posesións.

Cos escasos datos que posuímos, a presenza na cidade tudense en 1471 de dous escudeiros de Sancho Sánchez de Ulloa, Ares Conde e Gonçalo Varela¹³⁷, fan sospeitar na toma de Tui nese ano, refrendado isto polas verbas de Sancho de Ulloa no seu testamento cando lamentaba “*los paños que yo mande tomar a los de Tui*”¹³⁸.

Non sabemos como sería o reaxir contra os Irmandiños tudenses, aínda que cabería pensar nalgunha represalia contra dos Alcaldes da Irmandade e doutros máis para exemplificar, pero o certo foi que este reaxir nobiliario, na Galiza, sería parcial e limitado, xa que logo, os señores vense obrigados a pactar cos seus vasalos, a non reprimilos, a perdoar, porque eran señores de vasalos, sen estos non había poder e dominio.

Pero Álvares de Soutomaior: de crego a guerreiro

As sombras sobre a figura de Pedro Madruga¹³⁹ aparecen desde o seu nacemento, descoñecéndose a súa nai, aínda que sospeitando o seu parentesco coa poderosa familia dos Zúñiga confirmado isto pola testemuña do seu fillo Álvaro ao mentar á súa avoa Constanza de Zúñiga. Era fillo ilexítimo de Fernán Eáns de Soutomaior e polo tanto medio irmán de Álvaro Paes.

No testamento de Fernán Eáns mándase que o pequeno Pedro fose crego, para elo os seus estudos estarían baixo a supervisión de “*fray Esteban de Soutelo maestro en Sagrada Theología*”¹⁴⁰. Isto o afirma tamén Vasco de Aponte “*que había de ser clérigo*”¹⁴¹.

Na documentación do arquivo catedralicio tudense contamos coa absoluta certeza de que Pedro Álvares formaría parte dos cóengos tudenses:

¹³⁶ Vasco de Aponte; op. cit., pax. 223. Este lugar de Framela ten difícil ubicación, algúns o identifican con Famelga en Cotobade, e outros con algún lugar de Salvaterra ou As Neves.

¹³⁷ Prot. Lib. XXV. Fol. 237. 1471.

¹³⁸ García Oro; La Nobleza..., pax. 174.

¹³⁹ Pedro Madruga, o alcume é mencionado por Vasco de Aponte “*porque madrugaba mucho quando haçia sus cabalgadas*”, op. cit. pax. 219.

¹⁴⁰ Vasco de Aponte; op. cit. nota 329, pax. 219.

¹⁴¹ Ibidem.

*“E entonçe Pero Alvares de Souto Mayor coengo de Tuy teençeiro da renda e teença de Sta. Vaya deu e outorgou por fiadores devedores e prinçipaas pagadores de pagar ao dito cabido a dita renda por los preços de cada ano...”*¹⁴².

Como cóengo coñecemos interesantes colaboracións súas coa igrexa tudense: *“Pero Alvares de Souto Mayor prometeu para a obra da capella de santandre do obispo dom Johan seu tyo tanto que e começar a obra dela dous myll maravedis de moeda vella e o dito cabido llo teve en muyta merçed.”*¹⁴³

Pero antes de colaborar en cousas como o remate da capela de Santo André da catedral tudense, tamén incumpria os seus compromisos dinerarios co cabido: *“Mandarom a Vasco d’Amyll canonigo que dos dineiros da calongia de Pero Alvares pague dous sollos que deve da renda de Santa Vaya”*¹⁴⁴.

Igualmente no reparto das custas do preito dos Arrianos¹⁴⁵ estaría entre os cregos rebeldes, aqueles que non pagaban o repartimento efectuado polo cabido.

Podemos asegurar que Pedro non se interesaría moito polo cabido, estando quizais co seu medio-irmán Álvaro no goberno do territorio dos Soutomaior. Na maioría das reunións do cabido e para outros efectos, estaría representado polo seu criado Pero de Sevilla quen estaría a cargo en 1460 da demanda efectuada ante o rei polas violencias perpetradas por Diego Sarmiento nos coutos da igrexa tudense.

Sobre a súa condición eclesiástica coñecemos o interese, antes de 1460, do rei Enrique IV por facer a Pedro Álvares arcebispo de Santiago.

Coa morte do seu medio-irmán, Álvaro, e o cerco dos irmandiños en Tui, Pedro pasará a ser herdeiro da casa de Soutomaior, xa que logo, non existía alguén máis que a súa tía Dona Maior de Soutomaior. Pero non só era isto, gracias ao particular interese de Álvaro por facer de Pedro o seu herdeiro universal, puídose vencer as naturais reticencias de D^a Leonor de Mexía, nai de Álvaro. Tanto D^a. Leonor como D^a. Maior expresarían nos seus respectivos testamentos, de 1473 e 1480, a Pedro Álvares como o seu herdeiro.

Na súa fuxida a terras portuguesas, D. Pedro casará, coa mediación do rei Afonso V de Portugal, con D^a. Tareixa de Tábor, de importante familia nobiliaria. Será esta familia quen lle axude a recuperar o seu señorío contra a violencia anti-señorial e xusticieira dos Irmandiños galegos.

Na Galiza converteríase no principal estratexa do reaxir señorial, rematando cos últimos reductos irmandiños.

Debeu reconquistar Tui (xa que logo, considerabaa súa por herencia de Álvaro), no ano 1471, aínda que as novas sobre estes aconteceres son fragmentarios e confusos.

Pedro Madruga na liga anti-fonsecana

Inmediatamente despois da derrota Irmandiña a nobreza galaica volveuse a dividir en bandos. O primeiro que se desmarcou da liga anti-irmandiña foi o arcebispo de Santiago, Afonso de Fonseca.

Fonseca pactaría cos irmandiños santiagueses de cara a recuperar a cidade e o seu territorio. Pronto se uniría Pontevedra e todo o arcebispado. Non sería extraño que Tui, sen bispo daquela, seguindo unha xa vella tradición, se incorporase á obediencia

¹⁴² Prot. Lib. XIII. Fol. 167. 1463.

¹⁴³ Prot. Lib. XIII. Fol. 175. 1463.

¹⁴⁴ Ibidem. fol. 32. 13 xullo de 1460.

¹⁴⁵ Nota 100.

fonsecana en 1470 procurando un valedor poderoso contra as sen razóns dos Soutomaior.

Como xa dixemos, a presenza na cidade de escudeiros de Sancho Sánchez de Ulloa no ano 1471, puidera significar a incorporación da cidade á liga asinada contra o arcebispo Fonseca e que estaba formada polo Conde de Lemos, Juan de Zúñiga, López Sánchez de Moscoso, Diego de Andrade, Sueiro Gómez de Soutomaior, Diego de Lemos, Sancho de Ulloa e Pedro Álvarez de Soutomaior.

O arcebispo, ou ben non perdera a cidade tudense ou ben a recuperaríase máis tarde (1472?), xa que o novo bispo tudense, D. Diego de Muros, incorporaríase a alianza anti-fonsecana, loitando xunto con Pedro Madruga.

Pedro Álvares titularíase Visconde de Tui no ano 1473, o cal pódese entender como un efecto da toma da cidade antes dese ano. O rei Enrique IV negaría categoricamente tal nomeamento o 27 de outubro de 1473:

“Soy informado que en el mi reyno de Galicia han parescido algunas cartas mías por donde dis que yo fese merced de la villa de Bayona de Miñor, ques d emi Corona Real, e de la cibdad de Tuy, ques de la iglesia obispal de Tuy, e de la villa de Pontevedra, ques de la iglesia e arzobispo de Santiago a Pero Alvarez de Sotomayor; e de la villa de Finisterre, ques de la dicha iglesia e arzobispo de Santiago a Lope Sánchez de Moscoso con título de Viscondes”.¹⁴⁶

A petición de cederlle a cidade, efectuada por D. Diego de Muros en 1473 a Pero Álvares de Soutomaior, podería corroborar a toma de Tui nese ano, cuxa negación de devolverllela cidade a seu lexítimo dono provocaría o cambio de bando por D. Diego quen asinaría un acordo co arcebispo Fonseca, 10 de abril de 1474, nos que se estipulaba que *“ninguno de nosotros sin consentimiento e sabidoria del otro no se concertara con el dicho Pedro Alvarez et en el caso que se confederare, sera haciendolo saber al otro et con su consentimiento para que esta confederación sea siempre guardada”*¹⁴⁷.

A alianza episcopal anti-Soutomaior era unha acción ofensiva-defensiva bastante ben organizada *“considerando los males y dapnos et opresiones et tiranias que las dichas nuestras iglesias padescen en los tiempos de hoy e se espera en el futuro padescer, según la malicia de los tiempos”*.¹⁴⁸

Pero colleitaría D. Diego un novo fracaso con esta alianza, xa que pouco despois concertaría a paz o compostelano co Soutomaior. As paces asinadas o 14 de maio de 1474 en Santiago, outorgaban ao Visconde o poder sobre o bispado tudense mercé as súas vitorias no campo de batalla, controlando Tui, A Guarda, Baiona, Vigo, Redondela e Pontevedra.

A Guerra de Sucesión

No ano 1475, Pedro Madruga chegaría ao cénit do seu poder. Afonso V de Portugal lle outorga o título de Conde de Camiña, co que amplía a súa influencia e acrecenta o seu poder.

Na primavera dese mesmo ano Afonso V emprendería a campaña para defender os dereitos da súa sobriña Juana *la Beltraneja* ante Isabel a *Católica*. Comezaría conquistando Toro e Zamora, mais pronto ficaría só o Conde de Camiña como bastión pro-portugués na Coroa de Castela.

¹⁴⁶ García Oro; La Nobleza..., pax. 232.

¹⁴⁷ García Oro; La Nobleza..., pax. 231.

¹⁴⁸ García Oro; Galicia..., pax. 319.

A campaña de Pedro Álvares sería fulminante, pasando Tui, Baiona, Pontevedra, Padrón, Redondela, Vigo, Caldas, a fortaleza de Castro de Montes, tódolos portos da ría de Arousa e Sobroso a súa obediencia e de Portugal¹⁴⁹.

No ano 1476 as cousas comezan a se torcer para o Soutomaior, xa que nese ano comeza a fraguarse a contraofensiva castelá, organizándose tamén a campaña para o fronte de Galiza.

Na primavera do devandito ano achégase ata Galiza a flota biscaíña ao mando de Ladrón de Guevara, quen con trinta naos, tentaría recuperar as prazas perdidas e apoiar a liga nobiliaria que se formou para combatir ao arroutado Conde de Camiña.

A flota tomaría Viveiro e Baiona, dirixíndose logo a Tui para poñerlle cerco. Pero tal como lle recriminaban a Ladrón de Guevara, puido ter recuperado Tui si máis calor e forza lle puxera ao sitio da cidade, pero non atendeu aos consellos do navarro Gracián de Agramonte e optou por ir ao cerco de Pontevedra cuxo fondeadoiro estaba protexido por naves lixeiras portuguesas, e polo tanto a vila era case inaccesible ás pesadas naos biscaíñas.¹⁵⁰

Estando cercado D. Pedro Madruga en Pontevedra, e sen que o adversario nen por terra nen por mar puidera tomar a vila, asinaríanse unhas treguas (24 de outubro de 1476) nas que se respectaría as vilas e cidades tomadas. Por parte dos coaligados: Baiona, Padrón, Noia, Muros, Santiago, A Coruña e Betanzos; por parte do Conde de Camiña: Tui, Pontevedra, Vigo, Redondela, Soutomaior, Sobroso, Fornelos, Castro de Montes, Cambados e Nogueira.¹⁵¹

O 15 de decembro dese ano, D. Pedro, realizaría o seu testamento. O cerco sobre Pontevedra lle fixo ver a morte de perto, polo que redactaría nos Pazos episcopais tudenses (que o Visconde encargaría de se apropiar) a súa manda testamentaria:

*“Leixo por meus herdeiros universaes en todos os outros meus bees e no mayoradgo del Condado e Vizcondado e Mariscal de Bayona a meu fillo Don Alvaro de Soutomayor e enos outros bees partibles a o dito D. Alvaro, e a Don Fernando, e a Don Diego, e a Don Alfonso, e a Doña Mayor, e a Doña Costanza de Soutomayor, meus fillos legítimos”*¹⁵².

O ano de 1477 sería para o Soutomaior un ano de humillación. Cooperaría o afouto Conde no intento de tomar A Coruña, devezada polo Conde de Benavente. Ante o fracaso da empresa, e malia estar coaligados, no camiño de retorno o Pimentel apreixaría ao sorprendido Pedro.

O Conde de Benavente preguntaría aos irmáns Francisco e Lope de Avalle, inimigos declarados do Soutomaior, polo camiño máis seguro para levar tan preciada presa ata Ourense.

Así desde Padrón, lugar da celada, pasarían por Cesures, a fraga de Gallamonde, a ponte de Caldas, a Portela, a ponte de Pontevedra; desde a Canicouba ata a ponte San Paio, Redondela, Vigo; á vista de Baiona ata chegar ao Miño e desde alí a Tui, seguindo o río ata o Avia e finalmente ata Ourense¹⁵³.

A pesares das imprecisións do percorrido, si que se aprecia o rodeo que tivo que dar o de Benavente para evitar que os homes de Pedro Álvares o puidesen ceibar, xa que dominaba todo o bispado tudense e tiña fortalezas e vilas no territorio.

¹⁴⁹ Vasco de Aponte; op. cit. pax. 229-230.

¹⁵⁰ Vázquez Núñez, Guillermo; Don Diego de Muros, obispo de Tuy..., pax. 48-49., Madrid 1919.

¹⁵¹ García Oro; op. cit. pax. 234.

¹⁵² Ibidem. pax. 235.

¹⁵³ Vasco de Aponte; op. cit. pax. 235.

O Soutomaior tería un longo encarceramento; desde o verán de 1477, ata a primavera de 1478.

Aproveitando a prisión e lonxanía de D. Pedro, o arcebispo Fonseca recuperaría gran parte das posesións arrebatadas, afortalando os pasos de ponte San Paio, e construíndo Castricán e Daravelo para contraponerse a Soutomaior e Cangas respectivamente.

Namentras, Tui ficaba baixo o mando de Don Pedro de Mendaña, que fora alcaide de Castro Nuño, defendéndoa baixo as ordes do rei de Portugal.

D. Diego de Muros “en jaula e fierros”

A fins de 1477, e aproveitando a ausencia por prisión de Pedro Madruga, o bispo de Tui, D. Diego de Muros, realizaría un destemido intento para recuperar a súa cidade. Ante o fracaso da acción sufriría longa prisión na veciña Valençá:

*“Veniendo, una vez, en tiempo de la guerra entre Castilla e Portugal, a esta nuestra cibdad, por la librar e tornar al señorío de la Iglesia, fuemos preso e llevado a Portugal, onde estovimos preso quince meses en jaula e fierros, donde padecimos muchos trabajos”*¹⁵⁴.

A lealtade inquebrantable aos Reis Católicos, foi se cadra o motivo principal para tan longo apreixamento, deste xeito o cronista Hernando del Pulgar coñecendo a situación de D. Diego lle fixo chegar algunhas cartas onde menciona tal posibilidade, non sen certo aceno de humorada: *“Decis, Señor, que no os hallaron otro crimen, sino haber reprendido en sermones la entrada del Señor Rey de Portugal en Castilla. En verdad, Señor, algunos predicadores la aprobaron en sus sermones, pero yo libres los veo andar entre nosotros, aunque creo que no tienen pena por ser inciertos predicadores quanta gloria vos debeis tener por ser cierto, aunque preso”*¹⁵⁵.

Ante a súa lastimosa situación, D. Diego de Muros non deixará de recibir cartas de apoio, como a do seu cuñado Vasco Guillerme que lle aconsellaba encomendarse á Virxe, para pedirlle rápida liberación. A isto, Hernando del Pulgar, comentaría con ironía: *“Encomendaros a la Virgen María no era mal consejo, si ese vuestro cuñado os lo aconsejara antes que os prendieran; más, consejándolo después de preso, deviarades decir: Ja non poide, según todo buen gallego devia responder. Bien es Señor que tengais devoción en los miraglos de alguna casa de oración, según lo aconseja el cuñado; pero junto con ella no dexéis de encomendaros a la casa de la moneda de La Coruña, o a otra semejante, porque entiendo que allí se facen los miraglos por que vos aveys de ser libre”*¹⁵⁶.

Os quince meses de prisión os sufriría o bispo na praza de Valençá (a praza de Santa María?), pendurado de gaiola e enchido de ferros, tortura que entumecía os membros dos prisioneiros, resultando a quebra da saúde da que se resentiría o bispo máis tarde.

Sería liberado a comezos de 1479, pero non ficaría na Galiza xa que logo marcharía a Roma co recado dos Reis Católicos de expoñer as inxurias, males e danos que recibeu na súa prisión e desde a usurpación do seu bispado por Pedro Madruga.

O Borrascoso goberno da cidade

¹⁵⁴ García Oro; op. cit. pax. 239.

¹⁵⁵ Ibidem.

¹⁵⁶ Ibidem.

Namentres acontecían os feitos antes relatados de loitas, encontros e conflitos ao pé dos muros tudenses, o goberno da cidade, dirixida esta polos subordinados cabaleiros de Pedro Álvares, pasaba polos seus peores momentos.

A falta de xustiza facíase habitual, e as prisións, secuestros e extorsións sobre habitantes da cidade e o seu couto facíase insoportable, e máis aínda co estado de guerra permanente ao que se veía sometido Tui, provocando a despoboación da cidade.

No período aproximado de 1473 a 1479, a cidade será rexida polo merino, escudeiro de Pedro Madruga, Álvaro de Cadaval.

A súa residencia habitual será as Torres e Pazos do Señor Visconde, que non eran outros que os Pazos Episcopais da Oliveira, apropiados polos Soutomaior desde a expulsión do bispo Pimentel en 1449.

As Torres, desde onde acostumaba Álvaro de Cadaval a facer xustiza sobre o territorio episcopal tudense, serviron de cadea para os abondosos presos que se traían dos coutos riba-miñotos.

Os apreixados non tiñan moita culpa, quizais a má sorte de estar no lugar inapropiado, envolto en pequenas liortas ou por faltas menores.

Os inocentes ou con culpabilidade ambigua (por envexas ou odios) que eran apreixados, se lles cobraba un rescate, o cal supuña unha práctica moi habitual para os señores e cabaleiros, sendo os “rescates” unha das denuncias de inxustiza máis habituais lanzadas polos labregos e artesáns da terra, un dos factores xunto cos roubos e mortes que provocarían a revolución Irmandiña.

Un exemplo destes rescates sería o protagonizado por Estevo Martíns: *“...morador en entença que presente estava disso que ansi era verdat que poderia aver dous meses pouco mais ou menos que andaba el manso e seguro a çerqua de su cassa viera a el Joan Fereiro morador en baiona con gente de pee e o prendera e o tragia ao monte e que o rescatarem por dous myl e tresentos maravedis fasta este dia le fossen dados e cassa de gonçalo de gandra enno val de minnor sopena que passado o termino dende en diante pagasse por pena çen maravedis por cada dia ousse fosse meter na pressiom”*¹⁵⁷

O obxecto destes apreixamentos, na maioría dos casos, era recaudatorio, é dicir, que as penas impostas facían parte dos ingresos dos señores. A xente debía pagar a súa posta en liberdade cunha multa, ben directamente, ben a través de fiadores que garantían a súa liberdade cunha fianza. Claro que os devanditos fiadores non as tiñan todas consigo pois de non pagar o adebedado pola persoa apreixada serían eles individuos de cadea:

*“...moradores de Guillarey, tinnan contenda con Alvaro de Castro por lo qual foron pressos por Alvaro de Cadaval. Prometen non mais lereas e contendas e rogan a Gonçalo Afonso (Tui) e a Martim de Rebordaans que os fiassen para que o dicto meirino fosse seguro de elles. Foron fiadores o primeiro de mil maravedis e o outros myl.”*¹⁵⁸

Houbo casos curiosos como o de Fernán de Mosende quen iría falar con Álvaro de Cadaval: *“...por quanto Ruy Fernandes seu fillo ele o tina presso per algunaas coussas que fesera que le pedia que lo entregase e ho soltasse da qual dia a quinse dias que lo tornaria ali onde ele estaba presso e non lo tornando aquel dia quer saan quer doente quer morto que fosse en obrigaçom e pagasse la pena ao señor Conde vinte myl maravedis vellos”*¹⁵⁹.

¹⁵⁷ Prot. Lib. XXV. Fol. 247. 23 setembro de 1478.

¹⁵⁸ Ibidem. fol. 241. 1475.

¹⁵⁹ Ibidem. fol. 242. 26 maio de 1476.

Cumpriría a súa palabra Fernán de Mosende e Álvaro de Cadaval o nove de xuño “*tyna presso ja ao dito Ruy Fernandes e quedava por quyte ao dicto Fernan de Moosende da dita fiança*”.¹⁶⁰

Non só estarían “*pressos en ferros*” os fregueses e veciños de Tui, tamén os homes de Pedro Madruga eran castigados cando “*erraban*” a obediencia a seu señor. Este sería o caso do escudeiro Xoán Fereiro, veciño de Baiona: “*...cognosceu confesou e outorgou que por rasom da dita prissiom prometera e prometia que agora nem en ningun tempo el non erraria ao Chincorro que agora aquí esta por capitan enesta çibdad de Tuy nem aos seus nem a coussas do Conde de Camina e estando en alguna maneira qualquera ansi de feito como de dito ou de consello fasta a vinda do Conde de Camina seendo çerto que el se obrigava a pagar ase presentar do dia que errase en des dias enno dito curral onde estava ou çen dobras castillanas de boo ouro e presso ou sua vallia postas en pas ou en salvo ennas maas de Chincorro e non estando aquí o dito Chincorro ennas maans de Peruchon e seendo Peruchon ausente por spaçio de des legoas as entregue ao sennor Conde de Caminna...*”.¹⁶¹

É interesante este texto por canto nos amosa a presenza en Tui do capitán Chincorro e de Peruchon, soldados de Pedro Madruga, quen estarían gobernando militarmente a cidade.

Pedro Madruga tamén exercía o seu poder contra o cabido tudense. En 1502 o arcediago Lopo Martínez declaraba que: “*poderia haver vinte e siete anos poco mas menos en tenpo de las guerras quando don Pero Alvarez de Sotomayor Conde de Camiña tenia tomada la çibdad de Tuy...mandara llamar a los beneficiados de la dicha iglesia...et en la capilla de santo Andres*¹⁶² *...et que el hera entonces arçediano de miñor...et que el dicho Pero Alvarez proposiera...et dixiera...que le diesen un poder para vender aquellos casares y bienes que heran del dicho monasterio de Tomiño aquellos que la dicha iglesia tenia en Portugal aquellos que agora trae Martín Pereira...al dicho Martín Pereira et que el daria otros en pago...et que los del dicho cabildo respondieran que el dicho Conde no tenia bienes suyos...que valieren tanto...Et que el Conde tornara a replicar que el los buscaria e daria... Et que ansi se salieran todos del cabildo...e que despues...el dicho Conde se fuera a la villa de Pontevedra et el dicho Lopo Martinez por neçessidad que toviera fuera a veer el dicho Conde y le llevara un presente. Et que falando con el aparte que el dicho conde lle mostrara una scriptura fecha de poder e vendida destes bienes para el dicho Martin Pereira no se le recorda en que forma porque non ge la dexara leer e que le dixiera que la firmase. Et que el dicho arçediano le dixiera como quiere vuestra merçed que yo firme lo que non paso ni paso por mi ni se que dize esta scriptura escusandose que en manera ninguna tal scriptura firmaria, jurando el dicho Conde que si ge la no firmava le tomaria cuanto tenia y lo hecharia en lugar donde nunca saliese. Et que se non partiesse dalli fasta que ge la firmase sino que el veria en que paraba su fecho; et que entonçes le fuera forçado d ela firmar con temor corporal que del dicho Conde oviera. Et porque tambien le viera prender el electo que estava para ser obispo et le viera desterrar a Ares da Vale tesorero e prender a Vaasco Colaço canonigo e otros clerigos que prendia y echava en algibes e al dicho obispo a quien tenia tomada la çibdad e el obispado et que luego dixiera que por la fuerça non sabia que se fazer...*”¹⁶³

¹⁶⁰ Ibidem. fol. 243. 9 xuño de 1476.

¹⁶¹ Ibidem. fol. 246. 7 setembro de 1477.

¹⁶² Probablemente fose na sala superior da Torre de Santo André, lugar con máis espazo e talvez proxectado orixinalmente para sala capitular.

¹⁶³ Galindo Romeo; op. cit. Apendice documento XXVIII.

O texto amosa unha radiografía dos métodos expeditivos do Soutomaior, como o meter a xente en alxibes, mesmo un o tiña ben perto das súas Torres tudenses, na zona da Oliveira. Este sistema o practicaría co propio bispo D. Diego ao cal metería no alxibe do castelo de Fornelos.

O Conde de Camiña tiña aterrizado a todo o cabido tudense. O desterro do tesoureiro Ares de Avelle explica que os seus familiares Francisco e Lope de Avelle guiasen ao Conde de Benavente polo lugar máis seguro co apreixado Conde, os cales morrerían no ataque por eles levado durante o cerco da fortaleza de Fornelos.

Tamén o cóengo Xoán de Bodiño sufrira as violencias do Soutomaior “*que todo esto ansi tyna que fora presso por Dom Pedro de Soutomaior Conde de Camyna e o dexara en ferros e le disera que jurava adeus se enella mais fallava que o mandaria enforçar que ansi estivera forçado o dicto tempo fasta agora con seu medo*”¹⁶⁴, o cal iría en 1480, xa máis tranquila a cidade, para reclamar a súa calonxía, abandonada pola devandita prisión e medo. Outros cóengos tamén reclamarían por este tempo a súa posición no cabido pois foran nomeados ben polo Papa ben polo bispo D. Diego de Muros ou como Xoán de Bodiño polo bispo D. Luis Pimentel.

Un Correxedor para o bispado de Tui

Os Reis Católicos tiñan na súa mira o bispado de Tui. A súa preocupación sería aplicada nunha medida extraordinaria; ampliar as funcións do correxedor¹⁶⁵ de Baiona, Juan de Sandoval, constituíndoo no 24 de abril de 1478 en correxedor do bispado de Tui.

Os Reis explican con claridade o porque desta medida: a situación anómala pola que atravesaba o bispado de Tui e, especialmente, porque “*la cibdad de Tuy ques cabeça dese dicho obispado está tomada e ocupada por el adversario de Portugal*”.¹⁶⁶

A misión asignada ao novo correxedor será “*procurar la pacificación e sosiego e buena guarda e defensión desas villa e logares*”.¹⁶⁷

Asumirá plenos poderes, ficando suspendidos as xustizas e oficiais ordinarios. Poderá nomear oficiais e lugartenentes que administren xustiza pola coroa, requirindo dos concellos axuda de xentes e armas. Por riba de todo terá facultades para desterrar e remitir á Corte aos cabaleiros e outras persoas poderosas que dificulten a súa misión, sen que estos poidan alegar razón algunha para desobedecer a súa orde:

“*Otrosy es mi merced que, sy el dicho Juan de Sandoval mi corregidor entendiase ser cumplidero a mi servicio e a execución de la mi justicia, e a la pacificación e sosiego e buena guarda desas dichas villas e logares e tierras o que qualesquier caballeros e personas vesinos dellas e de fuera parte que en ellas están salgan dellas e que non entren nin esten en ellas, e que vengan e se presenten personalmente ante mi en la corte doquier yo sea, que ge lo pueda mandar e mande de mi parte.*”¹⁶⁸

O correxedor cobrará o seu salario a conta das vilas e coutos do bispado tudense.

O control ao que se ve sometido a rexión de Tui fica como un verdadeiro estado de excepción, aínda que coa cidade baixo o control de Pedro Álvares e dos seus homes, pero cun punto de inflexión importante na anarquía tudense.

¹⁶⁴ Prot. Lib. XXV. Fol. 48. 15 novembro de 1480.

¹⁶⁵ Funcionario real con atribucións xudiciais e gubernativas.

¹⁶⁶ García Oro; Galicia..., pax. 329.

¹⁶⁷ Ibidem. pax. 330.

¹⁶⁸ Ibidem.

Nese ano de 1478 xa comezaría a actuar Juan de Sandoval, tal e como se ve na súa implicación no caso de Estevo Martíns, apreixado polo “rehabilitado” Xoán Fereiro¹⁶⁹. O correxedor liberaría a Estevo Martíns de toda fianza e pena por medio de “*duas cartas do corregedor como ho dava por quite e por libre...non comprisse con a dita pena*”.¹⁷⁰

Esta sería unha medida máis para someter, nunha acción contundente, ao Conde de Camiña, na que entraría polos anos 1479-1480 o gobernador D. Fernando de Acuña e as “*cuadrillas de la Hermandad*” entestadas polo seu xefe Antón de Paz xunto cos xa habituais Fonseca e aliados.¹⁷¹

A loita final de Pedro Álvares.

O Soutomaior, despois de retornar da súa prisión (liberado gracias a mediación de Afonso V que o intercambiara polo fillo do Conde de Benavente, D. Luis Pimentel), recuperaría posicións no bispado tudense no mesmo ano de 1478.

En 1479 o arcebispo de Compostela, Afonso de Fonseca, intentaría un ataque máis sobre Tui: “*Y quantas cabalgadas haçia el arçobispo de Pontevedra para Bayona, y para Tui, y para Sobroso, y para ver de ir a Vigo y a Redondela, primeramente se havia de aposentar en Castricán*”¹⁷².

Castrizán era o pesadelo de Pedro Madruga, non pararía ata que a tomase, xa fose chovendo, nevando, treboando, de noite, ou alborexando. Caería a fortaleza nese ano de 1479, o que suporía un alivio para o Soutomaior.

Aínda que a súa posición militar se afortalara, no terreo xurídico Pedro Álvares perdía terreo, e máis cando a opción portuguesa non tiña máis posibilidades que negociar a paz. Nestas paces contemplábase o perdón xeral, asinando os Reis Católicos unha cédula de perdón para o Conde de Camiña o 7 de marzo de 1480, pero baixo o período “*desde quel dicho Rey de Portugal entro en estos nuestros reynos fasta el día 15 de septiembre de 1479*”, extendéndose o indulto a toda clase de delitos “*asi contra nos como contra nuestras reales personas, e contra el bien publico destes nuestros reynos, como en cualquier manera*”.

Do perdón ficaban fóra as arroutadas accións do Conde por terras galegas, o que daba pulo para converter ao Soutomaior no maior problema da Coroa. Aínda ficaban prisioneiros en mans de D. Pedro como García Sarmiento, ou as posesións eclesiásticas de Tui.

As cartas dos Reis Católicos contra D. Pedro para que devolvese as propiedades usurpadas a D. Diego de Muros e liberase aos prisioneiros que tiña no seu poder eran contundentes: “*Por esta nuestra carta mandamos al Arcediano de Camaces del nuestro Consejo, e a los corregidores e asistentes, alcaldes, alguaciles e otras justicias qualesquier del nuestro reyno de Galicia que vos constringan e apremien a ello, e se para lo asy faser e cumplir, favor e ayuda menester ovieren, por esta nuestra carta mandamos a los Condes, perlados, rico-homes, e a los concejos, justicias, regidores, caballeros, escuderos, oficiales e omes buenos de todas las cibdades e villas e logares del dicho reyno de Galisia... que vos lo den e fagan dar*”.¹⁷³

Na curia romana tiñan unha tebroza imaxe daquel guerreiro galego que violentara o corpo e os bens do bispo de Tui. D. Diego de Muros encargárase

¹⁶⁹ Ver nota 271.

¹⁷⁰ Prot. Lib. XXV. Fol. 247. 23 setembro de 1478.

¹⁷¹ García Oro; Galicia..., pax. 330.

¹⁷² Vasco de Aponte; op. cit. pax. 244.

¹⁷³ García Oro; La Nobleza..., pax. 243. cédula do 9 maio de 1480.

persoalmente de levar a denuncia a Roma (ano 1479) en nome dos Reis Católicos, presentándoa deste xeito:

“Direys a Su Sanctedad que...Pedro Alvares de Sotomayor, de mucho tiempo aca, tiene por fuerça tiraniçada la yglesia, cibdad, de todo el obispado de Tuy e se intitula Vizconde de la dicha cibdad, ques de la iglesia e obispado della, e provee de las dignidades, calongias e beneficios a personas ynabiles e priva dellas a las que justamente las poseen e encarcela los clerigos e los rescata e fase otras muchas exorbitancias ajenas de modo catholico christiano”.¹⁷⁴

Pedírase para o Soutomaior graves censuras eclesiásticas, xa que logo, non resultara ata o de entón a conminación por parte dos Reis Católicos a que devolvese Tui ao bispo, nen tampouco que D. Diego declarase contra o Conde a excomuniión e o entredito.¹⁷⁵

As batallas de Salvaterra e Fornelos foron os dous derradeiros choques bélicos contra D. Pedro nas guerras nobiliarias. Na primeira participarían Fonseca e o Conde de Monterrei. Sería no cerco da fortaleza miñota cando serían liberados os prisioneiros do Soutomaior, García Sarmiento e Fernán de Camba. Salvaterra manteríase nas mans de Pedro Madruga.

A partires de aquí comeza a intervir no problema Soutomaior o Gobernador da Galiza, Fernando de Acuña, quen entraría en negociacións co Conde de Camiña, pasando varias fortalezas ao control do Gobernador.

A batalla de Fornelos (1483) converteríase nun enfrontamento da nobreza local de cara a rematar coa aínda forte posición do Soutomaior no bispado tudense. A coalición formaba por D. Diego de Muros, García Sarmiento, os Avalor, Montenegro e o correxedor de Baiona, remataría en descalabro, morrendo no seu cerco os irmáns Francisco e Lope de Avalor.

Os Acordos

Pedro Madruga estaría en Tui o 28 de agosto de 1480, a razón era a doazón que lle facía a súa tía Dona Maior *“de todos seus bens de rais que ella ha e ten en todo o reino de Galisa”*. Como testemuñas estarían os escudeiros do Soutomaior; Pero Cruu, Álvaro de Cadaval, Xoán de Sequeiros, Sueiro Pero, Alberte e Pandino.

De Tui probablemente voltaría as súas posesións, quizais no mesmo ano de 1480 pasase a Portugal desde onde establecería relacións co Gobernador Fernando de Acuña.

Co gobernador acordaríanse o intercambio de fortalezas, iniciativa que partía de Acuña para intentar cumprir as paces establecidas entre Portugal e Castela nas que os Reis Católicos outorgarían *“cartas porllas quales perdonarom a el (Pedro Álvares) e a todos sus homes e criados todas e quales quer coas e muertes e prision de omens e robos e rescates...fasta quellas dichas pases fueron asentadas”*¹⁷⁶, restituíndose todos aqueles bens e rendas que fosen tomados.

Pero na relación feita polo Conde de Camiña das fortalezas e casas fortes que tiña no reino advertía do recelo cara algúns cabaleiros e outras persoas para que non llas fosen tomar porque *“qual se ansi passase requeberia agraveo”*¹⁷⁷. Este chamamento ao gobernador D. Fernando de Acuña e ao alcalde maior o licenciado Gonzalo Lopes de Chinchilla, entraba no temor que no intercambio fosen apoderadas as devanditas

¹⁷⁴ Ibidem. pax. 241.

¹⁷⁵ Ibidem.

¹⁷⁶ Prot. Lib. XXV. Fol. 2. 26 maio de 1481.

¹⁷⁷ Ibidem. fol. 1. 26 maio de 1481.

fortalezas polo arcebispo de Compostela ou os seus aliados, perdendo unha das súas principais vantaxes nas negociacións.

Mais non sería dos outros cabaleiros galegos dos que tiña que rexeitar o Sr. Gobernador senón do propio Pedro Álvares.

Na restitución de Tui, Fernando de Acuña non tería en conta o señorío que sobre a cidade ostentaba o bispo D. Diego de Muros. O gobernador decidiría negociar co Conde para ver de apacificar o Reino, principal obxectivo do seu cargo en Galiza.

O acordo entre Acuña e Soutomaior deixaba temporalmente en mans do Gobernador ou un seu subordinado a cidade e fortaleza de Tui arredor da fin do verán de 1480. Era preciso cumprir o protocolo do Preito e Homenaxe, polo cal Pedro Madruga, segundo o “código feudal”, acataba e poñíase baixo as ordes dos Reis Católicos.

A ocupación da cidade e fortaleza por parte do Gobernador non debía ser todo o pacífica que o cabido tudense desexase, sendo o mesmo caso para Ourense e Compostela. Para este problema resolverán os cabidos das devanditas igrexas unha solicitude á Corte que non debía ser grata aos seus prelados.

Os cóngos compostelanos Gonzalo de Ulloa e Alonso García, o cóngo ourensán Macías Afonso e o Arcediago de Montes tudense Vasco de Marçó, “*por sy en nombre de los deanes e cabildos dela dichas yglesias catedrales de Santiago, e de Tuy, e de Orense, nos fisieron relación por su petición disiendo que en el dicho reyno de Galisia están enfortalescidas e encastilladas las dichas iglesias catedrales de Santiago e de Tuy e de Orense e las iglesias de Mondoñedo e Puertomarín e otras iglesias e monasterios, delas quales e de cada una de ellas se han fecho en los tiempos pasados e se fassen de cada día muchas fuerças e robos e muertes e otros delitos e males, de que asy las personas eclesiásticas de las dichas (iglesias catedrales) como los vesinos e moradores de las cibdades e villas e comarcas resciben intolerables fatigas... e dapnos e males.*”¹⁷⁸

Pero o gobernador, coa misión de acalmar as rebeldías da nobreza continuaría o proceso devolvéndolle Tui a Pedro Madruga nas condicións determinadas. A entrega da cidade prorrogárase ata o Nadal de 1481:

“*Pero Arias e Joan Fernandes (escudeiros de Pedro Madruga) disieron que por quanto el dicho señor conde ovo entregado al dicho señor don Fernando la çibdat e iglesia e fortaleza de Tuy para quela el toviese por çierto tiempo para que passado aquel el dicho señor don Fernando seiendo requerido por el dicho señor conde gela ovieste de tornar e entregar conçiertas condiçiones e ençierta forma segundo e como mas complidamente se contenia en çierta escriptura que el dicho señor don Fernando avia fecho e otorgado al dicho señor conde e agora el dicho señor conde por serviçio dellos dichos Rey e Raina nuestros señores e entendido que complia asi alla paçificacion e sosego deste reino avia...de prorogar el dicho tiempo...fasta el dia de navidat primero que verna*”.¹⁷⁹

As condicións para a devolución da cidade ao Conde de Camiña estaban dispostas en previsión dalgunha das temidas argalladas ou enganos do Sr. Conde:

“*Entregaria...al dicho señor conde...la dicha iglesia e fortaleza...del dia que fuere requerido fasta veinte dias primeros seguintes el qual dicho requerimento le aia de seer fecho en persona del dicho señor don Fernando se estoviese dentro de veinte e çinquo legoas entorno dela dicha çibdat de Tuy e si estoviese mas lexos que baste que sea fecho al alcalde que por el toviera la dicha fortaleza... le entreguaria la dicha*

¹⁷⁸ García Oro; Galicia..., pax. 344.

¹⁷⁹ Ibidem. 24 maio de 1481.

çibdat s eestoviese a su mano libre para la poder entregar pero que non fasia ni procuraria ni daria lugar ni consentimiento directe ni indirecte en manera alguna que la dicha çibdat fuese tomada ni ocupada por otra persona alguna para que se impidiese la restituçon e entrega que dela le avia de faser, antes que se por persona alguna en el dicho tiempo fuese tomada ocupada para enpedir la dicha entrega le ajudaria e favoreceria con su propia persona e con todas sus forças a su costa para que la recobrese e tornase aaver e cobrar e que non dexaria de ajudar en elo e quanto el dicho señor conde persegiese la recuperaçion dela fasta quela oviese recobrado e guardaria e conpliria lo susodicho realmente e sin arte e sin engano ni cabtella alguna e que non veinia que ello in contra parte dello a algun tenpo ni por alguna manera sopena de periuro...que fechen la dicha entrega...dentro de dies dias primeros seguintes contados del dia quele fuese entregada al dicho señor conde la non çerquaria ni combateria ni furtaria ni tomeria por la fuerça ni lo consentiria en manera alguna con todo su leal poder antes lo estorvaria con todas su forças e a todo su poder...non la tomara ni tomara ni cometera de tomar ni por taero ni per furto ni por escalla ni por canber ni en outra maneira alguna sin voluntad e mandamento del dicho señor don Fernando...”¹⁸⁰

Entre os presentes no traslado do documento na cidade tudense achábanse varios escudeiros da súa alteza; Gil de Varacaldo, Fernán Vasques, Staçisto del Campo, Pedro de Xaramillo; xunto a eles Xoán Fernandes de Aldán, escudeiro de Pedro Madruga.

Pero a propia entrega da igrexa e fortaleza de Tui viña xa con engano do Sr. Conde. Pedro Álvares fixera entender ao D. Fernando de Acuña que el estaba apoderado da Igrexa de Tui e que lla entregaría para realizar o preito e homenaxe tornándolla en certo tempo, todo isto polo ben e sosego do reino, algo que cumpría ao servizo do Rei e Raíña.

A verdade non era esta, xa que a igrexa estaba en posesión do Deán Pero Martines, co obxectivo de garda-las escrituras, ornamentos e vasos sagrados que en ela estaban. Vindo á cidade o Arcediago de Camaces, Antón de Pas¹⁸¹, solicitaría en nome dos Reis Católicos ao devandito Deán a entrega da fortaleza da Catedral cumprindo os mandamentos dos ditos Rei e Raíña¹⁸², obedecendo Pero Martines ante os documentos presentados polo devandito Arcediago de Camaces.

Ante a situación de espera a que Pedro Madruga voltase e tomase a cidade e fortaleza, atoparíase o bispo tudense D. Diego de Muros, quen xa estaría na cidade o 21 de novembro de 1481.

O cabido tiña que prantexarlle ao bispo, co cal estaban reunidos na capela de Santo André, o medo e temor que representaba o posible retorno do belicoso Soutomaior, por elo o primeiro era entregarlle a D. Diego as escrituras e privilexios que “*con grande industria e miedo del dicho Conde de Camina aviam en llo tenpos passados gardado...para que con ellas pudiese demandar e defender llas cossas e señorío de la dicha iglesia*”.¹⁸³

O segundo punto estaba nas posibles consecuencias que presentaba a volta do Conde: “*...era y es mui çierto e verissimille que el dicho Conde de Camina si en llos tenpos passados tracto mal al dean e cabildo tomandolles sus bienes prendiendo e desterando llas personas del dicho cabildo tomando e fasiendo por força quele diessem e aforassem llas possessiones e rentas dela dicha ighlesia que de aqui adelante lo faria*

¹⁸⁰ Ibidem.

¹⁸¹ Era xefe dos cuadrilleiros da Santa Hermandade, quen se caracterizaban polas súas varas pintadas de verde, encarnado, azul e amarelo.

¹⁸² Prot. Fol. 74. 26 novembro de 1481.

¹⁸³ Ibidem.

peor e a elos e a sus personas non seeria maturo nin seguro estar nin entrar en la dicha su iglessia mas antes se fasta aqui por miedo e fuerça que el dicho Conde de Camina fasta al deam e cabildo le aviam aforado e dado muchos e la maior parte dellos bienes e rentas dela dicha iglessia”.¹⁸⁴

A solución para evitar as represalias de Pedro Álvares pasaban por refuxiarse noutro lugar á espera do que acontecese: *“e agora lles seeria forçado dele dar esto que quando e amy con todo esto sus personas e vidas non seerian seguras por ende que todos juctamente el dicho señor obispo con acuerdo e espresso consentimiento...por miedo que dixierom que teniam de perdes sus vidas personas e fasiendas bienes e rentas... se fuesem e passasem a la villa de Baiona...e estoviesem e ressidiessem en la iglessia de la dicha villa fasta e tanto que todos juctamente obispo e cabildo viesem que seguramente podiam tornar a la çibdat e iglessia”*.¹⁸⁵

Namentres tiñan que esperar ao recurso enviado aos Reis Católicos sobre a entrega da igrexa ao Arcediago de Camaces, quen viñera en representación dos ditos Rei e Raíña. Baixo un acordo con Pedro Madruga podía ocular o ben particular en detrimento ao ben universal e xeral da igrexa, pospoñendo o ben común e xeral da dita igrexa e as súas liberdades, privilexios, rendas e señorío.

Ante os posibles males que puideran acontecer estableceron uns estatutos dos que ningún cóengo ou persoa do cabido puidese tornar e residir na cidade de Tui sen o consentimento e outorgamento do bispo e cabido xuntamente e baixo a pena de incurrir *“en sentençia de escomuniom e sea privado de qualles quiera benefiçios calongia o dinidat”*.¹⁸⁶

Esta medida puidera estar en relación a prever unha coartada legal ou política do Conde.

O 3 de decembro estableceríase a prohibición de residir en Tui a partires de oito días logo desta data. Pero a marcha dos cóengos e personas da igrexa de Tui retrasaríase ata nova orde de D. Diego de Muros quen xa estaba en Baiona. Esta medida puidera vir da intención de esperar acontecementos e de se non resultaba mellor a presenza na cidade do cabido de cara a contestar o poder do Conde.

En Tui todos agardaban ao Soutomaior, para ben ou para mal. O propio cabido esperaba a súa vinda de cara a que pagase certas débedas; *“e deron espacio ao dito Alvaro Peres (morador na Guarda) fasta vinda do Conde a Caminna ou Valença ou daquel cabo e que estonçes ele dava a todas sua fe de traballar fasta que o Conde pagase aos senhores este anno passado de oitenta e hun e non querendo o Conde pagar que fasta quinse dias despois de sua vynda elle veria pagando ou diçendo aos ditos senhores en como o Conde non queria pagar e que estonçes o cabido os poodesse demandar novamente”*.¹⁸⁷

Os Acordos de San Domingos

Pedro Álvares de Soutomaior retornaría a Tui por facer cumprir o ordenado nas paces feitas entre Portugal e Castela, pero tratando directamente co bispo tudense.

O cinco de maio de 1482 sería devolta a cidade e igrexa ao seu señor o bispo, e logo tres días despois comezarían as negociacións.

O encontro entre ambo-los dous inimigos sería na Sala Capitular do convento dominico de Tui, nun arrabaldo da cidade. Como testemuñas estaban o Conde de Altamira Don Lope de Moscoso, amigo de Pedro Madruga; D. Fernando de Castro,

¹⁸⁴ Ibidem.

¹⁸⁵ Ibidem.

¹⁸⁶ Ibidem.

¹⁸⁷ Ibidem. fol. 78. 23 xaneiro de 1482.

arcediago de Nendos (Santiago); o Mariscal Suero Gomes de Soutomaior; o arcediago de Montes, Álvaro de Marçoo; e o Prior do convento de San Domingos, Frei Álvaro de Tui.

O debate discurriría acalorado entre D. Diego e D. Pedro. O punto central era a lexitimidade do Conde de Camiña para apropiarse da cidade de Tui, da vila da Guarda e o seu alfoz, os mosteiros de Tomiño, Budiño, Santa Baia e Barrantes; as cámaras de Bembibre, Beade, Parada e Coruxo e maillos coutos de Nigrán e Forcadela.

D. Pedro estaba na pose destes bens eclesiásticos por un troco co cabido, mais este producírase ilegalmente por non estar presente o bispo, ademáis de que o pago (os 5.000 maravedís de xuro de herdade nas Alcabalas de Tui) era cantidade excesivamente miúda para cambiala polo valor da vila da Guarda e o seu alfoz.

A cidade tudense, da que argumentaba Pedro Madruga que fora mercé do rei Enrique IV (desmentido polo propio rei en vida), por ser cidade de señorío episcopal non era posible que obtivera o devandito Pedro Álvares o viscondado sobre a cidade.

A tódalas esixencias de D. Diego de Muros de devolución dos bens e propiedades episcopais, se lle sumaba unha indemnización de corenta mil floríns de ouro polos danos e costas ocasionados a el e ao seu bispado.

Non estaba xa en boa posición Pedro Madruga para esixir nada, xa que a restitución das propiedades episcopais estaba baixo a presión dos Reis Católicos, polo que non lle ficaba outra saída que renunciar a todo:

“...Conde de Camina dixo que por se quitar de debate e contenda e por descargo de su conçiencia e del anima del dicho Alvaro de Sotomayor su hermano sequeria demitir e dexar e demetia e dexava de todo lo susso dicho e de cada cossa e parte dello, e primeramente por que al tempo que el dicho señor rey dom Enrique le fesiera la dicha merçed de la dicha çibdad de Tuy el penssava quela dicha çibdad era realenga e que el dicho señor rey le podia faser la tal merçed e agora le constava e sabia quela dicha çibdad era del dicho señor obispo e dela dicha su iglessia”.¹⁸⁸

De igual xeito renunciaría ás demáis propiedades da vila da Guarda, mosteiros de Barrantes, Tomiño, Santa Baia das Donas, Budiño; cámaras de Bembibre, Beade, Parada, Coruxo; e coutos de Nigrán e Forcadela.

Finalmente rendería Preito e Homenaxe á igrexa de Tui nas mans de D. Lope de Moscoso, Conde de Altamira.

Probablemente guiasen a Pedro Madruga cálculos oportunistas movidos pola conxuntura política, pero en realidade D. Pedro non renunciaba ás súas pretensións nen ao seu estilo de vida, polo tanto, como dí García Oro, non estamos ante unha conversión do rebuldeiro Soutomaior.

A Corte acollería con satisfacción este acordo, polo menos íase apagando a fogueira erguida pola nobreza galaica. Aprobaríase o acordo entre bispo de Tui e Conde de Camiña mediante unha cédula suscrita en Córdoba o 26 de xullo de 1482. Semellaba que a tranquilidade retornaba ao bispado tudense logo de décadas de opresión e medo.

As consecuencias das guerras na cidade tudense

Desde a revolución Irmandiña, 1467, ata as paces entre Portugal e Castela en 1480, a cidade de Tui converteríase no campo de batalla, albo dos contendentes e chave para a dominación da rexión.

Xa o diría o bispo D. Diego de Muros nas Ordenanzas municipais por el promulgadas o vinte e sete de decembro de 1484:

¹⁸⁸ Prot. Lib. XXV. Fol. 88. 8 de maio de 1482.

*“La dicha nuestra çibdad padescio muchos males e dapnos robos e muertes de vezinos en manera que ha venido quasy en despoblacion e tan gran disminucion delo que solia ser que non tiene semblante ni apariençia de çibdad.”*¹⁸⁹

Estas consecuencias aparecerían tamén no rural, como aconteceu no ano 1477 en Barrantes, cando un testamento, por falta de notario, o tivo que facer o crego de Tomiño, e o xuíz de Barrantes pedía ao notario do cabido, o cóengo Fernán Peres, que autorizase tal instrumento argumentando para elo *“que enna terra a non podia autorisar por mingoa de testigos deramados e en guerras e fugidos de suas casas que le pedia que dese a ella sua autoridat.”*¹⁹⁰

Na cidade certificamos un número excesivo de casas arruinadas, atestiguado tamén no rural:

*“Casa en Tui, ao canto da rua da frecha, ...que coreega a dicta cassaa de pedra tela madeira e pregadura e por quanto a dicta cassa esta dapnificada a correga doje en tres anos a vista de mesteiraas.”*¹⁹¹

*“E este susso dicto disserom os dictos sennores que por quanto aquella cassa que enno adro junto con a casa de Afonso de Cabanas en que soia de viver Vasco de Marçoo arçediano de montes esta por correger e queimada aqual tynna hun enxido que elles davam o dito enxido a Lianor Alvares por venta do dicto arçediano por que andasse con a outra cassa que a dicta Lianor Alvares tragia aforada do cabido entremente sse as outras nom correge se de todo e corregendosse as outras cassas de todo que sele ornasse seu enxido.”*¹⁹²

Isto sinala un nivel xeral de destrucción con casas derrubadas e queimadas. Nos foros a ubicación dunha casa ou o que ficaba dela (pardíñeiro ou formal) fica descrito por uns arredores totalmente devastados: *“Hun pardíñeiro e formal de cassa...ena rua da porta Vergaan o qual parte da huna parte con casa en que mora Enes Calva e da outra parte con cassa que agora jas deribada en que suia de morar Costançã Finoa e da outra parte entesta contra cassa que agora jas deribada...”*¹⁹³

Entre outras referencias atopamos unha de 1486: *“e presentada ansi la dicha escriptura ante el dicho vicario logo a dita Maria Fernandes diso que por quanto enas guerras que foran enesta çibdad ela perdera outra tal scriptura de foro que da cassa tynna”*¹⁹⁴, diversificándose as consecuencias da guerra non só na destrucción das casas, senón e tamén por perdas materiais, fuxidas da cidade, mortes...

Á hora de sinalar os propietarios ou foreiros dos inmobles e pardíñeiros tamén será un síntoma claro das pasadas guerras a frecuencia das mencións a mulleres, algunhas delas viúvas. Reflicte as levas forzosas, xa apuntadas desde tempos de Álvaro de Soutomaior, dos homes da cidade, ademais da súa participación na defensa da cidade contra os continuos cercos sobre Tui e a súa integración nas milicias populares Irmandiñas.

Quen provocaría a destrucción da cidade sería o estado, case permanente, de sitio ao que se estaba sometendo á cidade. Desde tempos de Álvaro Paes, cos ataques conxuntos dos Pimentel e Sarmiento en 1456 e 1459, Tui sufriría continuos cercos, como o dos Irmandiños en 1467; o de 1471-1473 por Pedro Madruga e os seus aliados;

¹⁸⁹ Sánchez Carrera, M^a del Carmen; “La Gobernación de la Ciudad de Tui a finales del siglo XV”, Tui, Museo y Archivo Histórico Diocesano, tomo VI.

¹⁹⁰ Prot. Lib. XV. Fol. 245. 24 febreiro de 1477.

¹⁹¹ Ibidem. fol. 73. 4 novembro de 1481.

¹⁹² Ibidem. fol. 73. 4 novembro de 1481.

¹⁹³ Ibidem. fol. 125. 20 febreiro de 1483.

¹⁹⁴ Prot. Lib. XXV. Fol. 178. 5 abril de 1486.

o de Ladrón de Guevara en 1476 coas trinta naos biscaíñas; o de D. Diego de Muros en 1477; ou do arcebispo Fonseca en 1479,....

Todos estes cercos podemos supoñer que tiñan o apoio de artillería, empregada por Pedro Madruga, cuxo expoñente era a *Bombarda*, ocasionando suficientes estragos como para que a cidade tardase varios decenios en se recuperar, aínda que en algúns aspectos non chegaría a facelo completamente.

A reconstrucción da cidade

D. Diego de Muros, logo de recuperar a cidade e o seu señorío, tería unha labor dura por diante para devolverlle-la vida á cidade de Tui e ao seu bispado.

O primeiro feito por el realizado sería a convocatoria dun Sínodo Diocesano a celebrar en novembro dese mesmo ano de 1482.

A intención do bispo era “*endereçar e reformar la vida de sus subditos, e apaçentar sus ovejas e animas a el encomendadas en sanctos exenplos e apostolicas doctrinas*”.¹⁹⁵

Fica claro que os eclesiásticos da diocese xa non respeitaban os preceptos relixiosos, principalmente polo abandono á que se viu sometida a rexión e o relaxamento dos bos costumes: “*E considerando asy mismo que ha trinta e tres annos, poco mas o menos tiempo, que la nuestra iglesia cathedral e obispado ha estado y estuvo tiranizado e profanado, e que los prelados e obispos que en este tiempo fueron non entraron ni podieron entrar en el dicho obispado por miedo de los tiranos que lo tenian e tovieron ocupado...e porque los buenos usos e costumbres antiguos e hordenançias de nuestro obispado por disuetud de tanto tiempo eran e son abolidos e quitados, e las constituciones que los nuestros antecesores antiguamente fizieron en los signodos, unas por non se usar, otras por non se fallar, eran e son de todo punto dadas en olvido*”.¹⁹⁶

Son cinquenta e seis as constitucións do Sínodo, dispostas para reformar e reorganizar a vida diocesana. Isto encaixaba na política de renovación e reaxuste relixiosos promovida polos Reis Católicos. A xustificación de D. Diego de Muros era clara e contundente á hora de realizar este sínodo.

Entre o establecido ficaba a anualidade da celebración dos Sínodos diocesanos; a celebración dos días 5 e 8 de maio como festa, Traslación de S. Agustín e Sta. Catarina de Siena, respectivamente, que eran as datas da devolución do seu bispado e cidade.

Un punto principal, pero no que a súa posta en marcha con anterioridade sería un fracaso, era a prohibición que “*los monasterios, cámaras, bienes e rentas...que fueron sacados del poder del dicho conde de Camiña, ni otras posesiones ni bienes...se puedan vender, cambiar, ni aforar, ni enajenar, ni arrendar al dicho conde de Camiña, ni a sus hijos, nietos, descendientes...ni a otros señores cavalleros ni a otros hombres poderosos... mas antes se den a labradores e a personas llanas e abonados que reparen e labren los dichos bienes...*”.¹⁹⁷

Pretende o bispo armonizar as relacións do cabido e os cregos diocesanos, sobre todo tratando de salvar os enfrontamentos que chegaron a ser habituais nos tempos de Álvaro Paes e de Pedro Álvares.

Organízanse os actos litúrxicos e o establecemento das dignidades catedralicias. Estrutura a igrexa de Baiona tra-los graves acontecementos das pasadas guerras entre Castela e Portugal.

¹⁹⁵ Antonio García; Sinodycom Hispanum, Tomo I, pax. 343.

¹⁹⁶ Ibidem.

¹⁹⁷ García García, Antonio; Synodicum Hispanum, pax. 347-348.

Establece os modos das vestiduras dos cregos; as desvantaxes económicas dos beneficiados con respecto a outras dióceses; da moralidade dos cregos, dos seus coñecementos, residencia, prohibición de ser mercadores; da administración e recepción dos sacramentos; que non se violente a liberdade eclesiástica.

Por derradeiro está a fixación das festas de precepto e días de xexún.¹⁹⁸ Estas constitucións sinodais serían a base, polo completas, de posteriores constitucións. Sendo aínda eloxiada nas constitucións feitas polo bispo Pedro de Herrera en 1627.

Nese ano de 1482, D. Diego de Muros resolvería o conflito entre o Convento de San Domingos e a igrexa parroquial de San Xoán de Porto. Pola proximidade desta última non se podían rematar as obras da igrexa dos dominicos, polo cal o bispo incorporará a vella igrexa parroquial ao convento de pregadores mentres que a freguesía sería agregada á catedral. Este favorecemento por parte do bispo tudense, cando estes sempre estiveron en confronto cos frades dominicos pola súa continua intromisión na vida relixiosa tudense controlada por cabido e bispo, estaría relacionado pola orixe do propio D. Diego de Muros, frade mercedario e abade do convento de Toxos Outos, polo que comprendía e era afecto da vida monástica e predicadora.

Na liña de reorganizar a vida tudense, estaría o 27 de decembro de 1484 establecendo unhas ordenanzas municipais que superasen a anarquía do período anterior.

A primeira intención do bispo será aplicar a xustiza como virtude, cousa devezada por D. Diego xa que desde a constitución sinodal en 1482 a situación de presión señorial non debeu mellorar moito tal e como inclina a pensar as propias palabras do bispo sinalando en dous anos máis a tiranía sufrida: “...*considerando el grand defecto de justicia que ha avido enlla nuestra cibdad de Tuy de trinta e cinco annos desta parte enel qual tiempo la dicha nuestra çibdad padescio muchos males e dapnos robos e muertes de vezinos en manera que ha venido quasy en despoblacion e tan grand deminucion delo que solia ser que non tiene sempblante ni aparencia de cibdad e todo esto por mengua de justicia que en los dichos tiempos enlla dicha nuestra Cibdad ha avido estando como ha estado oppressa e tiranizada et apartada de su verdadero e antiguo señorío que es della dicha nuestra igleia e perlado della ...*”¹⁹⁹

D. Diego establece ben claro o seu señorío sobre a cidade, que sería total gracias á concesión de Enrique IV en 1473, na que lle outorgaría ao bispo a potestade de exercer por si só a xustiza á cidade.²⁰⁰

Aínda que esta situación era de todo punto contraria ao dereito secular do concello tudense hai que pensar que por este tempo dase a decadencia do dereito local²⁰¹, engadíndoselle a pouca forza e folgos que puidera ter o concello para lle facer fronte ás pretensións episcopais contra a autonomía municipal.

Para acadar o seu obxectivo, o bispo, consultaría as demais ordenanzas municipais, presentes nas cidades episcopais galegas: “...*queriendonos conformar con los costumbres antiguos que en la dicha nuestra çiudad solian ser y con los buenos usos y ordenanças de las otras çiudades, villas y lugares de aqueste Reyno de Gallizia, que*

¹⁹⁸ Ramón Rodríguez Otero; “Diego de Muros, Mente renacentista en mundo feudal”. TUI-Museo y Archivo histórico diocesano. Tomo VIII. Pax. 280.

¹⁹⁹ Sánchez Carrera, M^a. del Carmen; “La gobernación de la ciudad de Tui a finales del siglo XV”. TUI-Museo... , tomo VI. Pax. 49-50.

²⁰⁰ García Oro; Galicia..., tomo II, pax. 130.

²⁰¹ Sánchez Carrera, M^a. Carmen; “La gobernación...”, pax. 43.

son ansy mismo del señorío de las iglesias comarcanas de Santiago, Lugo, Orense y Mondoñedo".²⁰²

Pero D. Diego, como dí García Oro, non quería aprender do pasado e instituiría un réxime municipal no que a estricta e directa dependencia do bispo era a norma absoluta, descoñecendo monumentalmente as parcelas e os estilos de xestión autónoma que practicaban tradicionalmente os municipios galegos de señorío eclesiástico.²⁰³

A administración instaurada por D. Diego de Muros xirará arredor dun xuíz e catro xurados de elección directa e anual polo bispo, engadíndoselle un procurador elixido polos veciños. A fidelidade vasallática ao prelado que deben xuramentar os electos, é un rasgo máis do arcaísmo que presidirá o concello tudense, impedindo a reconstrucción e desenvolvemento da cidade.

A exacción fiscal aos rexedores, xuíz e notario, xunto coas viúvas que se comporten decentemente (que non traballen) e aos escudeiros (co fin de defender a cidade), será un defecto máis nas ordenanzas municipais tudenses que marcará negativamente o futuro económico, social e político da cidade.

A urxencia de D. Diego era manifestamente restaurar e asegurar o dominio señorial sobre a cidade polo que non entrará nas súas ordenanzas na administración dos bens do concello, nen na relación cos vasalos en canto a establecer ou lembrar a fiscalidade ou certos monopolios señoriais.²⁰⁴

Esta preocupación do de Muros pola señorialización da cidade fronteiriza non agrada aos Reis Católicos que no futuro contradirán as pretensións do bispo suplantando ao xuíz real.

A concordia sobre as barcas de pasaxe a Valença

Outro dos feitos salientables por D. Diego de Muros á hora de normalizar a vida tudense tra-las guerras e usurpacións acontecidas no pasado, está o acordo cos veciños de Valença para regularizar o tráfico fluvial entre ambas dúas beiras.

O 11 de marzo de 1485, nos Paços do Concelho de Valença, acordábase un ordenamento para a boa veciñanza entre os habitantes de Tui e Valença.

No acordo, de cara a acabar con preitos e contendas, regularizaranse as normas, límites, horarios e demais condicións que ordenaban a actuación das barcas nos seus respectivos portos. A barca de Tui só podería actuar desde "*o esteyro da ponte de Marioco*" (foz do Tripes), para desembarcar na parte de Portugal. A barca de Valença podía igualmente coller xente e carga desde "*o esteyro que ven pola ponte pedrina*" (na veiga valenciana). Cada barca actuaría somentes no seu porto.²⁰⁵

Obrigárase aos veciños e barqueiros que tivesen ben coidados os camiños de acceso aos portos, de xeito que tanto carros como persoas circulasen sen dificultades.

Só de día poderían circular as barcas, de non cumprirse tal medida, aplicaríanse fortes multas; 600 maravedís para Tui, e 1000 reais brancos para Valença.

Calquera clase de litixio sobre as barcas debería resolverse por mediación da xunta de homes bos, veciños e moradores da cidade de Tui e a vila de Valença.

Tamén a aplicación das penas tiña un carácter de relación entre ambas beiras, como cando aqueles que sendo estranxeiros e non pagasen a portaxe "*posan yr tras ele una legoa dentro en Galiza e outra dentro en Portugal con tanto que o tomaren en Galiza que o tragan a cidade de Tui con todo o que lle tomaren diante el Juez da dita*

²⁰² García Oro; Galicia..., tomo II, pax. 131.

²⁰³ Ibidem.

²⁰⁴ Sánchez Carrera, M^a. del Carmen; "La gobernación...", pax. 44.

²⁰⁵ Iglesias Almeida, Ernesto; Los antiguos portos de Tui y las barcas de pasaje a Portugal. 1984. transcripción do texto orixinal e comentario sobre as barcas de pasaxe. Pax. 48-49.

*cidade e que o tomaren en Portugal que o tragan ante o Juyz de Valença con todo o que lle tomaren por que se sayba se pago a aportaje ou he desencamynado...”*²⁰⁶

Seica con este aveciñamento pode darse por concluída as más relacións oficiais comezadas co Cisma en 1381, sería a continua ocupación e cerco sobre a cidade tudense a que impediría normalizar relacións, desde logo xa reanudadas moito tempo atrás polos veciños de Tui e Valença.

Os Veloso, inimigos de D. Diego de Muros

Comezaba o bispo a ver un pouco de paz e calma para facer a súa obra reorganizadora. Parte dos máis graves problemas da cidade ficaban resoltos, só o tempo marcaba os labores reconstrutores na urbe episcopal.

Pero con todo isto, a tranquilidade non era total. Seguía axexando o seu grande inimigo, Pedro Madruga, quen cos seus escudeiros os Veloso de Baiona, trataría de cortar as accións do de Muros.

O bispo achegárase ata Baiona en xullo de 1485. Curiosamente nun lugar onde tiña tantos inimigos e simpatizantes do Soutomaior. Malia que entrou na vila con escudeiros e peóns, a inxenuidade do prelado levouno a cometer un grave erro: *“despidió a los suyos, riñendo con ellos sobre la paga de las quitaciones”*. Só ficaría con vinte escudeiros por precaución²⁰⁷.

Baiona non estaba moi a favor do bispo. Esta oposición estaba presente en 1483 e fora creada por dous acólitos de Pedro Madruga, o rexedor Diego Veloso e Pedro Ariño. O bispo respondería coa excomunión e o entredito sobre a vila, penas eclesiásticas que non sacaría mentres estivesen en Baiona os dous cabaleiros do Soutomaior.

Pero a pasividade non entraba no vocabulario rebelde de Diego Veloso e Pedro Ariño, invadindo a casa episcopal de Aia, queimando, roubando e saqueando todo o que atoparon, cuxo valor ascendía a uns cen mil maravedís. D. Diego pediría axuda á Corte porque eran *“omes emparentados en la dicha villa e poderosos en ella”*²⁰⁸.

Os Reis actuarían ordenando ao gobernador e aos seus xustizas o cumprimento das penas impostas polo bispo. Do mesmo xeito Fernando de Acuña, a petición do cabido de Tui, actuaba contra Veloso pola *“mitad de la cámara de Coya”* que lle tiña usurpada.

Aínda que as victorias xurídicas obtidas polo bispo podían significar un cambio na situación, el sabía por propia experiencia que non se chegaría a nada se non actuaba con contundencia, polo que este debeu ser o motivo polo que se sumase ao cerco de Fornelos contra Pedro Madruga en 1483. Pero o fracaso o deixaba na mesma posición.

D. Diego no alxibe de Fornelos

A confianza e pouca precaución do prelado tudense en terra que estaba tan na súa contra levaríano a outro apreixamento, desta vez non tan longo, pero sí duro, tendo en conta a súa idade.

Baiona como vila reguenga, estaba baixo a administración dun correxedor, e baixo a protección deste axente real o bispo debía ter total confianza, despedindo aos seus escudeiros e peóns, só ficando cuns poucos.

Os acontecementos desenvolveríanse na súa contra: *“una noche del mes de mayo próximo pasado (1485), estando en la cama, en la casa de su obispalía, a la hora de media noche, poco más o menos tiempo, Payo Veloso, criado de Don Pedro Alvarez de*

²⁰⁶ Ibidem. pax. 74.

²⁰⁷ García Oro; La Nobleza..., pax. 250.

²⁰⁸ Ibidem. pax. 249.

Sotomayor Conde de Camiña, vino a la dicha villa con sesenta o ochenta omes criados e vasallos del dicho Conde con lanzas e vallestas e espingardas e otras armas los quales tomaron e escalaron la dicha casa e iglesia de la dicha villa y se apoderaron della e, asy apoderados, echaron apellido por la dicha villa disiendo Sotomayor, Sotomayor, e fueron a la dicha casa donde él estava, e combatieron e quebraron las puertas, poniéndoles fuego a ellas, e quemaron la dicha casa, e la quitaron por fuerça, le robaron toda su fazienda que ende fallaron, oro e plata e joyas e otras cosas, fasta en quantía de syetecientos mil maravedis, poco más o menos e le predieron su persona, e le llevaron preso, desnudo por el camino público a la fortaleza de Sotomayor, ques del dicho Conde, donde asy mismo llevaron lo que le avian tomado e robado, e en su presencia repartieron las cosas que le avian robado, llevando el oro e plata e lo mas principal que le asy avian tomado en la dicha fortaleza, e dis que llevaron presa su persona a un monte, donde le toveron tres días e después le tornaron a la dicha fortaleza donde el dicho Conde lo ovo en su poder e le tomó preso ochenta o noventa días, trayendole por los montes, dándole pan de centeno e d emijo a comer, a fin que diese la su iglesia e cibdad de Tuy, e dis que dicho Conde le puso en el aljibe de Fornelos trese dias, donde le cayeron los dientes, e dándole otras muy ásperas e duras pasiones, lo qual todo el dicho Conde fase a fin d ele tomar la su cibdad e Iglesia de Tuy.”²⁰⁹

A versión de Vasco de Aponte é máis simple e non engade tantos danos e sinsabores ao bispo: “*Y el obispo pensaba que estaba muy seguro; mas no se cató sino quando una noche, estando ençerrado en su casa, llegaron sesenta criados del conde de Camiña, de los quales yo, Vasco de Aponte, questo escrivo, conoçía por nombre a Fernán Pérez (hermano de Pedro Cru), y a Payo Veloso (castillero de Sotomayor), y a Vasco Torto, y Fernán Thomé de Nogueyra, e otros.... Y çercaron la casa con el obispo y encomençaron de meter çinco apellidos: “Sotomayor, Villamayor, Ulloa, Andrade y Moscoso”, y otros apellidos. Y aunque en los de la villa havia diez para uno, nunca osaron salir de su casa; y los del conde echaron fuego a la casa del obispo, y le sacaron preso por la barva ençima de una mula o macho, y traíanlo de monte en monte, y de val en val, y de fortaleza en fortaleza.”*²¹⁰

D. Diego de Muros foi receptor de tan grandes cuitas, que este continuo calvario sufrido ao longo dos seus case quince anos de pontificado o acreditan como un dos bispos, se cadra de toda a península, máis singulares.

A táctica seguida por Pedro Madruga contra D. Diego era moi semellante, senón calcada, da que realizara con éxito o seu medio-irmán Álvaro Paes contra outro Diego, desta vez Sarmiento (en 1455).

Na procura da liberdade do bispo queixaríanse ao gobernador da Galiza D. Diego López de Haro, pero o Conde de Camiña escribía aos seus amigos negando os feitos do apreixamento queixándose “*de sus criados diçiendo que nunca tal les mandara haçer*”²¹¹. Pero os seus amigos entendían a verdade e non discutían as razóns do Conde para facer tal acción.

Mandaríase ao correxedor de Baiona, o bacheler Fernando Yáñez, e un notario para requerir a liberdade do bispo. Pero Pedro Álvares xa entrara nunha espiral

²⁰⁹ Cédula de Alcalá de Henares 16 de novembro de 1485, en García Oro, La Nobleza..., pax. 250.

²¹⁰ Vasco de Aponte; op. cit. pax. 256-257.

²¹¹ Ibidem.

imparable e a resposta sería contundente: “*Les hizo prender e les tovo presos dos noches e un día.*”²¹²

Os chamamentos da Corte non facían efecto sobre o terror que estaba impondo o de Soutomaior. Ante situación tan delicada e véndose gravemente en perigo, D. Diego de Muros tiña que ceder ás pretensións do Conde: “*Por lo qual dis que le fue forçado, por salir de la dicha prisión e perdicion, temiendo que avia de morir en ella, de façer con el dicho Conde de Camiña cierta capitulación que dis que fiço, e que le perdono todo lo que asy le avia robado, e prometido dele aver absolucion del papa e perdon de nos e de la nuestra justicia e de le dar todas las cosas que el dicho Conde de Camiña e su hermano Alvaro de Sotomayor avian tomado de la dicha Iglesia de Tuy, asy mesa obispal como capitular.*”²¹³

Pero as capitulacións para o Conde non servían, xa que polo normal non eran cumpridas nen por el nen polos contrarios. Esixiría con inmediatez a D. Diego douscentos marcos de prata. En fianzas recibiría outros trescentos máis. De cen marcos fariáanse fiadores D. Lope de Moscoso, Conde de Altamira; e o Mariscal Suero Gómez de Soutomaior. De outros cen marcos respondería Álvaro de Gijón. O cabido tudense fiaría máis cen marcos de prata. Toda a cantidade de prata sería depositada na casa de Juan Rodríguez de Saa en Valença do Minho, na seguridade de ficar ao outro lado da fronteira.²¹⁴

Suero Gómez o Mariscal, diría a Pedro Álvarez : “*Señor primo, haçed de dos la una: o tomad este obispo y ponedle en la seo iglesia de Tui tan honrradamente como nunca trajeron obispo y despedid de vuestro serviçio quantos le prendieron, o tomadlo y echadlo en un poço porque los muertos no saben hablar*”, replicaría de novo D. Suero “*Yo digo lo que se me entiende: haçed vos lo que quisierdes, pero séame Dios testigo que este obispo es falsa besta*”.²¹⁵

Tal consello non sería seguido polo Conde, e o bispo de Tui sería liberado.

D. Diego de Muros voltaría a cidade de Tui onde “*aperçibió su casa de vitualla, escuderos, peones y lo que le haçía menester*”, desde aquí diría ao Soutomaior “*que de cuanto le havía prometido que no lo quería atender... pondría buen recado en sus puertas*”²¹⁶, queixándose aos Reis e solicitando deles a anulación da vergoñosa capitulación, conseguíndoa logo mais o que non podería anular serían as torturas e humillacións sufridas e tamén os cartos perdidos.

Virían a ver ao prelado tudense tódolos seus amigos, e D. Diego disimularía o seu pesar cunha humorada, “*que desde fuera preso que le hiçiera Dios mucho bien al cuerpo, porque antes de preso se sentía mal dispuesto*”, a isto comentaría o abade de Conxo, Frei Diego de Saldaña “*Señor: si un físico (médico) havía de llevar a Vuesa Señoría seteçientos mil maravedis por curarle, lo mismo se es*”²¹⁷.

Logo das guerras e loitas entre bandos nobiliarios, aos malfeitores apreixados pola acción da xustiza real aplicada por Gobernador e Alcaldes Maiores sumábaselle un número excesivo e a febleza das probas para condenar aos encausados. Isto engadía grandes complicacións para aplicar correctamente a lei requerindo dun acto de gracia por parte dos Reis Católicos para solucionar os problemas existentes no reino e de paso de cara a afortalar a súa imaxe entre os seus vasalos.

²¹² García Oro; LA Nobleza..., pax. 251.

²¹³ Ibidem.

²¹⁴ Ibidem.

²¹⁵ Vasco de Aponte; op. cit. pax. 258.

²¹⁶ Ibidem. pax. 259.

²¹⁷ Ibidem.

Serían os procuradores dos municipios galegos quen en 1482 proporían á Coroa un perdón xeral.

O perdón sería concedido mais coa precaución que querían impoñer os propios Reis. A concesión fariase realidade o 22 de decembro de 1486 cumpríndose a grande perdoanza e amnistía total sobre os delitos cometidos ata o día da súa entrada en Galiza. Pero ao se realizar o perdón por un poder dado ao gobernador e alcaldes maiores estes poderían conceder ou denegar a devandita remisión, segundo o seu parecer máis conveniente.

Os Reis farían un nova e xenerosa perdoanza xeral en 1487, declarando extintos todos os reatos existentes desde a data de nacemento ata o día 8 de setembro de 1486 para *“todos los que fueren a servir a la guerra de los moros, desde el veynte y cinco de março que viene, el tiempo quel Señor Gobernador e los señores alcaldes mayores que (con) su merced se hallaren o la mayor parte dellos mandaren, tanto que no sea menos de quatro meses.”*²¹⁸

Tanta benevolencia tiña as súas excepcións, sobre todo daqueles casos que eran coñecidos por tódolos galegos: *“los que fisieron muerte segura con ballesta, o los que fueron en prender al Reverendo Padre Obispo de Tuy e al Conde de Ribadavia o traerlos por los montes”*.²¹⁹

As opinións sobre os cativerios de D. Diego de Muros

Os feitos aquí relatados tomaron un cariz lendario ao pouco tempo, distorsionando a realidade histórica.

Fusionaríanse nun os dous cativerios do bispo tudense. Vasco de Aponte só narra o aprexamento de 1485, esquecéndose, non sabemos se intencionadamente, do acontecido en 1477 cos quince meses nunha gaiola e en ferros na praza de Valença.

Os sucesos ficaron prendidos na memoria popular, e o cronista e bispo de Tui Frei Prudencio de Sandoval relataría en 1610 a versión pintoresca a el descrita dos acontecementos vividos polo bispo D. Diego de Muros: *“Cuentan estas pendencias, y trabajos, que esta Iglesia padecio muchos, que conocieron a algunos que se hallaron en ellas. Y la cautela con que don Pedro Aluarez de Sotomayor pidio al Rey don Henrique, titulo de Vizconde de Tuy, y lo alcanço, y vino aquí, y entro de paz en la ciudad, y en la casa del Obispo, y cerrandose con el en vn aposento, con color de visitarle cortesmente, y que queria comer con el vn Venado, que avia caçado. Le prendio, y maniato, y haçiendo señas por las ventanas, a los que dexaua armados en zelada, acudieron, y entraron en el palacio Episcopal, y sacaron preso al Obispo publicamente, diciendo palabras afrentosas: y el Capitan desta prision, y gente, que el Conde traya, fue vn escudero Regidor de Bayona, que se llamaua Pay Veloso, y le lleuo preso al monte con gran vituperio, y deshonra de su persona, y de todo el Clero vniuersal, y Iglesia”*.²²⁰

A Igrexa de Tui encastillada

Coñecida a nova en Tui do aprexamento do bispo por parte dos homes de Pedro Álvares, non habendo alternativa, pecharíase a catedral como precaución ante o posible asalto do Soutomaior sobre a cidade.

O cabido debía efectuar os seus oficios na igrexa de Santa María da Oliveira: *“seendo en cabildo enna igrexa de Sta. Maria d’Oliveira juntos persom de canpaan tangida para faser seus ofiçios segundo seu costume por que a igrexa cathedral de Tuy*

²¹⁸ García Oro; Galicia..., pax. 378.

²¹⁹ Ibidem.

²²⁰ Frei Prudencio de Sandoval; Antigvedad dela ciudad, y Iglesia cathedral de Tuy..., pax. 187.

esta encastilada e non se abre por la prisiom do reverendo senyor dom Diego de Muros obispo de Tuy.”²²¹

Malia da volta do bispo á cidade episcopal, a situación debeu continuar ameazante para manter aberta a Catedral: *“Estan en cabildo enna igrexa de Sta. Maria da Oliveira por que a igrexa cathedral non se abria...”*.²²²

O cabido non tardaría en condenar a toda a familia Veloso polas súas malfeitorías, deste xeito o 9 de agosto de 1485, deixaba por nulos os foros que Álvaro Veloso tiña da igrexa de Tui: *“...o lugar do Outeiro e o lugar de Curvian e os moinnos de Rio Moinnos que estan junto con os pelames que son da tença de San Bertolameu e o forno cotineiro e as tres casas da praça que esta enna dita çibdat de Tuy...”*²²³

Cumpría o cabido co estipulado no Sínodo diocesano de 1482 en canto ficarían vagos os foros que estaban na pose de persoas que fosen contra a igrexa de Tui: *“se continna huna claussula que se o dito Álvaro Veloso ou suas voses fosem contra o dito cabido ou persoas singulares del que por ese mesmo feito perdesen os ditos foros e benfeitorias deles e que porquanto o dito Alvaro Veloso fora contra a igrexa e o bispo da dita igrexa de Tuy e seus fillos Pai Veloso e Joan Veloso prenderam ao reverendo senyor dom Diego de Tuy e que eso mesmo foram con os do conçelo de Bayona que a igrexa de Tuy tina no val e que que eso mesmo por quanto acharam que eno sinodo passado que o dito senyor obispo avia fecho pronunciara por vacos todos os foros que o dito Alvaro Veloso do dito cabildo tyna...e que por queeles costava todo seer asi e era verdad que eles asi por o dito Alvaro Veloso seer contra a igrexa como por la prisiom que os ditos Pai Velloso e Joan Veloso seus fillos feseram ao dito senyor obispo como por non pagar os ditos foros a a igrexa como era obrigado...”*²²⁴

Paio Veloso aínda tentaría, continuando o labor de Pedro Álvares de Soutomaior, quitar todo poder sobre Tui ao bispo, pero cun cobizoso plan internacional, o fracaso faríase realidade sendo condenado polo bispo D. Pedro Beltrán en 1497.

Non ficaría moito máis tempo o bispo D. Diego de Muros en Tui. No ano 1487 sería trasladado á diocese de Ciudad Rodrigo, ntercambiando o bispado mirobriguense co seu bispo D. Pedro Beltrán e baixo a aprobación dos Reis Católicos.

Marcharía D. Diego coa satisfacción de ver caír no esquecemento ao seu máis grande inimigo, Pedro Madruga. O rebelde Soutomaior sería traizoado polo seu fillo, Álvaro, no 1486 cando este, co apoio da súa nai Tareixa de Tábor, ocupe a fortaleza de Soutomaior e os bens e patrimonio familiar. Pedro, en Portugal, xa non podería facer nada, intentando desheredar ao seu fillo no testamento por el redactado en 1486, porén, sen éxito xa que logo, Álvaro, herdaría todo o morgado de Soutomaior.

A fin de Pedro Madruga sería escura, alimentando a lenda que xira entorno a esta personaxe capital da historia galega. A súa morte, cando fracasa a iniciativa dun novo perdón real na corte instalada en Alba de Tormes, será tema de suposicións para o mesmo Vasco de Aponte: *“Unos dixeron que el Conde muriera allí de unos carbunclos; otros dixeron quel alcalde Proaño entrara... con sus porquerones y que le echara un*

²²¹ Prot. Lib. XXV. Fol. 174. 1 agosto de 1485.

²²² Ibidem. 9 decembro de 1485.

²²³ Ibidem. fol. 184. 9 agosto de 1485.

²²⁴ Ibidem.

garrote al pescuezo; unos dicen que fue de una manera, otros que fue de otra; quizá fue de entrambas maneras”.²²⁵

D. Pedro Beltrán

D. Pedro era mallorquín de orixe, chegaría a Tui en 1487, e a súa misión sería continuar co labor de reconstrucción apostólica comezado polo prelado anterior.

A cidade continuaba nunha situación tensa, produto dos males causados aos seus veciños polas últimas incursións de Pedro Madruga e os seus escudeiros.

Os abusos practicados por parte dos nobres e cabaleiros da rexión continuarían algúns anos máis, non desaparecendo totalmente a anarquía na diócese ata ben entrado o século XVI.

O labor reconstructor do bispo Beltrán tamén cae sobre as propias edificacións eclesiásticas, moi deterioradas polos ataques das guerras pasadas.

Con isto, D. Pedro ampliaría a absida da Catedral, e comezaría as obras da sala capitular e sacristía. Tamén lle debemos un novo cadeirado do coro e varias reparacións na claustro.

Estaría encargado o novo bispo de dotar a igrexa tudense de pezas para o culto, xa que, a excepción das que deixara D. Diego de Muros, logo dos saqueos perpetrados no século XV, desaparecera toda peza de valor existente na catedral.

Entre as pezas doadas polo bispo mallorquín estaba a monumental cruz de prata que só saía (polo seu tamaño) no Corpus e nalgunha celebración especial. Sería roubada polos franceses en 1809.

Contenda das Portaxes

Logo das guerras, nas que se tiñan abandonado moitas das tradicións e costumes, conviña voltar á normalidade que a memoria, xa lonxana, aínda conservaba.

Pero os costumes, senón favorecían aos máis fortes, era mellor deixalos fóra e impoñer nas formas, máis favorables aos intereses particulares que ao ben común.

Isto acontecería coas portaxes, tributo non cobrado con anterioridade e que os máis poderosos da diócese querían impoñer

No ano 1489 o Alcalde Maior no reino de Galiza, o doutor Sancho García del Espinal, facía chamamento ao bispo de Tui, D. Pedro Beltrán; a D. Álvaro de Soutomaior, Conde de Camiña; e a García Sarmiento, señor de Sobroso, por canto recibira queixas dos moradores da vila de Vigo en relación a *“queles estando en paçífica possessiom e costume antigua de pagar los portadgos de Salvatierra e dela puente de las Achas e del porto Felguera e de los otros que son en el obispado de Tuy a los portageros que vos otros e cada huno de vos los aviam de aver de cada carga de pescado seco çinquo blancas e de cada carga de pam e vino dos blancas e de panos dies blancas, e que agora de dies anos a esta parte poco mas o menos tenpo los dichos portageros que en vuestros nonbres e de cada huno de vos estan en el dicho obispado les han levado e lievan en vuestro nonbre e por vuestro consentimiento al dobro de los derechos que de los dichos portadgos se han de pagar...asi mesmo les lievan e han levado portalgos de muchas cossas que nonlo deven nin son obligados a pagarlo...”*²²⁶

Resulta curiosa a implicación do bispo no caso. Posiblemente non lembrando como eran exactamente os costumes e usos vellos poñeríanse imposicións demais, violándose os dereitos e privilexios que posuían determinadas poboacións. Isto tivo que facer xa D. Diego de Muros para a portaxe e dízimas da cidade, na que preguntaría a dous notarios de Tui, sobre a súa memoria, o que se gravaba nesos tributos.

²²⁵ Vasco de Aponte; op. cit. 482-483.

²²⁶ Prot. Lib. XXV. Fol. 197-198. 28 abril de 1489.

Non era legal impoñer novos tributos, segundo orde expresada nas cortes de 1464 polo rei Enrique IV. Pero nesta contenda, as xentes denunciaban “*que...es puesto e poneies portages nuevos en lugares que nunca se acostumbraron poner*”²²⁷.

D. Diego Lopes de Haro, Gobernador de Galiza, faría “*pregonar eneste dicho obispado que se gardase la dicha costumbre antigua en que los vezinos e moradores del senpre estovierom çerca de los dichos portadgos*”²²⁸.

A denuncia non chegaba só aos novos portaxes nen á violación de privilexios senón e tamén aos abusos practicados no cobro forzado da portaxe, tal e como lle acontecera ao veciño de Vigo, Gonzalo Afonso, a quen lle levarían unha capa cuxo valor andaba nos oito reais de prata, na portaxe das Achas, imposta por D. Álvaro de Soutomaior.

A tal inxustiza e contra-dereito, o gobernador de Galiza obrigaba ao Conde de Camiña á devolución da devandita capa, ademáis de apremiar a retirada de tódalas portaxes novas.

D. Diego López de Haro lembraba o dictado polos Reis Católicos, D. Fernando e D^a. Isabel, na súa estancia en Galiza en 1486, momento no que xa se denunciaba “*que a caussa de los escándalos e buliçios que en el dicho reyno ha avido e de la poca justiçia que por entonçes avian muchos cavalleros e otras personas del dicho reyno tomaron osadia e atrevimiento de poner inposiçiones asi asus vassallos como a otras personas estrangeras del dicho reyno como a los naturales del syendo proibido e defendido por las leys de nuestro reyno e poniendo nuevos portadgos e otras inposiçiones en partes e logares que nunca se uso ni acostumbro e los vezinos del dicho reyno reçebiam grande agraveo e dapno e nos suplicarom e pediron por merçed açerqua dello con remedeo del dicho reyno....*”²²⁹

Para isto, os Reis recurrirán ás devanditas cortes de 1464 nas que Enrique IV “*por todos los derechos e leys e ordenanças de vuestros reinos es defendido que non se otorgue ni faga portadgos ni se pidan ni lieven tributos ni inposiçiones so qual quer nonbre e color que sea de mercaderias ni de bestarias ni de pescados ni por otro ni robor ni color que sea...*”²³⁰

O labor do bispo D. Pedro Beltrán non só debeu consistir en cumprir as mandas do gobernador, senón e tamén as penas canónicas oportunas aos infractores das disposicións dos Reis Católicos. Neste senso temos varias referencias ás portaxes en anos posteriores, como unha de 1507 na que estaba involucrada a Condessa de Camiña, D^a. Inés Enríquez de Monroy, muller que fora de Álvaro de Soutomaior:

“*...ordenaron que se fezese huna carta de entredito para el de portadgo que se intimase a de portadgo e a la condessa senon en las iglesias mas comarquanas e a los clerigos e se publicasen e troxese la publicaçion enna spaldas ben puesta e ordenada e ordenaron que se citasen la condessa con el mandamento de los señores e dizen que non ousa ninguno de lo fazer, ordenaron que citasen los clerigos que dizen myssa con el de portadgo que esta escomulgado e al que prende a condena por que non dizia myssa con os escomungados e que promotor fiscal ponan a demnada contra eles para que den fe do que faz a condessa e faça estromento sobre elo e que con este estromento e con ho aucto de çitaçon vaan aos doutores.*”²³¹

²²⁷ Ibidem.

²²⁸ Ibidem.

²²⁹ Ibidem.

²³⁰ Ibidem.

²³¹ Prot. Lib. XXIX. Fol. 145. 7 abril de 1507.

O Acordo dos Panos

Un dos puntos problemáticos da cidade era a tributación sobre o que se denominaban “*panos camas e dizimos personaas e coroados*”, gravando sobre diferentes aspectos da vida urbana; a morte, os beneficios, etc.,

Era un conflito xa vello, case un prolongamento do preito dos Arrianos. As difíciles condicións de Tui a fins do século XV, facían destas tributacións unha carga excesivamente onerosa para a poboación na que se creaba tensión e conflictividade.

A tal fin o concello, co xuíz Vasco Camiña na testa, solicitarían do bispo D. Pedro Beltrán un acordo para eliminar as ditas imposicións:

*“...e disseron que por quanto se esperava seer contenda question e debate de e sobre razon dos panos camas e dizimos personaas e coroados que non se podia bien igoalar con suas curas porque quando se falescia algun que les avyan de pagar o pano e cama enno çoçello que os capellans non eran contentes e que demandavam mais e que asi mesmo do dizimo personal e coroados non querian suas curas tomar os dineiros de agora senon coroados antigos ou queles desen por cada coroado quatro brancas en maneira que senpre avya disension e contenda entre ellos e que a las denegadas los escomungavan”*²³².

As argumentacións do concello para lle tirar tan grande carga eran fáciles de comprender para bispo e cabido. Primeiramente tirar de si a conflictividade social que supuñan os tributos, sobre todo no período de reconstrucción da cidade; logo chamar a atención do bispo e cabido sobre a súa obediencia e vasalaxe; finalmente, a repoboación da cidade, extenuada tra-las guerras pasadas.

O bispo aceptaría o pedimento do concello, mais para tirar tan gran beneficio tiñan que ter algunha compensación, quizais como precaución por algunha invalidación legal.

Finalmente o “*cabido acuerdo con el dicho reverendo señor obispo e el obispo con el cabildo por se quitaren de custas dapnos discordias dissensiones e malquerençias e males que por oucassion delo ontre eles verisimelmente podia recresçer...*”²³³, decidirían unha “*avinça e amygable composición*” deste xeito; que “*la dicha çibdad non pagasen paño de meenfesto nin cama al tempo de su finamento nin pagasen dizimos personal nin coroados e fuesen libres e quites de todo ello para sempre jamais*”²³⁴.

Serían beneficiados deste acordo tódolos veciños e moradores de Tui, a excepción dos “*peregrinos camyneros e otros honbres que anden a jornal que estos que paguen como senpre pagaron*”.

En recompensa de tan grande ben que lle facía o bispo e cabido, a cidade estaría obrigada de dar “*e den en cada hun año por dia de pascoa de resurreiçon aa dita igllesia e capellans para senpre jamais çinquenta e çinquo reaes de prata que son myl e vinte e tres maravedis vellos... poendoos enno dicto dia de pascoa florida a mysa enno altar mayor da dicta igllesia e chamando para os reçeber os ditos capelans da igllesia que por los tenpos foren*”²³⁵.

Quen se facía cargo e estaba por fiador e debedor e principais pagadores era o xuíz Vasco Camiña e Gomes Mouriño e Gonzalvo de Quantos, os quais o facían libremente e por pracer de facer ben á dita cidade.

Remataría así unha longa xeira de conflictividade social, normalizando a vida na cidade e preparándoa para unha mellor repoboación.

²³² Prot. Lib. XXIX. Fol. 8. 18 febreiro de 1494.

²³³ Ibidem.

²³⁴ Ibidem.

²³⁵ Ibidem.

Os Reis Católicos contra a intromisión episcopal na xustiza da cidade

O bispo D. Diego de Muros ideara un réxime municipal á medida do Señorío episcopal. Xa recibira xesto favorable por parte do rei Enrique IV sobre a suplantación do tradicional xuíz real por un de exclusivo nomeamento episcopal.

Os Reis Católicos non estaban dacordo con esta decisión, e xa manifestaran a súa intención cando en 1478 puxeran correxedor para o bispado e cidade de Tui de cara a contrarrestar a usurpación do Conde de Camiña e refrenar as pretensións señoriais de D. Diego.

O problema tudense presentárase nos tribunais reais cando o de Muros muda a súa diócese pola de Ciudad Rodrigo.

García Oro supón que esta revisión do tema tudense nos tribunais obedécese a algunha iniciativa da cidade, ameazada polo reforzado control episcopal.²³⁶

É difícil pensar nalgunha intervención do concello tudense no caso, pois as dificultades que atravesaba a cidade non permitía unha posición de forza e de desafío ao poder episcopal.

O veredicto e decisión sobre a atribución do xuíz, saíra o 6 de novembro de 1496. Isabel e Fernando desautorizaban solemnemente os tratos anteriores do bispo Diego de Muros con Enrique IV. Suplantábase ao tradicional xuíz real “*que en nuestro nombre administre justicia*”. Segundo o rei Don Enrique “*por ruego del obispo de la çibdad, consintio quel dicho obispo proveyese del dicho ofiçio en cada año, e que como la justicia se fazia en nuestro nombre se fiziesen en nombre del dicho obispado e ante el se libren e determinen*”.²³⁷

Para os Reis Católicos era unha intromisión, pero tamén un problema que debían estudar, sobre todo e debido a posición estratéxica da cidade.

A Conspiración de Paio Veloso

Paio Veloso foi un dos principais implicados na prisión e saqueo do bispo D. Diego de Muros en 1485. A súa aversión ao bispo viña do tempo da querela habida entrambos. Paio era rexedor en Baiona e fiel aliado de Pedro Madruga. Cando a desaparición do Conde, Paio Veloso asumiría o papel desestabilizador no bispado tudense.

D. Pedro Beltrán condenaría ao escudeiro revoltoso na Sinodal de 1497: “*Item por quanto Pay Velloso escudero, regidor de la villa de Bayona de Minor que uvo preso al reverendo sennor don Diego de Muros obispo que foy de Tuy nuestro antecesor que santa gloria aya e lo truxo al monte con grande vituperio e desonrra de su persona e de todo el clero e universal iglesia en el qual obispado per la graçia de dios nos don Pedro Beltran suçedimos e somos obispo e el dicho Pai Velloso non seendo contento do mal e dapno que avia fecho al dicho reverendo sennor obispo don Diego de Muros e seiendo forero desta iglesia ha tentado e tento contra nos e nuestra iglesia en tractar como tracto e procurar como procuro de dar desperdida nustro justicia e posesiones e jusdiçion desta nuestra çibdad e rentas que la dicha nuestra iglesia ha e tiene e nos avemos e tenemos en su nombre... non lo mirando como devia e como deviera bueno e leal forero de la dicha iglesia mirar antes lo mirando como enemigo de la iglesia perdiendo como perde ipso facto todos los fueros e rentas... e encorrendo por ello en escomunión e otras graves pena e derecho...e mandamos porque al dicho Pai Velloso e a los otros que del descenderem por linea masculina sea castigo e a otros exemplo que los fijos de aqueste nin sus nietos e bisnietos usque in quartam generaçonem non aiam*

²³⁶ García Oro; Galicia..., tomo II, pax. 132.

²³⁷ Ibidem.

*benefiçio nin benefiçios nin ofiçio nin honra nin bienes rentas nin fueros en la dicha nuestra iglesia catedral...*²³⁸

Paio Veloso entablaría boas relacións coa Corte portuguesa do rei D. Manuel I. Xa tiña a confianza do anterior monarca, João II, pola detención de certo piloto o cal Paio Veloso “*le prendió e se lo entregó*”. Recibiría da corte portuguesa determinadas consignas secretas de grande transcendencia.

Pero un dos feitos máis extraordinarios protagonizados por Paio Veloso, foi o intento de entregar Tui, Baiona, Salvaterra, Soutomaior e Pontevedra a Portugal.

O apoio dos portugueses ao rexedor baionés materializaríase non só na confianza da corte ao seu proxecto de futuro senón e tamén por unha “*carta de creencia a Pedro Gómez de Abreu*” co encargo “*que lle dese qualquier favor e ayuda, que le fuese menester, para que, séndolle mandado por su Alteza de tomar esta cibdad de Tuy o fazer otra qualquier cosa en este Reyno en Vayona e Salvatierra e Sotomayor*”²³⁹.

Veloso víu propicias as circunstancias estando disposto a cumprir o pactado “*despues de tomado avia de dar todo a obediencia del dicho Señor Rey de Portogar e su fijo el Príncipe*”.

Na corte de Castela descoñecía-se toda a conspiración de Paio Veloso, e isto tradúzase na “confianza” posta en el nomeándoo xurado de Baiona.

No ano 1499 existían condicións para poñer en práctica o plan. Polo reino circulaban rumores sobre a saúde da raíña Dona Isabel. Tal e como prantexaba Paio Veloso coa morte da raíña produciríase un baleiro de poder no reino, xa que logo, os casteláns non consentirían o goberno en soidade do rei Fernando.

Os rumores chegarían tamén á corte portuguesa, na que Paio Veloso aproveitaría para entrevistarse co rei D. Manuel. As propostas feitas por Paio ao rei serían declaradas ao xuíz de Tui Vasco Camiña o 12 de maio: “*que él fuera a falar al Rey e se le ofreciera de lo servir en algunas cosas cumplideras... diciéndole que el Obispo de Tuy estaba en esta ciudad de Tuy, e que como estava en este extremo no sabía el dicho obispo, ni estaría a su servicio ni del Príncipe su fijo, que sy el dicho Rey de Portugal quisiese, que avería e tomaría la dicha cibdad de Tuy, en manera que la dicha cibdad estoviese a su servicio e del señor príncipe su fijo, e eso mismo que también ternia manera de tomar a Bayona, e a Salvaterra, e a Sotomayor, e que el Rey le agradeciera mucho bien su voluntad, e que le disiera que tobiese cargo de lo servir e que le faria merced, e que quando el semejante oviese d eser, que él le mandaría dar todo el favor y ayuda para ello*”²⁴⁰.

Veloso procuraría a colaboración de portugueses como Juan Rodríguez de Saa, D. Álvaro e D. Diego Lobo. En Tui, Veloso non dubidaba que se lle abrirían todas as portas da cidade, pasando pola casa do bispo onde contaba cun amigo incondicional. Na cidade confiaba atopar o apoio da colonia portuguesa e nos amigos que tanto Paio como o seu irmán Pedro tiñan. Para Veloso todo aparecía tentadoramente fácil.²⁴¹

Paio presentárase de novo ante a corte cos novos plans, recibindo a aprobación e novas cartas de creencia para o cabaleiro Pedro Gomes de Abreu. Este diría “*al dicho Payo Veloso que mirase bien en que le ponía, e quel non fose cabsa de su muerte, e quel sabía bien quel dicho Señor obispo era ombre que sabía bien lo que le compria, e que se sabía bien defender, e que les costaría a ambos las cabezas*”²⁴².

²³⁸ García García, Antonio; *Synodicum...*, Sinodal do Bispo Pedro Beltrán 1497.

²³⁹ García Oro; *La Nobleza...*, pax. 257.

²⁴⁰ *Ibidem*.

²⁴¹ *Ibidem*.

²⁴² *Ibidem*.

Replicaría euforicamente Paio Veloso: “*No dudes nada de lo que yo fago, que donde yo porne la cabeza, bien podeis vos poner los pies, pues quel Rey de Portugal nos lo manda, e sed cierto que la cosa avera su afecto*”.

Desgraciadamente para Veloso os cálculos resultaron prematuros e trabucados, o que lle suporía un confrontamento xudicial cando os Reis Católicos souberon a conspiración por carta do bispo Pedro Beltrán o 12 de maio de 1499.

Sé Vagante e Entredito sobre Tui

O bispo D. Pedro Beltrán marcharía á corte de Roma polo ano 1504, e alí morrería en 1505, declarándose a diócese en sé vagante.

Como en tempos xa pasados, non tardarían en sucederse os problemas ante a falta do bispo e señor na cidade e diócese tudense.

A orixe desta prolongada sé vagante estaba na obstinación dos Reis Católicos en defender o seu dereito de presentación ante a Curia Romana, creando dificultades que prolongaría o problema tudense.²⁴³

Roma xa proveera bispo para Tui, nos primeiros momentos de vagar a sé, nomeando o papa Julio II como bispo de Tui a D. Juan de Sepúlveda, pero nunca entraría no bispado tudense por negarse os Reis Católicos a esta elección.²⁴⁴

O cabido tudense tampouco recoñecía este nomeamento, alegando no seu descargo que non recibiran letras apostólicas²⁴⁵, aínda que se aprecian preferencias por D. Martín de Azpeitia.

De D. Martín existen notas na documentación tudense nas que o cabido proveería a un criado seu, Juan Brandón, como meiriño da Guarda, agardando que D. Martín de Azpeitia fose prelado de Tui.²⁴⁶

Pero poucos anos despois, observando o cabido que D. Martín tiña serias dificultades para ser bispo de Tui, e que o devandito Juan Brandón fora despedido da casa do Mestre de Azpeitia, estando ademáis casado e vivindo en Valladolid, lle retiraría a merindade da Guarda, xa que a vila estaba sufrindo graves inxustizas pola falta dun meiriño.²⁴⁷

Os problemas para Tui comezaron nada máis morrer o bispo D. Pedro Beltrán ou xa na súa ausencia. O cabido mandará ao tesoureiro Rodrigo Afonso a Santiago a denunciar ao Gobernador os danos e males que García Sarmiento estaba a cometer sobre Torrón, Porto e Zamáns: “*...que mandase a Rodrigo Afonso a Santiago sobre certas coussas que Garcia Xarmento fazia de dapno a esta iglesia sobre o Torron e Porto e Çamaans ao denunciar ao gobernador e señores para que manden hun pesquessidor a que vena veer como se garda a carta de enparo de sus altezas desta iglesia e se informe das forças que Garçia Xarmento e Deego Xarmento le fazen.*”²⁴⁸

Ante a previsión dunha prolongada sé vagante o gobernador da Galiza mandaría a Tui ao escudeiro Álvaro de Taboada para tomar posesión da fortaleza-catedral, nomeamento de oficiais e dos froitos que rendía o bispado. O cabido ante esta

²⁴³ Hernández Matías, Antonio; “Vacante continuada y entredicho en el obispado de Tuy (1505-1514)”, TUI-Museo y Archivo..., tomo V, 1989. pax. 119.

²⁴⁴ Ibidem.

²⁴⁵ Ibidem.

²⁴⁶ Prot. Lib. XXIX. Fol. 129. 29 maio de 1506.

²⁴⁷ Ibidem. fol. 197. 11 xuño de 1509.

²⁴⁸ Ibidem. fol. 117. 17 setembro de 1505.

intromisión que non especificaba as cartas largadas polos Reis, contestarían que eles poñerían oficiais e provisosores “segundo que se avian acustunbrado poner sede vacante”²⁴⁹.

Contra-argumentaría Álvaro de Taboada expoñendo que o “governador le mandara tomar la dicha iglesia la fuerça della e recrestar los fructos e tomarlos del dicho obispado”²⁵⁰.

Non tardaría en voltar o escudeiro do gobernador con máis armas xurídicas e militares coa intención de facer cumprir o mandado polo seu señor: “...Alvaro de Tavoada... por mandado del governador el se cretava e tina tomado en secresto esta igllesia e fructos e rentas... quelle desen o que avian apanado del obispado”²⁵¹.

Malia a posición de forza que tiña Álvaro, o cabido o faría amolar seriamente polo tema das chaves do tesouro, onde estaban os diñeiros do bispado: “...e gonçalo de Duraton respondeu que o que tina apanado do bispado que estava posto debaixo de dos laves que en el cabildo presento e que lo mederian e darian conta a quen devesen e el dicho Alvaro de Tavoada s efue para el en el cabildo e le tomo las llaves e eso mesmo diso el dicho Alvaro de Tavoada que en el tesoro desta igllesia estava trinta e tantos myl maravedis que eran de la obispallia que requeria al cabildo que gelos mandase dar e luego joan collaço e lourenço corea diseron que eles tinan las laves de la arca del thesoro onde presente myn notario avian postos os dictos dineiros que entregavan ali las llaves al cabildo que las mandase gardar a el dicho alvaro de tavoada se alevantou rrijo donde estava e tomo las dichas chaves e diso que luego le diesen las llaves de las puertas del thesoro para tomar los dichos dineiros de secresto senon que quebraria las puertas e el dicho cabildo dixo que el fazia grande fuerça a esta igllesia e cabildo e que a las cousas que el rey mandava fazer eles non podian resistir polo que eles protestavan de se queixar al santo padre e onde eles podesen e devesen con dereito e de non ser obligados a cousa eles nen seus beens e fazendas...”²⁵²

Sobre a diferenza que existía entre Álvaro de Taboada e o cabido tudense habería un concerto no ano seguinte nos “que los dineros que se cogiese de las rentas del obispado se pongan dentro desta igllesia en huna arca del thesoro de la qual tenga huna lave el dicho Alvaro de Tavoada e otra el sacristan e de la puerta prinçipal del thesoro se tengan tres laves huna Juan Collaço canonigo e otra el sacristan e otra Alvaro de Tavoada”²⁵³.

O de Taboada ficaba como Alcalde da fortaleza-catedral e de facto como gobernador militar de Tui, cumprindo unha finalidade que Tui non abandonaría ao longo dos séculos seguintes.

Debido á ausencia de bispo na diocese a vida relixiosa relaxábase obrigando ao cabido a nomear como “meirino dos clerigos a Juan do Cadaval por quanto muchos estaban escomulgados e outros asi frades como clerigos fazian excesos e non querian obedesçer a a igllesia nen a eles por estar como estava sede vacante para que o que por eles vicario fose mandado eno exçitamento da justiçia ele ho fezese quando por eles lle fose mandado”²⁵⁴.

²⁴⁹ Ibidem. fol. 118. 7 outubro de 1505.

²⁵⁰ Ibidem.

²⁵¹ Ibidem. fol. 120. 31 outubro de 1505.

²⁵² Ibidem.

²⁵³ Ibidem. fol. 133. 8 xullo de 1506.

²⁵⁴ Ibidem. 15 xullo de 1506.

A peste de 1506

Nestes tempos, non só os problemas relixiosos ou políticos aqueixarían a vida cotiá de Tui, outro máis grave para a poboación desenvolvíase e atacaba por sorpresa.

A peste chegou a Tui no verán do ano 1506, co cal engadiría un problema ao cabido para levar a conflictiva sé vagante. Marcharían da cidade o xuíz e o meiriño apurando aos procuradores a nomear ao Meiriño episcopal e que exercera os labores da xustiza mentres os outros estivesen ausentes: *“por quanto asi o jues como ho meirino se foran desta çibdad causa da pestillença e mandaron a min notario dar hun mandamento desto que mandavan ao dito Juan de Cadaval e lle entregou logo huna vara de justiçia el dicho señor arçediano e o dicto Juan de Cadaval diso que açeptava la dicha merindad e que todo lo que fose serviçio de dios e de la igllesia e justiçia que seendo le mandado por los dichos señores vicario que ele o faria.”*²⁵⁵

O cabido querendo cubrir os servizos mínimos na igrexa requeriría dos cregos a estancia nela en troco do pagamento en moeda e en trigo : *“Açerca de ressidir enna igllesia que el que fuere a mallar que le sean dados dez dias de sua requiraçon porque a igllesia non fiçase sen serviçio por amor da pestillença e se non vieren passados os des dias que non gaanen requiriçon nen trigo por la requiriçon e que o diga cada hun quando se fuere.”*²⁵⁶

O cabido non ficaría parado no tema do alcalde Álvaro de Taboada. Para Lugo, a falar co Gobernador, ía o vigairo, mais Fernando de Vega proveería dun xeito ao vigairo e doutro (o que lle interesaba) ao escudeiro Álvaro de Taboada. O cabido protestaría abertamente ao alcalde por estas malinformadas provisións do Gobernador *“porque non les pareçia ponendo los dineros de la obispallia en manos e poder de juan fernandes nen de ruy lopes nem del dicho alcalde seer cossa segura como el alcalde tenga peones estrangeiros e vaia a muchas partes e se poderia seguir dapno asi de robo como de furto e eso mesmo estando la çibdad tanto dapnada de pestillença que morrendo qualquera dellos se podia todo perder de que el alcalde nen ninguno dellos non podian dar buena conta al rey nuestro señor e la iglesia reçeberia grande dapno e destrimente e a caussa desto ya dias he eneste negoçio el cabildo avia proido de poner lo que se dese la obispallia...”*²⁵⁷

Constatamos a existencia de dous problemas: o primeiro, o temor aos males que puideran causar os homes de Álvaro de Taboada; o segundo, que por razón da peste puidera morrer calquera ficando a cidade en perigo de perderse, síntoma da preocupación fronteiriza e temor a un posible ataque dos portugueses aproveitando a feble conxuntura política da Coroa de Castela.

Concertarían con Álvaro de Taboada o reparto das chaves do tesouro, a maior parte as tería o alcalde (tres ou catro), e outra estaría baixo o beneficiado elixido por D. Álvaro. O cabido obedecía o que era do agrado da súa alteza, o rei Felipe I, ficando Tui como un baluarte real na fronteira con Portugal.

O conflito relixioso non remataba somentes na continuada sé vagante, ademáis contaría co entredito de Roma sobre a catedral e cidade a partires de 1507, probablemente para contradecir a decisión real de converter a igrexa nunha fortaleza militar usurpando tamén as rendas episcopais.

²⁵⁵ Ibidem.

²⁵⁶ Ibidem. 1 agosto de 1506.

²⁵⁷ Ibidem. fol. 136. 28 e 29 setembro de 1506.

O cabido debía mobilizarse, non tardando en facelo: “*en Sta. Maria da Oliveira en cabildo... que eno entredito que era posto era necesario inviar a Santiago al consejo huna persona... pois era para defenssion dela dicha iglesia.*”²⁵⁸

Neste tempo (13 de febreiro) o alcalde da fortaleza xa era Afonso de Fonseca. Sería requerido polo cabido tudense: “*...en Sta. Maria da Oliveira dentro del coro de la dicha iglesia por que estava intredicho puesto en la dicha çibdad estando ai presentes... paresceu ai el señor don Afonso de Fonseca fidalgo alcalde de la iglesia de Tuy e presente en el dicho lugar a los dichos señores las provisiones suso dichas de parte del rey Fernando e del rey Fillipe reys que fueron de castilla con las quales de parte de la reyna nuestra señora e del ylustre señor don Fernando infante de granada e governador en el reyno de galiza requierio les quisen los dichos señores obedecer e enlas obedecendo las mandasen conprir segundo e enla forma que enellas se contenian e que de cómo las intimava.*”²⁵⁹

O entredito pesaba moitísimo sobre as xentes do común, sendo moi negativo para as festas máis tradicionais, polo que o procurador do concello, Pedro Velloso, pediría ao cabido a suspensión do entredito ata tres días despois da festa do Corpo Santo, cousa que aceptarían os cóngos de bó grado.²⁶⁰

Para máis tarde constaba por unha carta do gobernador D. Fernando de Vega, o levantamento do entredito o 16 de marzo de 1507, non producíndose máis novas sobre o particular.

Como menciona Antonio Hernández Matías²⁶¹, a situación do cabido debía ser moi precaria. Sen bispo que protexa a diocese e cidade de Tui; a intromisión dos axentes reais nas rendas e fortaleza; a presión social da mesma cidade en tensión por uns feitos políticos que non comprendían, todo isto debeu provocar o “peche de filas” do cabido para defenderse de todos estes problemas:

“*...dixieron que porquanto algunas los trataban mal e contra justiçia e estaban sen prelado que para conservaçion de la justiçia e enperiuço de dios e del rey e deseu perlado eles fazian como logo fezeron juramento a los santos avangellios que con suas maans dereitas tocaron en hun evangilliorum en lugar de los santos evangellios que eles se ajudaran los hunos a los otros non guardando enemystad que hunos contra los otros tengan salvo limpiamente dando e contribuíndo e ajudando del maior fasta el menor asi con dineiro como con sus personas e porvia a la vida e honrra por cada huno e por la desonrra que a cada huno asi sopena de perjuros e desto mnadaron fazer hun contrato tal qual partse signado de meu signo...*”²⁶²

O ano de 1507 sería crítico para o reino. A morte de Felipe e a ausencia forzada de Fernando o Católico nos seus reinos, creou un baleiro de poder pavoroso.

O temor a que a cidade fose tomada ben polos portugueses ben por nobres casteláns aliados seus, faría que a cidade permanecera en “estado de sitio” durante o verán de 1507:

“*...e mando el vicario jaimes de pedroso que se posese grande garda enesta çibdad e que el jues tevese cargo de mandar chamar os omes de fora para vellar que fosen cada noite vinte omes e cadaval chamase os das camaras, soonte o qual fezeron tres*

²⁵⁸ Ibidem. fol. 143. 2 febreiro de 1507.

²⁵⁹ Ibidem. 16 febreiro de 1507.

²⁶⁰ Ibidem. fol. 144. 23 febreiro de 1507.

²⁶¹ Hernández Matías, Antonio; “Vacante continuada...”, pax. 135.

²⁶² Prot. Lib. XXIX. Fol. 145. 26 abril de 1507.

*cadriheiros huno pero fernandes e outro myguel sanches e outro ruy lopes que repartisen as vellas e chamasen os da çibdad para las roldas e o que non quisesen ir buscarse o tal cadrileiro outro que fose por el e lle dese medeo real e que o que non fose fose peñorado por real e medeo de pena hun real e o medeo para quen fose a vella ou rolda eso mesmo que çerrasen o postigo e a porta do louro de pedra fasta o medeo e o fezesen fazer o juez e juan fernandes e que cada noite o juis e juan fernandes e pero fernandes e rui lopes e myguel sandres non saisen do muro fasta as velas seeren postas e as roldas e que a porta que estovese aberta tovese as chaves de la de noite o procurador e das que estevesen çerradas as tovese o vicario e que eso mesmo çerrasen a gurueira”.*²⁶³

A convocatoria dos vasalos dos coutos episcopais non tería moito éxito, e nalgúns casos, como o de Tabora, a rebeldía dos fregueses acrecentaría a tensión producida polo Interregno:

*“...mandaron los dichos señores que porquanto la reyna nuestra señora mandara a esta çibdad e el governador a que se posese grande recaudo en la vella e rolda e guarda de la dicha çibdad e que asi para esto se compelesen los vassallos de la dicha iglesia e de su alteza todos venidos e que por quanto el cabildo e vicario avian mandado a los sus vassallosde taborda a que veniesen con los otros de la tierra a roldar e vellar en ajuda de los de la çibdad e serviçio de su alteza como fazian los otros vassallos los quales fueran llamar garçia de duraton canonigo e tenençiero del dicho cabildo del dicho lugar los quales los enpenoran e porque non avian querido venyr antes dizindo muchas e feas palabras que fazian a favor e ajuda del conde de lemos segundo dixo el dicho garçia de duraton tençeiro e poseer en tal tempo de neçessidad dixo el dicho cabildo vicareo e señores que presentes estaban que mandavan asi dela parte de la reyna nuestra señora como por su mandado que a los rebeldes e a lloradores que non avian querido venir a provir a la reyna nuestra señora e a la iglesia cuios eran e a vellar e gardar con los de la tierra la dicha çibdad a juan collaço jues de la dicha çibdad por el obispo e cabildo e juan de cadaval executor de la cameras del señor obispo, los fosen a prender e traer a esta çibdad ondese dellos fora conprimento de justiçia e sesepa quen los en puso a que non aian de obedescer a los mandados dela reyna nuestra señora e de la igllesia de tui cuios vassallos son testes que foron presentes al dicho mandamiento lopo de montes mercador e los dichos señores del cabildo.”*²⁶⁴

Pasado o peor momento da sé vagante ao cabido aínda lle ficaba por explicar a súa situación. O nomeamento do bispo, por unha parte a imposición de Roma, e por outra o candidato da Corte, non ficaba dentro da manobra dos capitulares xa que eles manifestan a aceptación de calquera eleito sempre que lles mostrasen as “letras de posesión”, imprescindibles para tomar o cargo, declarando o cabido que ata o 10 de setembro de 1509 ninguén chegara a Tui coas devanditas letras²⁶⁵.

Para descargo do cabido,enviaríase o escrito a Roma, para facer ver que a súa rebeldía non era tal, e que só cumprían o que “*de dereito e custume se acostuman presentar para dar a posesion da dicta iglesia ao que dela for*”²⁶⁶.

No ano 1511 temos xa un acto case de institucionalización, a posesión da merindade do Bispado de Tui por orde de El Rei:

²⁶³ Ibidem. fol. 147. 19 xuño de 1507.

²⁶⁴ Ibidem. fol. 148. 7 xullo de 1507.

²⁶⁵ Hernández Matías, Antonio; “Vacante continuada...”, pax. 138.

²⁶⁶ Ibidem. pax. 137.

“Vino en cabildo Pedro de Çaguirre criado e continuo del rey e dio huna carta del rey al dicho cabildo e el cabildo dixo que la obedecía como a carta de seu rey e señor natal e quanto al comprimento della que farian todo aquello que fose servijio de esu alteça e bien de la iglesia e que en cumplimiento dello diçeron que davan e luego dieron la meirindade de todo el dicho obispado al dicho al dicho Pedro de Çaguirre segundo que por su alteza era mandado revocando primeiramente todos los otros merinos del dicho obispado de que foron notarios yo e Fernan Gomes tes^o que foron presentes ... e fezo juramento en forma a manos del señor maestrescuela a huna crus que seeria a par e servijio de dios e bien de la iglesia e faria justijia a las partes sen afeijon ninguna e gardaria la jurdijion e libertades dela iglesia a todo su leal poder e ponía la persona e vida por ella e que quanto a la torre de la iglesia que la tenia hun escudero de la guarnijon que se llama Diego Flores por el governador que le notificase la carta del rey e oviese su resposta...”²⁶⁷

Os poderes que debía ter Pedro de Izaguirre serían amplos, con atribucións xurídicas, administrativas, económicas e militares. Neste último caso é interesante constatar a presenza dun escudeiro, Diego Flores, posesionado da torre da Catedral (supoñemos que sería a de Santo André), e que ademais formaba parte da gornición que estaba en Tui. Este feito fainos lembrar o que posteriormente sería a guarnición real permanente na cidade,alzada xa como Praza de Armas, aínda baixo señorío episcopal pero coa xurisdicción militar do Rei, froito da posición estratéxica da cidade.

A presenza da gornición real é claro síntoma de transformación da mentalidade medieval, con exércitos particulares (o bispo tiña o seu para defendemento do bispado e cidade), e o paso a un exército real permanente ao que os nobres xa non aportarán soldados, senón que cartos, de cara a fornecer a milicia dos mellores mercenarios do mercado.

A fin de sé vagante tan prolongada acontecería cunha nova instancia do Papa León X ao Rei de España, en 1513. Pero a corte continuaba sen aceptar a D. Juan de Sepúlveda como bispo de Tui, co argumento xa reiterado de que antes tiña que renunciar á calonxía que posuía de Toledo. O rei Fernando seguía sen ceder malia o entredito que se impuña sobre os capitulares tudenses.

O desbloqueo do conflito pasou polo traslado de D. Juan de Sepúlveda á diócese de Malta, xa en 1514, pasando D. Martín de Azpeitia a rexer a Diócese tudense, aínda que fose brevemente, xa que morrería en 1516.²⁶⁸

²⁶⁷ Prot. Lib. XXIX. Fol. 263. 23 abril de 1511.

²⁶⁸ Hernández Matías, Antonio; “Vacante continuada...”, pax. 119.

A FISIONOMÍA DA CIDADE

O Plano

Como di Anselmo López Carreira, Tui é a cidade galega que con maior fidelidade nos transmitiu o seu patrimonio urbanístico medieval.¹

O Tui medieval xurdíu logo do reasentamento na cidade pasado o perigo normando. O local escollido era a vella cidade sobre o outeiro, de vella raigame castrexa, e lugar que outorgaba certa protección.

A escolla era lóxica, aproveitábanse os vellos materiais ciscados tra-la desfeita viquinga, recurríndose a un local estratéxico; defensivo, encrucillada e económico co aproveitamento do río.

É tradicional o reservar o asento primixenio para Tui no mosteiro de San Bertolameu, mais temos que pensar que este lugar (vello espazo urbano de tempos romanos) sería elixido polo bispo e cóengos á hora de instalarse de novo na capital diocesana arredor do ano 1071, non polos veciños dos contornos.

Como xa temos explicado con anterioridade, a procura dunha vida relixiosa regular favorecía a instalación do bispo en San Bertolameu, único lugar que daba cobertura ao prelado e aos seus capitulares, xa que a cidade, atestada de poboación, destruída a catedral e sen un espazo axeitado, non permitía a convivencia do bispo na mesma urbe.

Por outra banda temos a constancia documental que o mosteiro bieito de San Bertolameu era un suburbio de Tui, tal e como o reflicte a *Historia Compostelana*.

Orabén, o primitivo asentamento medieval era máis reducido que as dimensións que chegou a acadar a cidade logo da súa expansión en 1170.

A este primitivo asentamento podemolle da-lo nome de Burgo Vello.

O espazo que ocupaba ía desde a actual ubicación da catedral ata a rúa da Oliveira (hoxe das Monxas Encerradas).

O límite aproximado ficaba nas actuais rúa Sanz, Entrefornos, vella rúa Corredoira (detrás da igrexa conventual das Monxas), cinxíndose á muralla polo Paseo da Corredoira.

Algúns nomes de rúas, como o de Corredoira ou Cascais, danos unha pista pola que seguir o rastro deste Vello Burgo, marcado igualmente pola orografía do terreo.

O seu alongamento sobre a penichaira do outeiro tudense, amosa a antiga presenza castrexa sobre o lugar, que non sería seriamente modificada na época romana, xa que neste tempo aproveitaron a parte baixa de Tui, cara os portos fluviais, para urbanizar extensivamente a urbe.

Indirectamente coñecemos que este Burgo tiña a súa propia cerca, se cadra construída a fins do século XI. Dentro do seu perímetro atopámonos con varias Torres construídas antes do “famoso traslado” de 1170 e que aseveran a ocupación do lugar ininterrumpidamente desde tempos antigos, con excepción feita aos ataques e destrucións de normandos e sarracenos.

A primeira mención dunha fortificación ou torre é debida á raíña D^a. Tareixa de Portugal, quen en 1125 tomando Tui lle melloraría as súas defensas. Intuímos que sería ela quen construíse a famosa Torre Vella; os signos lapidarios e a súa posición como “porta” da cidade poden ser testemuñas dabondo para aseverar tal extremo.

Outra torre sería a construída polo rei Afonso VII entre 1137 e 1142 xunto do “campanile” da catedral, que daquela xa estaba en construción. Esta torre podemos

¹ López Carreira, Anselmo; A cidade medieval galega, A Nosa Terra 1999, pax. 98.

asegurar que sería a que logo pasaría a chamarse como Torre do Concello, lugar actual da casa consistorial.

Por último temos as mesmas verbas do rei Fernando II en 1170, ano no que amplía a cidade para fortificala mellor.

Como xa ficaría dito, Tui sufriría varios ataques e cercos antes de 1170, proba lóxica da existencia dun, alomenos tosco, perímetro amurallado.

A Cidade

A partires de 1170 desenvólvese o urbanismo medieval en Tui, do que temos mostras no seu trazado e nas súas edificacións.

A ampliación da cidade cara o sur e sur-leste, obedecía non só a unha mellor defensa, senón e tamén a poder acoller no interior dos seus muros a unha poboación maior; a que se salfería no seu entorno rural.

Outra das motivacións de Fernando II, e non menos interesante, era a salubridade da cidade. O Burgo Vello polas súas dimensións e caos urbanístico debía ser pouco saudable, feito que se querería eliminar ampliando a cidade cara a zonas máis ventiladas e supoñemos que coa instalación de rudimentarios sumidoiros e regos de auga.

Coa ampliación da cidade, a catedral ficaría desprazada do centro urbano, ficando no suroeste do perímetro amurallado.

Non podemos afirmar que a catedral con anterioridade ocupase o centro do burgo vello, pois supoñemos que existía un dobre núcleo: o formado polo poder relixioso representado pola Catedral no oeste; e o núcleo administrativo-xudicial-militar de ascendencia suevo-visigoda cuxo rastro ficaba no famoso conde *Gonçalves* quen mandaba na cidade como Conde de Tui cando o ataque normando capitaneado por Olav en 1015, representado polo Pazo no norte.

O privilexio do señorío sobre a cidade, 1095, xuntaba os dous poderes nunha mesma testa. Deste xeito o bispo detentaba o poder relixioso e administrativo-xudicial-militar sobre a cidade, polo cal o vello Pazo prerrománico da Oliveira pasaba a ser o Pazo Episcopal.

O plano urbano tudense amosa longas rúas paralelas á beira do río conectadas entre si por curtas rúas travesas. Lonxitudinalmente baixan varias rúas desde a cimeira da urbe, nalgúns casos o forte desnivel obriga a crear escadas como acontece na Canicouva ou na rúa do Louro.

No sector sur-leste da cidade, a forma aparentemente cuadrangular das mazás das casas, puidera indicar o último local urbanizado, xa a fins do século XII, comezos do XIII, aínda que este feito puidera ser unha simple adaptación á orografía dese espazo da cidade.

No exterior, e xa no século XIII como froito do desenvolvemento económico, medrarían os novos barrios tudenses. A maior parte deles serían arrabaldes portuarios; o de Santa Baia ou Freanxo xunto do porto da barca de Valença no esteiro do Riomuíños; o de San Xoán de Porto logo de San Domingos xunto do porto de cabotaxe de San Xoán; San Bertolameu arredor do mosteiro e xunto do esteiro do Louro punto do porto da barca. Outro arrabalde importante, este de fasquía industrial, sería o de Riomuíños, cuxo nome xa aparece no século XI, será o local onde se desenvolvan as actividades industriais da cidade: os muíños, os pelames,....

Extramuros medraba tamén unha nova Corredoira, na que comezaban a aparecer casas, sobre todo aquelas que daban as súas fachadas ás murallas, ficando o resto do que

sería futuro paseo moi ruralizado aínda que con casas que servían de paso cara o Hospital de *San Gíao dos Gafos*, local no que posteriormente se desenvolvería o arrabalde do Rollo.

A MURALLA

A muralla marca con nitidez a configuración da cidade facendoa xurdir de entre o rural que a circunda como baluarte defensivo, social, comercial e administrativo.

Nas partidas de Afonso X recoñécense outras finalidades para as murallas: “*ca esto la face seer mas noble et mas honrada et mas apuesta*”².

A muralla tudense ten a súa concepción en 1170, malia existires outro perímetro máis pequeno con anterioridade. É nesta data cando se planifica en toda a súa complexidade unha muralla para Tui.

O intercambio ofertado por Fernando II, autonomía municipal a troco de construír unhas murallas coas súas torres e fosos, dá conta dunha intención máis aló da simplemente defensiva.

A cerca intenta contactar todos aqueles puntos que poidan supoñer debilidade ou reforzo defensivo.

En Tui a muralla foi realizada en cadeirado pétreo diferenciándose así da maior parte das vilas e cidades galegas nas que os seus muros foron feitos de mampostería ou cachote, calidade esta na que se representaba a súa importancia.

O seu plano acada forma trapezoidal, cun saínte no sector sur-occidental de cara a cubrir mellor este flanco desprotexido da cidade.

No resto, agás nos lados norte e oeste, séguese o desnivel do terreo, caendo polo leste cara o río e polo sur cara a conca do río Tripes. Este feito permitiu defender a cidade máis eficazmente non precisando de construír torres para protexer os seus muros. Por outra banda nestes lados tamén se da a coincidencia que apenas existen portas; a dos Ferreiros cara o porto e o camiño de Baiona; e o postigo da ribeira que baixaba ao Miño.

Os lados Norte e Oeste da muralla, que fica a rentes do terreo, resolveu a súa defensa con múltiples torres (nove das once existentes no total da muralla).

Nos tramos onde se ten conservado en perfectas condicións a muralla de Tui pódese comprobar que a técnica empregada para a súa construción é a de cadeirado, aínda que a maioría dos tramos aparecen irregulares, como de cachotería, temos que pensar nas restauracións e reconstrucións que sufríu a muralla tudense desde as súas orixes no século XII, produto dos numerosos ataques e cercos ao que se viu sometida a cidade.

No século XV as novas artes da guerra debeu provocar reformas e reforzos na muralla tudense tal e como nolo amosa o deseño de Duarte D’Armas cun segundo muro defendendo a cidade polos lados leste e sur.

As Torres

Unha das máis importantes torres da muralla, aínda que pola súa configuración non o era exactamente, foi a Barbacá, con forma pentagonal e xunto da porta da Pía. Outra, ocupando o ángulo noroeste, era a torre das Trabancas. A Torre do Xudeo asinala a súa importancia por persoeiros desta relixión vivindo nas súas proximidades. A que podemos denominar como Torre da ribeira ocupaba o ángulo nor-leste da cidade e con semellantes formas a outra conservada na parte sur-oeste.

Un dos puntos máis significativos da muralla era sen dúbida o chamado Ángulo dos Demos, no leste da cidade xunto do río. Este baluarte e o muro que a el se xunta,

² López Carreira; op. cit. 1999. pax. 132.

segundo a súa configuración, debeu ter a súa orixe a mediados do século XV, á par do desenvolvemento da artillería nas técnicas de cerco. Quizais o nome o debamos á instalación de bombardas no ángulo (axeitado precisamente para o emprego da artillería) co cal o lume e fume que cuspián arroteábaos de certa “malignidade”.

As Portas

As portas constituían os principais puntos defensivos da muralla, estando a maior parte delas defendidas por torres.

A máis importante porta de Tui era sen dúbida a da Pía, así coñecida por ficar a súa esquerda polo interior a famosa “pía grega” da que falaba Ambrosio de Morales no século XVI, e que debía ser unha cisterna ou alxibe, se cadra de orixe antiga, escavada na rocha. Esta porta estaba defendida por unha torre na súa dereita. A porta da Pía comunicaba a cidade cos arrabaldos da Corredoira e de Riomuíños.

A porta Vergán tamén tiña unha torre, desta vez sobresaíndo da propia muralla, defendéndoa. A significación do nome semella escura, aínda que puidera estar relacionado coa palabra “*Verga*” (lintel) e o seu sentido sexa o de gran lintel ou padieira resultado do aproveitamento dunha gran pedra que pechase a parte superior da porta. Comunicaba co arrabaldo da Corredoira para ir ata San Xiao dos Gafos camiño das Gándaras, sendo vía principal do Camiño Xacobeo. Esta porta tamén recibía o nome de Porta da Corredoira quizais por desembocar nela a rúa do mesmo nome ou por sair ao arrabalde da mesma denominación.

A Porta do Arco comunicaba co arrabalde de San Domingos e co porto fluvial de San Xoán. O seu nome indica a súa configuración, da que afortunadamente temos referencias gráficas. Constaba dunha torre pola que se abría no seu centro a porta, que tiña un arco de medio punto descargando sobre mochetas.

A Porta dos Ferreiros comunicaba co camiño da barca de Valença e coa congostra que se dirixía a Baiona. Baseaba o seu nome na rúa sobre a que desembocaba, onde estaban os ferreiros da cidade, agrupándose en gremio. Esta porta debeu ter torre a rentes da muralla.

Coñecemos, e conserváronse, outras portas e poxigos, de carácter secundario e que atallaban o camiño aos veciños da cidade ademáis de servir como vías de escape en caso de necesidade.

A porta das Trabancas fica xunto e protexida pola torre homónima na parte occidental da cidade. É porta con arco de medio punto que debe o seu nome probablemente a algún mercado establecido nas inmediacións, xa que o nome de trabancas (que tamén se dá en Pontevedra para unha porta e rúa) alude aos postos de venta, feitos de madeira.

O poxigo da ribeira era a saída de emerxencia cara o Miño, ficaba no Eirado do Poxigo, agora praza da *Estrella*, e salvaba o desnivel existente mediante un sendeiro que daba reviravoltas ata a ribeira. É porta alintelada, aínda que estragada hoxe a súa visión por culpa dunhas desproporcionadas escadas.

O poxigo do Canto comunicaba a súa rúa homónima e a de Traslaoobra co arrabalde da Corredoira. É porta pequena que debeu ter escadas de madeira para salvar o desnivel co chan.

A garda dos muros

Non só valía ter uns fortes muros coas súas torres e fosos para defender por si mesma a cidade. Os muros tiñan un coidado, unha vixianza e incluso supoñían un símbolo.

As chaves das portas da muralla convertéronse no símbolo por antonomasia dunha cidade. Eran os xustizas os encargados de gardalas chaves da cidade, e estes eran escollidos polo bispo segundo a elección previa que realizaba o concello. Este feito supuxo en moitos momentos da historia tudense o enfrontamento, unhas veces aberto outras velado, contra o señorío da cidade exercido polo bispo.

As chaves simbolizaban o control sobre a cidade e polo tanto era normal que o concello en determinados momentos negase a súa entrega ao señor bispo.

Conflitos destas características tiveron lugar en Tui no ano 1286 co famoso preito das chaves da cidade na que os xustizas D. Oeiro e D. Xohán de Moreira negaban a súa entrega por reviradas argumentacións legais, o que ao fin era un xeito de contestar ao señorío eclesiástico.

No 1389 igualmente os xustizas non devolverían as chaves, desta vez con máis peso, ao socairo do preito homenaxe feito ao rei Juan I e logo ao arcebispo de Santiago, co cal manifestaban os seus devezos de autonomía municipal. O conflito prolongárase ata 1393.

Nesta mesma liña, isto é, as chaves-cidade eran do bispo, os muros da cidade tamén o eran, e por lóxica non resultaría extraño que os conflitos xurdisen para que fosen reparados estos.

No ano 1419³ o bispo de Tui, D. Xohán Fernandes de Soutomaior, chamaría ao concello para o “*reparamento do muro e das vellas e das portas da dita cidade*”, pero como di o propio bispo “*ja por muytas veses lle disia que aguisassem e alçassem hun pedaço de muro...que estaba derribado*” sendo a negativa do concello reiterada poñendo “*a elo secas escusas*”, e “*o dito conçello diso que elles nom o leixaram de faser o dito muro por que a dita cidade era sua*”. A constestación era contundente e siloxística; se a cidade era do bispo e os muros formaban parte da cidade, que o bispo fixera os muros.

Aos cidadáns non lles preocupaba a defensa da cidade, xa que os muros significaban un gasto e un *corsé* para o completo desenvolvemento comercial dos tudenses.

Para o ano 1426 o cabido era requerido a facer unha parte do muro polo alcalde do rei Juan Esteves⁴. Desta vez a situación competía á defensa do reino.

As velas ou roldas da muralla facía parte dun conflito tamén longo, no que o cabido tudense ficaba obrigado de o cumprir.

O cabido interporía apelación a Roma pola esixencia de contribuir ás velas. O papa Eugenio IV dirixiría unha bula ao Arcebispo de Braga, ao deán da mesma e ao provisor de Ourense para que citados o bispo eleito de Tui, o concello e cantos deberan ser citados examinasen a demanda do cabido e se eran obrigados a contribuir “*a reparar y rehacer los muros de la ciudad, a hacer velas durante la noche para la guarda de la ciudad y a recibir en sus casas huéspedes que a veces no les eran gratos, de grado o por fuerza, porque así les obligaban el Obispo electo y el concejo*”⁵. O resultado da investigación enos descoñecido pero xa é sintomático que nen concello nen cabido quixeran reparar e velar os muros da cidade.

En 1460 o cabido estaría obrigado a velar os muros, probablemente por mandato do seu señor, Álvaro de Soutomaior: “*...ordenarom...sobre faser das vellas...e aquel que recusase de yr ou mandar a veella que pague de penna quatro maravedis para o que vellou en sua quodrilla e vella aquela noyte e que esta em...prenda e penora façem enno tal canonigo e beneficiado Ares d’Avalle e Alvaro Vasques canonigos que ...se*

³ Prot. Lib. VIII. Fol. 34. 22 agosto de 1419.

⁴ Ibidem. fol. 182. 21 novembro 1426.

⁵ Galindo Romeo; Tuy en la Baja edad media...,1923. pax. 52

*por sua negligência, nom poserem en elo boo recabdo, e vier queixa do sennor ou do conçello, e seus quadrilleiros ao dito cabildo que por ese meesmo feito precar de sua raçom os ditos Ares d’Avalle e Alvaro Vasques dez maravedis por quada vez queo nom comprim...”*⁶

Mais o cabido nestes momentos non estaba na total obediencia e vasalaxe ao Soutomaior e tiña xestos como o daquela pedra que estaba xunto da porta da Corredoira “*que era mellor quese aproveitase en casa do cabido que a levarem para os muros*”.⁷

As obrigacións de reparamento e as súas custas levaban consigo que algúns eludisen as súas responsabilidades “*mandarom ao dito Vasco Peres canonigo que para o cabidoo traga os revees que nom pagarom os dineiros dos muros*”.⁸

Igualmente acontecía co mantemento dos muros xa que estaba aparelado con posibles danos á propiedade, e se cadra, tamén por temor ao señor D. Álvaro Paes: “*que proveese sobre a sua codrilla da reparaçom dos muros ante que mais dano selles segise fasendo*”.⁹

Un caso de organización das velas e de preparación ante un posible ataque está no episodio do ano 1507, xa mencionado anteriormente no que ademais de regular as velas, murábanse varias portas como o postigo (¿o da ribeira?) e a porta do Louro (¿do Arco? algún postigo?), ficando unha soa porta aberta a cal pechábase pola noite, ficando a chave dela localizada nas mans do procurador da cidade.

Os numerosos acontecementos bélicos sufridos por Tui, sobre todo concentrados na fin do século XIV e todo o século XV, e non só por ser chave da fronteira, fixeron da muralla un elemento vital para a cidade. Sen a muralla tudense tanto Álvaro Paes de Soutomaior como o seu medio irmán Pedro Álvares non se poderían manter no poder, e noutros moitos casos amortiguaron os efectos dos bombardeos sobre a cidade.

Rúas e Prazas

A configuración das rúas e prazas da cidade adaptouse á orografía que permitía o medio urbano tudense.

Entre as rúas¹¹ máis senlleiras temos a rúa da Porta da Pía (hoxe r/ Concello¹⁰) que comezaba na porta homónima e remataba no comezo da rúa da Oliveira e da Praza do Concello.

A rúa das Adegas (h. Seijas) alude á presenza nela, pola banda do leste, das adegas das casas que daban á praza do Concello.

A rúa máis longa da cidade era a que tiña a denominación doutra das portas da cidade, rúa da Porta Vergán, ou sinxelamente rúa Vergán. A fins do século XV o tramo final da rúa pasaría a chamarse do Corpo Santo, orixe da posterior denominación para toda a rúa de San Telmo.

A rúa de Traslaoobra, que percorría de oeste a leste o extremo sur da cidade, indicaba as obras do claustro da Catedral.

Outra rúa que baixaba de oeste a leste cruzando e dividindo a cidade era a rúa da Canicouva que alude a un lugar abrigado no que daba moito o sol. O grande desnivel

⁶ Prot. Lib. XIII. Fol. 31. 14 de xullo de 1460.

⁷ Ibidem. 21 de marzo de 1461.

⁸ Ibidem. fol. 61. 9 maio de 1461.

⁹ Ibidem.

¹⁰ Polo xeral recolleremos datos do excelente traballo de Ernesto Iglesias Almeida e Plácido Méndez Cruces; Evocación histórica de la ciudad de Tui y sus antiguas rúas. Tui, 1990.

¹¹ Aínda que no nomenclator actual apareza Xeneralísimo o nome tradicional foi do concello.

desde a cimeira da cidade ata ao mesmo borde da mesma, era salvado por escadarias. Na súa última parte recibía o nome de rúa da Frecha.

A rúa da Oliveira (h. r/Monxas) estaba presidida por unha Oliveira que daba mesmo nome á igrexa de Santa María. Máis aló ficaban os Pazos episcopais e a Torre Vella (h. Túnel Monxas) formando un espazo entre eles denominado Eirado das Torres.

A actual rúa de Abaixo ou Cuenca, durante a Idade Media tivo varios nomes segundo fose o gremio alí instalado en cada tramo. No extremo sur, xa desde a Porta dos Ferreiros estaba a rúa homónima que chegaba ata o cruce coa rúa do Corpo Santo. Entre este último e o cruce que viña da rúa travesa que chegaba desde a rúa de Cascais era a Zapataria; a apartires de aquí ficaba a Pelitaria que ía ata o cruce coa rúa da Frecha; finalizando o último tramo na rúa Carpentaria.

Outras pequenas rúas eran a de Fornos, Corredoira, San Nicolao, Malega, San Xoán, do Arco, dos Praceres, do Canto, da Renconada, Deante o Portal, do Louro, dos Miñotos, da Triparía, da Pedreira,...

As prazas tudenses eran pequenas, non dispoñendo de moito espazo debido as limitacións da orografía.

A principal era a Praza do Concello que unida ao Carballo do Outeiro ou do Adro, xunto da fachada norte da Catedral, formaban un espazo moito máis amplo do que hoxe existe. Instalábase nesta praza o mercado diario e quizais existisen soportais para venderen as mercaderías, hoxe en día conserváronse algúns do século XVI e outro do século XV.

O Eirado do Portal era o espazo dispoñible diante da fachada principal da catedral, existindo unha prolongación cara o oeste, hoxe desaparecida, denominada Eirado do Poço, por ficar neste ámbito un dos pozos que abastecían de auga á cidade. Este Eirado poñía en comunicación o Eirado do Portal coa rúa do Canto, no ángulo sur-occidental da cidade.

O Eirado dos Praceres quizais faga referencia a actividades de divertimento e entretenemento concentrados nesta zona da cidade.

O Eirado do Poxigo lembra o nome da porta secundaria da muralla que baixaba ata a ribeira do río.

Edificios relixiosos

A **Catedral** é o edificio máis representativo da cidade, e aquel que mellor conserva a súa xénese e evolución medieval.

As primeiras obras deberon comezar arredor de 1125, constatándose este feito pola doazón de Afonso VII en 1142 dunha torre xunto o campanario da Sé e do documento de 1145 no que o mosteiro de Oia doa dous marcos de prata para a igrexa de Santa María.

Podemos considerar tres campañas de construción: a primeira nos comezos do século XII, a segunda tra-las doazóns de Fernando II en 1170, e a terceira no primeiro tercio do século XIII.¹²

A Catedral é unha obra estruturalmente románica, ficando parte do seu interior, pilares do brazo maior e triforio, como obra gótica, cousa que provocaría o seu desequilibrio e o apuntalamiento en datas posteriores con tirantes.

Da obra rómánica salienta a portada norte con decoracións xeométricas nas arquivoltas. Dous arcos de medio punto descargan sobre a portada sumándose un arco semicircular que acolle todo o conxunto. Entre os arcos figura a imaxe do primeiro bispo de Tui, S. Epitacio, se cadra obra posterior. Xunto desta portada atópase a torre

¹² Cendón Fernández, Marta; La Catedral de Tuy en época Medieval. Pontevedra 1995. pax. 26.

das campás, tamén románica, e polo que nos di a documentación, da primeira metade do século XII. O remate desta torre foi modificado polo bispo Sanmillán en 1552.

A cabeceira románica, hoxe desaparecida, estaba formada por cinco absidas adicadas a San Vicente, Santiago, Santa María, San Pedro, Santa Eufemia. Esta cabeceira sería substituída polo bispo D. Pedro Beltrán en 1495, rematando as obras en 1499 no día de San Lucas.

Do interior románico salienta o transepto, con naves laterais que se prolongan ás da nave maior, esquema repetido da catedral Compostelá.

Dos pilares románicos asoman capiteis con unha gran riqueza ornamental, tanto de capiteis historiados como os de carácter fitomórfico.

No claustro catedralicio atópase outra obra románica de gran valor: a sala capitular. Consérvase a arquería de acceso con capiteis historiados hoxe deturpados e rica decoración nas basas.

Polo que respecta ao gótico a portada occidental convértese na xoia catedralicia. Nela se sintetiza nunha soa portada no que noutras se desenvolve en tres. Consta de oito estatuas-columnas (Moisés, San Pedro, Isaías, San Xoán Bautista pola parte do evanxeo, e Daniel, Santo André, Raíña Dona Berenguela e o rei Afonso VIII polo lado da epístola). A atribución dalgunhas das estatuas sempre foi tema de polémica, máis no que respeita ás dos reis, témolos que atribuír cos que viviron no momento dos traballos na Portada, e Afonso VIII favoreceu notablemente á igrexa tudense.

O tímpano está dividido en tres rexistros: no inferior, lintel sostido por anxos con cartelas, se desenvolve a Anunciación, Natividade e Anuncio aos pegureiros. No rexistro medio se ubica a entrevista dos Reis Magos con Herodes e a Epifanía. No rexistro superior varias construcións aluden á Xerusalén celeste.

Traballaron nesta portada dous obradoiros: un, ao que pertence o lintel e as estatuas do lado da epístola, esta co estilo practicado na catedral francesa de Laon; outro obradoiro atribúese as estatuas da parte do evanxeo e os dous rexistros superiores do tímpano; vencéllanse coas tamén catedrais francesas de Sens e Chartres.

O Pórtico que acubilla todo este excepcional conxunto escultórico é obra da segunda metade do século XIII. Nos seus cantos interiores colocáronse as imaxes da Virxe da Anunciación e do Anxo Anunciador, obras do século XIV.

O Claustro é un magnífico exemplo, en calidade e tamaño, do gótico cisterciense. Foi alzado no século XIII, pero tivo diversas reparacións no século XV na súa parte sur, obra do bispo Xohán Fernandes de Soutomaior II (1395-1423), quen erguería a torre do seu nome no ángulo suroccidental do claustro, como parte do seu pazo episcopal.

No século XV o mesmo bispo manda erixir a Torre de Santo André xunto da torre das campás. Esta ten tres plantas; na baixa está ubicada a capela do santo. No interior fican catro arcosolios, dous deles ocupados, un co xacigo con estatua xacente do bispo Xohan Fernandes, e no outro coa campá a dúas augas correspondente a Álvaro Paes de Soutomaior. A función orixinal do segundo andar da torre de Santo André segue sendo enigmática. Componse de dúas fiestras de maineis con poios corridos que dan ao norte; outra fiestra máis pequena da ao oeste. Na parede leste hai un nicho de arco de medio punto con poios aos seus pés. No muro sur, a entrada desde o triforio esta acubillado por un arco oxival de descarga. O máis salientable da sala son as ménsulas-capiteis dos cantos con representacións zoomorfas e a bóveda de crucería. O terceiro andar é unha sala acubillada directamente polo tellado e iluminada por dúas pequenas xanelas. A torre foi escomenzada en 1419 mais en 1464 ficaría rematada polo mestre carpinteiro Martín de Paredes, retraso nas obras debido á ameaza de ruína da bóveda da capela.

Formando parte da arquitectura da igrexa-catedral están os elementos que reforzan o seu carácter castrense. As torres do lado sur do hastial, hoxe desmochadas, eran un compoñente máis da fortaleza. O seu aspecto non permaneceu coas súas trazas románicas, senón que mudou tal e como se comproba polos deseños dos séculos XVI e XVII. Sabemos que a súa ruina inminente, por causa dos continuos cercos sobre a cidade, provocou que en 1460 se acometesen obras para restauralas resultando a súa aparencia semellante á coñecida, e existente hoxe, Torre de Soutomaior, isto é, con matabáns e almenas. Estas torres xunto cos torreóns da portada occidental e coas Torres de Santo André, das Campás e de Soutomaior, outorgaban un carácter netamente militar á Catedral que a confirmaba como a mellor fortaleza da cidade.

A igrexa de **Santa María da Oliveira** estaba ubicada na rúa homónima, lugar da cidade que poderíamos calificar de monumental, coa igrexa románico-gótica, a Torre Vella e os Pazos episcopais, un conxunto ateigado de Torres que resultarían ben visibles desde as panorámicas exteriores da cidade.

Polos restos conservados estamos falando dunha igrexa románica de transición ao gótico, polo que cabe supoñer que na segunda metade do século XII puido servir como catedral, logo da ampliación da cidade en 1170, e mentres non remataban as obras da Sé de Santa María.

Probablemente esta igrexa tivera unha orixe máis antiga, reedificándose sobre outra anterior, tal e como se pode comprobar pola xanela prerrománica (hoxe no Museo Diocesano) que facía parte dunha das fiestras do convento da Concepción alí instalado a partires do século XVI. Esta xanela foi interpretada como unha celosía gótica, mais como acertadamente afirma D. Ernesto Iglesias Almeida, o seu deseño ten as características da arte asturiana prerrománica.

Pola documentación sabemos que Sta. María da Oliveira tiña tres ábsidas. As referencias documentais nos falan case exclusivamente das doazóns en aceite para o lume da igrexa: 1334, “*Item mando a Sta. María da Oliveira media azumbre daceite para Lume*”; 1335, “*Item mando a Sta. María da Olibeyra, medio e un cuarto daceite en cada un anno para todo sempre*”; 1373, “*Item o cales da iglesia de Santa María*”.¹³

A igrexa foi empregada mentres estaba en entredito a Catedral, ou encastillada.

Os restos que se atoparon mentres se restauraba a actual igrexa conventual das “Encerradas”, amósanos unha igrexa románica típica, con transformacións sufridas no gótico. Entre o conservado temos unha interesante serie de canicelos, unha cornixa con flores na nacela, e restos dunha portada gótica con varias doelas e parte da arquivolta.

Outros restos, como capiteis, aínda se conservan na horta do convento. Entre as pezas máis interesantes están unha serie de linteis con arquiños xeminados¹⁴ que seguramente pertenceron ao coro da devandita igrexa.

A de **San Nicolao** era outra capela existente intramuros da cidade. A súa orixe é incerta, mais polos restos conservados podemos falar dunha capela gótica do século XIII. Tiña unhas modestas dimensións e ocupaba a rúa do seu mesmo nome, próxima á muralla norte da cidade. A documentación fai referencia a esta capela no 1355. “*hua casa pequena que esta na dita cidade a tras San Nicolao*”, “*hun formal de casa que esta*

¹³ Gómez Sobrino, Jesús; “Santa María da Oliveira de Tuy, Una iglesia románica desaparecida.”, Tui-Museo y Archivo Histórico Diocesano. Tomo II. 1976. pax. 49.

¹⁴ Con esta hipótese rectificamos a atribución dada a estes linteis como dos pazos episcopais. A existencia dun coro en Sta. María da Oliveira e a semellanza estilística das pezas que se conservan no convento, fan precisar a orixe destes linteis como compoñentes do devandito cadeirado do coro.

nesta cibdade enna rua da Corredoyra que partia de hua parte con rua que vay pra San Nicolao”.¹⁵

A capela de **San Martiño** estaba ubicada tra-las ábsidas da catedral, próxima ao lugar que hoxe ocupa a capela da Misericordia. Era unha capela de pequenas dimensións. En 1421 temos xa unha referencia sobre esta capela: “...*entestaban contra o fondo con ho forno de Basco Martiz e de Alvaro Vaazquez vezino de Tuy asi como ian topar a a capela de San Martiño.*”¹⁶

A do **Corpo Santo**, era o lugar da casa que ocupou Frei Pedro González Telmo, frade dominico que evanxelizou en vida estas comarcas, e facendo milagres logo de morto. Dada a orixe desta capela, a casa do santo, nos primeiros séculos de veneración podemos pensar máis nun oratorio algo ornamentado. Sería o bispo D. Pedro Beltrán quen realizaría obras na capela en 1503. Tamén esta capela daría nome á rúa onde estaba ubicada, orixe do que despois sería a rúa de San Telmo.

Curiosamente temos hoxe constancia arquitectónica dunha **capela** da que descoñecemos o santo titular. Trátase da portada conservada na rúa San Telmo, a cal posúe decoración de bolas no seu chafrán. A orixe desta capela ben puidera estar no fin do século XII por semellanza coa portada da igrexa do mosteiro de San Salvador de Alveos, obra dese tempo. Poderíamos especular que fose capela dalgunha confraría como a da Magdalena, San Sebastián, San Vicente ou San Pedro.

Extramuros da cidade atopábamonos coa igrexa de **San Xoán de Porto**. Pouco coñecemos dela, mais sabemos da súa existencia en 1156 por unha escritura de partición de bens entre o bispo Isidoro e o cabido tudense¹⁷. Era polo tanto unha igrexa románica. Estaba ubicada nas proximidades do Porto de cabotaxe de Tui do mesmo nome. Era cabeceira dunha freguesía polo que denota un arrabalde con poboación numerosa. A igrexa debía ter unhas boas dimensións de resultas da comparación coa igrexa conventual de San Domingos. Coñecemos por algún debuxo e sobre todo pola documentación que a igrexa de San Domingos estaba xunto da de San Xoán de Porto a partires do traslado dos dominicos a este lugar en 1328. A proximidade da igrexa parroquial dificultou os traballos de ampliación da capela dos dominicos. Principalmente no momento de construír o hastial do cruceiro (brazo sur da igrexa), xa que a ábsida de San Xoán impedía a súa edificación. As dificultades remataron coa desaparición xurídica da Igrexa de San Xoán en 1482 que tiña cos seus bens e rendas o mestrescola Xoán de Porto, e posteriormente, en 1498 mediante outra concordia a igrexa ficaría agregada ao convento. A freguesía pasaría á catedral. Atendendo ás dimensións da igrexa dominica, que comezaba no que hoxe é o adro, podemos facer unha boa comparanza do que era orixinalmente a igrexa de San Xoán de Porto. Logo esta igrexa sería deturpada polos dominicos só conservándose os pés da igrexa como capela adicada a San Tersón, descoñecido santo tudense.

A igrexa e convento de **San Domingos** tivo como seu primeiro lugar de asentamento no ano 1272 as proximidades do río Tripes, entre Riomuíños e a Ponte Manoco.

Debido a estreitez do local decidiron dislocarse en 1328 a un novo emprazamento no lugar chamado do Rastrillo, xunto da igrexa parroquial de San Xoán de Porto. En 1330 estarían asentados e construída a primeira igrexa, de reducidas dimensións. A partir do acordo en 1415 co reitor de San Xoán de Porto na que se lles cedía algún terreo comezarían a construír unha igrexa máis ampla. Logo dos acordos de

¹⁵ Sánchez Carrera, M^a. del Carmen; *El Bajo Miño en el siglo XV...*, 1997. pax. 178.

¹⁶ Iglesias Almeida, Ernesto; “Los Judíos de Tui”, Sefarad, Madrid 1987, ano XLVII.

¹⁷ Henrique Flórez; *España Sagrada*, tomo XXII. Apéndice XIII.

1482 e 1498 desaparecendo a parroquia de San Xoán, os dominicos poderían rematar a súa igrexa en 1524.

A construción é típica da arquitectura mendicante, con longa e única nave. A cabeceira é o máis interesante, con fermosas ábsidas góticas. No hastial sur podemos contemplar un rosetón (tapiado) con decoración semellante aos da catedral. A única portada gótica da igrexa conservada é a lateral con tímpano (moi erosionado) adicado a adoración dos Reis Magos. No interior son salientables o púlpito gótico, a imaxe de San Domingo ubicada na vella porta á torre das campás, a decoración dos capiteis, e os dous Crucificados, obra do século XIV, un na capela absidal da epístola e o outro no Museo Diocesano. Do máis interesante son os xacigos do lado do evanxeo, cuxos xacentes foron albo de múltiples especulacións sobre a súa identidade. Non nos cabe dúbida que a Dama cabe atribuíla a Inés Álvares, nai do bispo Xohán Fernandes de Soutomaior II, quen morrería en 1409. A aparición de Inés Álvares en varios documentos capitulares e de San Domingos, lembrando nuns a posesión de certas herdades e noutros o seu soterramento no convento, fainos sospeitar que o bispo D. Xohán fora fillo ilexítimo, que como tantos outros estudarían a carreira eclesiástica. Isto sería así porque non se menciona de Inés casamento algún, e en caso de ser viúva, de quen o era, pois o normal na documentación era aparecer esos datos. Tamén resulta medianamente claro a orixe burguesa de Inés Álvares, por canto non recibe o tratamento de “Dona” común ás damas da nobreza, unha proba deste feito ben polo desexo de ser soterrada “*onde jas Enes Alveres minna tia*” de Mencia Annes da Canicouba, viúva do notario de Tui Vasco Pardo, e polo tanto sen algunha fidalguía. Esta “falta de fidalguía” explicaría a ausencia de escudos nobiliarios no arcosolio da dama.

Todo isto desbotaría a hipótese do seu casamento con Diego de Soutomaior, suposición prantexada por Ávila y La Cueva sen ningunha proba, e que faría ir aparellado a D. Diego co xacigo de cabaleiro que posúe os brasóns dos Soutomaior.

A atribución do xacente de cabaleiro é moito máis especulativa, pero ao desbotar a da parella de casais, ficaríanos moitas menos posibilidades. O abano pecharíase en canto a datación artística do arcosolio e a estatua, primeiro cuarto do século XV. Temos que pensar tamén nunha personaxe dos Soutomaior vencellada a Tui. Unha destas personaxes, moi importantes na historia de Tui, e da que non se ten achado o seu xacigo, é D. Paio Sorredeia de Soutomaior, meiriño de Toroño e das fortalezas da cidade, os seus vencellos con Tui sempre foron moi fortes polo que non sería nada extraño que para a súa morte, acontecida a fins de 1424, quixese ser soterrado en San Domingos de Tui. A figura do cabaleiro acaería perfectamente no carácter de D. Paio.

No convento aínda se conservan varias partes de interese, como son os arcosolios do claustro. De grande importancia está o relevo fundacional coas figuras de Durancia Peres e Frei Martín de Valença xunto dunha inscrición ubicada á porta de entrada da vella Sala Capitular. Como restos do vello claustro (do século XIV e desaparecido no s. XVI) temos as portas góticas de fermosa decoración e varios fustes, basas e capiteis historiados aparecidos nos muros do convento como material reaproveitado que nos dan idea bastante achegada do que debeu ser o vello claustro dominico.

Un pouco máis afastada da cidade estaba a igrexa e mosteiro de **San Bertolameu**, obra de orixe remota aínda que as partes máis vellas da igrexa deben pertencer ao século X, con importantes reformas nos séculos XI e XII. É igrexa de tres ábsidas. Salientan os capiteis historiados de grande primitivismo que poden ser datados no século X. Do mosteiro de bieitos non coñecemos restos aínda que sabemos que o claustro estivo en pé ata o século XVII.

Na documentación fálase de varias reparacións realizadas no mosteiro como froito dos grandes sucesos do século XV. A comezos deste século xa carecía de frades, pasando as rendas e bens do mosteiro a integrarse nas propiedades do bispo e cabido tudense en 1435. Logo das desfeitas ocasionadas polas guerras da década de 1470, o cenobio debeu abandonarse completamente, xa que o custo das reparacións debía acadar un alto prezo.

Perto de San Bertolameu e nas proximidades do Porto das Barcas, no esteiro do Louro (na Idade Media estaba á altura da Ponte da Veiga), ficaba a ermida de **Santa Eufemia** da que poucos datos se poden extraer da documentación. Podemos asegurar, ao mesmo que acontecía en San Xoán e San Bertolameu, e nas que falaremos máis adiante, que esta edificación debía ter unha orixe claramente romana.

A capela de **Santa Baia**, no arrabalde tudense do mesmo nome que logo pasaría a denominarse de Freanxo, ten igualmente unha orixe antiga. Os arredores do cruceiro da Cal pode ser o lugar máis indicado para ubicar esta capela.

A de **San Martiño** ocupaba outro porto de Tui, o de Savariz, no esteiro do río San Martiño (hoxe na freguesía de Areas). Segundo conta Ávila y La Cueva no lugar atopáronse restos de tégulas e outros materiais cerámicos o que proba a súa antiguidade romana xunto coas capelas xa ditas.

Edificacións singulares

Na súa maior parte, os edificios que podemos adscribir como de uso privado desapareceron ao longo dos séculos, só conservando a súa memoria nos documentos ou nos restos que o tempo foi desenterrando.

O **Pazo Episcopal** era o edificio civil máis importante da cidade. Nel os bispos decidían moitos dos preitos e acontecementos da vida tudense. A súa ubicación era na rúa da Oliveira, polo que o pazo tería tamén a denominación de Pazo da Oliveira.

A máis antiga referencia ao pazo da Oliveira está na escritura de 1179 na que o bispo Beltrán podía facer unha fortificación xunto da torre que estaba perto das casas do bispo. A orixe do pazo, como xa temos sinalado, estaba no vello pazo condal, desde onde se rexía administrativa, xudicial e militarmente a cidade. Pasando a ser o bispo (ano 1095) o amo e señor da cidade herdaría a maior parte desas atribucións recollendo tamén o vello pazo.

Estilisticamente temos que pensar nun edificio románico de semellantes características aos pazos episcopais conservados de Compostela e Ourense. Debeu ter unha arquería no andar baixo que comunicaba co chamado “*curral do bispo*”, un patio cuxo elemento vexetal máis chamativo serían as laranxeiras. Reforzando o conxunto estarían as Torres.

O pazo sería protagonista da historia tudense, como o preito das Chaves de 1286. A pose do edificio por Paio Sorredea en 1337. O dominio doutro Paio Sorredea en 1390 desta e doutras fortalezas da cidade, etc.

A reforma máis importante sobre o pazo sería a levada a cabo polo bispo D. Xohán Fernandes de Soutomaior entre 1404 e 1423. Deste xeito aparece na documentación a denominación de pazos novos: “...*pardiñeiro con seu terreo que estava enna rua da Oliveyra que partia de hunna parte con os paços novos do bispo...*”¹⁸.

A noticia que sinala Ávila y La Cueva sobre o acordo entre o convento de San Domingos e o reitor de San Xoán de Porto en 1415, sería no Pazo das Torres. Estes Pazos ubicaríanse polo devandito autor sobre o claustro da catedral. Podemos dicir hoxe

¹⁸ Iglesias Almeida, Ernesto; “En torno al primitivo núcleo urbano de Tui”, TUI-Museo y Archivo... tomo V. Pax. 147.

que o pazo das torres era o pazo da Oliveira, reformado polo bispo Xohan Fernandes nes anos. Debeulle engadir algunha torre, ademais de novas partes e reconstrucións, pois no preito dos barqueiros de 1421 faise mención á “Torre Nova” empregada como prisión, polo que podemos acreditar na súa asimilación co pazo episcopal.

A partires da usurpación da cidade perpetrada por Álvaro Paes de Soutomaior no 1449, o pazo pasaría a ser residencia dos Soutomaior. A documentación fálanos dos “*paços do sennor Visconde*”, “*ennas Torres do Bisconde*” “*curral das Torres*”, todo isto o suficientemente significativo como para pensar no vello pazo episcopal. A descripción, somera, que se nos fai na década de 1470, cando habita o pazo o meiriño Álvaro de Cadaval en nome de Pedro Madruga, amosa a presenza de varias torres e da súa utilización como prisión.

O pazo ficaría na ruína no tempo das guerras tal e como nolo afirma a evolución dos pazos nos anos posteriores: 1486, “*paaços deribados*”; 1494, “*mouieron das torres*”; 1506, “*para o mouieron descontra a corredoira*”.

Logo disto serían cedidos os seus terreos, xunto con outros, para facer o convento “das Encerradas”.

O **Pazo da clastra** sería a orixe do pazo episcopal moderno. Comezaríase a construír en tempos do bispo Xohán Fernandes de Soutomaior II. Como parte deste pazo ficaría hoxe a Torre de Soutomaior no ángulo suroeste do claustro. A construción do pazo orixinaría moitas noticias sobre obras no claustro que deben ser asignadas a aquel. En 1452 o pazo sería reparado polo mestre Martín de Paredes: “*...apostar e reparar todo o paaço da dita igllesia que vay sobre las portas travesas e sobre la capela do bispo*”¹⁹.

A imaxe do pazo ficaría reflectida no deseño de Duarte D’Armas, escudeiro do rei D. Manuel de Portugal, en 1504.

O **Pazo de D. Diego de Muros** é a obra civil que mellor chegou ata nos. Ubícase xunto da fachada sur da catedral. Sería construído entre 1482 e 1487, aínda que descoñecemos se tivo algunha utilidade, se cadra somentes o primeiro andar. No pazo ficaron tres escudos do bispo e unha arquitectura de liñas austeras cun marcado obxectivo militar. No andar baixo faría o bispo a capela de Santa Caterina reformada no século XVIII. Como froito desta reforma o primeiro andar do pazo veríase deturpado ata a media altura, por mor da maior altura dada á capela. Podemos observar varios elementos góticos como a porta exterior de saída a un balcón ou a porta que comunica cunha estancia máis pequena. O segundo andar é o máis interesante do conxunto, con varios arcos diafragma oxivais e xanelas con poios.

O **Pazo dos Soutomaior** na cidade debeu ser un edificio importante. Coñecemos a súa ubicación por algún resto inequívoco que apareceu no lugar. Estaría o devandito pazo na parte sur da praza do Portal, xunto dos actuais edificios da Facenda. Dentro dunha casa do século XVI podemos atopar un lintel que nos amosa o escudo dos Soutomaior nun medallón xunto cos restos de decoración do que debía ser unha xanela xemorada do século XIV. Este lintel debeu pertencer ao conxunto dun patio porticado ou curral que precisamente a documentación sinala neste lugar, sendo comunmente propiedade de cóengos e arcediagos.

A **Torre do Concello** foi orixinalmente a torre que construíra Afonso VII entre 1137 e 1142 xunto do campanario da catedral e polo tanto coñecemos perfectamente a súa ubicación baixo o actual edificio consistorial. O que descoñecemos é o proceso para se converter a devandita Torre como centro do poder municipal. Afonso VII doara a torre ao bispo tudense Paio Menendes. Podemos supor que o concello, baixo a vasalaxe

¹⁹ Prot. Lib. Fernan Gonçalves. Fol. 41. 9 maio de 1452.

do bispo, se acollese á supradita torre como ofrecemento do propio bispo. A Torre é mencionada na documentación de foros repetidas veces, aínda que a mención máis interesante é a que se fai referencia a súa garda por Paio Sorrede de Soutomaior en 1393 xunto coas outras fortalezas da cidade. Esta torre serviría de prisión civil e depósito da documentación municipal, privilexios, doazóns, propiedades, foros e costumes. As reunións plenarias de concello e homes bos da cidade faríanse fóra, baixo o carballo do outeiro, por falta de espazo no interior, aínda que si se realizarían as dos xustizas, xurados e xuíz, existindo unha sala con asento corrido tal e como nos chegou ata nos para a Sala Capitular románica da Catedral a cal tiña o mesmo obxecto.

A **Torre Vella** pódese considerar uns dos edificios máis antigos de Tui. Polos restos conservados ciframos a súa orixe no 1125, feito da estadía en Tui da raíña D^a. Tareixa de Portugal. A torre orixinalmente debeu ser unha porta do vello burgo, xa que logo, a súa posición estratéxica así o permitía. No 1179 temos a nova do bispo D. Beltrán intervindo nunha fortificación sobre a torre. Para mellorar esta fortificación o rei Fernando II concedía un imposto especial sobre os cereais vendidos no mercado de Tui, o cal a metade sería para a devandita fortificación e a outra metade para as obras da Catedral. Paio Sorrede posuía a Torre Vella ao igual que o pazos episcopais e a Torre do Concello, todas elas emblemáticas fortalezas de Tui. Sabemos por unha contenda de 1370 que a Torre Vella tiña a metade dos dereitos de portádego dos navíos de áncora de ferro que fondeasen no porto tudense. A torre serviu de prisión para cregos, como aconteceu no preito dos chamorros e tal e como nolo afirma a documentación: “...cadea e torre vella do bispo ondesse custuman poer et enquarcerar os outros clerigos criminosos”. Hoxe pódense contemplar restos desta torre formando parte do túnel das monxas e polo interior do edificio conventual.

O **Hospital de pobres e peregrinos** cumpría unha necesidade en cada cidade de atender aos camiñantes e pobres, dándolles cama e coidado non máis de tres días. A súa ubicación non mudou co tempo pois malia as reformas dos séculos XVI e XVIII o edificio mantívose na praza do Concello: “*Foro de casa na Praça... como parte de huna parte con ho Ospital da dita çibdade e da outra...*”²⁰. non sabemos da súa orixe aínda que é posible pensar no século XII tra-la ampliación da cidade por Fernando II. Das características do edificio pouco podemos dicir senón son as verbas de Ávila y La Cueva referentes a existencia dunha inscrición: *Alhóndiga 1181*, pero semella unha lembranza máis que unha peza orixinal. Si que podemos facer caso da función de mercado (Alhóndiga) xa que ao dar fachada á praza (onde se instalaba mercado) existirían soportais que acubillasen aos vendedores, probable continuación dos restos do século XV e XVI que aínda hoxe persisten.

O **Hospital de San Xiao dos Gafos** ficaba fóra da cidade, medida natural a todas as vilas e cidades galegas. O Gafos ou lepra foi unha enfermidade común na Idade Media, sendo lóxica a creación destes lugares asistenciais. Ubicábase este hospital no camiño de Pontevedra, onde se crearía un arrabalde ao que se chamaría do Rollo por ficar no lugar a Picota. Na Baixa Idade Media o lugar era coñecido como de San Xiao aínda que non existisen casas e si abondosas leiras de viñas, unha das cales a posuía a nai do bispo D. Xohán Fernandes de Soutomaior, Inés Álvares: “*Herdade por Sam Gaaos Laserados ...topava con herdade que suia de trager Ynes Alvares madre que foy do señor dom Johan bispo que ora era de Tuy e que agora o dito sennor traguia.*”²¹. A orixe deste hospital é moi incerta aínda que debemos supoñer antiga. A máis vella referencia a este edificio nosocomial témola do 18 de agosto de 1358, na que Rui Domínguez *home bon da casa de San Gaaom* vendeu a Gonçalvo Martins catro leiras

²⁰ Prot. Lib. XIII. Fol. 50. 5 decembro de 1460.

²¹ Ibidem. lib. VIII. Fol. 108. 5 maio de 1423.

de herdade en Barros na parte de Palláns, otorgouse a escritura *en o dito lugar de Sam Giaaom*.²²

Da arquitectura do edificio nada sabemos aínda que notamos a presenza dunha capela a San Xiao e que probablemente o resto do hospital fose en gran parte de madeira.

Existían dentro da cidade outros edificios que non sobresaían pola súa arquitectura pero si pola súa función. Constatamos a presenza en Tui, como noutras cidades galegas, de congregacións relixiosas que pasaban desapercibidas polo edificio que ocupaban. En Tui temos a certeza dalgunha congregación feminina de tipo “clausura” na cidade: “*xunto de Sta. Maria do Portal casa das inparadinadas*”, “*Na rúa das adegas casa que entestava en casas das enparedadas*”, “*...aquela cassa en que morava Maria Loureira que deus perdoe con seu enxido asi como todo esta junto e parte de hun cabo con cassas de Pedro Rey e da outra parte con pardiñeiro que esta açerca da cassa de Gonçalo Peres e entesta encima ena parede da caustra das privadas e entesta ena rua publica que vai para a plaça de Tuy ...*”²³. Fica claro o sentido dado á palabra “enparedadas” xa que o mesmo termo curiosamente sería dado polos tudenses ás clarisas do convento da Concepción, fundado en 1508. O de *claustra das privadas* puidera entenderse como un elemento arquitectónico relevante dentro do edificio. A ubicación destas relixiosas sería a mazá de casas entre a praza do Concello a rúa das Adegas e a praza do Portal, nas proximidades do Hospital.

A casa común

Non temos un modelo preciso de casa medieval pero trataremos de achegarnos á tipoloxía habitual de casa nese período histórico mediante os restos conservados no actual Conxunto Histórico de Tui e polas pistas que amosa a documentación.

O máis normal sería atopármonos cunha casa dun só andar, o que se coñece como casa sobrada, pero tamén era habitual a máis simple e tamén pobre casa chá (só andar baixo). A casa sobrada permitía ter unha tenda ou adega no andar baixo, e a vivenda propiamente dita no andar alto. Claro que non resulta extraño que casas que dispuñan de moi pouco espacio estivesen aforadas a varios propietarios o cal indica un alto nivel de pobreza e ateigamento na cidade.

O tamaño medio das casas medievais tudenses, tal e como acontecía noutros lugares, andaba entre os 30 e os 40 m², pequenas proporcións testemuñadas polo parcelario aínda existente, que vai dunha profundidade de oito metros e un ancho de catro metros, apreciable nas rúas produto da ampliación do ano 1170 o que sinala unha planificación, aínda que sexa mínima.

Co tempo, sobre todo a fins do século XV, as vivendas ampliáranse ao xuntarse varias casas nunha soa.

Os materiais destas casas eran o que ofrecía o medio: madeira, pedra, tella, ferro, este último nos cravos ou pregos, de aí ven a “*pregadura*” da documentación tudense.

O máis habitual teremos que pensar en muros medianeiros de cachote, parede do andar baixo de pedra (que pode ter motivos decorativos) e sobrado de madeira.

O tellado témolo que, “peregullescamente”, deixar de tella, pero de emprego obrigado e xeralizado no século XV (medida contra-incendios) pois con anterioridade podemos advertir o uso do colmo como teitume máis habitual e barata tal e como seguía acontecendo no rural.

²² Vila-Botanes, Suso; O Tui Esquecido, 1999, pax. 117.

²³ Prot. Lib. VIII. Fol. 107. 1423. / Lib. VIII. 9 agosto 1427. / 11 novembro de 1480.

No sobrado podían existir variantes como o peitoril ou varanda que designaba este tipo particular de casa e que aínda hoxe en día pódese rastrexar en Tui na aparición de galerías: “*Casas na Ferraria, catro casas coa condición que as juntasse huna con a outra e as alçase e feçese de tavoado con peitoril ygoal a huna agoa con huna.*”²⁴

O documento precedente sérvenos para entrar no tamaño da casa xa que sabemos do seu pequeno tamaño froito dunha alta densidade poboacional no pasado pero rachada coas guerras e violencias do século XV as casas iranse concentrando en poucas mans dando nacemento a casas maiores predecesoras das casas barrocas.

O sobrado tamén podía ser pechado de pedra, resultando unha casa de carácter burgués cun mellor deseño e cunha disposición clara na planta baixa: porta pequena de entrada á vivenda; xanela ancha e porta ancha de entrada ao obradoiro coa misión de dar suficiente luz. Esquema rastexable hoxe en día polas rúas tudenses.

As singularidades no casarío

Como efecto polo enriquecemento dos individuos tamén se produce a ornamentación das casas dos elementos máis adiñeirados da sociedade tudense. Poden ser modestas decoracións de arquiños ou de arcos conopiais, figuracións ou estruturas de arcos oxivais e pasadizos que amplían a casa sobre o outro lado da rúa.

A mellora da casa polo foreiro tiña como recompensa a rebaixa da contía do foro, un exemplo desto está nas benfeitorías que realizou o mestrescola Estevo Trigo “*sobre todo a casa moi boa que fiso na herdade da Corredoira*”²⁵.

É ben doado ver por Tui as decoracións de arcos conopiais, arcos oxivais e de medio punto, decoracións humanas e florais nas mochetas, balcóns, etc., máis cabe lembrar que a documentación amosa unha maior riqueza decorativa ou singular non moi desemeillante que a que ten aparecido en séculos posteriores: casa do crucifixo, casa do reloxo, casa do arco, elementos todos que personalizan a edificación.

Un dos símbolos que marca o poder nunha cidade son as Torres, habituais na documentación tudense e que aínda se poden albiscar hoxe entre as transformacións sufridas polo casarío medieval tudense.

Existía unha torre na praza do Concello: “*Foro a Diego de Barrantes...casa con sua torre na praça de Tui...parte de hun cabo con cassas en que mora Çesilia Afonso e do outro con cassas en que mora mestres Joan e da outra van topar aa rua das adegas...e sole e cubra a dita torre dela de tella madeira e pregadura.*”, vivían nesta casa-torre Lourenço Barbeiro e Gonçalo Domingues o vello, sendo dúas casas xuntadas.²⁶

Casa con pasadizo era a que faría o escudeiro de Álvaro Paes de Soutomaior Gomes Correa, segundo un foro do cabido “*para que elles ponam as traves para salia que querem faser da parede das suas casas porçima da rua enna parede das casas do dito cabido que ficarom de Alvaro Gill.*”²⁷.

Outro rasgo das grandes casas eran as cabaleirizas, aínda que a aparición tardía destas na documentación tudense nos fai pensar no aproveitamento dos pardiñeiros e casas arruinadas tra-las guerras e contendas do século: “*...da outra parte con cassa da cavaliariça que trage Maria Fernandes tendeira.*”²⁸

Un elemento diferenciador entre a casa común e a casa nobre, sería o escudo ou brasón, mais en Tui, a excepción do mentado dos Soutomaior e algún outro, non temos

²⁴ Ibidem. lib. XXV. Fol. 178. 1423.

²⁵ Prot. Lib. VI. Fol. 30. 7 setembro de 1433.

²⁶ Ibidem. lib. XXV. Fol. 157. 1484.

²⁷ Ibidem. lib. XIII. Fol. 98. 19 novembro de 1462

²⁸ Ibidem. lib. XXV. Fol. 172. 1485

conservado ningún escudo nobiliar desta época, quizais síntoma da escaseza de fidalgía e nobreza na cidade tudense só mudada a situación a partires da fin do século e xa no XVI cando a nobreza ilustra as súas casas con coidados brasóns de armas.

Unha característica notable dentro da cidade é a aparición de hortas, cortiñas, eixidos entre as casas, ocultos por detrás das edificacións e só visibles por algunha ponla de figueira ou maceira. Estas pervivirían ata o de hoxe en Tui.

AS INSTITUCIÓNS POLÍTICAS

O Señorío¹

O **bispo** tudense tiña a xurisdicción no espiritual e no temporal.

Os vasallos do bispo eran todos os habitantes da cidade e dos seus coutos.

A orixe do señorío episcopal sobre a cidade tudense provén da doazón dos condes D. Reimunde e D^a. Urraca no ano 1095. Os privilexios dos reis posteriores afortalan o poder da Igrexa sobre a cidade de Tui: pesca no río, portádego, inmunidade xudicial, poñer xustizas, monopolios económicos (viños, panos,...); toda unha serie de poderes que permiten dominar sen trabas sobre os seus vasallos, aínda que estes nunca estén conformes.

O símbolo do señorío sobre a cidade estaba formado polas chaves das súas portas, na pose do bispo e que este cedía nun acto de vasalaxe aos xustizas por el designados. Os conflitos de 1286 e 1390 confirman que a devolución das chaves ía máis aló do que unha simple contenda legal senón que se debatía o señorío episcopal sobre a cidade.

O bispo dispoñía do poder de realizar ordenanzas municipais, elección de autoridades e oficiais do concello, administración da xustiza coa recollida de multas, fundación de mercados,...²

Non temos moito coñecemento da labor exercida polo bispo no seu señorío. No momento histórico no que dispomos de maior información, o século XV, os bispos están desprazados da súa cadeira polos Soutomaior, ou tamén por prolongadas Sé Vagantes, ou gobernar por vigairos ou simplemente porque non aparecen na documentación conservada que pertence case en exclusiva ao cabido.

Só a fins do século XV temos novas certas do exercicio de poder dos bispos, en concreto de dous: D. Diego de Muros e D. Pedro Beltrán. Do primeiro coñecemos as Ordenanzas municipais por el promulgadas e únicas coñecidas, e a celebración dun importante Sínodo, polo tanto estamos ante un bispo que exerceu todo o seu poder, se cadra obrigado polas circunstancias que lle tocou vivir.

O **Cabido** é o goberno catedralicio, estará presidido polo bispo, que será a cabeza visible do señorío sobre a cidade.

O cabido reuníase no claustro da catedral. A sala capitular, aínda conservada, ten a súa orixe no século XII. A fins do século XV o lugar de reunións mudará para a Torre de Santo André, probablemente no seu primeiro andar, local adaptado para as reunións.

A convocatoria á reunións do cabido facíase mediante o tanxir das campás. Os días habituais de reunión eran os venres (polo menos no episcopado de D. Diego de Muros), e moi importantes eran os cabidos do 1 de agosto e do 1 de xaneiro, nos que sabemos que de non asistiren os cóengos serían descontados por oito días, mentres a falta do cabido dos venres significaba o desconto por aquel día.³

A composición capitular estaba formada polas seguintes dignidades: o *Deán*, quen presidía o cabido; o *Chantre* encargado do coro; o *Tesoureiro* quen gardaba e administraba todo canto houberse de valor; o *Mestrescola* realizaba funcións de Chanceler e estaba a cargo de todo o referente ás ensinanzas; os *Arcediagos* ocupábanse

¹ Para unha maior e mellor información sobre estes aspectos ver o completo estudio de M^a. del Carmen Sánchez Carrera: El Bajo Miño en el siglo XV, el espacio y los hombres. 1997. pax. 227 e ss.

² Ibidem.

³ Prot. Lib. XXVII. Fol. 191. 31 xullo de 1498.

do goberno da diocese por circunscripci3ns, coñecemos dous, o de *Miñor* e o de *Montes*, anteriormente tamén estaban o de *Cerveira* e o de *Labrugia*, desaparecidos pola excisi3n do bispado na parte portuguesa co Cisma de Valena; no derradeiro degrao estaban os *c3ngos* quen axudaban ao culto catedralicio no coro, finalidade pola que cobraban o beneficio ou prebenda, o que significaba ser contados (para cobrar) pola s3a presenza no coro, polo contrario de non asistir non percib3an remuneraci3n ou de realizar algunha falta eran “*descontados*”, non percibindo o que lles corresponder3a por asistencia.⁴

Entre os cargos auxiliares (oficios) do cabido estaban o de mordomo, notario, avogado, procurador, procurador da obra, contador do libro da mesa capitular, contador das aniversarias e o luminario. Estos cargos eran nomeados o 1 de agosto de cada ano.

As relaci3ns entre cabido e prelado non son en moitos momentos amistosas. Debido 3 extracci3n social de parte dos c3ngos (da burgues3a urbana, fillos de conversos, etc.) pod3an existir choques entre estes e o bispo. O cabido elixiu bispo ata 1423, morte do bispo D. Xoh3n Fernandes de Soutomaior, a partires do cal Roma escoller3a prelado entre os seus af3ns.

Os enfrontamentos co bispo foron claros en tempos do bispo D. Luis Pimentel. Con D. Diego de Muros exist3a certa desconfianza, polo menos nos primeiros momentos, como se comproba en 1480 con Xo3n de Bodiño xa que, rematadas as guerras e pedida a reincorporaci3n a s3a calonx3a da que fora botado por Pedro Madruga, D. Diego promovera esa calonx3a a outro, e no cabido non confiaban das formas do bispo e polo tanto non quer3an enemistarse con el outorgando, o que consideraban por xustiza, a calonx3a a Xo3n de Bodiño:

*“e os dictos se3ores do cabildo responderon que eran enformados que o se3or obispo seu perlado avia provido daquela calongia a Afonso da Nespereira e que non se querian enbaraar con elle que o reeavan muito porque mais o querian teer por amigo que non como quera que prima facie lles parecia aver e teer iusticia o dicto Joan de Bodinno.”*⁵

As rendas capitulares (de coutos, mosteiros, capelas, etc.) eran o principal ingreso do cabido. Encarg3base da s3a cobranza aos chamados “*teneiros*” quen recaudaban na chamada “*tena*”. As tenencias non eran regulares pois pod3an ser a dalg3n mosteiro, capela, port3dego, ou lugar m3is o menos concreto que non formaba parte dun couto ou dos bens dalgunha capela.

O mecanismo de adxudicaci3n das rendas eran as poxas sendo ao mellor postor en tres cabidos. Nas poxas era normal que entrasen os mesmos beneficiados e arcediagos xa que eran eles das persoas con maior poder adquisitivo.

O cabido, ante a heteroxeneidade dos seus compoñentes deb3a impedir calquer traici3n contra el e as filtraci3ns dos seus segredos. En 1510 o cabido constituir3a ante este tipo de continxencias que tres beneficiados fixeran pesquisas nun per3odo de oito d3as probados os cargos contra o infractor que se descubrise, se lle retirase as tenencias e foros que posuise do cabido e descontarlle por tempo indeterminado: “*e asi esta constitucion se fezo juraron todos os beneficiados sobre seu sacerdocio de o ter comprir e guardar e punir o tal deliquente*”.⁶

O desenvolvemento das sesi3ns do cabido non deb3an ser moi tranquilas, sobre todo durante o convulso s3culo XV: “*o chanfre ordena que todos falem de cada vez e*

⁴ M^a. del Carmen S3nchez Carrera; El Bajo Miño..., 1997. pax. 229.

⁵ Prot. Lib. XXV. Fol. 48. 15 novembro de 1480.

⁶ Ibidem. lib. XXIX. Fol. 243. 1 agosto de 1510.

*nom todos a mesma vez, senon estan calados pena de desconto*⁷; *“O dito deam mandou a Alvaro de Porto e Vasco D’Aamyll que calem e cesem de suas questions que ora ha en cabido, supenna de desconto por hun anno ao que non calar.”*⁸

Non só se requería o silencio para estar en cabido senón e tamén a vestimenta, moitas veces inapropiada. En 1461 prohibíase aos cóngos por razón de honestidade que non trouxeran o *“capuço cuberto”* pois era hábito de leigos. Nas constitucións sinodais feitas por D. Diego de Muros en 1482 ordenábase aos cregos do bispado que non vestisen con cores e roupas chamativas porque *“la vestidura e habito de fuera es senal de habito e vestidura de dentro”*.⁹

Foron varios os conflitos, máis ou menos importantes, que se desataron no seo do cabido.

En 1449 o cabido enfrontábase aos cregos do coro por canto estes desde algúns días atrás non dicían misas nen outras cousas que eran obrigados na igrexa catedral, por esta míngua, negligencia e culpa dos ditos cregos, a devandita igrexa carecía dos oficios divinos. O cabido expulsaría aos cregos do coro tanto si entrasen co hábito clerical como se non, e deixarían de percibir calquera privilexio que tiveran do dito cabido, *“e esto ata que elles e cada hun delles venna a obediencia mandada do dereito do dito cabido”*.¹⁰

Os cóngos *Jácome Rodrigues* e *Vasco d’Aamyll* tiveron que ceder a súa enemistade por ameaza do cabido de ser postos en desconto e entreditos por oito días *“e perdou a penna que selles estava ordenada, perdoa unn ao outro, o outro ao outro, i o dito cabido lles mandou que fosen boos amigos de ally adoante por que mal paresçia a todos ser contra eles taas escandalos.”*¹¹

Curioso sería o enfrontamento entre os cóngos Vasco Peres e Afonso Fernandes. Vasco Peres encargábase de contar as horas de asistencia dos cregos e beneficiados ao coro. No momento en que Vasco Peres estaba no coro achegouse a el Afonso Fernandes a preguntarlle por que lle descontara, a resposta do primeiro sería que non pagara o repartimento dos dineiros para o preito dos Arrianos, a contestación de Afonso Fernandes non sería moi educada, *“disera desonestas palavras e arreganara os dentes contra el como fazen os caans”*, Vasco Peres solicitaría outro oficio pois non quería volverse a atopar con Afonso Fernandes.

Nas pesquisas do cabido para esclarecer as culpas do caso, Vasco Peres comezara o escándalo *“dizendo que non falava con sandeces”*, respondéndolle Afonso Fernandes *“que non cria por deus nem por Sta. Maria selle non sacava a sandeçe da cabeça”*. O cabido sancionaría a Vasco Peres con oito días de desconto, mentres que Afonso Fernandes estaría en desconto por un mes pois arrenegara publicamente, polo que lle aplicaban as penas que impoñían as contitucións do cabido.¹²

De Vasco Peres sabemos que era fillo de converso (*Pero Judeu*), e a actitude de Afonso Fernandes fainos sospeitar doutro tanto, o cal lle engade un maior interese a este caso.

Por suposto que todo isto non significa que os conflitos fosen habituais no interior do cabido, aínda que si se daban as condicións para que tales feitos se

⁷ Ibidem. lib. VIII. Fol. 122. 20 decembro de 1423.

⁸ Ibidem. lib. XIII. Fol. 32. 21 xullo de 1460.

⁹ Ibidem. fol. 62. 22 maio de 1461. / Sánchez Carrera, El Bajo Miño..., pax. 282.

¹⁰ Ibidem. lib. Fernán Gonçalves. Fol. 38. 3 novembro de 1449.

¹¹ Ibidem. lib. XIII. Fol. 11. 18 outubro de 1459.

¹² Ibidem. lib. XIII. Fol. 24. 5 maio de 1460.

producisen, sobre todo ao longo do século XV e o dominio dos Soutomaior sobre a cidade e bispado, cousa que provocaría unha gran diminución das rendas capitulares e polo tanto a conseguinte tensión liberada por medio dalgunhas contendas e rifas.

O Concello

Non temos moitas novas dos primeiros tempos do concello nen da súa constitución como tal. Coidamos que, parellamente a outras cidades e vilas, a orixe do concello estaría nunha asemblea de veciños quen puideron nomear a uns representantes que procurasen nos asuntos da cidade.

O concello non só tiña responsabilidades sobre a cidade, senón e tamén sobre un territorio xurisdiccional (diferente do eclesiástico) que tiña a súa orixe no couto de 1095 outorgado ao bispo de Tui polos condes D. Reimunde e D^a Urraca. O concello contaba coas freguesías de Santa Mariña de Areas, Santiago de Baldráns, San Martiño de Caldelas, San Mamede de Guillarei, San Xoán de Paramos, San Bertolameu de Rebordáns, parte de Santa Comba de Ribadelouro e San Vicente de Soutelo.

As Cartas Forais non facían senón que aceptar os usos e costumes dos veciños. A máis antiga Carta Foral para Tui sería a de 1142 concedida por Afonso VII. En realidade trátase dun privilexio real outorgado ao bispo tudense.

Afonso VII concedía o poder ao bispo de poñer xuíces na cidade.

Na Carta Foral de 1170, o rei Fernando II atende aos dereitos consuetudinarios dos veciños de Tui ademais de engadirlle unha serie de potestades aínda que non fala dos xuíces nen do señorío sobre a cidade.

O movemento organizado na cidade contra a anulación dos foros é síntoma da organización dun concello preocupado polos seus dereitos e autonomía municipal.

Na contenda de 1211 Afonso VIII outorgaría algún foro para mellor poboar a cidade pero retornaría ao contemplado por Afonso VII en 1142.

No preito entre o Concello e o bispo D. Lucas, o rei Fernando III decidiría sobre o señorío da cidade (segunda parte da contenda). Logo de ver mostradas as cartas duns e doutros comprobou que nos Foros de 1170 non se tollía o señorío do bispo, polo que restableceu o seu contido.

Pero o concello ensinou unha, descoñecida para nos, Carta de Afonso VIII na que mandaba a homes sinalados da cidade para facer xustiza “*metiera el poder de recabdar e de prender omes, e de facer justicia*”¹³, co cal restaba forza ao señorío do bispo sobre a cidade aínda que non o suplantaba senón que aceptando o bispo que el era vasalo do rei a xustiza debería de se facer no seu nome.

Fernando III concluiría que “*por mio Padre dar poder de facer justicia a omes señalados de la Villa, entendiendo que la Villa era mal parada, o por que el Obispo non podie, o non querie, o non sabie, o non se atrevie a facer justicia ante omes poderosos de la Villa*”¹⁴. O señorío sobre a cidade continuaba sendo episcopal mais a xustiza ficaba do lado veciñal.

Con esta sentenza ficaría unha situación curiosa para Tui, a súa xustiza se facía no nome do rei pero o señorío da cidade era episcopal, o que era unha situación insólita.

En Tui existía un xuíz e dous xustizas ou alcaldes¹⁵ un número descoñecido de xurados¹⁶ e un procurador: “*Afonso Fernandes juiz, Pero Anns, Nicolao Gonçalves*

¹³ Henrique Flórez; España Sagrada. Apéndice XVIII.

¹⁴ Ibidem.

¹⁵ No preito de 1393 aparece Afonso Fernandes como xuíz, aínda que non expresado, xunto cos xustizas Gómez Núñez e Lopo Afonso. A confusión entre termos é máis que evidente.

*justiças*¹⁷; “*Pero Esteves, ius ordinario da dita cidade, Juan Dabansa, Lorenço Calvo iustiças*”¹⁸. O xuíz era de designación real podendo repetir no cargo segundo o apoio do concello. Así vemos Afonso Fernandes como xuíz dende 1393 a 1419.¹⁹

Isto ten a súa orixe na sentenza de 1250 pola que a xustiza de Tui se facía en nome do rei, así o concello podía oficialmente dicir: “*Rodrigo Anes Juiz da cidade de Tuy por Noso Señor el rey Don Fernando*”²⁰ para 1370; “*Fernando Gonçalves alcalde da çidade de Tuy por noso sennor el rey seendo en audiencia publica oyndo os pleitos causas e negocios enno seu lugar e ora acostumbrados*”²¹ en 1452, ou en 1454 “*presente Pero Marrao, alcalde da dita cidade por nos sennor el rey*”²².

A función do xuíz era administrar xustiza na cidade e couto de Tui, mentres que os xustizas tiñan como competencia principal gardar as chaves da cidade, cometido trasladado por D. Diego de Muros en 1484 aos xurados e procurador. Descoñecemos outras funcións atribuíbles aos xustizas xa que as mesmas áchanse moi confusas coas do xuíz.

O xurado, cargo vitalicio, tiña como función a de auxiliar nas determinacións do concello como por exemplo nomear os cobros dos xustizas, asumindo a representación da corporación en casos concretos, aínda que en xeral fican na sombra da documentación.

Tanto o xuíz como os xustizas non pertencían a unha élite urbana; Pero Marrao era sarralleiro e sería ovenzal ou procurador do hospital de San Xiao dos Gafos, e Pero Esteves, xuíz en 1441, era carpinteiro.

Os xustizas, en número de dous, eran designados polo bispo e cabido mediante cobros, consistentes estos na elección entre dúas parellas de xustizas propostas polo concello.

Deste xeito cumpríase o señorío episcopal pero mantiñase a autonomía municipal. De facto os cobros tudenses eran os que máis limitaban o señorío episcopal, pois no resto da Galiza o seu número era superior: ata os seis pares de xustizas en Santiago e Pontevedra, ou aos catro pares en Ourense.

En Tui temos exemplos destas eleccións, aínda que en situacións complexas. En 1286, o famoso preito das chaves da cidade, dous xustizas néganse a entregar as chaves ao deán e cabido, non dando D. Oeiro e D. Xohán de Moreira “*os coblos seus e elles que deram os seus para fazer as justiças segundo que mandam seus privilegios e como est de uso e de costume*”²³.

No preito de 1393 para regularizar a situación o procurador do bispo e o cabido ordenarían ao xuíz e homes bos “*quesse fossem fora do dito cabido et levantassez e erguessez em sseu conçello dous cobros*” os cales presentaron “*aos ditos procurador do dito sennor bispo et dayam et cabidoo dos cobros segundo que ham et ovidom ssenpre de ussu et custume, convem assaber em hum dos cobros Lopo Afonso e Johan Collaço*

¹⁶ Mentres noutros concellos galegos o número de xurados podían ser 12 (como na Coruña ou Santiago) e 8 ou 7 (para Pontevedra e Ourense respectivamente). Só sabemos que as Ordenanzas de D. Diego de Muros escolleranse catro xurados ou rexedores, pero coidamos que é feito de redución efectuada polo bispo e tamén polo facto de estar a cidade moi despoboada como resultado dunhas cruentas guerras que afectaron grandemente á cidade.

¹⁷ Prot. Lib. VIII. Fol. 34. 22 agosto de 1419.

¹⁸ Sánchez Carrera, M^a C; El Bajo Miño..., 1997. pax. 311.

¹⁹ Talvez sexa unha coincidencia provocada pola falta de documentación entre eses anos que nos amose o xuíz elexido.

²⁰ Iglesias Almeida, Ernesto; Los antiguos portos de Tuy..., 1984. pax. 69.

²¹ Sánchez Carrera; El Bajo Miño..., 1997. pax. 215.

²² Ibidem. pax. 324.

²³ Pergamino 14/42.

et em outro cobro Stevo Degues et Baasco Martim et diserom...(que)...tomassem hum daquestes ditos cobros qual quisessem et fezessem et duas justiças que ussasem de sseus ofiçios...”²⁴.

Estos dous conflitos reflicten a loita pola autonomía municipal, nunha simbolizada polas chaves da cidade e noutra polo preito e homenaxe ao rei D. Juan e ao Arcebispo D. García Manrique para fuxir do señorío episcopal e actuar con plena independencia.

No século XV o concello estará entre luces e sombras. O dominio dos Soutomaior sobre a metade do século puido ser un bó momento na independencia do Concello, xa que logo, a falta de bispo e a presión de Álvaro Paes, deixaba unha posición comprometida para o cabido, mentres Álvaro debía apoiar as pretensións autonomistas do concello xa que estas tamén o beneficiaban a el.

O acontecido en 1467, no que o cabido protestaba ao concello por poñer oficiais inxustamente, reflicte o apoio de Álvaro Paes de Soutomaior. Este mesmo sería continuo mediador entre os sucesos do concello e os do cabido, como no preito dos Pelames, noutros conflitos nos coutos tudenses ou no preito dos Arrianos. Tamén o veremos presente nalgunhas reunións do concello, amosando así a vontade de interferir totalmente na vida da cidade.

Deste modo, “desfasiendo entuertos”, a imaxe que debía ficar na mente dos veciños do bispado tudense non debía de se afastar do título que ostentaba nas escrituras, “*O Generoso Señor*”.

No tempo en que Pedro Álvares de Soutomaior se apodera da cidade de Tui dentro do clima bélico que vai das guerras irmandiñas ata a guerra de sucesión, máis de dez anos sufriría a cidade a ruína e a despoboación.

Rematadas as guerras, D. Diego de Muros aproveitaríase da falta de ánimo e forzas do Concello para facilmente introducir unhas ordenanzas que contradecían a tradición municipal de case trescentos anos.

O bispo contaba co apoio anterior dunhas cartas do rei Enrique IV outorgando ao bispo a elección do xuíz de Tui, feito que desautorizarían oficialmente os Reis Católicos en 1496, pois se suplantaba o tradicional xuíz real “*que en nuestro nombre administre justicia*”. O rei Enrique IV consintiu por rogo do bispo D. Diego de Muros que proveese en cada ano o dito oficio “*e que como la justicia se fazia en nuestro nombre se fiziesen en nombre del dicho obispo*”²⁵.

Don Diego eliminaba os xustizas, reempazándoos por meiriños, elixía directamente o xuíz e os xurados, controlando totalmente o concello.

A complicada situación vivida pola cidade no século XV fai moi difícil aclarar como era verdadeiramente o goberno da cidade, e non só falamos das usurpacións e dominacións dos Soutomaior e das guerras, senón e tamén, dos cambios efectuados polo bispo D. Diego de Muros quen trastocará o concello mudando unha tradición baseada na autonomía municipal obtida gracias a privilexios reais uns trescentos anos antes.

As ordenanzas municipais

A promulgación de ordenanzas municipais efectuadas polo bispo D. Diego de Muros en 1484, virá a resolver o baleiro existente na gobernación da cidade, mermada polas guerras pasadas.

As ordenanzas de D. Diego son as únicas que coñecemos para a Idade Media tudense, e por desgracia non nos aclara cousa dos regulamentos da cidade tanto se son económicos como de orde pública ou ordenanzas urbanísticas.

²⁴ Ibidem. 2/8

²⁵ García Oro; Galicia en los siglos XIV y XV, tomo II, pax. 132.

D. Diego intenta explicar a realización das ordenanzas pola gran falla de xustiza que *de trinta e cinco annos desta parte* padeceu a cidade e os problemas derivados da opresión e tiranía dos Soutomaior.

Para elaborar as ordenanzas confórmase *con los costumbres antiguos que en la dicha nuestra cibdad solian ser* e tamén coas ordenanzas e usos existentes nas demais cidades galegas de señorío eclesiástico.

Debemos pensar que os vellos usos e costumes da cidade eran os de carácter económico e urbanístico, pois na regulación interna do concello e da súa autonomía pesarian máis os propios criterios do bispo e as ordenanzas das outras cidades galegas.

O concello estruturárase entorn a un xuíz e catro xurados, todos de elección directa do bispo cada 1 de xaneiro. A xuntanza dos veciños da cidade decidirá sobre un procurador que vele polo ben común.

O xuramento dos cargos facíase sobre os medos do propio bispo D. Diego: “*e non seran en dicho fecho ni consejo quel obispo prelado desta iglesia sea preso sendo ni mal tratado ni pierda el señorío desta cibdad...antes seran en un servijio e ayuda e donde quiera que vieren o sopieren ser dapno que lo descubriran e revelaran lo mas ajina que puideren segundo buenos e fieles e leales vasallos de fazer e procuraran la honra e pro de nuestra iglesia cathedral e beneficiados della e el bien publico desta cibdad vezinnos e moradores della*”.

Co anterior podemos comprobar como se antepón o ben da igrexa e os seus integrantes ao ben común da cidade, síntoma inequívoco do intento de acadar unha vasalaxe total, a cal non fora conseguida nos séculos anteriores pola loita mantida con éxito polo concello.

Cada ano, polo 1 de xaneiro, o xuíz debía entregar a vara da xustiza e os xurados e procurador as chaves da cidade de cara a poder entregalos aos novos cargos, aínda que podían repetir no posto as mesmas personaxes.

Para facer concello, isto é, reunir a xuíz, xurados, procurador, oficiais e homes bos da cidade, os únicos autorizados para o facer eran o lugartenente ou o xuíz elixidos polo bispo e cabido, pero en caso de necesidade os xurados ou o procurador podían comunicarllo aos devanditos lugartenente e xuíz.

Se no concello se trataba algún aspecto que tivera que ver coa igrexa, os seus beneficiados ou as súas rendas, terían a obriga de consultalo co cabido para que eles fixesen o seu acordo e consentimento.

As últimas disposicións das ordenanzas teñen que ver coas exaccións que disfrutaban o xuíz, xurados, procurador e notario do concello, estes non pagarían “*renta ni talla ni otra imposición ninguna en quanto tuvieren los dichos oficios ni les den huespedes ni los repartan para camiño ni para guerra ni para vela ni para otro servijio ninguno*”, todo o cal preciaba os cargos municipais, sendo devezados pola élite urbana.

Tamén premiaba D. Diego de Muros aos escudeiros “*que tuvieren armas e cavallo*” coas mesmas exaccións, cun fin claramente defensivo de cara a non repetir o funesto pasado do bispo.

As viúvas tamén terían excepcións pero coa condición “*que vivieren honestamente en su viudez e non se entrometieren en tratar mercaderias e otros oficios non pertenesçientes a su estado*”, o cal cortaba a antiga traxectoria laboral das mulleres no mundo urbano tudense (no rural non haberá tales medidas). Esta manifestación do bispo reflicte a situación tudense logo das guerras, gran número de viúvas traballando en oficios teoricamente varonís.

Podemos resumir estas ordenanzas municipais como totalmente retrógradas, froito das aspiracións señoriais de D. Diego de Muros e dos seus medos a que se repitan os sucesos do pasado.

Mentres as demais cidades galegas “modernizan” os seus estatutos municipais para se adaptar a unha situación completamente nova, os de Tui ficarán estancados, fixando o lastre que padecerá a cidade en toda a Idade Moderna, puidendo seguir incluso algúns dos seus peores defectos ata os nosos días.

D. Diego de Muros institucionaliza a figura do “rentista” en Tui, escudeiros que non aportan nada á produción material ou intelectual de Tui ficando como auténticos vampiros da sociedade tudense.

Coñecemos o nome de varios xuíces ou alcaldes tudenses como Pedro Meléndez en 1249, un dos responsables da rebelión contra o bispo D. Lucas; D. Oeiro e D. Xohan de Moureira en 1286; Gómez Núñez e Lopo Afonso en 1393; Pero Esteves en 1449; en 1452 Fernando Gonçalves; Pero Marrao en 1454; Pero Froes en 1463; Vasco Camiña en 1467.

Estes son algúns exemplos productos da aparición esporádica na documentación tudense. É interesante constatar como Vasco Camiña sendo xuíz en 1467 o atopamos en 1491²⁶ e renunciando do seu cargo en 1504.

Desta primeira composición completa do concello: “ordenou o dicto reverendo señor obispo con os dictos señores dean e cabido e fezo os ofiçias que administrasen justiçia enna dicta çibdad e primeiramente entregou o dicto señor obispo ofiçio d ejuis ao dicto Vasco Camynna e deron el ofiçio delos regidores a Fernando Spadeiro e a Juan Gomes e Afonso Fernandes e Antonio Agulla, procurador Gomes Mourino, alcaldes da Hermandad Antonio Agulla ee Juan de Bouça, almotaçeles do cabido Fernan Neto e da çibdad Juan Çitraan.”²⁷

O protocolo cada ano levaba sempre a entrega dos símbolos do cargo: “...entregarom as chaves da çibdad Gomes Mourino e entregarom as varas Vasco Camyna de juis e Lopo de Montes de meirino e do algocil Fernando de Marochena e da Hermandad Juan de Bouça e logo as tornou al sennor obispo aos quaes tynan e fizeron regidores Juan Gomes e Afonso Fernandes e Agulla e Fernan Spadeiro e almotaçel os que eran os anos passados”²⁸.

Era normal a repetición dos cargos, sempre na decisión do bispo. Non tanto debía ser no pasado na que mudaban con máis asiduidade os cargos, polo menos dos que coñecemos.

Os símbolos de cada cargo era a vara da xudicatura polo alcalde e tamén polo meiriño²⁹; as chaves das portas da cidade polos rexedores ou xurados e o procurador; as varas da Hermandad³⁰ aos alcaldes da mesma; o alguazil puidera ter como símbolo algúnha arma que o caracterizase; os almotaceles³¹ tiñan os *almotaçamentos*.

Síntoma da muda dos tempos e do cambio de talante do concello é a elección de 1499, ausente o bispo D. Pedro Beltrán; “por quanto el non era en la çibdad ele provysor enno nome do señor obispo con el señor deam e dignidades e benefiçados dela dicha iglesia queria, ordenar e fazer os ofiçios en presenza dos vezinos e moradores da dicta çibdad...que presentes estaban... o dicto Vasco Camyna juis diso

²⁶ Prot. Lib. XXVII. Fol. 19. 1 xaneiro de 1491. Supoñemos que estaría con anterioridade pois repetirá no cargo durante varios anos.

²⁷ Ibidem.

²⁸ Ibidem. fol. 39. 1 xaneiro de 1492.

²⁹ En principio era un xuíz que administraba xustiza no territorio episcopal en nome do bispo e cabido sendo designado por eles, pero podían existir roces co xuíz da cidade.

³⁰ Serían os axentes que velasen pola seguridade dos camiños e rural do couto tudense.

³¹ Os almotaceles vixiaban os pesos e medidas no mercado tudense, os almotazamentos debían ser os instrumentos de medida para definir o peso a aplicalo correctamente.

*que verdade era que ele era juís por lo dicto señor obispo e su iglesia e que a vara que tragia que el dicho señor obispo don Pedro lla dera o ano pasado que entregava ali o dicto señor provisor que adesen a quen sua merçed quisesse”.*³²

Era unha actitude ben diferente do que acontecera no pasado, na que o Concello aproveitaba momentos como este para desafiar ao poder episcopal.

O significado de xuíz o explica o provisor cando *“tomou a vara ao juys Vasco Camyna e lle mandou que ussase do dicto ofiçio bem como se del esperava fazendo justiçaas partes asi aos pobres como aos ricos igoalmente”.*³³

Atribucións do Concello

Ao non chegar ata nos ningunha referencia directa do arquivo e libro de actas e privilexios que o concello tudense debía posuir, non sabemos con exactitude os bens, institucións e rendas que rexía o concello.

Desde o concello debíanse recaudar as chamadas rendas, tallas e imposicións. As rendas estaban nas propiedades pertencentes ao concello como casas, terreos; as rendas sobre os servizos do mercado; sobre as carnicerías; sobre o peso do concello. Para os gastos ordinarios o Concello imponía un “peito” á poboación sobre os pedidos reais e servizo episcopal.

Como medida extraordinaria estaba a “sisa”, imposto indirecto sobre determinados productos como podían ser o viño, o peixe e a carne.

Por derradeiro ficaban os ingresos por penas e multas que eran o resultado da xustiza municipal.

O xeito de rexer estes ingresos sería mediante uns oficiais municipais arrendadores.

Todas estas rendas destinábanse aos gastos ordinarios do concello, como o pago de salarios dos seus oficiais, alguazís, adeis, mantemento dos muros da cidade, etc.³⁴

O notario era un dos oficiais máis imprescindibles xa que el daba validez ás actas capitulares e ás diversas actuacións e traballos do concello. Nas ordenanzas de D. Diego de Muros ficaba obrigada a presenza do notario no concello.

Non sabemos se con anterioridade existía notario en plantilla, aínda que existe algún caso onde se ve solicitar axuda ao notario do cabido coa conseguinte represión por parte do cabido: *“...o dito bigario de consentimento do dito cabido suspendeu a Estevo Fernandes notario da entrada da audiençia ata que o dito cabido o mandase entrar e vyr aa dita audiençia por quanto fora en ajuda do conçello enno ajudar a faser rasoas contra huna carta mortuoria que deram contra el”*³⁵

Este apartado fiscal é moi descoñecido pois a maior parte de ingresos e monopolios estaba ocupado pola igrexa tudense como eran os portádegos, actividades industriais (pelames, muíños,...), etc.

Unha das poucas testemuñas documentais na percepción polo concello dalgunha imposición está no arrendamento da barca de pasaxe polo cabido: *“Et que o dito Cabidoo faça quanto poder por o dito Lourenço Esteves ssober quanto das moedas e das tallas do qonçello segundo ffiseron os outros barqueiros que tiveron a dita barqa rendada Et non podendo quitar a dereito que o dito Lourenço Esteves leve a pasage aos*

³² Prot. Lib. XXVII. Fol. 196. 1 xaneiro de 1499.

³³ Ibidem.

³⁴ Estes parágrafos adicados á fiscalidade do concello están baseados nos de Pontevedra, aos que se tiña que semellar. José Armas Castro; Pontevedra en los siglos XII a XV, 1992. pax. 289-290.

³⁵ Prot. Lib. VIII. Fol. 163. 17 maio de 1425.

besinos e moradores da çidade de Tuy segundo leva dos outros de fora parte et esto por las tallas sellas po por o quonçello...”.³⁶

De 1502 temos unha carta executoria sobre os décimos de carga e descarga do portos de Tui e da Guarda efectuado en favor do Concello de Tui. No documento faise memoria (de máis de sesenta anos, *que memoria de onbres non avya*) de que os arrendadores das alcabalas de Tui levaran os décimos de todo o que se cargaba e descargaba no río Miño, tanto na cidade de Tui como noutros lugares do río:

“...la qual dicha diezma de continuo pagaron e han pagado e pagan a los arrendadores de las alcabalas de la dicha çibdad de Tuy todas las naçiones que bienen a cargar e descargar...”.³⁷

Entre os bens do Concello podemos asinalar o contido na Carta Foral de 1170, na que os veciños poderían dispor dos pastos e leña a non ser en lugares cultivados ou defendidos.

Por unha noticia tardía, a documentación municipal máis antiga da que dispoñemos, de 1597, sabemos que o Concello tiña como propiedade a chamada Fraga da Costa de Oia, na cal puña gardas e realizaba plantíos.³⁸

Un dos cometidos prioritarios do Concello era o abastecemento de productos no mercado local sobre todo dos básicos como o pan e a carne. O único dato que posuimos sobre o particular é un xesto excepcional do cabido para dotar de carne as carnicerías da cidade: *“...estando presente Rodrigo Vasques por parte do conçello da dita çibdade, entonçe o dito cabido por faser ajuda ao dito conçello derom de ajuda para os carniçeiros per honrra da dita çibdade por quese obligarom por dous annos darem carne que avonde, por ende graçiosamente lle outorgarom cabido e clerigos que mantea casa enna dita çibdade cada anno dozentos e trynta maravedis e mandaromno asy escripvir.”³⁹*

A propósito deste último dato, podemos sospeitar que o bispo e cabido mantivesen unha carnicería propia para controlar os prezos da carne (cometido que asumía o Concello): *“casa na praça parte con cassa que trage Costança Fernandes e da outra parte con a carnyçeria que he do dicto sennor bispo e sua messa obispal”*.⁴⁰ Probablemente este feito esté relacionado co excedente de carne dos pagos das dízimas, foros e demáis imposicións, polo que o bispo daba saída a través da carnicería pública.

Imaxinamos que o Concello tiña o seu cargo o mantemento das vías e fontes da cidade.

A conservación de viais e pontes puideron estar repartidos entre o señorío eclesiástico e o concello, tal e como se daría na reconstrucción da ponte de Santa María do Camiño.

As principais vías públicas que saían da cidade dirixíanse a Baiona, Santiago, Salvaterra ou A Guarda.

As fontes abastecían de auga á cidade mais temos que dicir que ningunha se ubicaba no interior do recinto amurallado.

³⁶ Iglesias Almeida, Ernesto e Méndez Cruces Plácido; *Evocación histórica...*, 1990. pax. 99.

³⁷ Iglesias Almeida, Ernesto; *Notas Históricas del Bajo Miño*, 1988. pax. 96.

³⁸ López Gómez, Pedro; “Tui y su archivo en el siglo XVI según el Libro antiguo de la ciudad”, *Actas do coloquio celebrado na Rábida, Sevilla, do 14 ao 19 setembro de 1981 sobre “La ciudad hispánica durante los siglos XIII al XVI”*. Pax. 215.

³⁹ Prot. Lib. XIII. Fol. 81. 13 abril de 1462.

⁴⁰ *Ibidem*. Lib. XXIX. Fol. 58. 12 abril de 1501.

As principais fontes eran a de Reimilo (San Domingos), fonte do Ouro ou de Santa Baia (no arrabalde de Freanxo), fonte da Encoirada (Riomuiños), fonte do Bufón (San Bertolemeu?).

No interior da cidade coñecemos algúns pozos. O que estaba ubicado no chamado Eirado do Poço (xunto a praza da Catedral), na rúa de Sanz (xunto da muralla), na rúa de Abaixo (no patio dunha casa). A maioría puideron ser de particulares pero deberon abastecer comunmente á poboación.

Por último temos o caso das cisternas ou alxibes. A “Pía” que estaba xunto a porta homónima debía ser un. O máis interesante é o conservado no interior da horta das Monxas de Clausura, xunto da porta das Trabancas. Semella ser unha cisterna de grande capacidade, polo que debía ser o grande abastecedor de auga á cidade en caso de asedio.

Outro dos cometidos do concello era a vixianza da normativa urbanística. Aínda que esta non estivese escrita si que existían uns usos e costumes que estaban dirixidos a impedir que se dificultase o paso da luz solar á rúa, ocupación de vía pública, etc.

Sabemos que o concello non permitía o desenvolvemento de grandes balcóns ou o bó funcionamento das canles de auga dos tellados de cara a non estragar as casas veciñas.

A casa que o escudeiro de Álvaro de Soutomaior, Gómez Correa, ía construír dispoñendo dun pasadizo sobre a vía pública o cabido o deixa a súa aventura se “*o conçello desta çidade se moverem para desfaser ou mandarem desfaser a dita obra ao dito Gomes Correa*”⁴¹, non tendo obrigación o cabido de defendelo como foreiro seu que era, xa que o advertían, que el corría o risco pola súa propia ventura.

Tamén vemos esta función urbanística do concello na casa embargada a Gonçalvo Días o Moço quen dirixindo ao cabido, de quen era foreiro, pedía a súa defensa: “*ao cabido chegou Gonçalvo Dias o moço e diso como a esa ora o conçello desta dita çibdade o foram tirar da pose da casa da praça quelle o dito cabido aforara...*”⁴², por desgracia non se nos aclara do porque deste embargo.

Asumido o señorío total sobre a cidade o bispo regulará tamén medidas contra “edificacións indesexables”: “*Mando el señor obispo que mandava sopena descomunon que non poda fazer cassa nin otro edifiçio ninguno persona alguna que sea poderosa asi de Sotomayor como Sarmento como de otro qual quer señor que seja maior que huno de cavalo non se le consentise estar en la çibdad passados tres dias.*”⁴³

O concello tiña o seu cargo os Hospitais da cidade; o de Pobres e Peregrinos e o de San Xiao dos Gafos.

O **Hospital de pobres**, na praza da cidade, tiña rendas propias como eran propiedades deixadas en doazón e probablemente parte dos bens daqueles que morrían no Hospital.

Entre os ingresos está o peso da cidade, doado polo concello o 21 de marzo de 1441⁴⁴. Nesta data o concello en pleno se reuniu (a única vez da que temos nova do feito), baixo o carballo do outeiro (entre a Torre do Concello e a Catedral) representantes gremiais estaban presentes para decidir sobre a cesión do peso da cidade ao Hospital para que este se puidera manter porque “*era prove en cuanto tinna tantas*

⁴¹ Prot. Lib. XIII. Fol. 98. 19 novembro de 1462.

⁴² Ibidem. Lib. Luis Vieira. Fol. 26. 26 marzo de 1467.

⁴³ Prot. Lib. XXIX. Fol. 91. 12 abril de 1504.

⁴⁴ Sánchez Carrera, M^a del Carmen; El Bajo Miño..., pax. 311.

*rendas por ter congrua enon podese sosteer e proveer os romeus e peregrinos que a el de diversas partes do mundo cada dia vinnan ao dito ospital*⁴⁵.

Constatamos por estas palabras o frecuente uso das instalacións do Hospital e o carácter internacional do mesmo.

Igualmente o Hospital posuía a renda das tendas da Praza, recollendo por cada unha delas cinco maravedís anuais.

Para rexer os bens do mesmo ficaba o seu cargo un procurador ou “ovençal” que administraba o Hospital.

Do mesmo xeito á fronte do outro Hospital da cidade, o de San Xiao, un ovençal ou procurador administraba os seus bens.

San Xiao dos Gafos, no exterior da cidade adicaba os seus servizos hospitalarios a atender aos aqueixados polo mal do gafo ou lepra, enfermidade xa en recesión no século XIV, tempo onde temos as súas primeiras referencias documentais.

En San Xiao temos a existencia dunha capela adicada ao santo e dun posible campanario ou espadaña tal e como se deduce polos campaneiros ou sineiros “*Rodrigo Eanes labrador sineyro que foy de Sam Giaam*”⁴⁶. As instalacións, excepto a capela, debía ser unha sinxela contrución de cachote e madeira; “*eno alpendre da malataria de Sam Giaao da cerca de esta Cidade de Tuy*”⁴⁷.

O cárcere era outro dos cometidos que debía gardar o concello. O lugar do cárcere público correspondería á Torre do Concello, quizais no soto. O concello actuaba nos delitos civís, e sempre e cando non afectase á igrexa tudense.

Un escrito de 1504 pón unha curiosidade sobre este apartado: “*...e que eso mesmo que en la cossas çevyles ningun beneficiado nen çidadan non sea preso en la carçel por cossa çevil e se fore criado de qual quera beneficiado e o vezino que abonandolo su amo non sea preso e a los hunos e a los otros en estas caussas çevyles le sea dado su cassa por carçel*”⁴⁸.

Estamos ante os primeiros “arrestos domiciliarios”, se cadra por que os delitos non debían ser graves dabondo para meter ao culpable no cárcere ou ben a falta de carcereiro facía máis eficaz esta medida.

Relacionado co cárcere e a imposición de penas temos a picota ou cadalso. A picota de Tui, como noutros lugares, estaba nunha ubicación visible, preferentemente nalgunha das entradas á cidade. Sabemos que o arrabalde que posteriormente chamouse “do Rollo”, tiña como signo distintivo a Picota ou Rollo, noutros lugares tamén Pelouriño. Neste arrabalde, antes significado pola presenza do hospital dos gafos, puído ser escollido na Idade Media para axustizar aos malféitores e reos por causas innominables.

En lugar tan privilexiado, a Picota tiña o significado de exemplarizar. A súa construción podía ser complexa tal e como se precisa en Santiago; “*escaleiras de madeira, fechadura co seu ferrollo, utilización de cal, trabes, corda, cable, guindaste*”⁴⁹.

O verdugo tiña o singular cometido de axustizar “*enforcando et açoutando ou degolando ou deçepando*”⁵⁰.

⁴⁵ Ibidem. pax. 312.

⁴⁶ Ávila y La Cueva; Historia Civil y eclesiástica... tomo I, pax. 199.

⁴⁷ Ibidem.

⁴⁸ Prot. Lib. XXIX. Fol. 91. 12 abril de 1504.

⁴⁹ López Carreira, Anselmo; A cidade medieval galega. 1999. pax. 131.

⁵⁰ Ibidem.

En resume podemos comentar que ao contrario do que acontecía en concellos como os de Pontevedra, Tui carecía dunha elite urbana que dominase os postos clave do concello. Sabemos que algúns dos alcaldes que coñecemos da documentación eran artesáns, como Pero Marrao que era sarralleiro, pero a este mesmo antes de ser alcalde o vemos como procurador do Hospital de San Xiao dos Lacerados, se cadra como unha especie de carreira edilicia.

O igualitarismo que emana da Carta Foral de 1170, debeu de ser aplicada, en certa medida e con excepcións, polo concello. Só a escuridade documental nos afasta de realizar un estudio máis pormenorizado sobre as actividades e funcionamento do concello, cuestión que temos que lamentar ao non poder coñecer as singularidades tudenses.

A ECONOMÍA

O medio físico tudense é privilexiado. Pasa o seu carón a mellor vía de comunicación do noroeste peninsular, o río Miño; eixo norte-sur a través do paso natural da depresión Carballo-Tui. As terras, pola súa orientación e ubicación permiten colleitas proveitosas malia os condicionantes climático-edafolóxicos que son amortiguados polas accións benéficas do Miño: reserva de auga para as secas cíclicas; fertilizador dos campos polas cheas periódicas.

Con todo isto Tui tivo en contra un condicionante que marcará a súa historia: a fronteira. Aínda que unha fronteira é un lugar con facultades benéficas sobre a economía local, e Tui se desenvolveu nestes eidos, a privilexiada ubicación da cidade (centro dunha rexión natural extendida a amba-las dúas marxes do río) permitía unhas condicións máis óptimas de desenvolvemento que as posibles vantaxes que se puideran orixinar da fronteira, sempre deixando de lado os seus efectos negativos como as guerras e as desconfianzas veciñais.

Durante a Idade Media a condición fronteiriza de Tui non a condicionou tanto como puidera pensarse, xa que, afastadas as guerras, o bispado nas dúas beiras miñotas e as relacións amigabeis con Valença (malia as dificultades relixiosas) e toda a ribeira miñota amortiguaban o carácter fronteirizo do río.

Tamén debemos pensar que por este tempo a organización territorial dos estados aínda é feble polo que a centralización aínda non afectará ás nosas rexións relegándoas á marxinação e a unha economía típica de fronteira fornecida polo tráfico ilegal de mercaderías.

Un dos problemas que padeceu Tui e que a marcaría para a Idade Moderna, foron as guerras e violencias do século XV que provocaron o despoboamento radical da cidade polo que chegado o fin da centuria a reseñorialización da cidade trabaría calquera recuperación da mesma, e nos niveis en que o fixo, a cidade deixou de ser productiva e competitiva marcando a súa existencia ata os nosos días.

Un dos aspectos que máis chama a atención é a distinción entre dous períodos claramente diferenciados polos seus **efectos climáticos**. Os séculos XII-XIII foron extremadamente bos en canto á climatoloxía (excepción feita do ano 1172 do que nos fala o Cronicón Conimbricense como ano de grandes fames no mundo como non había memoria con grandes mortandades de homes e animais). Quizais esta bonanza atmosférica podámola definir como froito dun período moi regular sen grandes ou continuas variacións anuais nas temperaturas e precipitacións.

Nos séculos XIV e XV as condicións mudaron producindo os grandes cambios atmosféricos; secas, fames e pestes que reduciron amplamente a poboación en forte expansión da centuria anterior.

Temos novas dunha seca en 1333¹, da famosa peste negra de 1348, ano seco en 1355², pestilencia en 1403, en 1425 coñecemos a existencia de cheas catastróficas: *“por quanto os muynos que chaman da ponte manoço que he en rio de muinnos açerqua desta çidade e foram ja por duas veses aguissados por lo dito chanre e avenidas dagoas que avieram entanto que estava et que por ende despoblados e destruidos...”*³.

En 1438-39 grandes fames e mortandades e o alto prezo do trigo e o centeo foron producto dalgunha gran seca ou ano excesivamente chuvioso. En 1446 outra gran

¹ Cronicón Conimbricense; España Sagrada, tomo XXIII, pax. 343.

² Ibidem. pax. 344.

³ Prot. Lib. VIII. Fol. 179. 9 novembro de 1426.

mortandade e falta de pan. No ano 1463 unha serie de anos con xeadas tardías provocaría unha forte baixada na produción vitivinícola: “*huna vynna... de Sombraboa junto con o Rio dos Moynnos, e que a lavravam avavam atavam guardavam cada anno, como a mellor vynna que estava a redor desta çibdade e ela asy lavrada que vynna a giada cada anno e a queimava cada vez fasta o vello entanto que dela non aviam outro proveito senom perderem con ela o que gaanavam en outra parte*”⁴, decidindo cultivar outro tipo de produtos con maior rendabilidade.

Entre 1466 e 1467 outra gran mortandade afectaría á rexión, cuxos efectos provocarían a Revolución Irmandiña. En 1506 a peste voltaría a causar estragos en Tui.

Por suposto non son estes os únicos casos de cheas, xeadas, secas, pestes ou fames que nos amosen a impredecibilidade do tempo atmosférico, pero a documentación tudense ou galega non as reflicte, acaso pola súa menor incidencia na poboación considerábanse como un elemento máis de convivencia na Baixa Idade Media.

A Agricultura

Os cultivos nos arredores da cidade tudense baseábanse prioritariamente nas vides, cuxo produto, o viño, era unha devezada mercadería, principal elo do comercio tudense.

Aínda que a vide semella un monocultivo nos arredores de Tui debemos pensar no abastecemento do mercado da cidade como produto alimentar básico da poboación.

En 1179, ano do privilexio de Fernando II ao bispo D. Beltrán no que se lle concede aplicar un imposto sobre a venda de grans no mercado da cidade, nel nos enumera algúns cereais dos que alí se vendían: “*...unha culler de cada buceo que sexa vendido na praza tudense tanto de trigo como de cebada como de trigo candeal como millo coma calquer outro grao...*”.

Un dos espazos caracterizadores do medio agrícola tudense son as “cortiñas”, pequenos terreos ou hortas que ficaban ben abonados o que permitía unha gran variedade de produtos horto-fructícolas, entre os que tamén cabía a vide.

Como exemplo do cultivado en Tui temos a referencia dun documento de 1463, no cal se solicita ao cabido modificar o cultivado, viña, pois as xeadas estaban danando as colleitas, polo que se pedía “*por merçed quelles desem consentimento para que a lavrasem de pan e linnos e myllo e nabal*”⁵.

Importante para a produción agrícola e o seu rendemento estaban as leguminosas, que gracias á fixación do nitróxeno atmosférico permitía a pronta recuperación da terra para labradío coa sistematización da rotación dos cultivos.

Entre outras especies vexetais salientaban os pumares, de cuxas mazás elaborábase a sidra, tal como consta pola presenza de lagares e o seu partillamento co viño.

A figueira, a oliveira, o castiñeiro, a pereira, o pesegueiro; son árbores habituais na documentación e na toponimia tudense.

Estas árbores non só facían parte da paisaxe rural de Tui, senón e tamén da súa paisaxe urbana. Dentro da cidade, e non só como resultado da presenza de espazos verdes dentro do seu entramado urbano, senón e tamén como aproveitamento agrícola de vellas construcións, desfeitas como resultado das continuas guerras e despoboamentos da cidade, apareceran retrincos de verde vexetación para compensar a dieta e o bolso.

No interior da cidade será ata normal ver aparecer laranxeiras, figueiras ou maceiras, ademáis de se cultivar o seu solo con variados produtos hortícolas.

⁴ Prot. Lib. XIII. Fol. 102. 4 marzo de 1463.

⁵ Ibidem.

Pero arredándonos de todo isto, temos que facer constar a abafante presenza da vide no rural tudense.

As videiras extendíanse desde os arrabaldes de Santa Baia, Riomuíños, San Xiao, Corredoira, San Domingos e San Bertolameu como se dun monocultivo se tratase, só máis aló deste perímetro suburbano podíanse albiscar devesas, pumares e carballeiras acompañando a outros cultivos.

As vides estaban presentes na propia cidade cando en 1170 Fernando II amplía a cidade cara o río. Os terreos mercados polo rei eran vides do bispo e cabido e dun tal mestre Reimundo.

Entre as numerosas mencións documentais podemos ofrecer algúns exemplos:

“...a vinna de Frei Anjo que esta çerqua desta çibdat junto con a ponte de Manoco segunda toda esta çircundada e valada sobresi”⁶.

“Herdade e vinna de Borneta, cerca da Hermida de Santa Vaya”.

“Foro do lagar e vinna en Sta. Vaya, segundo parte de hun cabo con a vynna do pineiro que foy de Vasco d’Amyl coengo...e do outro cabo con a congostra que vay para Cota de Gayo, e entesta enno baçelo.”⁷

“...huna herdade que estava enno lugar da valinna que parte de huna parte con chousso de vinna que foi ...”⁸.

En canto as variedades das vides a documentación reflicte varios tipos: “e esta vinna he queynna et parte con vinna...”, “hua heredad que parte con vinna verdella que era de Marinno Gomes...”, “e dessen a quarto do vinno das vinnas queinnas e octavo do vinno das vinnas pardellas”⁹.

Sobre o viño o señorío eclesiástico tiña unha imposición que recaudaba a través de rendeiros coa chamada “renda do viño”: “renta do vinno que esta en 5000 maravedis e 5 buseos de trigo, don Rodrigo de Orduna (dá) 6500 maravedis vellos e buseos de trigo”¹⁰. Unha renda elevada para ser nun momento recesivo (vides estragadas polas guerras e recuperación lenta) para a produción e exportación do viño.

Como resultado da actividade vitivinícola tudense, na cal participaba toda a súa sociedade pola rendabilidade que se acadaba coa súa explotación, estaban os numerosos lagares, e a denominación dunha rúa de Tui como rúa das Adegas. Da relevancia comercial do viño tudense falaremos máis adiante.

O Monte

Baixo esta denominación mencionaremos non só aos espazos incultos senón e tamén ás formacións vexetais feito da acción antrópica como son as devesas, carballeiras, soutos, etc.

O rural tudense significábase polas devesas: “foro a Ares d’Avale...a saber a devesa do dito mosteiro de Sam Bertolameu que parte con ha herdade...que he do dito mosteiro e doutra... e con o castanal do dito mosteiro e por lo camynno que soya de yr desta çibdade para a ponte de Louro”¹¹, “...a leira de herdade da Longanra que he do mosteiro de San Bertolameu...e entesta por onde foy o ryo de Louro enna foz do Mynno e outra parte enno montadego, devesa e silveira do dito mosteiro...”¹², “terreo que xacia en Soutovellos a cerca da cidade partia con vimareiro do camiño e congostra

⁶ Prot. Lib. XXV. Fol. 60. 22 xuño de 1481.

⁷ Ibidem. fol. 170. 14 xaneiro de 1485.

⁸ Ibidem. lib. VIII. Fol. 174. 10 xuño de 1426.

⁹ Iglesias Almeida, Ernesto e Méndez Cruces, Plácido; Evocación Histórica de la ciudad de Tui..., 1990, pax. 79-80.

¹⁰ Prot. Lib. XXVII. Fol. 134. 1494?.

¹¹ Prot. Lib. XIII. Fol. 179. 1464.

¹² Ibidem. fol. 94. 23 outubro de 1462.

*publica que ia contra o Loureiro, tamén tiña aforado duas pezas de devesa, unha estaba perto da dita viña e outra devesa estaba a cabo do muiño de campo do rio Niminos*¹³, “...con sua devesa que esta en Ryo de Muynnos...”¹⁴, “*Foro de herdade en Sta. Vaya, xunto a unha devesa que esta alende da Borneta e parte con caminnos publicos...*”¹⁵.

A devesa era un terreo acoutado, con árbores predominantemente autóctonas (carballos, castiñeiros, ...) cuxo cometido principal era o pasto, combinándose co aproveitamento da madeira, pero existindo casos nos que se aproveitaba o solo para chantar viñas.

A madeira das devesas, carballeiras e castanais, era racionalizada, pois o seu uso principal era para leña, as viñas ou os canizos: “*que non corte a devesa por pes senon sobre toro*”¹⁶, “*San Bertolameu...veer a madeira do dito castanal e mandem cortar a madeira de dous e tres anos arriba e toda a que virem que he de hun anno que a deixem cair enno dito castanal para os rendeiros.*”¹⁷.

Un exemplo do aproveitamento para leña o atopamos no “*Libro da Dizimaria*”; “*Item me deve un moço de Paços de Reis un carro de lena*”¹⁸.

Isto é o que se chama hoxe aproveitamento sostido dos recursos naturais, algo que no pasado era o medio de subsistencia e entraba na lóxica da súa vida, hoxe a lóxica arrédase para obter un suspostos rendementos que son miudizados pola ineludible razón do tempo.

O monte, a secas, é un espazo totalmente descoñecido para nos, pois por tal nome dase unha denominación xenérica da que carecemos calquera outro dato.

Sánchez Carrera¹⁹ nos describe este monte como degradación do antigo espazo boscoso. Acostuma a estar cuberto de xestas e toxos, pero a pesares deste feito non era un espazo improductivo, senón polo contrario un medio utilizado para pasto, aproveitamento do toxo para cama do gando, materia para a cestería, leña, etc.

Pero o monte, debido ao seu carácter xenérico, podía dar cabida a rodeiras de árbores autóctonas misturadas coas toxeirias, incluso nas altitudes máis baixas dar lugar a fragas de propiedade comunal tal e como xa mencionáramos anteriormente para a chamada *fraga da Costa de Oia* (o que sería hoxe o lugar da capela de San Fins en Rebordáns), xa que a documentación, toda ela eclesiástica, non menciona ás devanditas fragas, tan arraigadas no imaxinario popular galego, polo que podemos acreditar que en lugares afastados dos cultivos (que non se sinalan nos foros) podíase chegar ás formacións boscosas, extremo asinalado pola testemuña de Fernando Colón, na que nos dí que desde O Porriño ata Tui ha “*cinco leguas llanas de robledales y castaños*”²⁰, extremo totalmente lóxico pois estamos a falar dun espazo de gándaras (A Louríña), e polo tanto pouco acto tanto para os cultivos como para as xentes.

A Gandeiría

Asinalamos anteriormente como o monte era aproveitado como pacigos para o gando. A actividade gandeira tivo que ser productiva nunha comarca como a tudense con espazos montañosos e devesas nas proximidades da cidade como para ser un produto de exportación.

¹³ Prot. Lib. Johan Rodrigues. Fol. 24-25. 3 agosto de 1433.

¹⁴ Prot. Lib. Luis Vieira. Fol. 4. 4 agosto de 1466.

¹⁵ Ibidem. lib. XXV. Fol. 116. 1483.

¹⁶ Ibidem.

¹⁷ Prot. Lib. XIII. Fol. 102. 12 febreiro de 1463.

¹⁸ Ibidem. lib. XXIX. Fol. 234. 1475.

¹⁹ M^a del Carmen Sánchez Carrera; El Bajo Miño..., 1997. pax. 74-75.

²⁰ Ibidem. pax. 72.

Os animais máis comúns nas trasaccións comerciais eran os bois, os becerros, as vacas, as ovellas, carneiros e cabritos; os porcos, galiñas e capóns; os poldros e eguas; etc.

Aproveitábase todo dos animais, obténdose desde os productos lácteos, a propia forza de tracción animal, os coiros, a lá, as crinas, a carne ou o esterco, este último imprescindible para o bó rendemento agrícola.

O libro da *Dizimaria*²¹ rexistra o pago dos dízimos entre os anos 1473 e 1478, efectuándose a maioría deles en diversos animais, describindo as súas características e incluso o nome da súa nai:

“...un beserro que ficou dora dous anos louradino fillo da Loura; “un porco preto de hun ano; “medeo beserro fillo da vermella e medeo beserro fillo da fremossa; “un quarto de hun beserro fillo da Loura e hun porco preto de huna orela fanado; “un anno...; “metade de hun beserro fillo da parda; “porco de hun anno branquisimo; “medeo cabrito...; “e hun porco de hun anno vermello; “e hun quarto de hun beserro fillo da bragada e a metade de hun porco al quedo rabichon; “hun medeo beserro dora hun anno fillo da garida; “hun quarto d ehun beserro fillo da bragada...e a metade de hun porco preto de huna maan calcada; “hun porco de huun anno que tem as maans alvas fanado; “un beserro fillo da moreyra e hun quarto de hun beserro fillo da mochea e huun anno boon; “a metade de un beserro fillo da morada; “medeo beserro fillo da vaca grande; “hun quarto de hun bacoro dora huun ano; “a meetade de hun poldro dora tres annos pardo”.

Os grandes animais, como os bois, pastaban polo monte; *“huun boy...que andaba no monte...”*²², ou en lugares de pastos específicos; *“...o prado do ameal e o prado da ponte de carregal aforados en cada huun anno por dous busios de trigo e huna galina por XX annos... o prado da ponte pedrina e a de dar en cada huun anno a San Miguel quatro çeremyns de millo”.*

Tamén era abundosa a cabana cabalar, da que se aproveitaba a carne (os poldros) a súa forza de tracción e medio de transporte, o aproveitamento das súas crinas, coiro, etc. Amósase curioso un documento no que andan a pastar as égoas do cóengo Fernán Peres na insua da veiga do Louro (pasaba pola veiga o Miño formando un amplo meandro, a foz do Louro atopábase nas proximidades da Ponte da Veiga): *“Anno domini 1475 enno mes de agosto a XXV dias andavan certas minas egoas cinco ou seys enna insoa da veiga de Louro e saindosse para a veiga veen o fillo d’Alvaro Ingres, Nuno e o fillo de Froillan (¿?) neto de Maria Gonçalves con que ora fas morada e despantaron as e correron con ellas ental maneyra que deron con huna dellas en huun tremedal que vay da vina de Joan Mouro...”*²³.

O gando acae moi ben para multitude de conflitos; entre labregos e gandeiros por aproveitar terra de pasto ou de labradío ou o furto ou perda das reses. Deste último caso temos unha contenda desatada pola aparición duns bois entre Porto e Caldelas, a adxudicación dos cales traería quebradeiros de cabeza ao meiriño de Tui Álvaro de Cadaval. Un dos puntos máis interesantes deste caso é o costume de vender os animais en Portugal, exportación que continuaría ata o noso século:

“Ante a porta de Sta. Maria da Oliveira o meirino Alvaro de Cadaval. Afonso das Porreiras morador en Coira. Sobre tres bois que apareceron en Porto, e que s elevavan a Portugal. Un boy era fusquino e que levava huna bragadurina açequa da prisaleira, e ho outro era hun boy vermello redondo galego ben feito e ho outro era hun boy vermelo delgado que era maior que os outros. Pero da Portella declara que son

²¹ Prot. Lib. Fernan Peres XXV e XXIX. Anos 1473 a 1478.

²² Ibidem.

²³ Ibidem.

seus e que os comprara a Fernan Lopes morador a ponte da mestas eno reyno de Portugal."²⁴

Iranse sucedendo as declaracións sobre o caso; cada parte que reclamase os ditos bois tiña que describilos (manifestando así a súa propiedade sobre os mesmos). Probablemente este tipo de situacións fosen habituais, mais carecendo das actas capitulares do concello e das actuacións dos seus xustizas non sabemos a incidencia normal destes sucesos.

A Pesca

O río Miño supuña un ecosistema extraordinariamente rico. Moitas eran as especies collidas nas súas augas, sobre todo as sobranceiras culinariamente.

O bispo e cabido tiñan como monopolio o río. O privilexio da raíña D. Tareixa de Portugal en 1125 acoutaba o río *dende a vila de Lazoiro ata a foz do río que ninguén tente pescar nel sen a autorización do voso mordomo.*

Ante este privilexio confirmado polos reis posteriores, a igrexa tudense controlaba os portos e pesqueiras da cidade.

As pesqueiras era un dos sistemas máis antigos e enxeñosos para capturar a lamprea: *"Entonçe aforaron Alvaro Vasques canonigo desde esteyro de ryo de muynnos fasta o camynno que vay de Santa Vaya que topa ennas barroqueiras que posa ende fazer huna pesqueyra para lançar rede de cabaças ou de caneyro, por tres vozes e pague por Sam Martino en cada hunn anno ao cabido dous maravedis de moeda vella."*²⁵

O aforamento de un tramo da beira do Miño para pescar con outro tipo de artes de pesca tamén era corrente: *"...entonçe aforaron Ares Mendez tesoureiro desde o penedo de Sam Joam fasta a relleyra de vynna do parayso que posa en ele pescar e fazer sacada con aljarife ou con outra rede barredeyra a el en huna voz e a duas vozes depos el e pague en cada hun anno ao dito cabido doze maravedis de moeda vella por dia de Sam Martinno e de ao dito cabido o primeiro sollo que cayr e sacar enno dito porto. Testigos os susos ditos e con condiçom que nom posa quitar de lançarem redeiro nem concos e barcos e barca"*.²⁶

A advertencia final aclaranos que estes aforamentos só permitían a pesca desde a propia ribeira, ben desde o sistema da pesqueira ou con outros trebellos.

A pesca desde barcas, no medio do río debía ser obxecto doutro tipo de foro, descoñecido por nos.

O sistema de pesca con "aljarife" obrigaba a participación de varios homes e barcas²⁷, aínda que neste caso en particular as operacións debíanse facer desde a beira. A rede "barredeyra" facía grandes estragos no río, pois non discriminaba o tipo de peixe ou o seu tamaño, o que debía ocasionar cíclicas escasezas de capturas no Miño.

O aforamento de pesqueiras por parte de dignidades e beneficiados tudenses debe ser o resultado da rendibilidade económica das devanditas pesqueiras e da calidade do peixe (sollo, salmóns, lampreas,...), pratos devecidos polos señores pola súa esquisiteza culinaria.

Por suposto que os cóngos e dignidades non traballarían directamente no río, sendo traballo delegado a varios homes, se cadra pescadores profesionais contratados mediante determinadas condicións, pecunarias ou en capturas.

²⁴ Prot. Lib. XXV. Fol. 239. 30 setembro de 1474.

²⁵ Prot. Lib. Luis Vieira. Fol. 26. 26 marzo de 1467.

²⁶ Ibidem.

²⁷ Sánchez Carrera; El Bajo Miño..., 1997. pax. 63.

Curiosamente na documentación non aparece referencia algunha aos pescadores, cousa extraña pois a súa actividade era fructífera, e manifestada polos propios foros. Sabemos polo privilexio do rei Sancho IV en 1287 dos vinte pescadores enviados, a suxerencia do favorecido polo privilexio que era o mosteiro de Oia, a Carregal e Amorín.

A importancia do peixe na dieta alimenticia dos grandes señores está na obrigación do pago dun sollo²⁸ ou un salmón como entrada nos aforamentos das rendas capitulares.

Tamén podemos asinalar a pesca do abondoso savel: *“aforamento desde o penedo de San Juan ata o rigeiro do esteiro a ribeira para sacar savelles con rrede barreadeira, 112 maravedis vellos”*.²⁹

Sabemos da presenza dunha *“forca”*, trebellos de vimbio para seca-lo peixe (coñecemos a lamprea seca) ou os aparellos de pesca. Estaba ubicada xunto ao Miño nas proximidades do arrabalde de Freanxo. Podemos sinalar que a súa precisa ubicación puidera ser entre os arredores do Penedo e a foz do río Tripes: *“Yten que por la parte de Galiza aia dous caminios abertos e un que se comença ao esteyro da forca e vay por la quingostra a santa Baya e dali a redor para a dita cidade de Tui”*³⁰, *“Vasco de Marçoo renuncia a tença que tinna do porto de Tuy desde San Juan fasta a rrilleira debaixo da forca”*³¹, *“foro de X maravedis por seys anos da rreleira da forca fasta a outra relleira de Sta. Vaia”*³².

Tamén a presenza do topónimo *“As Corvaceiras”* pode indicar, tal e como acontece máis significativamente en Pontevedra³³, actividade cesteira (banastería) dirixida á pesca. As Corvaceiras partía *“con caminno que vai de Tui a Cota de Gaio”*, moi próximo ao porto de Santa Baía.

O Comercio

Coas condicións naturais de Tui, vía fluvial, cruce de camiños Norte-Sur, viños prestixiosos, agricultura autosuficiente, pesca abondosa e de calidade, etc., é lóxico que o comercio fluíse con rapidez.

As barcas que pululaban polo río cando D^a. Urraca chegou coas súas tropas en 1121 amosan a realidade sobre o temperá contacto comercial na rexión.

A presenza dun mercado (a praza) en 1179³⁴ reflicte que a cidade tudense tiña xa unha vida completamente volcada cara ao comercio, tanto interno como externo.

As viñas que estaban polas abas do outeiro tudense en 1170 amosan un produto destinado, ademáis de para o autoconsumo, para a exportación.

Tui convertírase non só nun porto exportador dos seus propios produtos senón que tamén reexportará os produtos do interior da rexión como os famosos viños do Ribeiro do Avia cuxa saída máis fácil era polo Miño.

Podemos dicir que Tui era o centro do mercado rexional, sinalado por ser a Sé catedralicia, centro relixioso dun bispado que abranxía as dúas beiras miñotas.

²⁸ O sollo, chamado tamén sollo rei (cast. Esturión, do que se extrae o famoso caviar), é un peixe de grandes dimensións (podía acadar os 300 kg.), adaptado á auga doce e salgada, precisa de ríos profundos, factor que provocaba a súa inexistencia en toda Galiza excepto no Miño no que era abondoso. Coa colmatación do río o sollo debeu desaparecer das súas augas.

²⁹ Prot. Lib. XXIX. Fol. 114. 2 maio 1505.

³⁰ Iglesias Almeida, Ernesto; Los antiguos portos de Tuy... 1984. apendice 2, pax. 72.

³¹ Prot. Lib. XXVII. Fol. 133.

³² Ibidem. fol. 184. 1498.

³³ Armas Castro; Pontevedra en los siglos XII a XV, 1992. pax. 117.

³⁴ Imposto sobre os grans que se vendan na praza de Tui outorgado por Fernando II ao bispo D. Beltrán.

Nos foros concedidos por Fernando II á cidade en 1170 amósanse as trazas dun comercio sólido: a execución do portádego do sal, a execución de impostos sobre as viñas, garantías de seguridade aos mercadores tudenses ou protección das súas naves se naufragan entre a foz do Miño e o porto de Barcela (Carregal) e pago dun cuarto do contido da nave ao rei se naufraga noutro lugar pero con seguridade e protección para volver a Tui co resto.

Estes últimas concesións é o recoñecemento da dinámica actividade portuaria de Tui.

Na resolución da contenda de 1211, Afonso VIII asinala o detallo e relego (venta ao por menor e en exclusiva) que posuía o bispo, salientando este dato que o bispo mantiña un lucrativo monopolio económico en Tui.

Fernando III o Santo limitará en 1250 a sustancia deste monopolio económico polo cal protestaba o concello tudense. Deixará o rei que o bispo venda o viño en exclusiva desde San Xoán a quince días, pero de achegarse barcas a Tui os veciños podían vender os seus viños aos estranxeiros. O detallo ficaba circunscripto aos oito días da feira de Pascoa e outros oito días da feira de Santa María de Agosto, o detallo só podería ser de panos.

Fernando III rehabilitaría os vellos foros do seu avó, confirmando o carácter comercial de Tui.

A existencia de dous feiras anuais (Pascoa e Santa María de Agosto) asinalan o forte pulo comercial de Tui.

Se para o mercado diario tiñamos sen dúbida a praza do Concello a cal disporía de lugares axeitados para a venda da mercadería (soportais ou alpendres), para as Feiras resulta máis difícil sinalar un lugar (non precisado na documentación) mais polas características destas feiras (gran tamaño e polo tanto necesidade de espazo amplo) podemos ubicala no arrabalde da Corredoira.

A Corredoira se significou como un lugar de celebración de mercados e feiras tal e como no-lo amosa a documentación do século XVII, polo que temos a certeza de ser este o local máis idóneo para a instalación das feiras anuais.

Outro dato interesante para asinalar é o nome chamativo dado a unha das portas e torres da muralla, a das Trabancas, que dan precisamente cara a Corredoira. O nome de Trabancas (que xa aparece en Pontevedra para designar rúa e porta) semella indicar os trebellos ou armazóns dos tenderetes de venda de mercaderías.

Tui non contaba cunha flota comercial propia (polo menos no século XV) como as vilas mariñeiras máis importantes de Galiza. O motivo debeu estar no monopolio comercial dos bispos tudenses e sobre todo pola condición internacional do Miño polo que non o facía moi apto para manter unha flota permanente ante a ameaza de guerra fronteiriza.

Pero malia isto último, os mercaderes tudenses exportaban e importaban produtos ao abeiro dos privilexios que os seguraban nas súas vidas e mercaderías.

Varias son as testemuñas que fican da actividade comercial tudense: en 1394 Afonso Eanes fleta unha nave en Porto, da que era patrón Vicente Domínguez, para o transporte de unhas mercaderías de Pontevedra a Barcelona.³⁵

O 28 de marzo de 1462 Johan Crú, veciño de Pontevedra e patrón da nave Santa María, a fleta a Esteve Bonet, mercador de Barcelona e a varios mercadores de Pontevedra, Baiona e Tui para levar viño de Murviedo á Coruña e eventualmente a Bretaña.³⁶

³⁵ Iglesias Almeida, Ernesto e Méndez Cruces, Plácido; *Evocación histórica...*, 1990. pax. 76. Extraído de Elisa Ferreira Priegue, *Galicia en el comercio medieval*, pax. 53. 1988.

³⁶ *Ibidem*.

Transcribindo as palabras de Elisa Ferreira Priegue: “*Tui era sobre todo una plaza mercantil intermediaria, que canalizaba el tráfico portugués, legal e ilegal. Buen pueblo muy abastecido, y de los mejores pescados del Reyno, no aparece, sin embargo, exportándolos a larga distancia. Sin flota propia y utilizando naves de los otros puertos gallegos e incluso portugueses, llegaban hasta la ciudad paños de Flandes y de Aragón, a veces desde el otro lado de la frontera*”.³⁷

Como fronteira, Tui tiña o comercio máis intenso coa outra beira do río, Valença, e para iso era preciso un tráfeño de barcas, que permitisen o paso das persoas e das mercaderías.

Para a entrada de mercaderías rexístrase a presenza dunha alfándega en Tui: “*La casa de Aduana que en 1506 hay en Tuy -de tiempo ynmemorial acá- no está documentada para ninguna otra población*.”³⁸

Como tantos outros, as barcas de pasaxe eran privilexio do bispo (concedido dende 1124 por D^a. Tareixa de Portugal e confirmado polos reis posteriores). O contrato de foro máis antigo arrendando a barca (xunto co porto) dátase de 1376:

“*...con estas quodiçios que o dito Loureço Esteves posua e stea eno dito porto qontynuadamente de cada dia con a dita barqa en guisa que non mingoe a passagen et se por bentura a dita barqa levan a algua persoa que sea tenido de lexar eno dito porto outro barqa ou barqueiro que pase as unicas duas bestas Et que cunprindo estos dez annos que o dito Lourenço Esteves refaça e adube esta barqa que ora reçive do cabidoo et acabados os ditos dez anos que leixe barqa eno dito porto que dure e sirva en el cinco annos...Et aquerecendo guerra de Rey a rrey ain deus non queira que o dito Lourenço Esteves entregue a dita barqua no cabidoo asi aa coyraça e non seia tenido de pagar a renda do tenpo que durante a guerra mays que lle desconte da rrenda prorata a aquel tenpo que a guerra durar...*”³⁹.

Outro documento, desta vez de 1483, explicitase tódalas obrigacións do barqueiro e algunha advertencia sobre a utilización do dito porto:

“*Novamente arendarom e outorgarom en renta forte e ventura a Juan Xofreu vesino e morador enna çibdad de Tuy ...a sua barca do porto da çibdad de Tuy con todo ho a ela pertencente e con ho dineiro que o dicto cabido ai ten da portajem e mordomadego e ancoraje que o dito cabido perteçe e segundo que aa dita barca sempre trouxo e mais se mais for achando que aa dicta barca e porto perteeçer en nome do dito cabido sacando que sese o dicto porto faser de pescaria de saveles outro qual quer pescado que esto non vaa enno dito arendamento ...e seian ben soliçito enna dicta barca e pertes aos passajeiros enon leve aos que passarem mais do acostumado e que os dinidades canonigos raçoeiros e clerigos da igreja de Tuy e vesinos e moradores enna dita çibdad de Tuy non paguen ao dito juan xufreu nem a outro algun que enno dito porto ande cousa alguna por passajem indo para Portugal antes que os possem en Portugal e tragam a Galisa cada vegada que forem e virem a elles e aseus criados e familiares bestas en cargas sen les levar coussa ninguna e que o dito conçello non le leve coussa alguna de talla e o foforem de vela e porta e ospedes e de todos os outros tributos ançeginiles, enono forrando de todo ello que el dicto juan xufreu possa levar a barcaje aos vesinos da çibdad de Tuy segundo leva aos dictos etranjeiros, non levando coussa alguna aos dictas dignidades canonigos e raçoeiros e clerigos da dicta igreja de tuy...*”⁴⁰.

³⁷ Ibidem. pax. 107.

³⁸ Ibidem. pax. 120.

³⁹ Iglesias Almeida, Ernesto e Méndez Cruces, Plácido; Evocación histórica..., pax. 99-100.

⁴⁰ Prot. Lib. XXV. Fol. 142. 21 abril de 1483.

O tráfico fluvial tiña os seus problemas de convivencia. Como xa sinalamos as contendas e rifas entre barqueiros de Tui e Valença facíanse perigosas para o bó rendemento do porto, que debía ser ben concurrido.

Igualmente os rendeiros da barca podían non cumprir coa súa parte de contrato: *“Item mandarom logo a Johan Esteves canonigo que despoys vero que demandase a Estevo D’Amorim en rasom da barqa e renda dela.”*⁴¹

No ano 1485 fariase o acordo para regulamentar a pasaxe das barcas entre Tui e Valença, iniciativa do bispo D. Diego de Muros, na que se delimitaría as zonas de carga e descarga (para Tui o esteiro do Tripes e para Valença a súa veiga), regulándose o paso do río só polo día sendo pola noite efectuado o paso só para os habitantes de Valença e Tui pero por un barqueiro contrario para non provocar as desconfianzas.

Doutro carácter pero non de menor importancia temos o documento de 1370 sobre a sentenza da ancoraxe no porto de Tui.

Os problemas veñen cando o navío Santa María de Baiona do que era patrón Estevo Rodríguez, quere cargar viños no porto tudense. O patrón négase a pagar o tributo sobre a ancoraxe, polo que o cabido levará o caso ante o xuíz da cidade Rodrigo Anes. A argumentación era simple, desde facía máis de cen anos *“por tanto tempo que memoria de homes no he encontrario”*, calquera *“navio grosso, que trougese ancora de ferro que veese á porto desta cidade de Tuy et hi posese ancora, que pagase por razon dancoraxe ao Cabidoo de Tuy, e ao que tebese á Torre Vella,...dez e oito libras brancas... e o dito Estevo Rodriguez veese con ho dito vaigel cargado de Binhos, aqui ao porto de lauacuncas de cerca a dita cidade de Tuy, e lanzase hi ancora, é descargase hi e estevese hi ainda agora”*. O xuíz condenaría a pagar a Estevo Rodríguez as dezaioito libras xa que logo, o devandito costume estaba comprobado polas testemuñas presentadas polo cabido.⁴²

Neste excepcional documento sacamos a importancia do viño para Tui, con barcos de grande porte cargando viños; o nome do porto tudense adicado case en exclusiva aos viños (o de “lavacuncas” é bastante explícito); o antigo costume do tributo aos barcos con áncoa de ferro e o pago a medias entre o cabido e a Torre Vella, probablemente para o seu mantemento.

O sal era un dos produtos vitais para o reino. En Galiza, debido ao seu tempo, era preciso salgar case todo, desde as carnes e peixes ata os queixos.

Como a dificultade de producir salinas en Galiza era obvia, facíase preciso importarltras de Aveiro, o lugar máis próximo e tamén de maior calidade.

Esta consecuencia levou consigo un extraordinario comercio dirección sur-norte, tanto por vía marítima como terrestre.

En Tui existían *“alfolies reales”*, sendo unha das poucas localidades galegas que tiñan tal privilexio.

Sobre o sal o Hospital de San Xiao dos Gafos percibía unha teiga por cada barco de sal que viña a descargar tal produto para os Alfolíes reais da cidade. Nun documento, excepcional para a historia tudense, de mediados do século XVI faise un relatorio dos portadegos tudenses con ocasión dun preito no que o devandito Hospital demandaba o pago da acostumada teiga de sal.

O relatorio dos portadegos fora recopilado por D. Diego de Muros, pois a perda dos escritos polas guerras da fin do século cortaron o que se viña usando por costume

⁴¹ Ibidem. lib. VIII. Fol. 164. 12 xullo de 1425.

⁴² Iglesias Almeida, Ernesto; Los antiguos portos de Tuy..., 1984. pax. 69-70.

desde moitos anos atrás e non somentes desde a propia recopilación feita polo prelado tudense.

Ante a importancia e interese do documento, descuberto polo erudito tudense Ernesto Iglesias Almeida, o transcribimos completo:

“Esto e o que Señor Don Diego de Muros nos fizo pregunta a nos Soeiro Perez e Afons Eanes notarios que llo declarasemos e o escribiesemos por nosas consçiençias do que sabiamos açerca do portazgo e diezma desta ciudad por que eramos antyguos e racolleramos e toberamos a dita portaje e diezma a qual segun as nosas consçiençias son estas seguintes ena maneira que se reparten:

- *Primeiramente dos panos de flandes de cada pano que traspasar para Portugal o de Portugal para Galiça binte brancas por dizima e portaje.*
- *Yten do pano de Aragon quatro mrs. y en cada pano de Castilla tres mrs.*
- *Yten carga de pano de lenço seis mrs.*
- *Yten de la carga de canabo seis mrs.*
- *Yten de la carga de pez quatro mrs.*
- *Yten carga de rezina tres mrs.*
- *Yten carga de azeite seis mrs.*
- *Yten carga de myel quatro mrs.*
- *Yten carga de pilitaria quatro mrs.*
- *Yten pasando las bestas que ban para bender e pasan a este porto seis mrs.*
- *Yten bois o bacas que pasaren para Portugal o de para aca quatro brancas por cabeça.*
- *Yten das obellas e carneiros de cada cabeça cinco dineiros.*
- *Yten cada carga de sebo quatro mrs.*
- *Yten casa mudad que for para Portugal dez e seis mrs. bellos e se bier de Portugal a este Reino no a de pagar nada.*
- *Yten cada carga de congrio seis mrs.*
- *Yten de cada carga de pescado seco pescadas rrayas e caçons de cada carga quatorce dineiros.*
- *Yten cada carga de sardina seca e berde quatro brancas.*
- *Yten cada carga de pescado fresco quatro brancas.*
- *Yten das mantas que ben das feiras quatro brancas cada una.*
- *Yten de cada caldeira quatro brancas.*
- *Yten dos retallos dos panos que tragen das feiras asse de descontar segundo do pano que se presten so do pano enteiro a de pagar.*
- *Yten por cada carga de çera seis mrs.*
- *Yten por cada quintal de Açero dos mrs.*
- *Yten en cada quintal de ferro quatro brancas.*
- *Yten nabio que bier a este porto e lançar ancora de ferro a de pagar una libra de pimienta o quarenta mrs. por ella.*
- *Yten de sal que se aqui descarrega no a de pagar dizima salbo cada nabio una teiga e sal a San Gian do Gafos que del carrega este Reyno.*
- *Yten cada carga das olas a mellor que bier na carrega e si bier en nabio que pague a respecto das carregas.*
- *Yten da carrega dos allos una reste e se bier en nabio que se pague a respecto das cargas.*
- *Yten pan nen bino que biere de Portugal para esta çidad que seja dos vezinos no a de pagar nada.*
- *Yten se amos ou amigos troxire presente alguno desta ciudad que no pague nada.*

- *Yten os carniceiros desta çuidad de quantos bois e bacas mataren an de pagar de cada coiro dos coroados.*
- *Yten os arocheiros que carregan pescado e sardina de cada carrega dous coroados, estes coroados asi de sardina como dos coyros e un da torre bella e outro do cabildo.*
- *Yten dos coyros cortidos que pasen para Portugal a de pagar d ecada coyro sete dineyros e outros sete dos coyros salgados.*
- *Yten dos coyros secos cinco dineyros cada coyro.*
- *Yten de cada carga de bino que sacaren desta ciudad quatro blancas e se for en pipa que conten por cargas.*
- *Yten qualquera coyro que se bier vender a çidade quatro dineyros.*
- *Oro plata e bellon e armas ferro e açeiro e cabalos son defesos que non pasen pero se algun quyser dezimar rescribir o que leba para pasar seguro o se der fiança ou penor que faça çerto que o meten eno rreino que pase seguro.*
- *Estes dineyros desta portaje e dicima se rreparte desta maneira: de doce dineiros a de aber o cabildo un dineyro que ande con o mayordomadago e outro dineyro a o d eaver o merino da torre bella polo obispo e finca ansi dez dineyros que son del Rey e do bispo de medio e ao ansi bimos e oimos a nosos antecesores Soeiro Perez notario Alonso Yanez notario Alvaro Nuñez.”⁴³*

Este portádego apoia a intensa vida comercial de Tui tal e como se reflicte nun documento de 1457: “*O coregidor Gonzalo Afonso, fiserá que ningun navio portugués cargase no rio Minho con destinno a Flandes e Aragón mercaderias procedentes de toda a ribeira do Minho, e para o feito concentrados en Valença e en Tui*”.⁴⁴

Malia o privilexio de Juan II de Castela outorgando aos portos reguengos da Coruña e Baiona ser os únicos de Galiza que puidesen realizar intercambios co extranxeiro⁴⁵ o porto tudense manterá a súa actividade, sobre todo gracias o pulo que a mesma fronteira mantiña.

Pero a fronteira era tamén, ademáis de fructífera escala mercantil, un lugar conflictivo polos complexos gravámenes fiscais. Un exemplo de este tipo de incidentes o temos no ano 1494, comprobándose que o contrabando a partires do reinado dos Reis Católicos vai estar máis vixiado, principalmente na activa fronteira miñota:

“Morgued Juan provisor vendio Afonso Fernandes çiertas bestyas que foran tomadas alos portugueses por quarenta reas los quales portugueses estavam presos por que las passavan a Portugal contra la defessa de sus altezas, los quales quarenta reales luego pagou en dos doblas de oro e por la demasia pusso huna çita de plata e se obligo el dicho Afonso Fernandes que ellos non la furtaran e se se fallase el contra reo que el las queria pagar e estar a todo lo que mandase el provysor.”⁴⁶

Unha disposición do bispo D. Pedro Beltrán do ano 1504 intentaba dinamizar o comercio tudense:

“Eso mesmo mando sua señoria que non se varease paño de castilla por los forasteros senon por los de la çibdad senon por o corpo santo e por sanbertolameu e ferias e mercados dous dias antes e dous despois de cada huna destas festas e asi mandou sua señoria que senpre goase, e que dos paños finos que venieren de sobre mar que se podan verrear trinta e tres dias ora veñan de bayona o de redondella o da guarda o de pontevedra o de vygo o vengan del mar o destes lugares como quera que venieren

⁴³ Iglesias Almeida, Ernesto; Los antiguos portos de Tuy..., 1984. pax. 23-25.

⁴⁴ Ibidem. pax. 21.

⁴⁵ Sánchez Carrera, M^a del Carmen; El Bajo Miño en el siglo XV..., 1997. pax. 248.

⁴⁶ Prot. Lib. XXVII. Fol. 83. 26 maio de 1494.

*de sobre mar quer sean forasteros quer de la tierra las tales personas e que sobre esto se guarde lo que esta asentado por el señor obispo e conçejo que paso por juan vasques”.*⁴⁷

Como noutros coutos vilas e cidades, Tui contaba cun peso ou medida propios. Coñecemos algunha modificación sufrida por este peso da cidade probablemente dentro do período de reconstrucción da cidade realizado polo bispo D. Diego de Muros: “*Por tres buzeos de pan medido por la medida de don Diego de Muros medeo çenteo e medeo myllo.*”⁴⁸

A navegabilidade do Miño permitiu un intenso tráfico comercial. Aínda que hoxe a acumulación de sedimentos no río non permite o calado suficiente para a navegación pesada, na antigüidade e Idade Media isto non foi así.

Se cadra a erosión do interior do país pola tala indiscriminada dos bosques no século XVI provocaría a sedimentación e a perda progresiva de profundidade no Miño.

Lembremos que foron varias as flotas que se achegaron ata Tui, como as *galeras* de Fernando de Portugal en 1369, ou sobre todo a flota de trinta navíos do biscaíño Ladrón de Guevara, flota que en 1476 non puido atacar Pontevedra por falta de calado do seu porto pero si curiosamente o puido facer contra Tui.

O condicionante da fronteira (guerras, tensións políticas, etc.) trabaría o maior e mellor desenvolvemento do porto de Tui, prexudicando o desenrolo da propia Galiza ao non permitir que a súa mellor e máis dereita vía de comunicación co interior funcionase como o auténtico motor económico da rexión.

A Actividade Artesanal

A cidade constitúe un centro económico liderado por un artesanado especializado que a diferencia do seu entorno, rural e baseado na actividade labrega.

Na cidade o habitante dela non precisa de traballar na terra para se alimentar e enriquecerse.

Os oficios que atopamos na cidade son moi diversos, de cara a cubrir totalas necesidades da poboación.

A presenza de varias rúas co nome dos oficios nelas practicados inciden na especialización do traballo. Rúas como a dos Ferreiros, Pelitaria, Zapataria, Carpentaria, poden sinalar unha ordenación planificada desde a ampliación da cidade en 1170.

Os oficios que aparecen en Tui amosan unha gran diversidade, o que pode ser un indicio do seu desenvolvemento urbano:

⁴⁷ Prot. Lib. XXIX. Fol. 91. 12 abril de 1504.

⁴⁸ Prot. Lib. XXIX. Fol. 43. 12 setembro de 1502.

Acicalador	Carpinteiro	Físico	Parteira	Serventa
Adegueiro	Caldeireiro	Forneiro	Peliteiro	Talaberteiro
Alguazil	Cambeador	Lavandeira	Pescador	Tanxedor do órgano
Ama	Canteiro	Labrego	Pintor	Tecelán
Armeiro	Carniceiro	Manceba	Porteiro	Telleiro
Arroncheiro	Colcheiro	Mensaxeiro	Prateiro	Tendeiro
Bachelor	Correiro	Mercador	Pregoeiro	Toneleiro
Balesteiro	Escribán	Muiñeiro	Prestamista	Torneira
Barbeiro	Escudeiro	Naveiro	Reloxeiro	Xastre
Barqueiro	Espadeiro	Notario	Reposteiro	Xornaleiro
Capador	Estalaxeiro	Ourive	Retellador	Xubeteiro
Capataz	Ferreiro	Panadeira	Sarralleiro	Zapateiro

Non están aquí contidos tódolos oficios que se realizaron na Baixa Idade Media tudense, xa que a documentación amósase parca en ofrecer máis profesións, as cales si aparecen noutras vilas e cidades como o boticario, albeitar, aparelador, bufón, cirurxián, gaiteiro, meloneiro, recobeiro, sangrador, seleiro, tundidor, vareador ou xograr.⁴⁹

Hai que advertir que o artesán tudense non só baseará a súa actividade no seu oficio, moitos artesáns aforarán terras (cortiñas, herdades) da Igrexa de Tui para chantar e cultivar viñas cun claro obxectivo comercial debido ao alto rendemento económico desta actividade exportadora.

Noutros casos onde o aforamento dalgunha cortiña manifesta unha actividade (que só podemos intuír) non adicada á comercialización do produto, estamos somentes ante a complementariedade dos recursos familiares e non (como se podería presupoñer) ante unha cidade “ruralizada”.

Debemos lembrar que a proximidade a Tui de terras con alta capacidade de produción agrícola (fertilidade dos campos polas cheas do río) facía lóxico e normal a presenza na cidade de labregos ou de artesáns con dobre actividade (tendo en conta a parcialidade da documentación).

Nalgún caso (e non poucos) o aforamento das cortiñas e chousos non se facía para a explotación directa da terra polo foreiro, pois moitos dos foros de viñas serán propiedades de cregos ou de mercadores e fidalgos, polo que entraba en xogo o xornaleiro: “*en nas vinas quando se podaron guastaronse duas lampreas e mays doze maravidis de dous homens que andaron por alugueyro...despoys quando se cavaron en primeyro andaron tres omens a cavar con Gonçalo e esto foy quando eu estive en Vayona presso, e doutra vez foron quatro e doutra foron oyto e na comyda delles se gastaron tres sabeles e a contia dos omens se montava qada un dez rayas de Purtugal*”.⁵⁰

Un oficio como o de arroncheiro (arrieiro) levaba consigo certas dificultades e preitos: “*...presente Pero d’Almon morador en terra de Montes e Afonso Rodrigues aroncheiro morador enna çibdat de Tuy e demanda posso o dicto Pero d’Almon contra o dicto Afonso Rodrigues en como le devya dosentos satenta mrs. de huna besta quele vendera e o dicto Afonso Rodrigues alegou por sua parte que a besta que le vendera que non era tan noa como le el disera que la faria e o dicto vicario a consentimento*

⁴⁹ López Carreira, Anselmo; A cidade medieval galega. 1999. pax. 216. Estas profesións amosan o exemplo recollido na abondosa documentación municipal de Ourense.

⁵⁰ Prot. Lib. XXV. Fol. 256. 1474.

delles ambos a dous mandou ao dicto Pero d'Almon quele quitasse os satenta mrs. e quele pagasse dose fasta nove dias primeiros siguintes."⁵¹

Ao toneleiro Martín Esteves lle debía o cóengo e notario Fernán Peres: "*huun jornal e fondadura de huun tonel e pipas e dous arcos novos.*"⁵²

Interesante é saber o tipo e variedade de productos ofertados polos artesáns tudenses como no caso duns apontamentos do cóengo Fernán Peres sobre o que lle debía a un zapateiro⁵³:

"Iten devo a Rodrigo o fillo de Lopo Alvares huuns çapatos meus dobrados e trinta mrs./ Iten devolle mais hunas cabecaduras d ehuuns borceguys e des mrs./ Iten devolle mais huuns çoços de mariças (¿?) e huuns çapatos dobrados e vinte e çinco mrs./ Iten devolle de Lianor dous pares de çapatos dobrados e sasenta mrs./ Iten devolle de Alvaro dous pares de çapatos singellos e huuns dobrados e sasenta e sete mrs./ Iten desto todo deyle medeo florin e de huun coiro sassenta e çinco mrs./ e de outro coiro vinte mrs. e de dous çeremyms de trigo trinta mrs."

O ensino do oficio era a través de aprendices, que en moitas ocasións eran deixados polos pais para que aprenderan o traballo establecéndose unha especie de contrato entre artesán e pai do aprendiz:

*"...ennas casas de morada de Gonçalo Afonso alfaiate..., Afonso Vasques teçelan veçino da çibdat de Tuy disso que por quanto ele tina seu fillo Vasco que estava presente que ele o dava a Gonçalo Afonso por quatro annos para que ele lavrasse con el por seu ofiço de sastre e que faça todas as coussas licitas e honestas quele o dicto gonçalo afonso mandar e que o dicto gonçalo afonso le ensine o ofiço o mellor que el souber e o moço quisser trabalar o qual asi jurou a deus e este sinal de + asi ho padre como o moço de o asi comprir e previr o millor que el podesse e gonçalo afonso deo ensinar asi como el disia e qual quer que contra elo passar que peite a parte non agardarem dous myl moravedis de moeda vella branca en tres dineiros des dineiros por nuno e de mais que le non valla rey nen reyna ne sennor nem outro cousa ninguna que en seu favor pode elegir nele vale edat menor nem outra causa...e que enestes quatro anos le de una capa de morilla e huna saia de morilla de segovea e hun gibom de fustan e huna caseira de maan..."*⁵⁴

Podía existir o problema que o cidadán vise moi caro o prezo do artesán polo que decida buscalo fóra. A igrexa tudense establecerá esta medida, tan pouco dada ao desenvolvemento económico local, para que o custo das obras na catedral non exceda dos recursos dispoñibles:

*"Mandarom ao bacheler que vaa aas Lageas de Pousada de aquel cabo catar se achara canteiros mais de barato que os de aquesta parte para carregar os cantos para a obra."*⁵⁵

Existían profesións, como as de médico, nas que era mellor pagalas a escote (entre todo o cabido) como se dunha primitiva e medieval asistencia social se tratara:

"Este susso dicto dia e dahi en diante tomaron a mestre Guyleme por fisico do cabildo, para quando o casso acaçesze curasse as personas e canonigos e familiares

⁵¹ Ibidem. fol. 210. 8 xullo de 1475.

⁵² Ibidem. lib. XXIX. Fol. 233. 1475.

⁵³ Ibidem. fol. 25. 1478?

⁵⁴ Ibidem. lib. XXV. fol. 242. 12 novembro de 1475.

⁵⁵ Prot. Lib. XIII. Fol. 30. 1460.

ses de cassa e ouvesse en cada hun anno seyçentos pares de brancas pagos por llos terços do anno".⁵⁶

A "*actividade industrial*", ou por así dicilo de maior abranxemento e importancia, eran os Pelames, ubicados no exterior da cidade por ser unha actividade con moitos inconvenientes e que precisaba de espazo.

O de Riomuíños era o lugar dos Pelames e Aloques, trebellos onde se desprendía a peluxe e curtían os coiros, tanto para os zapateiros como para os peliteiros da cidade, ademáis doutros oficios derivados deste subproduto da gandeiría.

Existía precisamente neste arrabalde tudense unha fonte (hoxe de Riomuíños) denominada "da Encoirada", probablemente por se lavar nela os coiros. Tamén o nome do río, o Tripes, o temos documentado para o século XV polo que tamén puidera ter relación cos devanditos pelames.

Os aloques e pelames eran igualmente aforables como calquera outra propiedade: "*aforaron o aloque da ponte da Levada de rio de moiños para baixo que entesta enna ponte por sete maravedis vellos...*". Polo prezo marcado podemos intuír un aloque moi amplo e rendible, ubicado xunto da actual ponte de Riomuíños (*ponte da Levada* no documento) no espazo que hoxe ocupa o matadoiro municipal transformado nas instalacións da RTVT.

Coñecemos o famoso preito dos Pelames de 1464, pero de certo seica este tipo de conflitos debeu facerse habitual cando se enfrontaban poderosos intereses económicos, representados polo gremio de zapateiros e curtidores que eran defendidos polo concello e denunciados polo cabido, ao que se lle tollían algúns dereitos e se lle impuñan determinados inconvenientes.

Nun conflito pola posesión dunha devesa no lugar de A Valiña, amósanos a utilización da devandita devesa para facer os Pelames:

"...unha devesa que avia ben trinta e çinquo anos que cortara a rrama della con seu padre e que a levavam a vinna de çerdeira e que a tina seu padre por sua e que fasia nella os caniços para o pelame que tina en Ridemoinnos...".⁵⁷

Dos pelames e aloques cobrábase unha abondosa dízima, síntoma da súa importancia. Da do ano 1473 (única que coñecemos) o importe ascendía a cento oitenta marevedís: "*ouve dos palãs XV raias de prata*".⁵⁸

Outra actividade que se concentraba nos arredores da cidade eran os muíños. De tal denominación que indica unha alta concentración destas instalacións está o Riomuíños, nome xa mencionado polo raíña D^a. Urraca no privilexio de 1112.

Aínda que coñecemos varios muíños en San Bertolameu, no Seixal (unha Aceña) ou en Areas, os máis significativos, pola súa proximidade á cidade, eran os de Riomuíños.

Varios son os nomes dos muíños que nos transmite a documentación medieval, e que pola súas características xeográficas practicamente os podemos ubicar hoxe, principalmente sustituído por outro máis moderno (con casa) ou coa súa vella sinxeleza medieval:

*"...aforamento dos muinnos que chamavam da cova perto da vinna do Salgueiral...reparem aguisem façam e refaçam os ditos muinnos de tella madeira e pedra novos cecales e rodicios e de totalas outras cousas... que fosen moentes."*⁵⁹

⁵⁶ Ibidem. lib. XXV. Fol. 56. 19 xaneiro de 1481.

⁵⁷ Ibidem. lib. XXV. Fol. 238. 1475.

⁵⁸ Ibidem. fol. 257. 1473.

⁵⁹ Prot. Lib. VIII. Fol. 149. 7 xullo de 1424.

*“foro a Pero de Parada e a sua moller Maria Domingues... do moinno Cotineiro que esta en Riomoinnos a çerqua desta çidade de Tui, enno lugar da çerqua de rapaconinos, que correge o dicto moino de pedra colmo madeira tavoado e pregadura e terminado moos e redusio.”*⁶⁰

*“...os muynnos que chaman da ponte a manoço que he en rio de muinnos...”*⁶¹

*“...aforamento...o formal dos moyynos coroxinnos que estan en esta ribeyra d erio de Moyynos a sub o outro moyyno coorneyro que he do cabidoo...”*⁶²

*“...aforamento a Alvaro Velloso meirino da çibdat de Tui e alcalde de Monte de Boy... os moiños que estan xuntos os pelames que pertencen a San Bertolemeu...”*⁶³

A importancia dos muiños está testemuñada pola súa abundancia, froito dunha intensa actividade e polo súa diversidade; deste xeito a documentación fálanos dos muiños cotineiros, coroxiños, coorneiros,...

Outras actividades menores, aínda que non menos importantes, eran as adegas, fornos e lagares.

As adegas presentes abondosamente pola cidade expresan a importancia da actividade vitivinícola na comarca. Prestarían nome a unha rúa tudense, a das Adegas, por mor das traseiras das casas da Praza do Concello ou máis correctamente por edificacións realizadas para esa actividade, logo unidas ás casas da praza ou as da mesma rúa, perdendo así a súa independencia e personalidade.

Os fornos constituían unha actividade numerosa en Tui. A denominación do forno non nos aclara a súa actividade; de ferro, de tella, de pan. Esta última, por ser a máis necesaria como alimento básico que era, constituiríase como maioritaria.

Coñecemos varios fornos na rúa da Triparía, na dos Miñotos, na de San Xoán, etc., e unha rúa co seu nome, a dos Fornos, entre a rúa Corredoira (intramuros) e a rúa da Oliveira.

A súa tipoloxía debía ser moi simple, na maior parte das ocasións para albergar somentes a actividade, mais noutras ocasións atopámonos que podía ter vivenda propia, o que non deixaba de ser perigoso pola alta probabilidade de incendio.

Os fornos non deixaron de lado as contendas como acontecía cos pelames. Un preito de carácter claramente económico foi o que se pasou co *“forno da Enfesta”*, no que entraría o cabido tudense e os propietarios do forno; Álvaro Veloso e Vasco de Sebeo no ano 1466.

A orixe do problema provén da intención de Álvaro e Vasco de abrir unha porta a un pardiñeiro pertencente ao forno. O cabido achaba esta acción como danosa para o Forno que tiñan na mesma rúa da Triparía e colindante co dos devanditos Álvaro e Vasco.

Ao escudeiro e mercador de Tui *“lle avyam posto embargo ena porta que agora eles começaron de abrir enno forno denfesta”*⁶⁴. Outro problema que acrecentaba o preito era o que debían Álvaro e Vasco polos tres oitavos do forno, que ían aparellados co devandito pardiñeiro e a viña de Reimiro (San Domingos), cuxo pago destinabao o cabido para os aniversarios pola alma do bispo D. Xohán Fernandes de Soutomaior II.

⁶⁰ Ibidem. lib. XXV. Fol. 101. 1482.

⁶¹ Ibidem. lib. VIII. Fol. 179. 9 novembro de 1426.

⁶² Ibidem. lib. Nuno Gonçales. Fol. 10-11. 18 febreiro de 1370. En Ermelindo Portela; La región del Obispado de Tuy..., 1976. pax. 437.

⁶³ Ibidem. lib. XXV. Fol. 69. 1474.

⁶⁴ Prot. Lib. Luis Vieira. Fol. 5. 9 agosto de 1466.

Tanto Álvaro Veloso como Vasco de Sebeo non discutirían o pago dos tres oitavos, xa que recoñecían o dereito do cabido aos mesmos, o problema centrábase na porta que se quería abrir e que para o cabido prexudicaba seriamente o forno que tiñan xunto do de Enfesta.

Para o caso decidiuse que varios homes bos, escollidos por ambas as dúas partes, visen a porta e achasen o que mellor fose.

Os enviados polo cabido *“diserom aos ditos sennores como foran veer a dita porta e forno segundo lles fora mandado e levarom consigo a gonçalvo afonso alfayate e alvaro fernandes sarralleiro e lopo fernandes e vyrom todo, e por min lles foy dado juramento en hum libro de evangeos e jurarom e fez o dito juramento afirmarom que a dita porta non fazia dano nem perjuízo ao outro forno que trazya a Lyanor Vasques moller que foy de Alvaro Gomez de Chenlo, e os ditos sennores acordarom que para... cabido viesem os ditos Alvaro Veloso e Vasco de Sebeo e lle fariam foro de teereo e pardieyro”*.⁶⁵

O problema da porta solucionábase mais o tema do foro polos tres oitavos co terreo e o pardiñeiro non ficaría moi claro.

Os devanditos Álvaro Veloso e Vasco de Sebeo deberían pagar corenta e dous maravedís: *“...e querendo alevantar o dito pardieyro que o posam fazer de tal maneira que nom faça nojo nim ma vesinança ao outro forno que he do cabido...a vista de homes boos e de ofiçiaas e sejam obedientes que yndo contra o cabildo e personas del que percam o dito foro e cavando ou achando en ele ouro plata ou outro metal ou mynnea alguna del que seja do dito cabildo e os ditos foreyros nom ajam delo nada salvo raçom achadego o que lle quizerem dar e mays nom e se obligarom segundo a forma dos outros foros e asy outorgarom.”*⁶⁶

É sumamente curioso este último requisito por parte do cabido, pois non se contén en ningún outro foro, cousa no que se intúe a sospeita do cabido para cos foreiros, ou outra cuestión semellante.

A falta de pago do devandito foro tornou a complicar a contenda e preito, debendo de se acadar serios contratemplos para Álvaro Veloso e Vasco de Sebeo, os cales propoñerían un trato co cabido pois *“nom convynnem andarem en muytos pleytos nem contendas quanto mays con elles ditos sennores a que desejavam servyr mays que os enojar, porende que elles pediam por merçee que os nom mandasem mays mays sobre ello fatigar e elles fezesem mercee de toda a a pena pagada do dito encomyso e os ouvesem por relevados de qual quer auçom que contra elles por razom do dito encomyso tevesem e ouvesem e que eles de aquy adeante se obligavam pagar pagar a pensom ao dito cabido por lo dito ... forno denfesta”*⁶⁷.

Os lagares, aínda que puideran existir no interior da cidade, eran habituais no rural. As numerosas viñas e pumares obrigaba á construción dun pequeno cuberto, tal e como e indican as fontes, separado ou independente da propia casa. A súa tipoloxía non os afasta dos que aínda hoxe vemos no rural.

Unha actividade, na que noutros lugares tiña un edificio especial, era a exercida pola prostitución.

En Tui a rúa e Eirado dos Praceres pode ter relación con esta tan especial profesión, xa que logo este nome repítese noutras vilas e cidades galegas (Vigo, Pontevedra,...).

⁶⁵ Ibidem.

⁶⁶ Ibidem. fol. 6. 11 agosto de 1466.

⁶⁷ Ibidem. fol. 13. 6 decembro de 1466.

Coñecemos o pago das dízimas desta actividade efectuadas ao cabido: “*ouve do do alcouçe XVIII mrs.*”⁶⁸. O nome de “alcouçe” é de orixe árabe e ten o significado de prostíbulo. A súa ubicación non se precisa, pero noutros lugares coma Pontevedra axeitábase un local no exterior da vila para acoller esta lúbrica e mal vista profesión.

As Confrarías

Por desgracia, en Tui non nos chegou a información sobre confrarías medievais como as que disfruta, por exemplo, Pontevedra.

Só temos uns poucos apuntamentos que nen tan sequera son coetáneos.

As confrarías son as organizacións asociativas de traballadores, tanto artesanais como comerciais, que en principio agrupan a todas as persoas dunha mesma profesión, isto é, tanto aos que hoxe denominaríamos empresarios como aos asalariados. A estrutura non vai ser totalmente ríxida pois podía abranxer unha mesma confraría máis oficios, sobre todo aqueles cos que contaban certas semellanzas.⁶⁹

A confraría poñíase baixo a advocación dun santo/a, e dentro dun mercado acento relixioso exerce a súa función: actividades asistenciais “*a onra dos vivos e proveyto dos finados*”⁷⁰.

Un capelán, pagado pola confraría, recollería esmolos e oficiaría varias misas. Segundo o que se coñece doutras cidades, unha das máis importantes obrigacións dos confrades é a asistencia e condución do cadáver dun colega ou familiar no seu enterro así como nas honras fúnebres.⁷¹

Outras funcións asistenciais son menos coñecidas como a axuda en caso de enfermidade, ou auxilio aos orfos e viúvas.⁷²

En canto á participación das confrarías no goberno da cidade, a situación de Tui semella ser ben diferente das demais galegas, pois aquí non rexe o concello unha minoría, tal e como o demostra a presenza de varias profesións na xuntanza do concello para a entrega das rendas do peso ao hospital da cidade. Nesta relación menciónanse agrupados aos notarios, sarralleiros, alfaiates, carpenteiros, mercadores, ferreiros, zapateiros, etc., coñecendo ademais que un cerralleiro como Pero Marrao foi alcalde da cidade durante varios anos.⁷³

Unha das meirandes manifestación públicas dos gremios e confrarías eran nas festas patronais, ou no Corpus. Cada gremio exhibirá na procesión os seus máis peculiares atributos⁷⁴ ou danzas especiais.

Temos para Tui o coñecemento dunha confraría da Madalena no século XIV, froito da doazón do razoeiro tudense Xohán de Padrón: “*item mando aa confreria de Mandanella dez libras pequenas.*”⁷⁵

Do século XV temos un par de referencias máis que resultan interesantes: “*...que o dito cabydo tem enna rua de Sam Juan que o bacheler de Sam Mateo tragia em renda que parte de huna parte con seu outro con casa e pardiñeiro que he das confrarías de Sam Pedro e Sam Viçente que trage en foro Rodrigo Afonso mesteiral*”,

⁶⁸ Ibidem. lib. XXV. Fol. 257. 1473.

⁶⁹ López Carreira, Anselmo; A Cidade Medieval Galega, 1999, pax. 238-239.

⁷⁰ Ibidem.

⁷¹ Ibidem.

⁷² Ibidem.

⁷³ Sánchez Carrera, M^a C., El Bajo Miño..., 1997, pax. 311-312. Pero Marrao sería xuíz de Tui nos anos centrais do século XV.

⁷⁴ Lembremos as memorias chegadas ata nos do século XVIII, onde os gremios tudenses exhibían á popular coca, os xigantes e cabezudos, as danzas singulares, etc., sendo levado polos tecedeiros, zapateiros, carpinteiros, etc.

⁷⁵ Prot. Lib. Pero de Lagea. 1329.

“Mandaron que Gonçalo Afonso e Bartolomeu demandasem conta a Juan de Bodiño da confraria de San Sabastian e escripvisen todos los confrades e dineiro que ai avia e o que se avia gastado”.⁷⁶

Con estas dúas noticias podemos ver que as confrarías tudenses (as que coñecemos) tiñan propiedades, polo que é lóxico pensar nun mínimo organizativo para rexer estes bens. Tamén podemos deducir o fin asistencial da asociación gremial.

O que descoñecemos totalmente son os oficios encadrados nestas confrarías. A da Madalena podería ser dos carniceros (polo menos en Ourense así era), a de San Pedro e San Vicente (que dispuñan das importantes capelas absidiais da catedral) puidera ser dos ferreiros, cerralleiros, caldeireiros, etc.; a de San Sebastián resulta difícil de atribuir, aínda que o carácter de avogado contra a peste deste santo puideran ser varias as profesións a el adscritas.

Non sabemos se existía confraría do *Corpo Santo* (na documentación non aparece) pero debemos supoñer a súa existencia dada a forte presenza da mesma en lugares como Pontevedra, e que teoricamente a influencia partiría de Tui, como lugar de enterro do santo. A do *Corpo Santo* (lembremos que é *San Telmo*) debía agrupar aos barqueiros, pescadores, mercadores, etc., que tiveran algunha relación co río ou co mar.

⁷⁶ Ibidem. lib. XIII. Fol. 182. 1464. Ibidem. lib. XXIX. Fol. 114. 2 maio de 1505.

SOCIEDADE

Pouco podemos precisar sobre a evolución demográfica de Tui, mais os datos e testemuñas indirectas poden levarnos a unhas conclusións o máis achegadas á realidade posible.

Tui era unha poboación en expansión desde fins do século XI, tal e como demostra o retorno dos bispos á cidade. No século XII consolídase este crecemento coa ampliación da cidade en 1170, obra de Fernando II. A partires de aí, a ocupación do espazo urbano farase rapidamente, sendo quizais o primeiro cuarto da centuria do XIII cando esté practicamente acabada a súa parcelación, ocupando os novos moradores e veciños (procedentes do campo, ante as expectativas que ofrece a cidade e a falta de terras no rural) os suburbios e arrabaldes (Santa Baia, Riomuíños, San Xoán de Porto, San Bertolameu, A Corredoira, etc.).

A fase de expansión demográfica nos séculos XII e XIII, testemuñada pola roturación de novas terras e dos bosques, a creación de novos lugares de asentamento (as aldeas, vilanovas, etc.), ven apoiada, en Tui, en tres pilares; o comercio, o viño e o peixe.

As vantaxes tudenses estaban fomentadas pola estabilidade climática deste período, reforzado pola case ausencia, no século XIII, de guerras na fronteira.

O comercio (privilexios reais), como porto fluvial e encrucillada de camiños (norte-sur, leste-oeste), a forte produción vitivinícola, os peixes do río (con especies de calidade como os sollos, salmóns, lampreas, etc.), e diferentes produtos da rexión (gando, coiros, liños,...), fixeron medrar a cidade ata acadar unha poboación (no seu momento álxido, marcado pola memoria do propio concello en 1323¹) que situaba a Tui como a segunda en importancia de Galiza.

As fames e pestes do século XIV (1333, 1348, 1355,...) xunto coas guerras civís e de fronteira na segunda metade do século fixeron decrecer espectacularmente a poboación.

Pero en realidade, a crise que padece o rural coa perda de rendabilidade dos campos recién gañados aos bosques e montes, e polo tanto terreos pobres e os primeiros prexudicados polas alteracións climáticas, fixeron que moitos labregos se achegasen á cidade como lugar onde acadar mellores perspectivas de vida.

Esta achega de inmigrantes a Tui, desde calquera punto do bispado e terra de Toroño (incluso de fóra, tesmuñado polo topónimo que acompaña ao nome), compensou en parte a perda de poboación ocasionada polas guerras e pestes na segunda metade do século XIV e primeiros lustros do XV.

As reconstrucións de casas no primeiro cuarto do século XV sinalan este momento de recuperación da cidade, mais os anos centrais da centuria, aínda que non serán excesivamente violentos, coas fames e pestes cíclicas (1438-39, 1446, 1467...) estancan a poboación e sobre todo, coa dominación de Álvaro Paes de Soutomaior e a usurpación de bens do cabido e expulsión do bispo, mantén unha situación de tensión pouco proclive para a recuperación e consolidación comercial e demográfica da cidade.

O período comprendido entre 1467 e 1480 (aproximadamente, entre as guerras Irmandiñas e a fin da guerra de Sucesión e os seus confrontos colaterais), podemos afirmar que será o momento de ruína e despoboación da cidade, padecementos que sufrirá Tui en moita maior medida que o resto das cidades e vilas galegas, o que traerá

¹ No preito de 1393 o concello poñerá como argumentación para os preitos e homenaxes realizados a Juan I e ao Arcebispo de Santiago, D. Juan García Manrique, que dende a morte do bispo D. Xohán Fernandes de Soutomaior, acrecentáranse os males para a cidade.

como consecuencia que esta inseguridade fronteiriza remarcada pola opresión señorial marxine en gran medida a cidade como emporio comercial de nivel rexional, desprazándose ao nivel de urbe con boas perspectivas dentro do comercio trans-fronteirizo, pero lonxe da intensa actividade do pasado.

A lenta recuperación da cidade nas dúas derradeiras décadas do século XV, cun alto número de reconstrucións dentro da urbe, non fará posible a recuperación demográfica de Tui, que entrará tarde na Idade Moderna (aínda que Galiza non conte moito na Coroa de Castela), cunha poboación mínima (lonxe do que poderíamos calificar como cidade), e transformándose nunha fortaleza militar coa súa gornición, gobernador, oficiais reais, etc., reducíndose o seu comercio ao intercambio positivo que trae consigo a posición na fronteira, pero que se verá gravemente diminuído a mediados do século XVII, produto das más relacións con Portugal.

Os primeiros datos que temos da sociedade tudense proveñen do propio contido das Cartas Forais de 1170. A intencionalidade igualitadora que os foros de Fernando II querían imprimir á sociedade tudense, lexitimados por Fernando III en 1250, fálanos do acceso aos postos concellís de calquera veciño da cidade, sen necesidade de pertencer a unha elite ou a un oficio “honrado”.

A propia sustancia dos foros fernandinos garantiu a gobernación da cidade en igualdade de condicións para tódolos veciños, sen que ningún ficase marxinado pola prepotencia dun grupo predominante economicamente, tal e como acontecía en Santiago, Pontevedra,

A mudanza dos tempos e a re-señorialización da cidade por parte de D. Diego de Muros trocaría a situación, acadando o goberno os grupos privilexiados (escudeiros-fidalgos), favorecidos por unhas ordenanzas municipais que exaccionaban fiscalmente aos escudeiros polo feito de vivir na cidade o cal sinala que antes a igualdade dentro da cidade era total en canto ao pago de tributos entre “nobres” e “xente común”.

A predominancia social da clerecía era obvia en Tui. Bispo e cóngos, encabezados estes polas dignidades (tesoureiro, mestrescola, arcidiagos, etc.), repartían a súa influencia na cidade a través de grandes propiedades ou aforamentos de casas e rendas, ademais da preeminencia social baseada na vasalaxe da cidade ao señorío eclesiástico.

Os cregos tiñan tamén unha importante influencia cidadá a través dos seus fillos (a maioría declarados), mancebas, criados, etc.

A nobreza non ten moita presenza na cidade, se cadra efecto dos foros de 1170. As estadas máis numerosas son protagonizadas polos Soutomaior desde comezos do século XIV, os cales posuirían un pazo na cidade e aforarían, como no caso de Álvaro Paes casas e terreos, ficando como un dos máximos terratenentes de Tui.

Xunto cos Soutomaior no século XV engadíanse os seus escudeiros como os Correa, con casa aforada na cidade, ou a presenza ocasional dos Valladares, Falcón, etc.

Da familia dos Lira temos a petición de María Afonso “*filla de Lopo Gomes de Lira neta de Afonso Gomes de Lira e irman de Pero Marinno de Lira como ela era moller de honrra e estado e filla dalgo pobre pediu ao cabido axuda por cuanto seu pai e seu irmao deixara en testamento todaslas posisons da familia*”². O cabido vendo o seu estado lle deixa só pola súa vida as posesións do seu pai para que labre, repare, etc., pero non puidendo vender nen allear.

Polo xeral a nobreza tudense tiña como asentado o rural, celme das súas posesións e orixe do seu poder.

² Prot. Lib. VIII. Fol. 161. 25 febreiro de 1425.

Os escudeiros e fidalgos predominarían na fin do século XV, acrecentándose coas disposicións efectuadas nas Ordenanzas Municipais.

Nun degrao máis abaixo, socialmente falando, estaba a burguesía, diferenciándose ela entre os máis ricos e os que menos posibilidades económicas tiñan. Os primeiros serán logo promovidos á fidalguía abandonando (por cuestión de prestixio) os seus oficios de mercadores adifeirados ficando xa no século XVI como rendistas urbanos.

As profesións “liberais”, notarios, escribáns, avogados, disfrutaban dunha condición prestixiada, aparecendo na documentación como testemuñas de crédito e compoñedores maioritarios do concello.

Os artesáns, o grupo máis numeroso, era tamén o máis homoxéneo.

Noutro plano estaban os pobres, vellos e nenos.

Os pobres non só eran os da propia cidade, ou sexa veciños ou moradores, senón aqueles que vindo de fóra, peregrinos prioritariamente, amosaban a súa pobreza. O cabido exercía con estes caridade, sobre todo se pertencían á clerecía: “...*mandarom a Jacome Rodrigues canonigo tençeiro das aniversarias que dese a hun clerigo françes d esmolla para ajuda de seu caminno dez maravedis.*”, “*esmolla de çem maravedis vellos por amor deus aos cavaleiros de Costantinopla.*”³

O hospital de pobres e peregrinos da cidade acollía a tódolos necesidades que andaban polos camiños e atendían as propias necesidades da cidade. A importancia de Tui no camiño a Santiago está certificada na cita do xeografo árabe al-Idrisi (s.XII) na que pón a Tui como unha das principais cidades do Camiño desde o sur. Tamén é esclarecedora a referencia de 1441⁴ na que o Concello expresa que “*por quanto o ospital da dita cidade de Tuy era prove en quanto tinna tantas rendas por ter congrua enon podese soster e proveer os romeus e peregrinos que a el de diversas partes do mundo cada dia vinnan ao dito ospital...*”.

A expresión máis habitual para renunciar a un foro era comentar a vellez, pobreza e doenza que o aqueixaba, o cal era norma para todos incluso para os cóngos:

“*entom enno dito cabidoo vasco peres canonigo propos e diso aos ditos senhores como bem sabiam que ele muyto enfermo e apasyonado de dolor de parlasia de que jouneira en cama per muytos dias e tempo e que agora era quasy tollido das pernas da maneira que non podria andar e como enbicava que logo caya, por lo qual elle non podia vyr aos matyns que lle pedia de merçede que usando con ele de caridade e guardando o boom custume que sempre con outros teverom que o ouvese por relevado dos matyns e o mandavan contar e llo avia en graçia e merçede, e os ditos senhores disseron que por quanto eles eran çertos do que el dezia e el era homen que des quarenta annos aaca avya ben servydo a eglesia que lles prasia e mandaron a gonçalvo esteves contador das oras e a qual quer outro que o fose daqui adiante que o contase residente en ora aos matyns posto que a ela non vyese e que sobre a conçiencia del leixavam o cargo se aeles nin vyese quando podese, diso que llo avya en merçede*”⁵

Os nenos sufrían a dureza dunha época na que pasaban a traballar deixada apenas a infancia, non tendo dereitos algún. A morte era unha das constantes neste período, puidendo morrer nunha familia varios vástagos tal e como no-lo testemuña a documentación:

“*Maria Entroido que pague as carnotas dos tres seus fillos menores que se finaron, ela diz que era prove*”.

³ Prot. Lib. XIII. Fol. 11. 19 outubro de 1459. Ibidem. fol. 79. 25 xaneiro de 1462.

⁴ Fondo Hospital, nº 6, 21 marzo de 1441. M^a C. Sánchez Carrera; El Bajo Miño..., 1997. pax. 312.

⁵ Prot. Lib. Luis Vieira. Fol. 17. 2 xaneiro de 1467.

“Ruy da Lagoa Constança Fernandes moradores... tinan fillos çinquo fillos e fillos tres fillos e duas fillas, Fernan Rodrigues (XVII anos) e Pedrino (VI) e Tareiga (IX) e Maria (X) falesceu Ruy da Lagoa padre destes menores e feço sua manda con substituiçom e morendose todos que se destisse por sua alma e daquelles cujos foran, morreuse logo Maria, logo Fernan Rodrigues e depois os outros todos.”

“...Afonso do Avellao morador en freguesia de Santa Marina de Areas obligouse de dar e pagar a myn Afonso Fernandes notario en nome dos sennores deam e cabido XXIII maravedis de tres carnotas de tres moços pequenos que se finaron seus cando fillos de sua moller Maria e mo ha de pagar doje a dez e seis dias aqui en Tuy so penna do dobro.”⁶

A inmigración é un factor a ter en conta na cidade. Aparecen apelidos que referencian a procedencia da persoa. De Galiza ou fóra do reino temos numerosos datos: Fernán de Alcallá, Joán de Gigón, Ruy de Noia, Pero de Sevilla. Tamén os extranxeiros son habituais, moitos asentados e indicando co seu apelido a súa orixe, como os Franco. De orixe inglesa era Álvaro Ingrés (en 1475) que evidencia, polo facto de ser veciño da cidade, unha remota chegada dos seus ancestros desde a illa a Tui. Un seu fillo, Juan Ingrés, será alcalde da Hermandade a partires de 1499.

A presenza de franceses era igualmente abondosa tendo en conta os contactos coa rexión de Burdeos: *“item me deve o arçediano de montes huna carga de Pipa que levou o seu fillo e hun franses para sua cassa nova”*.⁷

Unha noticia sumamente interesante para coñecer as relacións sociais e económicas de Tui co exterior é a que fai referencia a presenza de dous ingleses, veciños de Exeter, para recoller os diñeiros e pertenzas de John Weston, veciño de Northam, quen morrera en Tui, en nome da súa moller e de varios mercadores (que supoñemos compañeiros) de Topsham:

“...perescio de presente Richal Qorenta vezino dela çibdad de Sestre e con el Jacome Gaston e el dicho Richal Qorenta presento dos poderes de la muger Johana muger de Juan Veston vezina e moradora en la villa de Nortan del reyno de Ingraterra e presento en el dicho cabildo dos poderes huna delos mercaderes Tomas Monre e Matheu Monre e Rogel Mychel mercadores moradores en la villa de Topo Santo de Ingraterra e demando çertos dineiros que son çinquenta cruzados excepto o que se gasto en el enterramento e exequias e çenta de su enterramento para o qual presento çertos poderes el treslado de los cuales es este que se sigue, e aliende delos dichos poderes obligo su persona bienes e fazenda e dio consigo por fiador e prinçipal pagador a Jacome Gaston que presente estava e se obligo e otorgo huna obrigaçon forte e firme tal qual perestese signada de my signo de sacar a paz e a salvo al dicho vicario e cabildo a paz e a salvo e el dicho richal qorenta se obligo de sacar a paz e a salvo al dicho Jacome.”⁸

A Muller

É pouco preciso o que podemos falar do papel da muller tudense na Baixa Idade Media. Podemos apuntar certa independencia e liberdade transmitida pola ocupación da muller en profesións e unha determinada protección que lle dispensaba a lei.

A muller compartía igualdade xurídica (relativa) con respecto aos homes. Á hora de aforar certas propiedades era preciso a autorización de ambo-los dous cónxuxes,

⁶ Ibidem. lib. XIII. Fol. 26. Ibidem. Ibidem. 17 maio de 1460.

⁷ Prot. Lib. XXIX. Fol. 234. 1475.

⁸ Ibidem. fol. 113. 18 abril de 1505.

aínda que na maioría das veces só estivera presente para asinar o contrato o home, feito quizais explicable pola necesidade de atender aos fillos ou ao traballo.

En moitas ocasións a muller accedía ao traballo por necesidade de manter a familia, principalmente cando se producía a viuvez ou o abandono forzado (ou non) da casa por parte do home.

Son variados os oficios aos que accedía a muller en Tui: candieira, lavandeira, parteira, estalaxeira, forneira, panadeira, tecedeira, tendeira, rendeira, etc.

“...en que mora Ynes Anns estalageira...”, “...na rúa de Traslaoobra, casa de Catalina Afonso paandeira.”, “...da outra parte con cassa da cavaleiriça que trage Maria Fernandes tendeira.”⁹

Tamén atopamos mulleres en posicións importantes adxudicatarias de rendas do cabido como a que levaba María de Casqaas en 1474 da renda de Guillarei por douscentos maravedís.

A dama nobre tampouco ficaba desamparada dentro da familia. Transmitía a fidalguía e partillábase a herdanza familiar. Existían personaxes femininas de familias nobres que adquirirían moito peso e protagonismo, como eran o caso de Dona Maior de Soutomaior ou Tareixa de Távora (muller de Pedro Madruga).

A lei amparaba á muller en casos de extorsión, sobre todo cando se lle obrigaba a renunciar a algunha propiedade en favor dos seus familiares ou home.

Neste tipo de protección entraba a muller de Xoán Afonso das Eiras, quen renunciaría e faría doazón duns foros en Arcos, a partir da fonte da Encoirada, en descargo da súa conciencia e do seu home quen destruíra os foros (probablemente como escudeiro de Pedro Madruga): “...a doaçom e renunçiou e quitou expresamente a ley do veliano e do divo adriano dadas a favor das mulleres como çerta e sabedora por personas entendidas da dictas leys e aqual quer raçom e excepçon e defenson que porsí oou por outro en seu nome podese seer posta dicta e alegada contra esta dicta doaçom.”¹⁰

O cabido recibiría a devandita doazón en satisfacción dos danos que Xoán Afonso das Eiras fixera no dito foro.

O dictado por D. Diego de Muros en 1484 nas súas Ordenanzas Municipais para que as viúvas non paguen fiscalidade na cidade sempre e cando “vivieren honestamente en su viudez e non se entrometieren en tratar mercaderias e otros oficios non pertenesçientes a su estado”¹¹, significa a fin dun modo de vida social máis dinámico e competitivo.

O grande número de viúvas na cidade, producta das guerras Irmandiñas e de Sucesión, provocaría a súa adicación nos “traballos dos homes” (na maioría dos casos con habilidade e destreza), cousa que non gustaba a un bispo conservador como D. Diego de Muros, aínda que este feito significase unha grave perda económica.

Á muller correspondíalle no seu casamento unha dote, pertencente exclusivamente a ela, na que moitas veces ficaba testemuñada a súa entrega ou promesa por un notario: “Ante as portas da casa onde vive agora o dito Juan Rodrigues (prateiro), con sua muller Eness Eanes aqual le entregaron o dito dia por sua muller ele promethu en dote aa dicta sua muller quatro marcos de plata...”, “...enna zapataria deu ho fillo de Juan Parçeiro a Enes filla de Afonso Lourenço quando cassou

⁹ Prot. Lib. XIII. Fol. 177. Ibidem. fol. 63. Ibidem. lib. XXV. Fol. 172.

¹⁰ Ibidem. lib. XXV. Fol. 127. 1483.

¹¹ Sánchez Carrera, M^a C; “La gobernación de la ciudad de Tui a finales del siglo XV”, en Tui, Museo y Archivo histórico diocesano, tomo VI, pax. 52. 1992.

*con el en arras hun marco de plata e ficou por fiador Fernan Gonçales e ho irman do noveo.*¹²

Aínda que o casamento podía ser por interés: *Açerca da praça de Tuy a porta de Lourenço Rodrigues que deus perdoe, paresceu Gonçalo de Peregal morador en Santo Estevo de Negros e Maria Afonso moradora enna freguesia de Pontellas, anbos presentes disto o dito Gonçalo de Peregal que por quanto ele estava soo sem muller por quanto sua moller sele fora e que sua fasenda que seya perder que el rogara e rogava a dicta Maria Afonso que fosse para elle e que estevesse con elle en sua cassa e quelle pormetia que avendo fillo ou filla delle que fosse herdeiro de todos seus bens e non no avendo que de quanto gaanare fosse a metade delle e que esto le prometia e outorgava... e a dicta Maria Afonso disse que le prasia e que asi o reçebia.*¹³

Podía acontecer o contrario, e a fuxida era o medio máis habitual: *“Enna ribeira de Minno, termino da çibdat de Tuy onde sai a barqua de Valença, eno reino de Galigia. Margarida Gonçales non quere estar con seu marido en Entença, ela esta en Gondomil.*¹⁴

O problema do consentimento podía ter maior gravidade; *“Constança Martis moradora en Varcea de Mera que Lourenço da Ermida morador enna freguesia de San Martin de Verdoso, avera des annos que casou con ella, menor de sete annos ou oito, casou por forza, quando feso a voda eu le dixे que non fecese a voda, tomoua e levoua para sua cassa e nunqua conmygo consumou a copula carnal, fugiu da casa logo incontinente, tornaronna e fugiu outra ves”*¹⁵

Aínda que poidamos describir a situación da muller no medievo baixo un prisma positivo, non nos debemos esquecer que seguirá tendo un status un degrao máis baixo que o home, desprotexida, malia as leis, e marxinada dos foros económicos e administrativos, principalmente coas Ordenanzas de D. Diego de Muros.

Só a afouteza da muller ao emprender un oficio ou posicionarse nun mundo de homes, puido facerse respeitar, posibilidade esta que merece a nosa consideración para esta época pois con posterioridade o papel da muller na cidade non terá nen tan sequera esta opción.

Os Xudeos

A presenza hebrea na cidade tudense está testemuñada desde a primeira metade do século XIII coa ménora gravada na claustra da catedral.

A orixe da comunidade xudea de Tui ben puidera estar coa Carta Foral de 1170, aínda que con anterioridade puido exercer xa Tui a súa atracción polas potencialidades comerciais e agrícolas.

Coñecemos o nome dunha torre da muralla medieval tudense designada como *“do Judeu”*, o cal representa a relativa importancia da poboación hebrea en Tui.

Os nomes e actividades dos xudeos tudenses só os coñecemos para o século XV. Con anterioridade nada aparece, aínda que poidamos intuír (por pura lóxica) que o esplendor da comunidade hebrea se dera parello ao medre da cidade, polo tanto ata o primeiro cuarto do século XIV. Posteriormente, na segunda metade do século a perda de peso poboacional por razón das guerras, fames e pestes deberon inducir á conversión por parte de moitos individuos desta comunidade, xa de por si misturada nos costumes coa poboación cristiá.

¹² Prot. Lib. XXVII. Fol. 200. 16 abril de 1499. Ibidem. lib. XXIX. Fol. 45. 4 decembro de 1502.

¹³ Prot. Lib. XXV. Fol. 236. 7 agosto de 1474.

¹⁴ Ibidem. fol. 238. 24 outubro de 1474.

¹⁵ Ibidem. lib. XXIX. Fol. 210. 1475.

Pola documentación do século XV sabemos que os xudeos non formaron un barrio especial (xudería) na cidade, segregado do resto da vecindade. Atópanse vivindo misturados co resto da poboación.

O primeiro xudeo coñecido é “*Pero judeu*”, quen curiosamente será converso pois achamos o seu nome por entrar o seu fillo, Vasco, en 1418, no coro da catedral por rogo de Fernando Peres.¹⁶

Pronto entraría a rogo do Chantre, por ser criado seu, na “aniversaria” en substitución doutro.

O ascenso de Vasco Peres, do mesmo xeito que outros mozos de coro, chegaría ata a calonxía, do que veremos protagonizar varios incidentes.

Este Pero Judeu debe ser o mesmo que aparece vivindo pola Triparía no documento publicado por Ernesto Iglesias Almeida¹⁷: “*unhas casas do arco que estaban indo para a rua Triparia que parten de hua parte con casas dea dita Iglesia de Tuy en que morou Pero Judeu, carniceiro, ...*”. A súa mención repetírase en 1467.¹⁸

Unha das personaxes máis interesantes é Abraam, quen protagonizará o empréstimo do adebedado polas bulas papais de unión dos mosteiros á mesa capitular en 1435.

Abraam, xunto co seu xenro Jacob, era prateiro e prestamista. Como prateiro o vemos confeccionando cálices e cruces por encargo do cabido de Tui¹⁹: “*e logo Abraam e Jaqo seu genro pesaron a cruz nova que tynna parte dela lavrada...*”²⁰.

O outro oficio de Abraam, prestamista, será moi útil ao cabido á hora de pagar a importante suma que adebedaban polas “letras de Roma” na unión dos mosteiros. Terían que xuntarse cálices e cruces, pagando incluso algúns cóengos e arcediagos o que faltaba, resultando un inventario de ornamentos e das súas calidades pois moitos deles contiñan chumbo misturado coa prata:

“... *Asi soma toda a prata que leva o dito Abraam dez e sete marqos çinquo onças tres rayaas e ha de dar por cada marqo trezentos e trynta moravedis brancos en tres dineiros que soman asi çinquo myll e oytocentos e trynta moravedis, os quaes çinquo myll et oytocentos e trinta moravedis da dita moeda, o dito Abraam prometeu e se obrigou de dar a pagar en Pontevedra a Luis Mendez e Pero Cruu ou a cada hun delles en paz e en salvo deste dia ata des dias primeiros seguintes e mostram delles carta de pago como os rezebem en nome do dito cabido.*

XII dias de novembro, Abraam presentou una carta de pago firmada de notario e que dera en nome do cabido ao dito Pero Cruu os ditos 5830 moravedis que por ende o davam por livre e por quite delles.”²¹

Para a segunda metade do século aparecerán máis personaxes hebreas, aínda que as mencións serán moi poucas.

En 1464 León Xudeu afora do cabido unha casa na Canicouba por corenta marevedís. Tres anos despois, logo de realizar “*en ela muyta bemfeitoria*” reclamaba do cabido un instrumento de foro xa que o notario non llo dera.²²

¹⁶ Prot. Lib. VIII. Fol. 12. 21 decembro de 1418.

¹⁷ Iglesias Almeida, Ernesto; “Los Judíos de Tui”, 1987, revista de estudios hebraicos “SEFARAD”.

¹⁸ Sánchez Carrera, M^a C; El Bajo Miño..., 1997. pax. 200.

¹⁹ Ver Apéndice Documental.

²⁰ Prot. Lib. X. Fol. 69. 27 outubro de 1435.

²¹ Ibidem. fol. 70. 1 novembro de 1435.

²² Ibidem. lib. XIII. Fol. 184. 26 outubro de 1464. Ibidem. Lib. Luis Vieira. Fol. 30. 15 abril de 1467.

Sabemos indirectamente que León era alfaiate (xastre), pois na rúa Canicouba era numerosa a presenza deles, e que un seu xenro, Salomón, quen tamén habitará nesta rúa, tiña que ver con panos polos tratos co cóengo e notario Fernán Peres.

Fernán Peres nos seus apuntamentos dos dézimos nos descubre entre 1473 e 1475 a varios xudeus morando na cidade.

Deste xeito aparece Salomón, Saúl, Mosse (Moisés) ou Salomón Çidicario debendo algo a Fernán Peres.

De Salomón Çidicario puidera darse a confusión con Salomón Xudeu, máis o apelido que se lle outorga fan claramente alusión a un mencionado no *Livro do Conçello* de Pontevedra. Salomón Çidicario actuará como servidor do arcebispo compostelano D. Lope de Mendoza, na recaudación en 1443 de vinte mil maravedís dos fieles do alfolí de Pontevedra, “*dar e pagar los dichos viente mill mrs. de la dicha moneda al dicho Salamon Çidicario... nuestro servidor, que los ha de aver e recabdar por nos*”, destinados os cartos para gardar a seguridade de vilas e fortalezas²³.

Sabemos que Salomón estaba vivindo en Tui á altura de 1474: “*a aporta de Salamon Çidicario estando ende presente...*”²⁴, profesión (prestamista, rendeiro, ¿?) e apelido asegúranos a diferenza co devandito Salomon Xudeu.

A expulsión de 1492 determinará o abandono de Tui da comunidade hebrea. Dese ano temos a marcha de Salomón Xudeu, quen doará o foro da súa casa na Canicouba, que traía da Encomenda de Mourentán porque “*el agora seya desta terra e tina a cassa ben corregida de novo*”, ao arcediago de Montes Vasco de Marçoo. Pouco despois a muller de Salomón autorizaba e daba consentimento a esta doazón.²⁵

Noutra renuncia, “*Davy judio aliofareiro*” (reposteiro), deixará a casa que tiña na Praza da cidade²⁶.

Non toda a comunidade marchará, algúns convertiranse ao cristianismo continuando a súa actividade económica.

Dos conversos tudenses coñecemos ao prateiro Aaron Amin²⁷, quen faría moitos traballos ao cabido tudense, entre eles se cadra poidamos outorgarlle o chamado cáliz do cóengo Rui García (doado por este en 1506) datable na fin do século XV.

Fillo de Aarón temos a Pero Amin, tamén prateiro, quen realizará numerosos cálices e cruces para o bispo e cabido de Tui tal e como testemuña o inventario artístico da catedral en 1540, na que o bispo D. Miguel Muñoz ordenará a reparación de certas pezas de orfebrería a Pero Amin.²⁸

Outros conversos do século XVI tudense serán o médico Antonio Sánchez e o seu famoso fillo Francisco Sánchez, filósofo humanista profesor nas Universidades de Montpellier e Toulouse.

Do mesmo xeito, e de gran importancia, están os Sambenitos ou Anuncios de reconciliación de xudaizantes do primeiro cuarto do século XVII, exhibidos no Museo Diocesano tudense.

Aínda que a poboación xudea de Tui non formase barrio ou xudería, podemos testemuñar a existencia dunha Sinagoga e do cemiterio hebraico.

²³ Armas Castro, J; Pontevedra en los siglos XII a XV, 1992. doc. 34. pax. 355.

²⁴ Prot. Lib. XXV. Fol. 236. 18 setembro de 1474.

²⁵ Ibidem. lib. XXVII. Fol. 44. 17 maio de 1492.

²⁶ Ibidem. fol. 45. 26 maio de 1492.

²⁷ Ibidem. fol. 191. 21 xullo de 1498. Ib. 31 xullo de 1498.

²⁸ Gómez Sobrino, Jesús; “Inventario artístico de la catedral de Tui, del siglo XVI, a través de las visitas pastorales”. Tui, Museo y Archivo Histórico Diocesano, tomo IV, 1986. pax. 169 e ss.

Gracias á intensa investigación do historiador Ernesto Iglesias Almeida, coñecemos que a Sinagoga tudense ficaba xunto da muralla, na rúa da Oliveira, sendo chamada pola poboación como “casa das Xudiadas”, referencia documental de 1436. Outra cita, xa posterior, nos indica o seu abandono tra-la expulsión dos xudeos: “*Rua da Oliveira. Por las casas que foron Toura dos Judeos que he a cabaleriça que esta pegada ao muro han as aniversarias de pension oyto mrs.*”²⁹

Ubicábase concretamente nunha rúa hoxe xa desaparecida que ía topar contra o muro da cidade, e próxima aos pazos episcopais. As propiedades da comunidade hebrea pasarían a mans do bispo e cabido, aforándose as mesmas, e no caso anterior da Sinagoga, transformándose nunha cabaleiriza.

A orixe desta Sinagoga débemola remontar alomenos ata o século XIII, entorno ao asentamento hebraico na cidade e momento de maior dinamismo.

Xunto da Sinagoga, e xa asinalado en plural, estaría a casa do Rabino e outras dependencias necesarias para a vida relixiosa e cultural da comunidade en Tui.

O cemiterio ficaba no exterior da cidade, no seu límite urbano, neste caso o lugar da Saravia, nome con certos resabios xudeos.

O lugar ubicábase xunto dunha vía tan importante como a estrada a Baiona, o que pode ser síntoma de contacto cos seus correligionarios da vila reguenga.

Para falar deste cemiterio boas son as verbas expresadas polo historiador tudense Ávila y La Cueva ha cento cincuenta anos:

“...y de la otra parte del puente calle seguida se titula Saravia, y un barrio allí pegado que esta en un alto se espresa Monte real,Cuyos dos ultimos sitios ya pertenecen a la aldea de Randufe: y de ellos según tradición habitaron Judíos, y tubieron Sinagoga en el tiempo que eran permitidos en España; y comprueba esto el que allí hay un terreno que antes se titulaba Toura de los Judíos, y hoy en día es desconocido, cuyo era del dominio del Sr. Obispo por el que percibía dos reales de foro y este nombre Toura que le daban los Cristianos sin duda equivale al de Sinagoga...”³⁰

Ernesto Iglesias Almeida apórtanos máis datos sobre este cemiterio: “*Heredad de los Judios 22. Yten traya rrui Lopez çapatero de Su Señoria la heredad e monte que fue fosario de los Judíos cerca desta çiudad de Tuy asi como la trae agora cerrada e cercundada sobre si paga seys mrs. biejos.*”, “*Heredad de fosario do Judios que trae Alvaro Franco... molinero e a su muger Ynes Alvarez moradores en rrio de Moyños... combiene a saver lo que ansi les aforo la heredad que llaman fosario de los Judíos açios da par desta çiudad paga cada un año 10 mrs.*”³¹

Concluiremos dicindo da importancia da documentación cando se quere falar dunha comunidade relixiosamente diferente e minoritaria dentro da sociedade tudense. Os poucos datos que nos desvelan os documentos fálannos dunha comunidade xudía integrada na sociedade tudense pero en clara decadencia, produto da súa diminución ao longo dos séculos polas guerras, pestes e fames, e tamén non nos debemos esquecer do papel protagonizado polos continuos decretos anti-hebreos do século XV, aínda que non se manifestara a súa aplicación en Tui (tal e como no-lo amosa a documentación) si prexudicaría novos aportes de poboación (aínda que Tui, polos múltiples conflitos do século XV, non fose un lugar moi decebido) e renovar así unha comunidade que tende excesivamente á endogamia; igualmente negativo sería a escasa presenza xudía en Galiza.

²⁹ Iglesias Almeida, E; “Los Judios de Tui”,...1987.

³⁰ Francisco Ávila y La Cueva; Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su Obispado. Tomo I. 1996. Consello da Cultura Galega.

³¹ Iglesias Almeida, E; “Los Judios de Tui”, ...1987. Foros de 1526 e 1544 respectivamente.

Para as dúas derradeiras décadas antes da expulsión, temos unha serie de nomes aillados, que a grandes rasgos podémolos identificar como representantes das unidades familiares (polo feito que poden deber e pagan tributos como as dízimas). O número aproximado ronda as oito ou nove familias xudías entre 1474 e 1492, número que non podemos tirar de escaso en comparación con comunidades ben documentadas como a ourensá que representaba o 2% da poboación, non máis dunha ducia de familias³² contabilizados mediados o século XV; no caso de Tui o número de familias se intúe para fins do século, pouco tempo antes da súa marcha e nun momento fortemente recesivo demograficamente.

Temos que asinalar a falta de documentación que reflecta máis fielmente o volume e importancia dos xudeos tudenses, teremos que agardar á aparición doutras fontes documentais ou sobre todo aos restos arqueolóxicos (do cimiterio e sinagoga principalmente) para configurar unha verdadeira visión da comunidade hebrea de Tui.

³² Anselmo López Carreira; A Cidade Medieval Galega, 1999, pax. 201.

O TERRITORIO

Tui non só estaba configurado polo núcleo urbano senón ademais dun espazo xurisdiccional no que actuaba o concello e que convivía co señorío eclesiástico.

É ese espazo rural próximo que permite aos moradores e veciños da cidade posuír terras para combinar as súas actividades económicas.

O acoutamento de Tui ten a súa orixe no privilexio dos condes da Galiza D. Reimundo de Borgoña e D^a. Urraca.

A demarcación do couto incluía Santa Mariña de Areas, Randufe, ata monte Aloia, descía ao pé de Carballo (¿?) para atravesar o Louro en Orbenlle, chegaba ata Sobredo e abranxindo San Vicente de Soutelo baixaba o regato de Fonte Ferreiro ata o Miño dividindo Paramos.

Neste acoutamento incluíanse Valença e parte dos seus arredores, mais coa separación do veciño reino, o territorio tudense ficaría na marxe norte do Miño.

Con posterioridade deberon ficar engadidas (por semellanza á adquisición polo bispo e cabido) a outra metade de Paramos, Baldráns e Caldelas.

Ficaban claramente fóra parroquias actuais do municipio como Pexegueiro e Malvas, e a metade de Santa Comba de Ribadelouro.

Este “hinterland” tudense era preciso para abastecer o mercado diario e verse favorecido polas facilidades comerciais e os contactos co exterior que permitía Tui.

Na Baixa Idade Media non estaba conformada a actual división parroquial. As vellas freguesías eran o centro relixioso do couto, conxunto de aldeas e herdades, que ven podían sinalarse por algunha particularidade xeográfica.

Deste xeito aparecerán o couto de Maloes, Areas, Arcos, Rebordáns, Paramos, ..., orixe da posterior división parroquial.

Maloes

É probablemente a máis curiosa freguesía tudense. Naceu como un couto do mosteiro de Oia, aló polo século XII.

O seu nome define o carácter das explotacións agrícolas nestas terras. Proven Maloes do latín “Malus”= Maceira, se cadra pola abundancia de pomares para obter a sidra. Transformárase o nome no actual **Malvas** que daría moitas especulacións e expresións populares.

É un couto claramente delimitado polo val no que se asenta, aínda que a documentación nos descubre moitas sorpresas sobre a súa extensión.

Gracias a súa pertenza ao mosteiro de Oia contamos con abondosa e sustanciosa documentación sobre esta fermosa freguesía.

Maloes estendíase, na Idade Media, desde a cabeceira do val ata a foz do Furnia, practicamente desde o límite con Tui ata Forcadela. Era o val que formaba o río Tope (actual Furnia). Diferenciábanse dúas partes do couto: Maloes de Iusaos (de abaixo) e Maloes (debería ser de Susaos, ou sexa de arriba).

A mistura das dúas partes do couto fixo confundir a ubicación de Maloes cos actuais límites de Santiago de Malvas.

“...a nossa herdade en feligresia de San Miguel de Carregal en Maloes de Iusano...”

“...eno adro de San Miguel de Carregal que he ontre Amoryn e Maloes assobello porto de Varzellas”.¹

¹ Ermelindo Portela; La región del Obispado de Tuy en los siglos XII a XV. 1976. pax. 377 e 384.

Máis claramente temos os límites do couto gracias a un preito acontecido en 1344:

*“Et per contenda e pleito veeron a preguntar omnes boos ançianos. Et acharon por verdade que o dito couto e villa de Malloes de Iusaos que fora senpre e era coutado conven assaber pella fonte de esperon commo ven o rrio de Toque e da dita fonte de esperon polo marco de soo a Rabadeyra e des y ao padron que esta ena testa de vallina e dessy ao outeyro do lagarto e vay ferir dereito ao padron que esta aquende a ponte de forcadella contra Malloes e vay ferir ao Minno hu se junta con elle rrio de Tebra.”*²

Con esta división do couto en dúas partes diferenciadas xeograficamente enténdese o privilexio outorgado ao mosteiro de Oia polo rei Sancho IV en 1287 concedendo vinte pescadores *“que gelos mandasse aver en el ssu coto de Malones de Jusanos”*³, cousa por outra banda absurda se tiñan que mandar val arriba aos pescadores, e non como sería de certo, á ribeira do Miño, probablemente a San Miguel de Carregal.

O couto de Maloes tiña un xuíz propio, elixido polo mosteiro de Oia, ficando dentro da xurisdicción real da Terra de Taraes, do que formaban concello: *“Hoc pactum fuit factum per concilium de Tariales...”*⁴.

O documento máis antigo relativo a Maloes é do ano 1188. Nel os herdeiros de Vilapouca (hoxe en Pexegueiro) establecen un acordo co mosteiro de Oia para o aproveitamento dos froitos da aldea. O título que se dan os poboadores de Vilapouca (hereditari) ben semella indicar a pervivencia das romanas villae como sistema de explotación agrícola indivisa (unha comunidade) que pasado un tempo desaparecerá pola división da propiedade.

Curiosa resulta a venda no ano 1273 das propiedades que posuían en Maloes por *“parte de nosa madre Gonsina Paez vinas herdades casas chantados devesas culto e por cultir amonte e afonte ...”*, ao mosteiro de Oia por un tempo limitado *“ayades vos a sobredita vendison e toda vosa voz en quanto durar o mundo...”*⁵.

Malvas non se ía librar das malfeitorías de certos cabaleiros de Cerveira quen se apropiarían de bens en Vilapouca, pero achándose unha concordia co abade de Oia para non coller nada máis da devandita freguesía.⁶

Os aforamentos constituían o mecanismo para acceder a un medio de vida ou como acontecía en Tui para complementar os ingresos familiares como fan en 1368 os zapateiros tudenses Pero Durán e o seu irmán Gonzalo Eáns, aforando do cabido tudense unha herdade na veiga da Várzea na freguesía de Maloes: *“chanten a dita herdade de vinha deste janeiro que ora anda ata dous annos et desque for chantada que a refaçan e lavren...et que den en cada anno a quarta parte do vinho que deus der...et por foros cada anno huun capon et huun açumbre de vinho...”*⁷.

Por un documento de 1424 sabemos da existencia dun “pazo” en Sambade, probablemente parte das pertenzas do bispo Xohán Fernandes de Soutomaior II: *“o lugar e casal que chamava de Sambade que he enna freguesia de Santiago de Maloes con todas suas casas vinnas herdades sotos devesas montadegos e rresios agoas e montes e fontes rotos e por romper ... ou ouvese ao adeante o qual lugar lle mandara o sennor dom Johan de Souto mayor bispo ultimo que fora de Tuy a que dea por tal pleito*

² Ibidem. doc. 64. pax. 416.

³ M^a C. Pallares Méndez e E. Portela Silva; El Bajo Valle del Miño en los siglos XII y XIII. Compostela 1971. pax. 123-124.

⁴ E. Portela; La región del obispado de Tuy..., 1976, pax. 359.

⁵ Ibidem. pax. 363.

⁶ Ibidem. pax. 383.

⁷ Ibidem. pax. 428.

e condición que os ditos Fernando Esteves (mercador vesino de Tui) e sua moller (Tareija Farinna) e suas voses repassem lavassem e aproveytasem o dito lugar e suas vinnas e peertesças e cobren e mantem cuberto o paaço grande de todo aquello que ouvese mester en tal maneira que non despereçesse a dita vinna e paaço (que ende estaba feito)”⁸.

Moi interesante é o aforamento do casal de *Perlim*, en Sambade, cuxo pago ao cabido tudense era o seguinte: “*en monllos o quinto do vinno o quinto da fruita, e huna boa marraan çevada.*”⁹

O paso do couto de Malvas ao señorío da igrexa tudense debeu facerse a comezos do século XIV, quizais por intercambio de propiedades co mosteiro de Oia, algo habitual, pero non testemuñado para este caso.

Areas

O couto de Areas ficaba dentro do couto tudense efectuado en 1095, mais a raíña D^a Urraca especificará a súa doazón (xunto con outros lugares) no ano 1112 á igrexa tudense da vila de Santa Mariña de Areas.

É das freguesías máis antigas de Tui, tal e como testemuña a documentación e os restos de elementos ornamentais e estruturais do século XIII na actual igrexa parroquial.

O río de San Martiño marcaba na súa foz a presenza da capela de San Martiño, indicador dun vello porto chamado de *Savariz*.

De 1329 temos o aforamento da capela de San Martiño: “*o deam e cabido de Tui afora a Johan Fernandes ouribes morador en Tui a ermida de Sam Martiño*”¹⁰. Debía pagar setenta e cinco libras de brancas e por nadal un capón.

Os foros describen unha freguesía con numerosas viñas e devesas, actividades que eran complementarias.

En 1459 unha contenda produciríase polo xeito de levar as contas do couto de Areas entre os cóngos Martiño Anns e o bacheler Pero Anns “*sobre rasom de suas contas por la que ouvo de aver del os anos pasados que foy mordomo do cabido*”, o cabido recoñecía o problema “*na tença do couto de Areas Pero Anns cometeu erros...mandarom ao dito Vasco Peres e a Juan Gonçalves raçoeiro que doje a quinse dias avaan ao couto dareas sacar huna pesquisa sobre os dapnos que ende son feitos nos bens da tença de pero anns bacheler que od ito cabido reçebeu por sua culpa e negligencia e outrosy quaes deles son tributarios aas aniversarias e que cargos e tributos e por onde se ha de pagar e quen as pagou e de quanto tempo a esta parte os recbadou o dito bacheler e que levou delles para o qual rogaron ao dito arçediano que fizese dous o tres interrogatorios para sua avesaçom e que oseo fizesen doje a quinse dias*”.¹¹

Rebordáns

O couto de Rebordáns ten como centro o vello mosteiro de San Bertolameu, engadíndoselle dúas capelas; a capela de Santa María do Camiño e a de Santa Eufemia.

A palabra “rebordán” ven a significar un lugar “silvestre” polo que indicaría terreos a monte, pero tamén puidera asinalar as ruínas de parte da Tude romana entre San Bertolameu e Santa Eufemia.

A primeira referencia sobre Rebordáns, aparte o mosteiro, está na doazón da vila de Spenicelo (hoxe Espendelo) pola raíña D^a. Urraca no ano 1112.

⁸ Prot. Lib. VIII. Fol. 140. 11 marzo de 1424.

⁹ Ibidem. lib. XXV. Fol. 147. 1483.

¹⁰ Ibidem. lib. Pero de Lagea. 12 xuño de 1329.

¹¹ Ibidem. lib. XIII. Fol. 11. 13 novembro de 1459. Ibidem. fol. 15. 27 decembro de 1459.

É practicamente o único couto tudense do que temos constancia dun xuíz propio e dun “peso” específico de Rebordáns.

Os foros aportan exemplos de como debe o foreiro abrir o monte para conseguir novas terras: “*Casal chamado de Carregal en Rebordaes nos tres anos seguintes tennen que romperem o monte jaz conziado enno lugar que chaman Carregal...facer tres casas en catro anos pagar tres libras de brancas ao tençeiro por dia de Sam Martinno, en o duos morabitanos por foros en pam e vinno.*”¹²

“*Conven a saber o que le asy aforaron hua casa en que morava o dito Afonso Fromoso con todaslas herdades e montadegos e resios e pardineiros e arvores delo porto de Rebordaees pra cima quanto el poder achar e saber que son e perteesen de dereito as ditas casas... condiçõn que fumejen e mantenan a dita casa de pedra e madeyra e colmadura em tal manna que se non parta per mingoa de boo lavor.*”¹³

No último documento é moi interesante a referencia ao Porto de Rebordáns, sen dúbida se trata do das barcas na foz do Louro, moi perto da Ponte da Veiga.

Santa Eufemia era un barrio de Rebordáns que tiña a capela da santa como distintivo. Da capela ou ermida pouco sabemos, pero pola proximidade ao porto das barcas e ao camiño e ponte da Veiga, ben puidera tratarse dun vello templo romano adicado aos “deuses viais” logo reformado para adaptalo ao culto cristiá.

Dun morador de San Eufemia, Afonso Lorenço, temos o foro dunha viña e devesa: “*E paguen en cada hun ano ao dito ospital e seu oveçal o quinto do vinno que deus der en cada hun anno en a dita vinna en tempo de novo a dorna e por foro das ditas vinnas e devesa hun carro de lenna ou de toxos en cada hun anno.*”¹⁴

Un foro na Manteigada apórtanos todo un compendio de microtoponimia da zona: “*herdade e agro da fonte do mouro, herdade na entrada da veiga da senrra, herdade dos moimentos que topa co caminno que vay para Rebordaas, en Rebordaans agro do moinno, na veiga de Rebordaans agro do covello do lonbo lugar que chaman as covas, herdade que entesta co caminno que ven a Tuy e entesta eno castro de baga.*”¹⁵

Santa María do Camiño, polas súas específicas condicións, formaba unha tenencia aparte que en 1422 vemos arrendada ao arcediago de Miñor: “*e logo o dito cabido rematou a dita renda enno dito arçediago tan solamente en sua vida con seus direitos e que repare as casas del e que de en cada hunn anno por ela çento e vynte maravedis e ha de pagar delles qorenta maravedis ao bispo e outros qorenta maravedis ao teençeiro que teve a renda de Revordaos por lo cabido e demays aas aniversarias e deu fiador Nicolao Dias*”.¹⁶

A noticia máis importante de Santa María do Camiño é a testemuña que puidemos obter dos medios que se empregaban (cando así fose oportuno) para construír unha ponte, neste caso unha tan importante como a de Santa María do Camiño cruzando o Louro no lugar que aínda se di *A Ponte Nova*.

No ano 1434 o provisor do bispo e o cabido dispuxeron unha serie de medidas para facer posible a construción da ponte, dispensando a aqueles que fosen traballar á ponte os domingos e festivos, os bens e propiedades dos que non se soubese dono a metade sería para a ponte e a outra metade para a obra da igrexa (catedral) onde eles quisesem, partindo todo da iniciativa do mordomo do cabido o cóengo Estevo de Souto: “*o moordomo Steevo de Souto que presente sia tomara cargo desse faser a ponte da*

¹² Prot. Lib. Pero de Lagea. 28 maio de 1346.

¹³ Sánchez Carrera, M^a C.; El Bajo Miño..., 1997. pax. 340.

¹⁴ Ibidem. pax. 332.

¹⁵ Prot. Lib. XXV. Fol. 125-126.

¹⁶ Ibidem. lib. VIII. Fol. 94.

*çerqua de Santa Maria do Camynno. Et que considerara con el para ajuda desse faser, ...e de ela seer mays aguisa ffeita delle cometer e dar poder que fosse exentada do residio das mandas que non foram compridas enno ano e dia e enno dito bispado e outrosi que podesse despensar e despensasse con todos aquelles e aquelles que prometeram alguns devotos en qual guisa e por qual quier maneira e que podesse absoltar a os que a sua petiçom fossen a aponte e desem do seu ou fessesem serviço dos domingos, festas,... e esto mesmo que todos aquelles e aquellas que tynnan algun aver alleo et non soubessem seus donos ou fossem en tal terra que nunca lles podrian seer entregos. Et que todo per tal que destas sobre ditas cousas ouvesse que fosse a meatade delas para a dita ponte e a outra meatade para a obra desta iglesia onde elles quessesem. Et que esto non podia nem queria faser at que non ouvese seu consello delles ditos homes boos para diserem o que lles paresçia”.*¹⁷

San Bertolameu de Rebordáns ten unha orixe remota, probablemente pérdase na lonxanía do reino Suevo. Sabemos de certo que o máis antigo da igrexa, único resto que ficou hoxe do cenobio bieito, pódese remontar ao século X, con reformas logo nos séculos XI e XII (ademais das modificacións do século XVI e XVIII).

Do ano 1379 temos un extraordinario documento de concordia entre o mosteiro e os seus fregueses, demarcándose perfectamente a xurisdicción de San Bertolameu: *“apareçeron en juízo Pedro Gomes Abade do mosteyro de San Bertolameu da part de Tuy et qonvento desse mosteyro P Affons Anns notario seu procurador em seu nome et do dito mosteyro da huna parte et os moradores do couto de Revordaos et de Paredes e de Santa Maria do Caminno et de Sta. Ouffemia freygueses do dito mosteyro por Johan Peres da levada Juiz do dito couto seu procurador em seu nom et dos outros freygueses”*¹⁸.

O conflito entre fregueses e mosteiro establecíase pola reparación do convento, costume antigo ao que estaban obrigados os fregueses todos do couto de Rebordáns. O mosteiro facía augas, as pingueiras eran numerosas e temíase o peor *“por quanto por mingoa desto chovia eno dito mosteiro Et estava del huna peça descuberto Et sse temya de caeren as paredes e steos et a igrexa do dito mosteiro”*, pola cal pedíase que os fregueses ás *“suas custas e despesas rrefasen adoubasen rretellaren o corpo do dito mosteiro.”*¹⁹

O vigairo, que estaba alí para decidir sobre o conflito, xulgou que era verdade o vello costume de obrigar aos fregueses a reparar o mosteiro *“Et por ende julgando mando que os ditos freygueses retellen et preparen as naves do dito mosteiro ata as capelas en que estan os dous altares da sua custa dos ditos freygueses d etella e de madeyra en tal guisa que non chova eno dito mosteiro et ditos Abade os traute benygnamente quando aguisaren o dito mosteiro et que lles faça prestança e amor da sua vianda amorosamente e caritativamente...”*²⁰

Estas condicións non eran aceptadas polo procurador dos fregueses de Rebordáns, apelando á igrexa de Braga, por mor de non estar de acordo coa devandita reparación, cuestión gravosa para os fregueses.

¹⁷ Ibidem. lib. VI. Fol. 40. 10 maio de 1434.

¹⁸ Ernesto Iglesias Almeida; “La iglesia y monasterio de San Bartolomé de Rebordáns”, Boletín do “seminario Fontán-Sarmiento de Hagiografía Toponimia y Onomástica de Galicia, Año 18, Nº. 17, 1996, pax. 101-102.

¹⁹ Ibidem.

²⁰ Ibidem.

O mosteiro sobreviviu no século XV ao avatar da guerra, como o incendio sufrido en 1459 (¿?) polos **ginitarios**, “*para ajuda da reparaçom do dito mosteiro onde foy queimado dos ginitarios*”²¹.

Con anterioridade, 1449, fora aguisado o mosteiro polo mestre carpinteiro Martin de Paredes: “*...mandarom ao thesoureiro quedese a crus grande a Johan Rodrigues canonigo para que a ponan a prendes de con e a Martin de Paredes para lle e para os outros mesteyraas que an de correger o mosteiro de Sam Bertolameu*”²².

O mosteiro ficara sen frades tal e como testemuña en 1429 o abade frei Rodrigo que só tiña ao monxe frei Gil²³.

A anexión dos mosteiros realizada polo bispo e cabido en 1435 por bulas papais, incluía o de San Bertolameu, pasando a ser unha igrexa parroquial aínda que conservándose o mosteiro, obrigación que recaía sobre o tenceiro que tiña as rendas do mosteiro: “*arrendamento do mosteiro de San Bertolameu con as suas pertencas segundo que o tinnan os abades que del foran. Et que o repare de pedra tella e madeira e do que lle fesera mester.*”²⁴

Moi interesante é a noticia sobre a execución fiscal nas romerías ao mosteiro no día da festa do santo: “*renda de Sam Bertolameu a Johan Camynna, que non poenna çensos ou tributos aos romeus que viesen eno dito dia de Sam Bertolameu.*”²⁵, método que debemos entender como habitual e medio de ingresos económicos adicionais para os rendeiros e a igrexa.

Os foros do mosteiro fálannos de viñas e devesas, principal actividade agrícola, por unha banda, a exportación e valor engadido do viño, polo outro materia prima para reparar as viñas e lugar de pasto para o gando.

Por último sinalar o que semella o vello nome do que hoxe é a “fonte da serpe”, que fica debaixo da igrexa de San Bertolameu: “*conbem a saber un pedazo de herdade que iaz enno castro do louro de cerca dista dita çidade, que soya de trager de vinna vasco da costa çapateiro que parte de unha parte ao longo con herdade de ruy vaazquez da canicouba, e de outra parte vai topar enno caminno publico que ben da veiga do louro contra a parte de barros e entesta enna cancella de catapeixe e vai topar enna outra canzela da fonte do bufom enna entrada da congostra*”²⁶.

Pazos de Reis

Este é lugar moi vencellado a Tui. Descoñecemos se existía algunha capela, sendo a única documentada a de San Xiao no Aloia.

Neste tempo aínda debían permanecer os pazos que deron nome á parroquia, aqueles atribuídos ao rei godo Witiza, no lugar de Monterreal.

Coñecemos a existencia dunha fonte en Ricamonde nun foro dunha herdade a *Rui Galdim*, alfaiate tudense e a súa muller Leonor Lopes: “*herdade do dito cabido que jasia enno lugar de Ricamonde que parte da huna parte con herdade que ora tragia Lopo Afonso vesino de Tuy e da outra parte con outra herdade que foy de Estevo Dias do postigo coengo que foy de Tuy que Johan Sjus notario de Tuy deu ao espital da dita*

²¹ Ibidem. lib. XIII. Fol. 26. 17 marzo de 1460.

²² Ibidem. lib. Fernán Gonçales. Fol. 3. 31 xuño de 1449.

²³ Ernesto Iglesias Almeida; “La iglesia y monasterio de San Bartolomé de Rebordáns”, Boletín do “seminario Fontán-Sarmiento de Hagiografía Toponimia y Onomástica de Galicia, Año 18, Nº. 17, 1996, pax. 103.

²⁴ Prot. Lib. Fernán Gonçales. 11 xullo de 1446.

²⁵ Ibidem. fol. 5. 5 agosto de 1449.

²⁶ Ibidem. lib. Álvaro Vázquez. Fol. 5. 1 agosto de 1455.

çidade e entestava de hun lado con herdade de Johan Garçia porpe vesino da dita çidade e da outra unna congostra que onde esta a fonte que chaman de ricamonde”.²⁷

Como tan abondosamente amosan os foros as viñas tiñan un lugar preferente: “*Gomes Correa renuncia a un foro do pedazo d eherdade no lugar que chaman da Areosa, que han en Paaços de Reys, a cual chantara de vinna, entesteva con barçelo de Nuno Gomes e vinna de Alvaro Vasques da Canicouba...de huna parte entestava en hun caminno publico que ya da Lagarteira para Paaços de Reys... e outro con vinna...*”²⁸

Tamén os muíños eran un elemento característico da parroquia, aproveitando a forza do río Tripes ou Seixal.

No Seixal salientamos a existencia de aceñas, muíño fariñeiro movido pola auga a través dunha gran roda hidráulica colocada verticalmente. Nas súas proximidades tamén había devesas.

Nunha doazón ao hospital de pobres, con data de 1453, fáisenos unha interesante relación de propiedades:

*“...todas las devesas et montadegos con sua erdade que el tinna et avia enno logar de Paaços de Reis, onde dezen Orois, que parten con outras erdades et devesas dos Barregaas que son do dito ospital, os quaes el erdou por parte et eran sa de Maria Anes sua madre, segun topam contra cima con o rego dagoa que vay do Roço et contra fondo en outro rego daagoa que vay de Franços et segun que parte con as devesas et erdades das Barregaas que son do dito ospital.”*²⁹

Ribadelouro

Parte deste couto pertencía ao mosteiro de San Salvador de Budiño, polo que xurisdiccionalmente só a metade da parroquia pertencía a Tui.

Santa Comba de Ribadelouro debía ser unha antiga capela de reducidas dimensións, feito polo cal sería derrubada no século XVIII para ampliala ficando a hoxe existente.

Outra capela era a da Madalena, o outro lado do Louro. Daba nome ao barrio e a fermosa ponte gótica (século XIII) que cruza o meandro do Louro.

Sobre un afluente do vello *Laur*, o San Simón, fica a entrañable “ponte das febres”, memoria pétreo do paso do ilustre frei Pedro González Telmo no século XIII.

Un foro do ano 1474 describenos a ubicación de Ribadelouro:

*“o cassal das Crusses que he do dito mosteiro de Bodinno con suas cassas e cortes e con sua eira e con a herdade que esta junto con as ditas cassas que seera geira e medea como vay topar enno Souto das Vellas e en caminno publico que vay para Vigo e doutro lado que amean de baixo parte con herdade do dito mosteiro que agora traie aforada Joan Rodrigues do rego e entesta de maan de çima contra San Simon con herdades e vinnas de Fernan Martins e de seus irmans disimo a deus, e mais le aforaron a vinna doya que chaman do Eido Grande con ho anaco de herdade que dentro en braços con ella iaz que soya de trager Afonso Lanparom aforada do dicto mosteiro que seera cavadura de tres homens con mais he herdade da eira doya que he de Bodinno que esta junto a parte con a dicta vina do Eido Grande da huna parte, e do outro lado da redor parte con vinas e herdade dos fillos dalvaro doya e con o caminno publico e con herdade do cassal de Canpanello o qual todo he assi...”*³⁰

Curiosa foi a renuncia do reitor de Santa Comba de Ribadelouro, Xohán de San Miguell no ano 1450. Na renuncia non fala dos motivos pero si aconsella “*que ponnan*

²⁷ Ibidem. lib. VIII. Fol. 62. 6 maio de 1420.

²⁸ Ibidem. lib. Johan Rodrigues. Fol. 21. 8 xuño de 1433.

²⁹ Sánchez Carrera, M^a C.; El Bajo Miño..., 1997. pax. 331.

³⁰ Prot. Lib. XXV. Fol. 55. 13 novembro de 1474.

nela unha persoa idonea”³¹. As motivacións do reitor quizais se deban ao estado no que ficaba a diócese e cidade de Tui, co bispo expulsado e os homes de Álvaro Paes de Soutomaior violentando e saqueando as propiedades eclesiásticas.

Randufe

Na documentación medieval tudense non aparece Randufe como couto ou freguesía. A denominación para as terras que hoxe son, aproximadamente, a parroquia de Randufe, era o de Couto de Arcos, polo lugar que aínda hoxe fica co mesmo nome.

Arcos debía ter a súa orixe nalgunha edificación, probablemente acueducto, que conducise auga desde os mananciais ata unha vila agraria de xénese romana, e desaparecida cos anos.

Estes mananciais debían ser a actual fonte de Arcos que aparece nos documentos como fonte de Randufe:

*“alguns bens...que jasiã enno couto d’Arquos ... primeiramente que el dito Anes da Seyra canveava e leigava ao dito Alvaro Cardeal hun tallo de vinna que esta a sub a costa de Randuffe como parte contra çima de huna parte con vinna que foy do dito Gomes Nunnes e contra fondo parte per lo rego da agoa que ven da fonte de Randuffe. Et entesta de hun cabo con vinna de Gonçalvo Martins, notario e do outro cabo con montadego que foy das aniversarias que deron en cambea ao dito Gonçalvo Martins, notario. Et lle hay unha congostra que vai ao lagar de Johan de Vilam, carpenteiro, para o lagar de Johan de Sam Martiño, clerigo. Hai unha vinna que esta en Chaano d’Arquos, parte contra vinna que foi de Gomes Nunnes e contra çima con vinna Urdella que foi de Pero Rodrigues, clerigo. Unha leyra de vinna xacia no chouso de Saa, hai outras vinnas, eno fondo topan na prensa de Saa e encima a congostra que vai do lagar de Alvaro Anes servan para o lagar de Ruy Pelaes, alfayate. Alvaro Anns tinnã outra leyra de vinna que xacia no chouso de Saa onde chaman a Pestana.”*³²

Fica claro que a paisaxe da freguesía estaba dominada polas viñas e polos lagares, sinal dunha intensa actividade viticultora.

En Randufe ademáis da igrexa tudense tamén posuía propiedades o mosteiro de Oia. Estas propiedades eran moeda de cambio entre Oia e Tui para homoxeneizar as propiedades e sacarlle maior rendemento que nunha excesiva fragmentación.

Randufe estaba cruzada polo importante camiño a Baiona, que partía desde o propio porto da barca de Valença para cruzar as Corvaceiras ata a Valiña e cruzarse alí co camiño que viña de Tui o seu paso por Riomuños:

*“huna herdade que estava enno lugar da Valinna que parte de huna parte con chousso de vinna que foi o dito thesoureiro e descontra fora con caminno que vay do loureiro para a barqua de Valença e entesta e en baixo enna silvaan e que contra a silvaan e a dita herdade que seja e aja entrada para vinna que feso domingo de soutello sarralleiro et en çima que aja caminno de carro e de besta para o dito chousso do dito thesoureiro et lle aforarom mais con esto a casa pequena que esta en fim das outras casas do curral junto con a dita herdade, item lle aforarom mays e por las ditas voses a devesa que jaz aalem do dito caminno que parte contra fondo con herdade que foy de garçia prego et contra çima con o caminno que vai do dito lugar da Valinna para o rio de Sam Martinno.”*³³

³¹ Ibidem. lib. Fernan Gonçales. Fol. 21. 11 xuño de 1450.

³² Prot. Lib. Johan Rodrigues. Fol. 16-17. 9 maio de 1433.

³³ Ibidem. lib. VIII. Fol. 174. 10 xuño de 1426.

Caldelas e Baldráns

Couto de reguengo, doado polo rei Sancho IV a súa filla ilexítima, D^a Violante, ao casar co cabaleiro Fernando Ruiz de Castro.

O couto sería doado á igrexa tudense en 1301 en compensación polos moitos danos perpetrados por D. Fernando de Castro ao bispo tudense e a súa igrexa.

Pero esta doazón no debeu ser efectiva, promesa incumplida que se encargará o seu fillo Pero Fernández de Castro de enmendar, pero non a alma do seu pai senón a del mesmo pois repetindo falcatruadas como as do seu pai faría de novo moitos males e danos ao bispo e igrexa de Tui. A doazón, rubricada pola súa nai en 1320, sería efectuada en 1321.

Caldelas e Baldráns son freguesías eminentemente “fluviais”. Probablemente estivesen agrupadas no chamado “couto de Engarde”, nome que pervive hoxe en día no lugar de souto de Engarde.

San Martiño de Caldelas e Santiago de Baldráns estaban comunicadas con Tui polo importante camiño público que ía da cidade ata Salvaterra, xa que era a mellor vía, aproveitando o Val do Miño, para chegar ata Ourense e os camiños a Castela.

Polo leste Caldelas toca co couto de Porto a través do río Menlle, antigo nome do actual río Caselas.

Unha interesante relación dos bens que pertencían a Fernán Peres no ano 1425 en Porto mencionan a Baldráns e Caldelas:

*“Item en Angarde o quarto da coutaria segundo sse parte con Baldraans et con Caldellas e soian hi de morar sete lavradores et agora moram hi tres e destes o quarto ao cabido da iglesia de Tuy.”*³⁴

O descenso demográfico que describe o documento, reflicte a situación de guerras, pestes e fames dando na despoboación do rural.

En Caldelas debeu existir torre que defendese este tramo da fronteira, tal e como correspondería a un couto de reguengo, mais a documentación nada aporta, tan só a arqueoloxía pode ofrecer máis expectativas, sobre todo polo achádego dun escudo no lugar (efectuado por D. Jesús Gómez Sobrino) aínda que desaparecido logo, que ben puidera ter pertencido a algunha torre.

Paramos

O couto de Paramos era o máis importante do territorio tudense. Abranxía desde a veiga do Miño ata parte de Guillarei.

Nos primeiros documentos relativos a Paramos aparece como “*Peramiis*” se cadra cun significado de *afectuoso*, moi o contrario do de Paramos=Páramos, que sería *ermo*, cousa que non tería sentido polas condicións xeográficas desta parroquia.

No ano 1180 o rei galaico-leonés Fernando II doaría á sé tudense a metade da igrexa de San Xoán de Paramos: “*da metade da igrexa de San Xoán de Paramos que xace no couto tudense en riba de Miño entre Baldráns e Guillarei*”.³⁵

O rei Afonso VIII no 1206 doaría á igrexa tudense todo o a el pertencente en Soutelo e Paramos.

Non hai que confundir a doazón da “igrexa” (as décimas eclesiásticas e outras atribucións xurisdiccionais), e o couto propiamente dito, doado en 1095 e logo en 1112 pola raíña D^a. Urraca na cuarta parte da veiga do Louro ata o arroio de Fonte Ferreiro (*Fonte Maior*).

Existía Torre nesta freguesía, transmitida hoxe en día en topónimo perto do monte das Penizas.

³⁴ Ibidem. lib. VIII. Fol. 162. 5 febreiro de 1425.

³⁵ Pascual Galindo; Tuy en la Baja Edad Media..., 1923. documento XV.

Guillarei

Esta parroquia dependía do couto de Paramos. No eclesiástico debeu depender de San Vicente de Soutelo por longo tempo, non sendo ata o século XV cando vexamos aparecer a Guillarei como freguesía propriamente dita: 13 de outubro de 1487 provisión Beneficio de San Mamede de Guillarei.

A súa dependencia de Paramos vémolala reflectida nos aforamentos de herdades e casais:

“...o casal de Soveredo...por tal pleito e condiçõn que o dito Stevo Perez e as duas voces apos eles lavren e aproveyten as vinnas e herdades do dito casal e moren e pobren o dito casal e den ende cada anno ao dito cabidoo et ao teençeyro que tiver o couto de Paramios a meadade do vinho da vinha que ora he feita.”³⁶

Este tipo de foros do século XIV vai coa condición de poboar o casal, e de aproveitar o monte ou terras a monte que alí hai, procurando que se aumenten os cultivos. Isto é debido á forte recesión demográfica da segunda metade do século XIV, por razón das pestes, fames e guerras, deixando sen labregos os campos polo que a necesidade de man de obra facía máis benignas as condicións dos foros, tratando así de asentar unha familia en lugares deshabitados e polo tanto sen rendibilidade.

“...Et se fezer outra que de a terça do vinho dela. Et a terça do pan das herdades lavradas et sse rromper herdades de monte que de a quarta do pan dela. Et que aia para ssy cada anno huna peça de herdade en que semear tres ceramiis de linaça et semeada que non de dela rraçon et non asemeado que de a rraçon do pan que y lavrar et por foros en cada huun anno seys moravedis de brancas et que traga o pan e o vinho aqui a Tui commo o tragen os outros do couto.”³⁷

Outros documentos, aínda que posteriores, inciden na reconstrucción de vellos lugares, reparando as casas, labrando as terras ou recuperando outras que están a monte. Son consecuencia dos acontecementos bélicos da segunda metade do século, a despoboación pola guerra (leva de homes e violencias e saqueos), provocaría un tempo de reconstrucción a partires de 1482:

“...o lugar de Soveredo que esta en Soveredo freguesia de Guilarey, con todas as suas casas cortes e herdades e con a metade da devessa ao dito cassal pertencentes que a outra metade fica con o bispo e cabido, e agoas vertentes a monte e a fonte roto e por romper e con as herdades que estan en guillarei que perteeçe ao dito casal de soveredo e mais a casa e herdade e devesas que suia de trager a fonso fragueiro vesino e morador da çibdade de tui que esta enno dito lugar de soveredo. Que faga unha casa nova de morada, e faga as cortes necesarias que correja a casa que tragia a fonso fragueiro e faga en ela hun çeleiro con hun lagar novo pedra colmo madeira e pregadura.”³⁸

Por este tempo de recuperación, cando o bispo D. Diego de Muros volve sentarse na cadeira episcopal, un conflito desatarase en terras de Guillarei.

A contenda foi provocada pola usurpación de bens na devandita freguesía, propiedade da igrexa tudense, aproveitando o tempo das guerras.

As herdades do Cardal e do Xuncal, na veiga do Louro, e o propio couto foran apropiados polo “cabaleiro da súa alteza” Eitor de Barros.

Visto o que acontecía, o Tesoureiro Afonso de Nespereira botaría man das devanditas herdades, feito que provocaría a reclamación por parte de D^a Beatriz de Barros, filla do anterior, á Real Audiencia da Galiza, sacando dela unha provisión en

³⁶ E. Portela; La región del obispado de Tuy..., 1976. pax. 440. 1 abril de 1370.

³⁷ Ibidem.

³⁸ Prot. Lib. XXV. Fol. 173. 4 marzo de 1485.

1487 contra o devandito tesoureiro do cabido. Este argumentaría na súa defensa que se apropiara dos ditos terreos por orde do bispo e cabido porque eran da Igrexa tudense desde tempos inmemoriais.

O preito continuou co episcopado do bispo D. Pedro Beltrán quen acadaría a recobrar o couto de Guillarei e todo aquilo que pertencía á igrexa. Eitor de Barros continuaría con accións legais, como a que levou ante a Real Audencia da Galiza da cal obtería un mandamento contra o prelado en 1492, pero a cuestión non seguiría adiante, acalmandose ata a morte do bispo D. Pedro Beltrán.³⁹

Vasco Fernandes, casado con Beatriz de Barros, acadaría apelacións e sentencias de excomuniación contra o cabido, o que faría traballar aos cóengos tudenses intentando apelar en Valençá contra as resolucións acadadas por Vasco Fernandes:

*“Ordenaron que fosen Gonçalo Afonso e Afonso Rodrigues e Garçia de Duraton a Valençá a las coussas neçessareas sobre esta apelaçon que apelaron de Vasco Fernandes e se apelase outra ves se neçessario fose e sacasen os auctos neçessarios e asi fosen as vezes que fosen neçessareas a fazelle requerimentos elo que fosse neçessareo.”*⁴⁰

Os traballos que debían superar o cabido para solucionar o conflito co escudeiro Vasco Fernandes non remataba nos procedementos xudiciais pois para solventalos había que ter cartos e nunha situación de Sé Vagante como a que estaba atravesando o bispado de Tui, as dificultades eran maiores, solicitando diversos servizos como o prestado polo crego e notario de Valençá Mosén Jaimes, que como habitualmente se facía darían en prenda un caliz, para logo de reunido o diñeiro pagar e recoller o cáliz:

*“...mandaron los dichos señores a Afonso Rodrigues de Bogarin que de los dineiros que recaudara da inpetra de goadalupe dese myl pares de blancas eno dicto cabildo para sacar hun calix que estava en maan de Mosen Jaimes notario en Valençá por los auctos que fezera en que Vasco Fernandes escomungara o cabildo de Tui para mandar a Santiago los quales myl pares de blancas ele luego dio eno dicto cabido e pagaron a huna criada de Monsen Jaimes que trouxo o dicto calix.”*⁴¹

O preito ficaría rematado en tempos do bispo D. Diego de Avellaneda, quen lograría sentenza favorable da Real Chancillería de Valladolid o 20 de xaneiro de 1527, na que declaraban ser o bispo e cabido donos do devandito couto e herdades polo cal Beatriz de Barros debería restituír nun prazo de dez días tódolos bens usurpados. A sentenza sería confirmada en 1529 na que ademáis da devolución podía D^a. Beatriz reservarse casas e bens dos que viña disfrutando desde había setenta anos.⁴²

Vasco Fernandes e D^a. Beatriz de Barros posuían unha Torre na devandita freguesía de Guillarei, próxima á actual estación. Segundo Ávila y La Cueva, que puido aínda ver os seus restos, era unha torre de tosca construción.⁴³

Pexegueiro

Este antigo couto tudense estaba fixado polos límites do seu val homónimo e pola demarción de propiedades do Mosteiro de San Miguel de Pexegueiro.

A orixe deste mosteiro, o vello Persicario, debeu ser moi antiga pois xa no século XII atópase formando parte dos bens capitulares da igrexa tudense.⁴⁴

³⁹ Ávila y La Cueva; Historia civil y eclesiastica..., tomo IV. Pax. 104 e 105. 1995. Consello da Cultura Galega.

⁴⁰ Prot. Lib. XXIX. Fol. 243. 1 agosto de 1510.

⁴¹ Ibidem. fol. 263. 10 abril de 1514.

⁴² Ávila y La Cueva; op. cit. tomo IV. Pax. 143.

⁴³ Ibidem. tomo II. Pax. 312.

⁴⁴ Henrique Flórez; España Sagrada, tomo XXII, Doc. XIII. División entre bispo e cabido das propiedades da igrexa tudense. 1156. “*Monasterium de Persecario cum cauto et Ecclesiis et hereditatibus suis*”.

Tal e como teñen aparecido algúns restos (inscripción funeraria romana atopada entre os muros da reitoral) podemos intuír facilmente a orixe deste mosteiro nunha vella vila romana, apropiada para un óptimo aproveitamento agrícola e piscícola (proximidade do río Furnia).

Neste lugar predicaría frei Pedro González Telmo o seu derradeiro sermón. Intuíndo a morte próxima, tentaría a marcha a Compostela.

Do mosteiro aínda fica a igrexa, de estilo románico (s. XII) con interesantes relevos. A perda da súa ábsida no século XVIII fai que non podamos saber a súa forma, se a tradicional rectangular das igrexas baixo miñotas, ou semicircular como aparece en San Bertolameu de Rebordáns.

Pexegueiro fica no centro do val do Furnia, aquel que se denominaba río Tope e que formaba o couto de Maloes ata a súa foz. É lóxico pensar que Pexegueiro ficase incluído neste couto mais as confusas delimitacións medievais (tal e como nos hoxe o coñecemos a través da documentación) fannos ver que Pexegueiro formaba un couto diferenciado probablemente pola área de propiedades do mosteiro.

Sería co tempo, cando a parte de arriba de Maloes sexa da igrexa tudense, que Pexegueiro aparece como couto incluíndo nos seus límites a Maloes, polo menos na delimitación da tenencia que recollía as rendas capitulares:

*“Rematarom a renda de Pesegueiro enno provisor por trezentos maravedis pagos por los terços do anno, e que dea hun par de galinnas cada anno para as fiador Gomez Correa canonigo e asi rezebeo o ramo e o quitava.”*⁴⁵

Un exemplo de foro neste couto nolo amosa o realizado por Xoán Fragueiro en 1484:

*“...morador en Pesegueyro por tempo de vynte anos continuos seguintes con vem aa saber o casal de Perlím que he da messa obispal enna freguesia de Pesegueiro que el trage en maa e enpose con suas herdades e con a meetade da vina do chousso de Myguel e con a meetade da agua de jussaan o qual dicto cassal con as dictas herdades e vinas suso dictas e devessas a el pertesçentes le ansi aforarom con tal pleito e contal condiçom que correga o dito casal de pedra colmo madeira e pregadura e de todas as outras cousas quele fesesem mester e lavre e aproveite as dictas herdades e vinas en tal maneira que todo melore e non enpeore senon sobre todo e de e pague en cada hun ano do pan que deus der ennas ditas herdades das das manssas de seisto e das bravas de dous disimos enna restela en moonloos e dous que deven dar ennas ditas vinnas oo risto aa dorna e de foros en cada hun ano huna marraa de braço ou huun boo carneyro qual el Joan Fragueyro mais quiser por dia de natal començado defeco a pague logo por este natal primeiro que vem e asi en cada hun ano sendo seirvente e obediente ao dito sennor obispo que por os tempos for da igreja de Tuy con seu dereito non le pasado outro sennor a ...”*⁴⁶

Outro foro interesante o vemos realizado en 1501 logo das guerras da parte final do século, nas que nestes momentos téntase repoboar os numerosos casais e lugares que ficaron despoboados:

*“Foro a Vasco de Veiga e a sua moller Costança de Cajoo moradores en Cajoo que he enno val de Pesegueiro, ho cassal de Chouril que esta hermo e despoboado enno qual cassal estan çinquo ou seys pardiñeiros derrocados e hun alevantado de paredes con ho giestal que e monte, contraçima parte con ho camiño foreiro que vay para a ponte do bispo (¿Sambade?). Aforaron a herdade que chaman da see.”*⁴⁷

⁴⁵ Prot. Lib. XIII. Fol. 110. 29 abril de 1463.

⁴⁶ Ibidem. lib. XXV. Fol. 31. 7 marzo de 1484.

⁴⁷ Ibidem. lib. XXIX. Fol. 24. 6 xullo de 1501.

Como en tantos outros lugares o bispo de Tui tiña o privilexio da Luitosa, tributo que se pagaba por cada falecido, escollendo normalmente o mellor boi ou vaca da casa. A luitosa estaba aparellada cos “panos e camas postomeros” que gravaban sobre estas prendas que deixaba o falecido. Estas tributacións, que eran moi onerosas para a poboación, provocaría a rebelión do preito dos Arrianos (tamén labradores), que duraría case toda a segunda metade do século XV.

En Pexegueiro este tributo cobrábao o bispo mais as condicións nas que estaba a parroquia levaría a que parte dos veciños elevasen unha petición ao prelado tudense, D. Pedro Beltrán, para que os eximise de tan grave carga que consistía en:

“Cada veciño que falecera, o mellor boy ou arca ou baca ou besta ou outra qual quer cousa que o tal freigues ou freiguesa tyna e a cama e o pano de men fero”.⁴⁸

A argumentación exposta polos veciños de Pexegueiro era convincente para o provisor do bispo, Morgued Juan, porque:

“A igrlesia reęebia dapno e a diante reęeberia mucho mas que a cesion de lo suso dicho non se vendria a morar al dicho coto e freguesia”.⁴⁹

Polo tanto chegaron a unha composición e acordo:

*“Avinęa entre igrlesia e fregueses que cada hun ano por la luitosa pano e cama çinquenta maravedis de pares de brancas e que faleęendo o marido ou a muller que qual quer de las que ficar pague por lo dito cassal en que asi vivere os ditos 50 pares de brancas e asi outra qual quera persona que morase en qual quer dos ditos cassaes a dita freguesia e que se por la ventura a cassei den asi dous en hun cassal cassados por non poder tan agina aver cassal que se mais de seis messes esteveren que pague como se vivere en dous casas cada hun 10 maravedis e non estando mais dos seis meses que non pagase senon por hun cassal e que enesto non se entendan os outros dizimos personales ne perdoles senon que os paguen cada hun como os senpre pagou, pagando cada hun por cada hun dos dictos cassaes os ditos 50 maravedis de pares de blancas por dia de janeiro en cada hun ano postos en paz e en salvo todos los dictos dineiros juntos en cassa do dicto reverendo señor obispo comeęado de faser a paga por este janeiro primeiro que ven...”*⁵⁰

Deste xeito podíaase repoboar o devandito couto porque: *“... os que viesen ou quisesen vir morar ena dita freguesia de Pesegueiro que non den outra luitosa pano nen cama a ora de sua morte senon este dicho tributo que cada hun paguen en cada hun ano dos dictos çinquenta maravedis...”*⁵¹

A todo isto os veciños de Pexegueiro estaban conformes xa *“quelles a plazia e eran contentes de consentir e consentian ena dita avinęa e conposiçion...”*⁵².

Tódolos veciños renunciarían a emprender accións legais contra tal acordo, ficando tal aveciñamento como mellora das condicións de vida, aínda que duras, dos fregueses.

⁴⁸ Prot. Lib. XXVII. Fol. 225. xuño de 1500.

⁴⁹ Ibidem.

⁵⁰ Ibidem.

⁵¹ Ibidem.

⁵² Ibidem.

VALENÇA

Semella lóxico falar da que foi e é veciña inseparable de Tui, vecindade que deu como froito unhas intensas relacións sociais, relixiosas, económicas ou políticas.

No privilexio de D. Reimunde de Borgoña e D^a. Urraca no 1095 sinálase o couto tudense abranxendo a outra beira do Miño. Era o chamado couto de trasmineo, no que se incluía o vello local de Valença, terras logo segregadas tra-la independencia do condado Portucalense.

O Couto de Trasmineo entraba “*Desde alí pasa en curso recto ata as laxeas de Pausata e desde alí pola metade do cúmio do monte Farelo e polas arcas de Fosi e desde alí a través da armada de Auson e por aquel casal de Matre e pola portela de Mundin e por aquelas antas antigas de San Salvador de Gándara e pola portela de Araon e por aquela de Segatanes e entra no Miño*”.

Estos límites son practicamente os mesmos que os feitos para o couto municipalizado de Valença no século XII (1186-1197) porén mudarán algúns nomes.

Para os séculos XI e XII non hai constancia da permanencia (non é mencionada polos privilexios) da vella Valença no morro ou na ribeira miñota, froito probablemente da súa desaparición moito tempo atrás, só sobrevivindo no antigo espazo habitado un casarío espallado sen identidade urbana.

Malia ser lóxica a antiga presenza dunha poboación (castro) no “morro” de Valença, o certo é que o seu papel como local de paso importante da vía militar XIX Brácaro-Tude-Lucus, e dentro da marxe dun río navegable, non deixou memoria da súa existencia e nome e só o artificio da fronteira puido crear no local unha vila cando espontaneamente foi incapaz de concentrar á poboación, síntoma sen dúbida da influencia da urbe tudense, o que deixaba o antigo casarío valenciano (virado á vía romana e ao río) como unha freguesía máis de Tui.¹

Todo isto nolo demostra os apuntamentos da *fossadeira de Trasmineo* de tempos do bispo Afonso II (1099-1130) no que non se fai mención algunha a Valença ou vila semellante e si a unha serie de locais rústicos (vilar, casal, etc.). Polo interese do documento e a súa importancia transcribímolo a continuación:

“Fossadeira de cauto de trasmineo. Anaia Martinci de Vilar de in Cemaios III morabetinos. Petrus Cidiz de Vilar de in Cosnaios III morabetinos. Mido Tedonci de Vilar de domino Savarigo I morabetinos. Vermulo Ssegudiz de Pinieiro. I morabetino. Pelagio Sanici de Pineiro. I morabetino. Casal de Esiro de Pinieiro. I morabetino. Tedon Aldretiz de Vilar Seerici X quartos. Froila Aduafiz de Ganfedi cum fratibus suis I morabetino. Ero Cidiz cum fratibus suis III morabetinos. Mido Afonso cum fratibus suis I morabetino. Vermulo Iohanes cum fratibus suis I morabetinos. Petrus Pelagiz de Aufi V morabetinos. De Hereditate de Iohane Didaci X quartos. Istos modios iussit episcopus Afonso dare in totidem solidos. Aut precium solidorum. de brunis denariis. Pelagio Aldretiz III denarios. Pelagio Pelagiz VI denarios. Nunu Rodriquiz. III

¹ Todo isto sen querer magoar o orgullo valenciano. En xeografía humana unha cidade ten un amplo radio concéntrico de influencia social, económico e político; Tui durante séculos se ergueu como un centro urbano de primeiro orde no Noroeste peninsular, polo tanto é lóxico que a vella Valença ficase absorbida pola influencia que exercía a urbe episcopal. Non debemos esquecer que no privilexio de 1095 marcábase o que sería territorio municipal valenciano como unha parte integrante do couto tudense, o cal suxire unha antiga tradición aínda non esquecida.

denarios. Pelagio Triveundiz III denarios. Menendo Pelagiz. III denarios. Mido Astrariz. III denarios.”²

Algúns lugares sinalados podemos recoñecelos hoxe na xeografía valenciana: Pinheiro, Ganfei, Ufe,... e supoñer tamén que moitos destes antropónimos e patronímicos deixaron a súa pegada nos nomes de lugares e freguesías valencianas (Tedon=Taião; Anaia=Naia,...).

A fundación de Contrasta

Sancho I é quen semella repoboar (ou concentrar a poboación) no actual local de Valença e dotala de Carta Foral para mellorar e atraer o seu repoboamento.

O ano tradicional para esta fundación da vila é o de 1200, aínda que temos que retrasala á luz dos documentos e da presenza no territorio do rei, concretamente podemos aventurar esta fundación entre as datas de 1186-1197, anos coincidentes cos cercos e tomadas de Tui por Sancho I³.

Sabemos para o ano 1202 que existían casas no termo de Contrasta, posesións do mosteiro de Fiães, que as vendería ao mosteiro de Alcobaza por 450 sólidos leoneses ademais de poder cargar e descargar as súas naves no porto da vila.⁴

A raíz deste esclarecedor dato podemos precisar nuns anos antes a datación tradicional da fundación de Contrasta polo simple facto de dar un tempo para a construción e venda de casas, e tamén polo facto Sancho I dar nome de Contrasta á nova poboación ao calor das guerras cos galaico-leoneses de Afonso VIII.

Desta primitiva Valença, que o rei D. Sancho pasaría a chamar Contrasta, en clara alusión a súa opoñente fortificada na outra beira do Miño, non coñecemos moito máis que as mencións das *Inquirições* de 1258. Testemuñas presenciais da “fundación” de Contrasta⁵ por Sancho I lembran os límites do couto da vila:

“per lageas de Pousada, et inde as arcas de Fofi, et inde per geesteira d Espineira et inde ao seixo do padrom que see na carreira, et inde aa Mourisca do Regaengo de Vila Verde, et inde per rio de Rio Torto, et inde aa foz desse rio quomo intra in Minio”.⁶

O encargado de poboar a vila foi o “ricohome” Paio Carramondo.

Achegaríase ata a recién fundada cidade o bispo de Tui (neses momentos D. Pedro; 1188-1205) para facer unha igrexa adicada a S. Pedro, pero o local onde se instalou chocaría con intereses xurisdiccionais opostos polo que sería mudada fóra da vila, chamándose logo de Santo Estevão e Santa María Madalena, feito que se lle pode atribuír ao bispo tudense D. Estevo Egea (1218-1239), o mesmo prelado que consagraría a Sé de Santa María de Tui en 1225.

Tamén o abade de Ganfei faría fóra do muro, entre a vila e o camiño ao mosteiro bieito, unha igrexa, desta vez baixo a advocación de San Vicente.

Paio Carramondo faría outra igrexa, por mandado do rei, no interior da vila, coa advocación de Santa María. D. Paio pediría a tal igrexa para un seu fillo que era crego,

² Privilexios 4/1. A.C.T. , o texto é datable entre 1112 e 1130. A fossadeira era a contribución monetaria anual para a guerra, sendo curioso que esta de Trasmineo fose cobrada polo bispo tudense Afonso II, síntoma evidente do seu poder xurisdiccional sobre estas terras. O imposto sería cobrado a partir do século XIII directamente polos reis portugueses.

³ António Matos Reis; O Foral de Valença, 1996.

⁴ Tombo de Fiães, doc. nº 188.

⁵ Que haxa habitantes en 1258 que lembren aínda os momentos da fundación da vila indica claramente que a poboación ou parte dela permaneceu no lugar o que desbota o trasvase de habitantes para habitar a vila fronteiriza de Sortelha.

⁶ António Matos Reis; O Foral de Valença, pax. 22. 1996.

logo este vendería a igrexa ao Mosteiro de Ganfei, e o abade deste daría a metade da igrexa ao bispo de Tui.

Ante estas pistas podemos definir a primitiva Contrasta como un pequeno castelo que ocupaba o extremo norte da vila arredor de Santa María dos Anxos.

Pouco duraría esta Contrasta. Logo da morte do rei Sancho I, en 1212, os exércitos do rei galaico-leonés Afonso VIII, devastarán e estragarán a terra toda do Minho, ao tomar partido polas irmás de Afonso II de Portugal.

Para 1217 Afonso II confirmará o foral outorgado polo seu pai D. Sancho I restaurando o arruinado castelo tornando a poboación a ocupar o seu interior.

Algunha outra dificultade debeu abalar á futura Valença para que o rei Afonso III mudase o nome da vila e ampliase o seu perímetro amurallado abranxendo no seu interior a igrexa de Santo Estêvão.

Esta refundación viría acompañada da confirmación do Foral en 1262, ao cal se lle engadirían dúas concesións máis co obxecto de mellor poboar a vila.

O novo nome “imposto” de Valença está arrodeado de moitas sombras, porén, os apontamentos ofrecidos polo Doutor D. António Matos Reis⁷ son máis que esclarecedores, facendo ver que o nome de Valença ten orixe na designación real e non apenas no vello nome do local no que se asentou Contrasta. A mudanza do nome empata coa mudanza dos tempos; un período de paz e boas relacións con Tui, na que neses momentos tiña ocupada a cadeira episcopal por un bispo portugués, D. Gil de Cerveira, factos que explicarían esta nova orientación encamiñada principalmente a potenciar o mercado local e comarcal.

A Carta Foral

A data de outorgamento do foral de Afonso III é incerta, sendo anterior a 1258, xa que as Inquiriçōes feitas nese ano fala dalgũns aspectos fiscais que aparecen na confirmación do foral o 11 de agosto de 1262.

O foral asume o outorgado por Sancho I (1186-1197?) e por Afonso II (1217), aportando innovaciōes de carácter fiscal de cara a fortalecer o poboamento da vila.

Os crimes máis graves, dos que recibía a coroa a multa imposta, saldábanse con 300 soldos se era homicidio, sendo a séptima parte para o “paço” (o rei). O roubo e as súas variantes (rapto de “filha alheia”, violaciōn) estaba punido do mesmo xeito que o homicidio. Partíase a pena en nove partes, a vítima ficaba coa súa parte e a metade das oito restantes, o resto eran entregas ao xuíz.

A coroa recibía as multas de tres feitos graves: o espancamento de alguén na igrexa, no mercado ou no concello. A consideraciōn da gravidade do caso estaba polo facto que se violentaban os intereses materiais ou espirituais que levaban ao individuo a acudir a tales locais. A multa que se aplicaba era de 60 soldos para o concello, a séptima parte para a fazenda real.

Se alguén entrase por inimidade ou por dévedas na vila, e o seu inimigo lle arrebatase o dévito ou o espancase debía pagar este 500 soldos ao tenente da vila (rico-home), restituíndo polo dobre o collido ademais dunha compensaciōn polos agraveos ou feridas corporais.

Isto significaba un forte incentivo para atraír nova poboaciōn á vila, resultando deste facto unha mellor defensa de Valença.

⁷ António Matos Reis; op. cit. 1996. pp. 30-35.

Calquer criminoso, fose o que for o delito, podían ser vasalos dun veciño do concello e ficar libres e defesos da acción da xustiza, exceptuando se cometesen crime ou delito na vila.

O territorio de Valença ficaba municipalizado, isto é, os funcionarios rexios ficaban de fóra sen poder intervir administrativamente nesta terra.

Outras disposicións do foral incidían no mesmo: “*se algum homen de outra terra prender um homen de Contrasta e o lançar na prisão, peitará 300 soldos, mas, se se der o contrário, o homem de Contrasta pagará somente 5 soldos*”.⁸

O fossado e a fonsadeira eran o servizo e a contribución impositiva militar respectivamente. Só a terceira parte do concello debía facer fosado, o resto (2/3) ficarían libres, pero no caso de que alguén faltase ao fosado só peitaría 5 soldos. O fosado cumpríase unha vez no ano, ficaban dispensados cregos e peóns, sendo cumprido polos chamados cabaleiros-vilãos, e estes só farían fossado co seu señor, isto é o rico-home que posuía a terra.

As mesmas vantaxes obtiña aquel que posuía propiedade fóra do termo de Valença, aplicándose as condicións do foral.

A fonsadeira, que os restantes fregueses pagaban anualmente, os veciños de Valença apenas pagaban de tres en tres anos. Estas vantaxes provocaría que moitos veciños doutras terras se acolliesen aos privilexios de Valença: “*Pêro Gonçalves, herdador, foi morar na herdade de seu irmão, vizinho de Valença, e escusa-se (de pagar foros) por si, que não faz foro a el-rei*”.⁹

Este facto trouxo consigo que moitos que se acollían como vasalos dos veciños de Valença quixesen non pagar “foros” polas terras que posuían fora do concello, cando o foral exaccionaba aos veciños que tivesen terras fóra do municipio, non aos vasalos, aínda que este feito chegaríase a xeralizar.

O que fisesse casa ou “honrase” a súa viña ou herdade “*podia alienar tudo ou parte após um ano de residência a quem fizesse o foro, ou podia ausentar-se para habitar noutra terra, sem com isso agravar os seus encargos relativamente às propriedades de Valença.*”¹⁰

Os chamados cabaleiros-vilãos tiñan concedido o privilexio de *Infanzóns* en xuízo e xuramento, mentres que os peóns adquirían a categoría de cabaleiros-vilãos.

O domicilio constituía un lugar altamente protexido. No caso de que un asasino se refuxiase na súa casa, e o fosen coller invadindo e matándoo dentro dela, a multa sería de 300 soldos para quen tal fixese. Mesma contía era para aquel que forzase a morada con armas.

Un dato que valora o papel da muller no mundo medieval, é o que se refire no foral cando un membro da familia abandona a casa. Se era o home quen abandonase o lar familiar multábaselle cunha pequena cantidade a pagar ao xuíz, namentres que a muller no mesmo caso tiña unha pena equiparable á cantidade imposta no homicidio, isto é así porque como xa vimos ao falar da muller tudense o home no casamento facía un dote sustancioso á muller polo que se chegaba esta a abandonar o matrimonio ocasionaba unha sensible perda para o marido.

Na maioría dos casos eran os xuíces do concello quen tiñan atribucións para recadar tódalas penas que se impuxesen na súa xurisdicción, excepto os crimes máis graves, como o homicidio e o furto.

Ficaba o concello exento doutras obrigacións, como a “devesa”, o “pego”, e o “monte”, que debían gravar as actividades gandeiras, pesqueiras e cinexéticas.

⁸ Ibidem. pax. 62.

⁹ Ibidem. pax. 63.

¹⁰ Ibidem. pax. 64.

A exención de pagar portaxe en todo o país indica claramente unha vontade de fomentar e fortalecer o comercio na vila.

Unha outra disposición do foral é a que atinxe aos servos, na que o viciño que se ausentar da vila sen levar o seu servo con el, debía deixalo cun fiador para que o vixiase e fose capaz de responder por calquera delito que o servo cometer, non servindo os servos a outro señor.

Unha das disposicións máis interesantes, atribuíble a Afonso III, significa o arrendamento por unha contía fixa de 150 maravedis vellos polos terzos do ano (cada catro meses) á vila de Valença en remisión do portádego, multas criminais, rendas, foros e dereituras.

O século XIV

A autonomía municipal era representada polos alcaldes ou xustizas, aínda que as prerrogativas antes citadas son bastante elocuentes do protagonismo municipal de Valença. Non hai que esquecer que o primeiro xulgado propiamente dito foi o da vella terra de Froiño, integrada por un xuíz, vereadores, procurador e homes bos. Ficaría este xuíz como o cumpridor e valedor das decisións reais, administrando xustiza en nome do rei.

Na fin do século XIII aparece en Valença o xuíz con atribucións plenas sobre o Concello entrando en decadencia a vella terra de Froiño aínda que teremos novas dela na fin do século XV síntoma de que non desaparecería aínda durante o percurso da Baixa Idade Media.

Foron numerosos os conflitos que se desenvolveron entre o concello de Valença e o Mosteiro de Oia, basto propietario nesta parte do reino de Portugal.

A maior parte destas contendas, como se pode supoñer, son de carácter económico.

En 1314 o preito produciríase por dúas casas, unha que xacía “*na Rua de Santa Irene na vyla de Valença e outra opar do castelo de so vyla*”, das que o Concello argumentaba a súa propiedade sobre as ditas casas en contra do mosteiro de Oia. Pero o abade e convento achaban o xeito de vencer a oposición dos valencianos solicitando ao rei o seu valimento e mediación, cousa outorgada a través do xuíz de Froiño.

Chegaríase a un acordo entre concello e mosteiro, argumentado polo facto “*que o dito Concelho avya de tallas en cada hunu anno pelas ditas casas quatro libras de portuguesas... et o dito abade por sy e polo dito moesteyro outorgou queo dito conzelho ouvese a dita talha en cada hunu anno daqy endeante*”¹¹.

Outro conflito, máis interesante se cabe, desenvolveríase no ano 1365. Aquí intervirá directamente o rei D. Pedro I de Portugal para que fosen devoltos certos bens na vila apoderados polo concello en nome do rei “*dizendo que deven a seer meus porque os elles non venderon antes do anno*”. O mosteiro de Oia adquirira estes bens a través de mandas testamentarias realizadas por efecto da Peste Negra de 1348, “*et que o dito moesteyro esteve en pose delles des a pestilencia que foy na era de oyteenta e sex annos aaca os quaes bees dizen que valen treçentas libras de compra e mays non*”¹².

O interese do documento céntrase na mención á peste de 1348, que malia ter efectos devastadores, a súa aparición nos textos, sobre todo para cuantificar e determinar a data de entrada da peste nas rexións e o seu remate, é certamente parca, o que

¹¹ E. Portela; La región del obispado deTuy..., 1976. pax. 386.

¹² Ibidem. pax. 425.

acrecenta o valor do documento non só para a historiografía galega (mercé a súa proximidade) senón e tamén da portuguesa.

A aparición da peste en Valença incide na idea da súa difusión desde os portos cara o interior, sendo as ratas dos barcos as que transportaban as pulgas transmisoras do bacilo da peste.

No ano 1338, durante o decurso da guerra luso-castelá (1336-1338) sería nomeado D. Pedro, conde de Barcelos e fillo bastardo do rei D. Dinis, para *fronteiro do Minho* establecendo o seu cuartel-xeneral cerca de Valença, no mosteiro de Ganfei, de cara a vixiar Tui, gardada daquela polo cabaleiro Paio Sorredeia de Soutomaior.

A Cisma

No ano 1378 prodúcese na cristiandade occidental a excisión das súas igrexas en dúas obediencias, ao coexistir dous Papas con sé, Roma e Aviñón, Urbano VI e Clemente VII respectivamente.

Entre os reinos e príncipes comezaron a obedecer a diferente papa segundo fose o seu grao de inimidade.

A partires disto, Castela seguiu a obediencia de Aviñón encabezada polo papa Clemente, mentres Portugal seguía a Urbano na sé de Roma.

As discordias non tardaron en aparecer no seo do bispado de Tui e un numeroso e representativo grupo de cregos (19) acolleranse na vila valenciana para poder seguir na obediencia do papa romano.

No ano 1381 deciden elixir como administrador dos bens do bispado tudense nas terras de Entre-Minho-e-Lima a un tal Frei Toribio, do cal se descoñece case todo.

No ano de 1398 D. Juan García Manrique, arcebispo compostelano, pasaría ao bando portugués aproveitando a presenza de D. João I no territorio tudense. Nese mesmo ano de 1398, posiblemente morto xa Frei Toribio, D. Juan sería eleito para administrar os bens e igrexas do bispado meridional de Tui.

Será entre Xullo e Outubro de 1398 cando a igrexa de Santo Estevão de Valença se transforme en *Colexiada*.¹³

O arcebispo decidira acollerse a Portugal en sinal da pouca influencia que tiña na Corte de Enrique III, máis proclive ao arcebispo de Toledo D. Pedro Tenorio.

D. Juan non se circunscribiu somentes a gobernar eclesiásticamente a diocese, senón e tamén, procurou integrar na súa totalidade a administración do bispado tudense, ao norte e a sur do Miño.

Como efecto das guerras entre Castela e Portugal, no ano 1398 Tui sería tomada por D. João I, D. Juan García Manrique cooperaría na conquista do resto das vilas do bispado.

En 1402 recibiría a administración do bispado de Coimbra. Na hora da súa morte, no ano 1416, podía intitularse Administrador perpetuo dos bispados de Tui e Coimbra e arcebispo de Santiago, aínda que esta última entrase en sé vagante en 1398, recoñecéndose así a súa defección ao lado portugués.

No período da toma de Tui por D. João, tanto 1389 coma 1398, tornarían os cregos valencianos á capital episcopal xa que Tui ficaba, por conquista e administración, na obediencia do Papa romano, co cal non existían motivos para proseguir coa cisma no bispado.

Frei Antonio de Lisboa sería nomeado administrador de Valença en 1406.

¹³ Alberto Pereira de Castro; A igrexa de Santo Estêvão de Valença do Minho e a formação da Colegiada. Valença 2000. pax. 31.

A este seguiría unha longa vagancia na Administración do territorio eclesiástico, de 1414 a 1422.

João Afonso, sochantre de Porto, sería o seguinte en ser eleito polo cabido valenciano. O ano debeu ser entre 1422-1423 por ser este o ano da bula do papa Martín V contra os sediciosos de Valençá, nomeándose nela os cregos que formaban parte da administración do bispado:

Gonçalvo Martíns, João Rodrigues de Felgueira, Álvaro Afonso arcediogo de Cerveira, Rodrigo Eáns arcediogo de Alabruja, Rodrigo Esteves, Lourenço Correia, Gonçalvo Velasques, Martim Afonso, João Domingues, João Fernandes, Gonçalvo Velasques, Afonso Gonçalves, João Esteves, Domingos Álvares, García Gomes.¹⁴

Malia ter rematado a Cisma no 1417-1418, os conflitos bélicos entre Castela e Portugal, impedían a emisión de bulas por parte do Papa para reunificar os bispados escindidos, non sendo ata o ano 1423 cando esta se fai posible.

As bulas papais, con data de 23 de xaneiro de 1423, ordenaban, baixo graves penas e censuras o retorno á obediencia do bispo de Tui aos cregos valencianos, conminando a cumprir tales mandas aos fillos do rei D. João I, D. Duarte, D. Pedro, D. Henrique, D. João e D. Fernando.

Obrigábase á vella obediencia do bispo tudense nun prazo de vinte días, declarando intrusos, desobedientes, malditos e rebeldes aos que seguisen posesionados das igrexas de Valençá e dos mosteiros, conventos, bens e rendas do bispado Entre-Minho-e-Lima.¹⁵

A situación política non iría permitir a reintegración do vello bispado xa que supuña un ataque á autoridade real que existisen bispados “extranxeiros” posesionados de territorio portugués; Tui, Ciudad Rodrigo, Badajoz.

Unha bula do papa Eugenio IV no ano 1444 integraba as rendas dos bispados de Tui e Badajoz en Portugal á nova diócese de Ceuta. Ficaba así Valençá baixo a obediencia dunha sé lonxana pero de facto administrándose con ampla autonomía.

O papa Nicolás V anulaba momentaneamente esta anexión, porén, consagraríaa definitivamente o mesmo papa por bulas emitidas o 27 de xuño e o 5 de agosto de 1452.

O bispado ficaba sometido á sé de Roma, pero no ano 1475 o papa Sixto IV atallaría o grande número de apelacións que do bispado ceutí chegaban a Roma polos seus súbditos de Entre-Minho-e-Lima que decidiu que fose o bispo de Ceuta sufragáneo de Braga.¹⁶

Finalmente e debido ao seu afastamento, o bispo de Ceuta fará contrato co arcebispo de Braga no ano 1512 para incorporar Entre-Minho-e Lima a arquidiócese bracarense, acordo confirmado por bula de León X de 25 de xuño de 1513, e sendo tomada en pose a comarca eclesiástica de Valençá polo arcebispo D. Diogo de Sousa en 5 de agosto de 1514.¹⁷

Nestos anos aínda se seguía a chamar este territorio como de Tui segundo aparece no arrolamento de poboación mandado polo rei D. Manuel: “*em todos hos lugares e termos que estiverem e cayrem dentro d’amenistraçom de Tui que he do bispado de Çepta*”.

Segundo un subsidio por tres anos concedido polo papa ao rei D. Dinís en 1320, destinado á guerra contra os mouros, sobre a dízima das rendas eclesiásticas do reino,

¹⁴ Henrique Flórez; España Sagrada. Tomo XXII. Apéndice XXI, pax. 312.

¹⁵ Ávila y La Cueva; op. cit. tomo. III. Pax. 308 e ss.

¹⁶ Pascual Galindo; Tuy en la Baja Edad Media..., 1923. pax. 58.

¹⁷ Oliveira, António de; “A população de Caminha e Valençá em 1513”, BRACARA AUGUSTA, 1976. pax. 125.

podemos coñecer o valor da comarca Entre-Minho-e-Lima por un catálogo feito para coñecer a dotación das igrexas, encomendas e mosteiros do reino. O de Tui foi tasado en 21.952 libras, ficando en nono lugar, despois do de Guarda e antes dos de Algarve e Ciudad Rodrigo.¹⁸

Esta contía fainos comprender a importancia desta parte do bispado tudense e a significación da súa perda, obrigando á redución de cóngos e a unir algúns mosteiros á mesa capitular.

Outros conflitos que tiveron como consecuencia esta cisma foron o dos Chamorros, do que xa fixemos relación máis arriba, e o dos barqueiros, conflito que incide nas intensas relacións entre ambas as dúas beiras do Miño e a problemática do contrabando e dereitos señoriais que de antigo tiñan os bispos de Tui sobre as barcas do Miño.

Século XV

Pouco aporta a documentación existente sobre a vida valenciana ao longo deste século. Ademais do xa dito no apartado relativo a Tui no que se facía mención a episodios como o preito dos Faliseus, a avinza das barcas ou o intento de conspiración de Paio Veloso no que tamén estaba implicado o Señor da Casa do Eirado D. Pedro Gómez de Abreu, non se pode precisar nada máis sen pisar o terreo da hipótese.

O certo é que temos que acreditar nunha forte implicación de Valença nos capítulos bélicos da fin do século. A guerra de sucesión con Pedro Madruga como protagonista deberon facer a Valença como centro das operacións militares portuguesas nesta área, ademais de se converter en principal lugar de seguridade de Pedro Álvaro de Soutomaior, tal e como temos visto no episodio de extorsión ao bispo de Tui, onde o pago dos rescates deberían ser depositados en Valença.

Esta participación da vila nos acontecementos bélicos da fin de século lle debeu carrexar consecuencias materiais tal e como se comproba polo estado das fortificacións deseñado en 1504 por Duarte D'Armas e polo relatorio de 1513, o que é síntoma evidente de ataques á vila tal como lle aconteceu á cidade veciña de Tui.

A aventura de Afonso Lourenço

Un episodio curioso da historia valenciana foi o protagonizado polo mercador Afonso Lourenço. Este, arredor do ano 1453, fixera unha barca (carabela) no porto de Valença con capacidade para cincuenta toneis. Na súa primeira viaxe, cando viña carregada de sal de Aveiro, á altura da illa Berlenga, sería prendido por corsarios ingleses. Quince días despois do feito sería tornado Afonso Lourenço por sete ingleses, compañeiros dos que lle tiñan tomada a barca. Foron apreixados, o mercador os acusou perante o rei, gastando na demanda catorce mil reais. A sentenza real dictaba que os ingleses pagasen a Afonso pola barca e mercadoría que nela levaba e as custas, noventa e oito mil reais.

Os ingleses permanecerían nas prisións de Lisboa ata que pagasen ao mercador valenciano, mas sendo estes degradados, serían enviados a Ceuta por dez anos. Afonso Lourenço aínda non era pago e a súa pobreza, xa que os cartos todos que tiña foran gastos nas mercadorías da barca e na demanda, moveu ao concello de Valença a procurar polo seu valimento ao rei, solicitando que os ingleses pagasen tal e como impuña a sentenza.

¹⁸ Pascual Galindo; op. cit. 1923. pax. 82.

Ao rei compraceríalle a petición da vila de Valença e ordenaría pagar a dita sentenza.¹⁹

Este acontecemento fálanos da importancia de Valença no comercio da rexión, punto imprescindible das relacións económicas coa Galiza.

Este facto maniféstase claramente na concordia das barcas de pasaxe efectuada entre o bispo de Tui e a vila de Valença no ano 1485, ordenando o tráfico e procurando co seu regulamento rematar coas irregularidades, conflitos e contrabandos que se producían polo Miño.

Economía

Valença participa das mesmas características xeográficas que Tui, e a súa vecindade coa cidade galega permite aventurar actividades económicas practicamente iguais ás que xa comentamos sobre Tui: viños, gando, cereais, pesca, son a produción básica da rexión e pasaban a unha ou outra banda do Miño produto dunha intensa comercialización a través da vella vía romana Bracara-Tude-Lucus.

O río proporcionou un medio rápido para o transporte de mercaderías a longa distancia, tal e como xa temos comprobado no caso do mercador Afonso Lourenço.

Da importancia económica de Valença temos exemplo na concesión da Carta de Feira en 1282 polo rei D. Dinis quen a renovaríase en 1315, celebrándose esta feira cada primeira quarta-feira do mes.

Un caso que reflicte o pulo comercial de Valença é o preito interposto en Baiona a uns mercadores valencianos por parte de D^a. Orraca Pérez, D^a. Sancha Pérez e co seu home Fernán Domínguez en razón “*da quintaa de taronna*” e sobre uns préstamos por elas efectuados aos mercadores valencianos. Para a súa representación na vila baionesa, Paio Eanes (un dos implicados) nomeará como procurador dos mercadores a Rui Pérez, veciño de Baiona.²⁰

As relacións de Valença con Baiona non só camiñaban nun sentido. Os mercadores baioneses tiñan como localidade portuguesa máis próxima, por mar, a Caminha, mas se o camiño era por terra Valença obtiña a preferencia, entrando en Portugal con “*gados, cavalos e armas e moedas e todallas outras cousas vedadas*”.

A intensidade deste comercio vese reflectido nas peticións de viciñanza que solicitan do rei Afonso V en 1462 durante a súa visita ao norte do país, para que lles confirmaran este costume xa antigo, pois nos últimos tempos sufriran moitas inxurias dos oficiais reais encargados da vixianza fiscal na fronteira miñota.

Isto, do cal tamén sufría en igual medida Valença pois afastaba aos mercadores das súas feiras e produtos, sería remediado polo rei Afonso V confirmando o antigo costume de viciñanza e ampliando o privilexio para que os veciños de Valença poderan “*levar pam vinho per terra pera sua provisam e mantimento de suas casas cada hua pesoa e nam pera averem de vender*”.²¹

Estes feitos pónennos na realidade da fronteira, os guardas fiscais, quen con excesivo celo e con maior abuso interceptaban e gravaban onerosamente cuasquer mercadoría ou produto, dannificando o comercio da rexión.

Valença, como principal punto do comercio fronteirizo miñoto, sufría en maior medida o exceso de celo dos guardas fiscais, algo que tentaría remediar Afonso V na súa visita ao Minho no 1462 e solicitado por tódolos concellos da ribeira agrabados por esta situación.

¹⁹ Marques, José; “Relações económicas do norte de Portugal com o reino de Castela, no século XV”. BRACARA AUGUSTA, 1978. pax. 43-44.

²⁰ E. Portela; La región del Obispado de Tuy..., 1976. pax. 392.

²¹ Marques, J; Relações económicas..., B. A. 1978. pax. 10.

Os privilexios confirmando os antigos costumes de viciñanza coa beira galega, tentaron poñer couto ás accións fiscalizadoras dos axentes da coroa, pero tal e como se confirmou anos despois, os guardas continuarían impondo os seus métodos fiscais en contradición coa actividade comercial miñota que tenderá a decaír co paso dos anos.

Afonso V concederá a Valença, de cara a estimular o comercio, carta de Feira Franca no ano 1458. A súa duración sería de quince días, contados a partir do primeiro xoves despois da Páscoa. Outros privilexios lle engadían a mercé de “meia sisa”, co cal o concello valenciano contaba cunha fonte máis de ingresos.²²

Estas medidas intentaban corrixir as secuelas dunha longa e intensa acción fiscalizadora, que como advirte o Dr. D. José Marques nen sempre era pola imposición de impostos, “*mas chegava a revestir formas mais graves e repressivas*” tal e como consta nunha protesta presentada pola vila de Valença ás cortes de Évora de 1444:

“Item senhor por rrazom d’alguuas penhoras e represarias que s efazem em muitos mercados de castela e de Galliza nam ousam de viinr a esta vila com suas mercadorias que soyam d etrazer assi como ferro e aço e oanos e outras mercadorias e vendições de que os moradores desta terra e deste rregno aviam proll e as vossas ssisas, dizimas e direitos reaaes eram acrecentados”.²³

Era a seguridade dos propios mercados ademais dos seus bens a que se poñía en xogo e polo tanto era insuficiente a concesión de protección durante un ano a “*quaisquer mercados e pessoas que ali chegassem com suas mercadorias, navios, barcos e bestas a fim de não serem penhoradas nem apresadas*”.²⁴

Seguindo as acertadas palabras do Dr. Marques poderíamos confirmar o dito por el:

“Não admira, por isso, que mais de uma dúzia de anos depois o comércio na vila de Valença continuasse em crise, agravado pela proibição que em 1457 o corregedor, Gonçalo Afonso, fizera de que nenhum navio português carregase no rio Minho, como destino à Flandres e Aragão, mercadorias procedentes de toda a ribeira do Minho, e para o efeito concentradas em Valença e em Tui”.²⁵

Xa comprobamos como o sal debía ser un produto con moita rendibilidade en Valença, sal que o mercador Afonso Lourenço quería traer de Aveiro na carabela construída en Valença, mas co risco inherente a este tipo de empresas; a piratería.

A pesares de ser punto de referencia no transporte do sal cara o interior, Galiza e Castela, Valença decaerá nos anos centrais do século XV mercé á xa manifestada piratería e ao comercio directo dos portos galegos con Aveiro e Setúbal.

En 1445 e 1450 serían outorgadas cartas de “*segurança*” aos estranxeiros (prioritariamente galegos) que trouxesen pan e carregasen o sal. Pero xa era unha medida insuficiente xa que o comercio co sal de Aveiro era unha realidade fortemente establecida.

Un documento sobre o sal, de inestimable axuda, é un datado no 19 de maio de 1480. Certamente podemos dicir que non ten unha orixe manifestada, e puidera proceder de Caminha ou Valença (ou de ambas).

O documento, dirixido a súa alteza (o Conde de Caminha?), describe os problemas non só en canto a perda de exportación do sal dos seus alfolís, senón dos

²² Ibidem. pax. 17.

²³ Ibidem.

²⁴ Ibidem.

²⁵ Ibidem. pax. 18.

agraveos recibidos dos que por forza (escudeiros e cabaleiros) collían ou estragaban o sal.

A área de distribución deste sal “minhoto” abranxía a maior parte da Galiza interior e costeira: *“por quanto de Ourens, Ribadavea, Alaris, Mylmanda, Caldellas, Baiona e da maior parte de toda Galisa vinan por sal”*²⁶.

O desorde producido pola guerra de Sucesión (1475-1480) entre Isabel (Castela) e Juana (Portugal), vivida intensamente na fronteira do Miño, creou numerosas inxustizas denunciadas polo xuíz e os vereadores do lugar por canto *“...vinan por sal e nos vindiamos e en maior numero fasiamos barato e agora por estes faseren este estatuto ontresi enosso permiso nos somos perdidos e toman por vintium do dicto contrato os que veen a vender o sal e lo facen levar por forza e senon queren le acuitelan os sacos e lles fassen outras injurias e vilipendios e por asi venderen ontresi defraudan vuestros derechos que onde se venden quatroçentas teigas de sal senon conta dellas çento porque nos non ajamos lugar de vender...”*²⁷.

Estes problemas facíanlles perda dos “*alfolins e salinareas*”, e se non se daba remedio ficarían gravemente minguados os dereitos da sisas e as rendas porque *“todos sse van aos alfolins da galisa (tachado de Valença) e nos mandees dar segurança delles por que son omens poderossos de que nos tememos e no ousamos tomar por scriptura publica e po esso escripvimos a vossa altesa apartadamente”*²⁸.

Descoñecemos máis datos para podermonos avaliar satisfactoriamente este interesante documento, non sendo ata a aparición dalgún outro que o poida complementar que lle podamos sacar todo o partido que en si atesoura.

Froito das fortes relacións económicas entre as dúas beiras miñotas, o transporte de gando era un dos produtos máis importantes do comercio miñoto. A importancia do gando nestas beiras se materializa no contrabando e tamén nos frecuentes roubos de animais para logo vendelos na ribeira viciña.

Este feito témolo expresado na petición efectuada polo xulgado de Froiño á viscondesa de Tui (D^a. Tareixa de Távora, muller de Pedro Madruga).

O xuíz e homes bos de Froiño solicitan o xulgamento de Vasco da Bareyra quen tiña *“feitos muytos mallefícios e furtos e furtou a Afonso da Poreyras...dous bois do seu casal e assy furtou outros dous bois a Gonçalo de Villarinho e assy furtou outros dous bois a Afonso de Bossoyros...e assy foy pedir a Martim Landeyro dineiros ates e por que lhos non quisso dar ho ameaçou e quessera matar e assy deu muytas paancadas e ferydas a Bertollameu da Duçaons e a Fernan de Vinhas eos quisserom matar sellos nom tolherem en tal guissa que açerqua dello non ousamos sayr das cassas...”*²⁹.

Tan longo historial delictivo facía de Vasco da Bareyra unha obrigaón para o xulgar, e precisamente collido estaba en Tui, polo que o xulgado de Froiño requeriría que *“nollo mandardes entregar enos faremos dereito e justiça por estes mallefícios e por outros que sse contaron...”*.

No caso de non estar presente a viscondesa solicitarían *“aos alcaydes e juizes muito onrados da muy noble çidade de Tuy que provejam todo esto sobredito”*³⁰.

Descoñecemos como acabaría o caso, pero o que si era seguro é que tanto se se xulga en Tui, en Froiño ou en Valença, o certo é que o devandito Vasco da Bareyra acabaría na picota axustizado.

²⁶ Prot. Lib. XXV. Fol. 248. 19 maio de 1480.

²⁷ Ibidem.

²⁸ Ibidem.

²⁹ Prot. Lib. XXV. Fol. 240. 28 marzo de 1476.

³⁰ Ibidem.

Non podemos esquecer que os valencianos solicitarían e acadarían do rei Afonso V na súa visita á vila de 1462 a confirmación dos vellos privilexios de veciñanza coa beira oposta do río, “*atee ora vizinharem com os moradores de Gualiza comarquãaos com elles huuns com outros de levarem pam e vinho e carnes e pescados e trocaram bois e bestas e outras cousas huuns os outros ssem lhes sobre ello ser posta defesa nem outro enbarguo*”.³¹

Pero os tempos da antiga veciñanza tocaban o seu fin, tal e como expresa o apreixamento duns portugueses en 1494 que querían pasar a fronteira con “*çiertas bestyas*” en contrabando.³²

A fiscalidade das alfándegas, tanto nunha como noutra beira, eran xordas ao que dicían os vellos privilexios e cegas á veciñanza secular dos miñotos.

Os panos eran unha mercadoría chave na expansión do comercio medieval, e Valença era o centro máis importante deste comercio con Galiza e Castela.

Tal e como amosan as disposicións fiscais tudenses os panos atravesaban a fronteira con asiduidade, convertendo as súas variedades e calidades, de Flandes, de Castela, de Aragón, etc., en productos cobizados polos mercadores como instrumento de intercambio.

Sociedade

Un documento extraordinario para coñecer a composición social da vila valenciana é o “arrolamento da população”, efectuado por orde do venturoso rei D. Manuel en 1512, e realizado en 1513.

O estudio deste texto o debemos a D. Antonio de Oliveira³³ quen nos deixou unha magnífica exposición da sociedade valenciana a comezos do século XVI, e extrapolable, en liñas xerais³⁴, á poboación da vila de Valença na Idade Media.

No arrolamento describísenos unha importante presenza de cregos, 22, dato atinxible pola existencia de Colexiada, centro relixioso e capital da rexión Entre-Minho-e-Lima, territorio episcopal de Ceuta.

O número de privilexiados tamén é elevado, 24, na súa maior parte escudeiros do Marqués de Vila Real, señor desta terra; só Eytor de Barros (que xa o víramos disputarlle ao bispo D. Pedro Beltrán o couto e bens en Guillarei) era cabaleiro “*da casa de sua alteza*”.

Este grande número de escudeiros, (o 11,44%), podémolo atribuír á función fronteiriza de Valença, lugar estratéxico e oposto á importante cidade de Tui.

Os altos valores que ofrecen os datos sobre os pobres, 16,4%, e as viúvas, 9,45%, son síntoma de desequilibrio social cunha alta proporción de privilexiados (suma de cregos e escudeiros dá o 22,38%) e da decadencia da vila froito da mudanza das relacións comerciais e da crise da súa veciña localidade de Tui.

Entre os oficios do pobo miúdo atopámonos cun grande número de zapateiros (20), seguidos de espadeiros e espingardeiros (6). Destes últimos descoñecemos a súa orientación profesional, pois tanto pode ser o de facedor de espadas ou espingardas, ou manexador delas, con tendencia a servir á defensa do reino.

³¹ Marques, J; Relações..., B. A. 1978. pax. 47.

³² Prot. Lib. XXVII. 26 maio de 1494.

³³ Oliveira, Antonio de; A população de Caminha e Valença em 1513. BRÁCARA AUGUSTA, 1976.

³⁴ Podemos lembrar que os datos aportados polo arrolamento de 1513 son xa dunha vila en decadencia do mesmo xeito que Tui e polo tanto debemos confiar que o momento álxido de Valença (socialmente falando) sería mediados do século XIV.

Os tabeliños-notarios (4) son na súa maioría escudeiros, o que crea a asimilación destes oficios (prestixiado socialmente) coa condición de fidalgo.

Outros oficios son o de ovelleiro (4); ferreiro (4); barbeiro (3); carpinteiro (3); almocreve (2); alfaiate (2); sarralleiro (2); toneleiro (2); coiteleiro (1); tecelán (1); mercador (1); manteiro (1); mariñeiro (1); pedreiro (1); estalaxadeiro (1).

Temos conta dun carcereiro (Fernán d'Alvarez), e tamén dun encarcerado, curiosamente un crego (Joham Novaees).

Un apunte social interesante é a presenza de dous cristiáns novos (conversos), Pero Fernández e Gonçallo Rodríguez, alfaiate. Isto puidera considerarse de diferentes formas; reliquias dunha pequena comunidade hebraica en Valença ou xudeos emigrados a Portugal tra-la expulsión de Castela en 1492 e a súa posterior conversión na vila miñota. Si podemos advertir que Valença debeu ser punto de referencia da forzada emigración hebraica desde Galiza, aínda que pouco numerosa, pero coa suficiente riqueza como para provocar algúns incidentes de fuxida de diñeiros.

O total de “fogos” na vila elévanse a 201, contabilizados os devanditos fogos como “cabezas de familia”. Para coñecer a poboación total aproximada de Valença en 1513 (é un indicio de épocas anteriores), temos que nos valer dos estudos doutros autores que sitúan o núcleo familiar entre catro e cinco membros de media, co cal o resultado será de pouco máis de mil habitantes para a Valença de comezos do século XVI (2600 habitantes para todo o termo municipal), cousa que a ubica entre as poboacións medianas.

Temos que lembrar que seguramente nestes intres históricos Valença gozase de maior poboación que Tui, froito das guerras e violencias de tempos pasados, dos que aínda a cidade episcopal non se tiña recuperado.

Podemos afirmar igualmente que esta poboación de Valença corresponde a unha etapa de decadencia que seguramente foi parella á de Tui, por outro tipo de razóns, sobre todo de coxuntura política, pero tamén pola grave quebra do espazo económico tudense.

Finalmente poderíamos asinalar que o momento de esplendor de Valença, correspondente ao cénit económico e social de Tui, sería no reinado de D. Dinís (1279-1325), non podéndose recuperar totalmente por razóns das fames, pestes, guerras entre reis, conflitos relixiosos, etc., que culminan na súa decadencia ao longo do século XV, tal e como no-lo amosan as repetidas peticións da vila ao rei Afonso V de cara a reanimar as relacións económicas de Valença cos seus viciños galegos.

FISIONOMÍA URBANA

O desenvolvemento urbano de Valença prodúcese a partir do vello núcleo do rei Sancho I no extremo norte do morro onde se asenta a vila.

Ampliada a poboación a mediados do século XIII por Afonso III acadará unha configuración case definitiva para toda a Idade Media.

As murallas son o símbolo máis salientable de Valença, creada na súa orixe como castelo opositor a Tui.

Das súas murallas medievais tan só resta hoxe as portas da Gaviarra, xunto destas a parte inferior das torres que gornecían a porta, e a porta do Açogue con escudo afonsino na clave e parte do lenzo orixinal.

Como podemos comprobar polos deseños realizados por Duarte D'Armas en 1504, a vila estaba “*cerquada de muros e torres velhas*”³⁵.

³⁵ Oliveira, Antonio de; op. cit. B.A. 1976. pax. 128.

Pódese apreciar algunha torre no interior da vila, quizais o castelo ou residencia real mencionado nas Inquiriçōes de 1258, as casas que fisera Gonçalo Simões a par do muro, “*sobre o poço, para el-rei.*”³⁶

Os deseños tamén amosan un dobre perímetro amurallado feito dunha ampliación datable se cadra no século XV.

O total de portas da muralla valenciana debeu ser de catro; a da Gaviarra, do Açougue e do Sol, ficando unha porta no muro sur da vila.

As murallas valencianas estaban damnificadas en 1513, algo que podemos advertir nos deseños de 1504. O concello reclamaría ante esta situación ao responder á orde de D. Manuel I de facer o numeramento da poboación, apuntando como causa desta ruína dos muros a saída do diñeiro “das terças” por parte dos funcionarios rexios, aínda que estes cartos, aliás, que non chegarían para pagar sequer os salarios da reconstrucción: “*Os habitantes da vila e termo teriam, assim, de arcar directamente com as despesas da reedificação das muralhas*”³⁷.

O Plano da Vila

O rueiro medieval valenciano chegou seriamente modificado os nosos días, aínda que podemos percibir certas pervivencias na vella rúa Dereita ou na antiga praza de Santa María.

O nome de rúa Dereita xa aclara a fisonomía da rúa e a súa importancia. Na Guarda tamén atopamos unha rúa Dereita coas mesmas características que a valenciana. Como pode presupoñerse a rúa Dereita é o eixo urbano da vila, cousa que aínda hoxe podemos apreciar pola densa urbanización da rúa. Seguramente tiña este carácter marcadamente urbano en contraposición a outras rúas máis irregulares e labirínticas nas que aparecían numerosos predios rústicos.

Tamén temos novas pola documentación medieval doutras rúas como a de Santa Irene: “*Sabeam quantos esta carta viren e ouiren que sobre contenda que era. Ontre o conçello de Valença da huna parte e dom Pero Eanes abbade do moesteyro de Santa Maria doya eo convento desse lugar da outra sobre razon de duas casas que an jazença na rua de Santa Irene na vyla de Valença e outra casa opar do castelo de so vyla as quaes foron do arçediago...*”³⁸

Igualmente vemos aparecer unha rúa de Barçelos xunto do adro de Santo Estevo. Non nos podemos esquecer das pervivencias no actual rueiro valenciano con nomes que teñen resabios medievais como a rúa da Oliveira.

Nos deseños da vila de 1504 pódese comprobar que o casarío concéntrase ao norte do interior amurallado, indicando dúas cousas: o vello núcleo de Contrasta a concentrar a poboación; gran espazo libre no oeste da vila que indicaría un local de mercado asinalado polo nome da porta do Açougue (praza do mercado).

Edifícios relixiosos

Entre os edificios relixiosos salientan as igrexas de **Santo Estêvão**, colexiada, e edificada polo bispo de Tui, D. Pedro, no exterior do primitivo castelo de Contrasta. A igrexa no comezo adquirira a advocación de San Pedro, mas logo, no episcopado do bispo tudense D. Estevo Egea (1218-1239) pasaría a se chamar de Santo Estevão.

³⁶ Lopes de Oliveira, A.; op. cit. pax. 66.

³⁷ Ibidem.

³⁸ E. Portela; La región del Obispado de Tuy ..., 1976. pax. 386.

Polo deseño conservado no exterior da actual igrexa coñecemos a súa configuración externa.

Na absida da igrexa, ademais dos restos dunhas cornixas con flores na nacela (s. XIII), atopámonos con dúas inscricións, unha correspondente á reedificación da igrexa en 1792 e outra máis antiga e de difícil transcripción aínda que cunha posible data: era 1321 (isto é 1283). A cruz central e a apreciación de que a inscrición está en latín sêrvenos para poñer 1283 como ano de consagración ou da fundación dalgunha capela xa que as obras terían escomenzado co bispo D. Estevo Egea.

Santo Estevo sería transformada en Colexiada en 1398 a raíz dos sucesos de 1381 coa Cisma de Occidente e a segregación de Entre-Minho-e-Lima da diocese de Tui.

A reedificación total da igrexa en 1792 deixanos sen moitos apuntes que facer aínda que co coñecemento de ser unha igrexa dunha soa nave e dúas capelas laterais.

No interior séguese a conservar a **cadeira episcopal**, de fins do século XIV (1398?), e símbolo do período de autonomía episcopal de Valença. A cadeira é un magnífico exemplo do gótico-mourisco. Está realizada en madeira de carballo e decorada con esmaltes policromos representando flores e estrelas; na táboa están representados os símbolos episcopais; a mitra e o báculo.

A igrexa de **Santa María** (logo *dos Anxos*), de estilo románico, é a igrexa edificada intramuros por Paio Carramondo (1186-1197)³⁹ baixo a advocación da Virxe Santa María, a quen, como tantas veces acontece, se lle engadiría un cognome.

A igrexa sufríu algunhas modificacións sobre todo na fachada (profundamente restaurada a comezos do século) e na torre sineira (campanario).

É unha igrexa dunha soa nave con capelas laterais engadidas tardiamente, a do sur en época moderna, a do oeste é de 1277, tal e como nolo amosan a imaxinativa colección de canicelos (cachorrada) zoomorfos (cabezas humanas e fantásticas) e a inscrición gótica da parede leste; a inscrición mostra os nomes dos seus fundadores: “*Esta capela mandou fazer a(fonso) p(e)r(e)z e sua molher m(aria) ro(dr)i(gue)z, era de mil tr(escentos) XV*”.

A capela fora propiedade dos señores da Casa de Santa Luzia, os Abreu Bacelar, con adicación a Santa Clara, polo que ben puideran ser Afonso Perez e María Rodríguez os antergos desta importante familia valenciana.

No exterior podemos sinalar a sinxela portada con triple arquivolta de medio punto que se apoian en tres fustes lisos con capiteis fitomórficos, a nacela da arquivolta central decórase de flores. A porta lateral con arco trilobulado e a absida cuadrangular son interesantes mostras do estilo xunto cos canicelos zoomorfos e as metopas floreadas da cornixa.

Os numerosos signos lapidarios (gravuras dos canteiros) empatan cos signos da Catedral tudense para fins do século XII e comezos do XIII.

No muro lateral norte da igrexa atopámonos cunha sobranceira e desconcertante inscrición en letra carolina (século XII): ROY: E DURANCIA. No interior da “O” do primeiro nome observamos o que debe ser o apelido de Roy: Lodoniz. Debaixo desta inscrición aparece un crismón (abreviatura de “*Cristo*”). Temos, polo tanto, a Roi Lodoniz e a Durancia (esposos) aínda que non sabemos se como fundadores da igrexa

³⁹ Con isto queremos desbotar totalmente a errada data de 1276 que se lle outorga a esta igrexa a través dunha inscrición que aparece no cunal da parte sur da igrexa: VIII dias andados do mes de julho foi fundada. Era MCCCXIII. Non puidemos comprobar a veracidade desta inscrición e polo tanto temos que poñela en dúbida. Fica claro que a igrexa, polo seu claro estilo románico, non pode atribuírse a unha data tan tardía e xa dentro do gótico.

(que segundo as Inquiriões sería Paio Carramondo), todo será cuestión de atopar estes nomes na documentación dos séculos XII e XIII.

Existía unha capela adicada a **San Vicente** edificada polo mosteiro de Ganfei extramuros da vila, entre esta e o camiño ao Mosteiro, aínda que non se conserva ningún vestixio dela.

No exterior de Valença estaba documentada a presenza dun hospital dos gafos (lepra) adicado a **San Lázaro**, aínda que nada nos resta.

As casas

O caserío valenciano conservou exemplos significativos das súas casas medievas.

No *Largo do Visconde de Guaratiba* (praza de Santa María) temos unha casa con soportal de dous arcos apuntados rebaixados e bolas no chafrán, é do século XIII.

A chamada **Casa do Eirado** é unha casa nobre ubicada no *Largo de São Teotónio*. Na fachada principal dúas cousas chaman a atención, o remate ameado e a xanela gótica. O primeiro son merlóns (as pezas cúbicas que ocupan o espacio entre as ameas, estas, en realidade son o espacio baleiro entre os merlóns) con remate de flores de lis.

A xanela ten chambrana a xeito de *alfiz*, que cubre a padieira ou *lintel* e as xambas ou *portal*. A moldura da chambrana é un bocel liso decorado nos remates, sobre a padieira e nos capiteliños entregos, lugar onde apean as xambas do arco e que teñen forma de *perilla*. Os remates da moldura sobre a quilla do arco conopial, son a xeito de borlas. Esta decoración semella ser unha especie de *cordón de cortinaxe*. O que máis interesa da xanela é a inscrición que pendura dela [suxeito por cadeas á soleira da fiestra], sobre esta un rostro, autoretrato do artista. A inscrición está inserta nunha cartela, e nel nos dá o nome do artista e a data da obra: *InS FEAL : ME FEZ 1448*. O nome seica pode ser *Ioanes*, é difícil interpretar a segunda letra da inscrición, que polo xeito debe ser abreviatura. O que si temos certo é o apelido, **Feal** (correximos o que ata o de agora se viña escribindo, *Josef Álvarez*, xa que as letras capitais están moi claras e non é posible esta interpretación.⁴⁰

A porta principal da Casa do Eirado ten padieira decorada con arquiños rematados en roleos, accédese a esta por unha elegante escada de chanzos semicirculares.

Na fachada lateral ten portiña semimurada. Está decorada por un bocel liso que percorre o marco da porta, cruzándose no lintel, por riba do bocel dúas estreliñas, e nas xambas, faixas decoradas do mesmo xeito que na base. Tamén hai unha xanela cunha flor de lis na padieira.

Na *rúa José Rodrigues* temos unha casa do século XV, con porta e xanela decoradas con arcos conopiais. O arco conopial é un bocel rematado en borlas, o interior do arco se decora con estrelas e flores. É interesante a xanela, que ademáis do arco da padieira tamén ten decorada a soleira cun arco conopial invertido.

Unha casa extremadamente orixinal é a da vella rúa Direita (hoxe de Mousinho de Alburquerque). É casa datable cara a 1500, e pertencente a algún dos escudeiros da casa do fillo do Marques de Vila Real, conde precisamente en Ceuta. Por desgracia desapareceu o escudo que tiña no andar superior, seica foi picado nas primeiras décadas deste século.

Por fortuna resta a decoración da casa, variada e rica. A máis importante está no portón principal. Está enmarcado por un baquetón que na padieira se bifurca

⁴⁰ Vila-Botanes, Suso; Pazos e Casas de Tui e Valença, 2000.

transformándose en ofidios coa boca aberta e afrontados con outros serpentiformes que se suceden formando arcos conopiais.

No interior do marco aparece a figura dun anxiño na xamba esquerda, e o que semellan cabezas de león na xamba dereita, tanto xunto do lintel coma no umbral ou soleira.

No exterior do marco da xamba dereita temos dúas representacións esquemáticas, seica marcan un padrón de vara de medir (con 1,33 cm.) que podemos interpretar como de *elefantes* (¿?), representando o seu lombo, desde a cauda ata a probóscide (trompa).

Xunto do portón temos unha porta decorada na padieira cun arco conopial; ten borlas nas interseccións do arco e está rematado (na quilla) por unha flor de lis.

Na xanela do primeiro andar temos o lintel decorado por un chafrán intermitente e rematado por outra flor de lis.

A outra xanela é a saída a un balcón sen ménsula. O lintel componse por tres arquiños (ou arcos xemidados) enmarcados por unha moldura en bocel. A parte superior queda decorada con gravuras de flores e estrelas.

Do interior da casa pódese salientar as escadas de pedra, cunha columna no remate que soporta o teito.

É difícil apreciar máis casas orixinadas no período que estamos a estudar, mas podemos albiscar que os edificios de sinxela construción poidan ter unha orixe medieval aínda que con modificacións posteriores.

O Territorio Valenciano

Vamos a subliñar tres locais das cercanías de Valença:

O **convento de Ganfei** ten unha orixe incerta como case tódolos mosteiros bieitos. Asínálase unha data remota, s. VI, para a súa fundación, aínda que a parte máis antiga do edificio coa cal podemos guiarnos para facer un balanço aproximado da súa construción nos fala do século XII. Aínda que exteriormente o edificio conventual perdeu case todo rasgo medieval o interior amosa o estilo románico que o emparella coa Sé tudense. Debeu ser precisamente neste tempo, s. XII, co crecemento da Sé episcopal a través de privilexios dos monarcas leoneses e portugueses que baixo o patrocinio do bispo de Tui se construíría ou reconstruíría Ganfei. Entre as lendas que se contan sobre este cenobio bieito temos aquela que nos fala do roubo dos sinos (campás) da Catedral tudense nalgún dos frecuentes ataques dos reis portugueses ao longo da Idade Media, e a súa instalación no convento de Ganfei; o son lastimoso que producían se debía a súa saudade de Tui. Outra lenda, se cadra máis famosa, sinalan que é neste convento onde remata o túnel baixo o Miño utilizado pola raíña D. Urraca; o cenobio fica precisamente en liña recta con Tui.

O **convento de San Fins de Friestas** é outro importante exemplo do románico miñoto. O convento tiña couto propio, independente do que se formou para Valença, pero no que acabaría por se integrar. A igrexa, único resto do convento xunto cun claustro do século XVI, é dunha soa nave con teitume de madeira. A portada principal é simple, cunha arquivolta decorada en xadrezado. A absida é un sinxelo e fermoso exemplo románico; ten forma semicircular con canicelos (cachorrada) zoomorfos baixo unha cornixa decorada en xadrez, mesmo estilo teñen as xanelas. Do interior salientan os capiteis románicos da mesma fasquía que os que atopamos para a Sé tudense irradiadora do románico ao norte e sul do Miño.

A **Torre da Silva** é un edificio esclarecedor do papel que lle tocou vivir á fronteira miñota. A Torre ten orixe no século XII, tempo do que resta a parte baixa da torre. Esta intimamente vencellada á familia Silva por ser este o seu solar tal e como indicaban as Inquiriões de 1290 ordenadas por D. Dinis: *“perguntado (o jurado) se há aí alguma honra feita por rei, disse que não, que ele o soubesse, mas disse que há aí a “quinta” da Silva, que a viram sempre honrada e foi de D. Pedro Gomes da Silva”*, neto do célebre D. Paio Guterres da Silva. Da torre conservada hoxe podemos observar varias partes: a base orixinaria do século XII con dúas seteiras; unha profunda restauración a fins do século XIV e comezos do XV apreciable polos signos lapidarios; e unha restauración do século XVIII na cal se asinala como elemento máis senlleiro o escudo de armas da familia Silva. Afortunadamente da torre conservouse a porta de entrada con arco de medio punto (s. XII?) e ubicada á altura do segundo andar, á que se accedía por medio de escadas de madeira (hoxe en parte de pedra), acaída para unha mellor defensa da torre.

EPÍLOGO

Esta visión que ofrecemos da historia tudense e valenciana reflicte a intensidade dun momento histórico; a Idade Media, que posúe grande parte dos estereotipos que se lle atribúen a este período.

A importancia deste momento baséase nas consecuencias que provocaron os seus feitos no ulterior desenvolvemento das dúas localidades.

Non nos esquezamos que é na Baixa Idade Media onde se fornecen as personalidades dos estados modernos, cousa que dictaría o futuro e as intencións na fronteira.

Interéсанos a formación do Reino Portugués e a creación da fronteira miñota, liña imaxinaria que coartará o desenvolvemento histórico, económico, cultural e social de Tui e Valença.

Foi este o factor negativo que ancorou a cidade episcopal no pasado, sen posibilidades de se recuperar das violencias e saqueos acontecidos no derradeiro medievo provocados polos Soutomaior e os seus acólitos.

Malia as vantaxes que ofrece o río para o forte crecemento económico das súas ribeiras, o certo é que o estado de guerra condicionou ese desenvolvemento, sendo incluso maiormente deturpado na Idade Moderna co choque entre *Reis Absolutos*.

A viaxe do rei Afonso V en 1462 ao Minho expresa claramente o que significaba a outra beira do río para poboacións coma Valença. A viciñanza era o factor prioritario da economía local; sen ela era imposible a supervivencia das xentes.

Pero a viciñanza agocha o que era a realidade do espazo natural, un medio de convivencia común a un territorio, que un acto político artificializa impondo unha barreira invisible pero poderosa, que progresivamente e parello ao evoluir do reino, ao se transformar nun “estado moderno”, acadará que ambas beiras non sexan capaces de se reconecer ocupando o temor e a desconfianza a antiga viciñanza.

Só a xente común, a “xente miúda”, será quen de continuar, aínda que sexa puntualmente, as relacións económicas, tanto por medios legais como ilegais, e sociais, pero as distancias políticas serán o muro “burrocrático” infranqueable, que só ata o de hoxe puido ser eliminado co novo espazo político da UE, aínda que as vellas barreiras mentais seguen a se manter para as poboacións.

APÉNDICE DOCUMENTAL

(1).-1095. privilexio de Don Reimundo de Borgoña e Dona Urraca sinalando o couto de Tui.

Baixo a gracia do creador todopoderoso que fixo tóda-las cousas da nada naturalmente do Pai e do Fillo e do Espírito Santo de quen proceden e a quen volven tódo-los bens que é autor de tóda-las cousas sen quen nada pode existir na orde natural e quen é forte e inexpugnable axudador en toda aflicción destes que confían nel. Eu conde Raimundo por vontade de Deus, xenro do señor Afonso de Toledo e do Emperador de Hispania xuntamente coa miña muller de nome Urraca, de linaxe do mesmo príncipe, de mutuo acordo e boa vontade pola alma do rei Afonso e da raiña Constanza e polo perdón dos nosos pecados e pola esperanza na eterna recompensa e na felicidade, dono á beatísima Virxe María nai do noso señor Salvador Cristo, os coutos da sé tudense, estes son os lindeiros: así como se levanta ou se elevan dende aquel porto de Sagatanes e van entre Villarino e Figueirola e ata a mámoa entre Superata e Anta e a través do monte Savogario e ata a pedra fita que está na portela de Fredenando e conducen por vía recta ata penalba e ven ao Castro e ata o monte Aloia onde foi fundada antigamente a cidade e onde están depositadas as reliquias de San Xulián e dende alí ata o pé de Carballo e vai polo mesmo regato ata Azoreira e entra en Fevero de onde saíndo diríxese cara a arca de pedra fita dende alí ata o monte Alto e entra cara ao río Laur no porto de Urbanelo e vai a Aguileira e ata o foxo Lupal e ata o monte enriba de Sobredo, dende alí a Pena Aguda ata Sutrios onde nace a fonte maior e vai a través daquela fonte maior ata que entra no río Miño. Dende alí pasa en curso recto ata as lagoas de Pausata e dende alí pola metade do cúmio do monte Farelo e polas arcas de Fosí e dende alí a través da armada de Auson e por aquel casal de Matre e pola portela de Mundín e por aquelas antas antigas de San Salvador de Gándara e pola portela de Araon e por aquela de Segatanes e entra no Miño. Estes lindeiros tamén se pechan aquí. Todas estas cousas concedovos xuntamente coa miña antedita conxuxe á sé tudense de Santa María, nai de Cristo e señor noso na man do señor Auderico bispo desta igrexa e aos cóengos deste lugar con este tenor ou fortaleza, que se alguén nalgunha ocasión entre estos lindes se atrevera a vir ou a roubar algo ou facer dano ou facer outra violencia antes de quedar libre sen ningunha desculpa satisfaga VI mil sólidos de prata ao bispo e cóengo da mesma sé e despois tamén diante do “pontífice” desta mesma igrexa dignamente satisfaga e permaneza excolmulgado e separado da entrada da Santa Nai Igrexa. Os homes privados que tamén alí se encontren, se casualmente entre si se firen ou cometen alí homicidio, roubo o algunha violencia ou algo inadecuado, ou intentan facer e romper os sinais segundo a medida das culpas e as calumnias que alí o mesmo tempo cometesen, reparen integramente ao bispo e aos cóengos desta mesma igrexa e como arriba satisfagan e sexan correxidas. Fago esta doazón, presentes os magnates, a saber ...

(2).- 1112. Privilexio de Dona Urraca.

Baixo a gracia do pai omnipotente que todo o creou da nada (...) que espera nel. Eu Urraca, raiña de toda Hispania despois da morte do meu pai o rei Afonso, vin a Tui e movida á compaixón en favor da miña alma e da dos meus pais dou e concedo xuntamente co meu fillo rei Don Afonso á igrexa de Santa María de Tui e ao propio bispo Don Afonso e aos cóengos que sirvan alí no presente e no futuro a vila de Santa María de Areas e a villa de Spenicelo con todo-los seus anexos e o que teño dende aquela anta de Santa Comba ata aquela anta de sobre Figueirola e dende Laur ata San Xulian de Aloia e do río de Muíños ata Pedra Fita que está enriba de Pexegueiro con os homes ou herdades de realengo ou de infantadego ou de condado, bouzas, montes, na totalidade como arriba foi escrito e corresponde ao real dereito con karitele e coa súa voz e o honor que eu teño. Os citados arriba poseedeo por tódo-los séculos. Aínda engado ademáis á igrexa supradicta a cuarta parte daquela veiga de Tui dende Laur ata a fonte Maior. Téndeo e poseedeo perennemente por sempre Amén. Foi feito o testamento na era ...

(3).- 1169. Doazóns e confirmacións feitas por Afonso Henriques.

No nome da santa e indivisible Trindade, do Pai do Fillo e do Espírito Santo, Amén. Porque convén que cada fiel, dos bens concedidos para el pola xenerosidade minima faga partícipe aos ministros de Deus para que mereza por medio deles ser partícipe dos bens celestiais. Por isto eu Afonso rei dos portugueses a Deus omnipotente e a gloriosa nai desta igrexa, María sempre virxe e en todo-los santos de Deus e a vos Don Xoán bispo da igrexa de Tui e os vosos cóengos servidores así presentes como futuros desta mesma igrexa e a todo-los vosos sucesores que han de ser promovidos perpetuamente fago carta de todo o mesmo realengo que teño en Benevivere en terra de Fragosos para que dende este día sexa quitado aquel realengo coa voz e caloñas e cantello do meu dereito e dos meus sucesores e de calquera persoa secular e sexa entregada á vosa xurisdicción e confirmada coa igrexa de Santiago de Benevivere con 17 casais que miran cara a mesma igrexa de Benevivere. Así tamén fágovos testamento do meu dereito real que teño sobre cinco barcos con seis temoneiros en Sta. María de Vigo para que non serven a ninguén outro nin satisfagan tributo nin calumnias (caloñas) a non ser somentes á igrexa tudense e ao bispo da mesma. Tamén douvos e concedo a cidade tudense por onde atravesa dende aquel porto de Segatanes...(como no privilexio de 1095). Douvos tamén e concedo o portádego dende o mesmo porto de Tui en que ninguén

teña nave conductora (barca de pasaxe) no mesmo porto excepto vos. Así tamén se alguén quere levar a alguén na súa nave sen pago teña en esto libre potestade. E que ninguén ose pescar dentro dos termos supracitados sen o voso mandato. Concédovos tamén a igrexa de Sta. Baia de Villar de Mouros enteira na ribeira do Miño facendo de separación o río de Coyra con todo-las súas pertenzas polos seus termos antigos. Douvos a perpetuidade a igrexa de Sta. Maria de Vinea (Vinhas) enteira co seu couto polos seus termos antigos. Ademáis concédovos cinco casais en Truyti con todo o seu realengo que alí poderedes atopar. Cofirmovos tamén a igrexa tudense a perpetuidade e concédovos todo-los dominios e garantías e liberdades que a miña nai e os meus avós e o emperador Don Afonso e o seu pai e a súa nai fixeron á igrexa tudense, así tamén todo o realengo que vos e os vosos sucesores teñades de todo-los vosos coutos e todo o citado anteriormente libre e enteiro para que nin eu nin os meus sucesores teñamos neles nin voz nin calumnias senón soio a igrexa tudense e o bispo que naquel tempo houber, alí voz e xurisdicción teña sempre e vos e os vosos sucesores e a igrexa tudense teña pleno dominio sobre todo-los homes de todo-los vosos coutos e os mesmos nunca teña outro señor nin vendan nin doen as casas nin as súas herencias a outros santuarios, eclesiásticos ou cabaleiros ou outros homes importantes que poidan dispoñer mal as vosas directrices. Así pois se algunha persoa este feito meu rompera por casualidade...

(4).- 1170. Foros feitos por Fernando II á nova poboación de Bonaventura.

(...) para incremento e defensa do noso reino convén que a maxestade rexia sexa fortificada non só coas armas senón tamén engadindo unha moi exacta atención na construción de cidades moi fortificadas e fortalezas para que así de aquí e dalí en común teña poder a autoridade real tanto presente como ausente e non deba temer os ataques inimigos. Se a vista deste argumento, eu Fernando rei das Hispanias pola gracia de Deus, tanto para a ampliación da cidade de Tui canto polos numerosos e lamentables saqueos de esta debido aos ataques dos inimigos tanto sarracenos como normandos (xianorum-pais das brétemas) desexando mirar pola salubridade da citada (cidade de Tui), proveer a esta cidade de mellor e máis fortificado pola natureza, que está entre a igrexa da mesma sé e o río Miño, comunicada a decisión á nosa curia co consenso de Xoan, bispo desta cidade, do prior Fernando e dos cóngos da mesma e tamén co asentamento propio posto de manifesto consideramos útil que ha de ser mudada (a cidade). Así o lugar citado do supracitado bispo, prior e cóngos, concedovos foros para habitar o lugar que vos merquei para todos vos moradores presentes e futuros cos costumes, a saber coa condición de que alí vos construedes a cidade e a mesma fortifiquedes en redor con amplísimos fosos e muros e tamén con torres a cuxo lugar e cidade tal certamente dámoslle de novo o nome de Bonaventura. Así pois ordeamos que o morador desta mesma cidade de Bonaventura non dé portádego de sal a este porto do cal portádego soía ter a metade o castelo de Entenza e a metade o bispo e cóngos. Das viñas traballedes das que por décima parte por foro dábades ao bispo e cóngos, despois nada deades a non ser aquilo que a Deus debades. Mandamos ademáis que o merino non se atreva a prender morador daquela vila por ningunha calumnia (caloña) que non fora dada a palacio a non ser por homicidio, rauso (violación), ou roubo coñecido, traizón ou esteo posto na boca. Do demáis en verdade se fose dada calumnia a palacio si aquel que calumniaron vivise na vila dé como fianza 5 sólidos e o saión (alguacil) non se atreva a entrar na súa casa por garante. Se non fan casa na mesma cidade dé en fianza 5 sólidos e fianza de 60 sólidos. Si a calumnia fose de cousas moveis ou inmoveis o señor que reivindique en dereito o seu asunto obtéñano en paz e o merino decida impoñerlle en castigo proporcional ao tipo de calumnia. Se fose ferida corporal, a metade da remuneración aproximadamente sexa dada ao merino e a metade a aquel que recibiu o dano no corpo. Ningún merino se atreva a ir contra estes costumes porque se o fixera ningún morador que en defensa do seu corpo ou da súa facenda provocase dano sexa castigado con pena corporal ou pecunaria. Igualmente que ningún se atreva a defender ao merino porque espera o seu dereito porque o que o fixera espere ser castigado. Se unha nave naufragase dende a foz do Miño ata Barcelona ningún morador perda nada das súas cousas que alí tivese polo señor ou polo merino da terra ou por outro poderoso. Se a nave naufragase nalgunha outra parte do meu reino o morador da vila dé a cuarta parte de todo o que alí tivese á voz do rei e coas restantes cousas volva seguro a súa vila e coa súa nave si pudese tela. Engadimos tamén que do pan ou do viño que nos montes ou nos lugares incultos ou nas vosas propias herdades prantaredes non lle deades diezmo a ningún só a Deus. Cofirmovos tamén as herdades vosas e amos dos vosos fillos e das vosas fillas que por acordo do señor da terra teñades para que esta tal couto cal teñan as herdades e amos dos cabaleiros se fosen herdeiros. Mando ademáis que os mercadores da vosa vila vaian e veñan seguros por todo o meu reino e ningún pague fianza a non ser deudor ou fianza se alguén collese a un mercador da vosa vila sólteo sen dano e pague 500 sólidos polo apreixamento e se alguén algún mercador da vosa vila violentamente lle quitase cartos a este devólvelle o dobre e á parte real 500 sólidos. Libero tamén a todos os moradores da mesma vila de luctuosa, de maniatico e concedolles libre potestade de ordear e partir ou facer testamento das súas posesións a calquera que queira á súa morte. Ningún ose prohibir pastos e leña para queimar ou para facer edificios ou para naves a non se nos lugares cultivados e defendidos. Se alguén vindo doutra parte sexa notable ou vilán cometese na vosa vila roubo, según a xustiza que desto fixérades non paguedes nin lle contestedes aos pais nin aos señores sobre o homicidio do ladrón. Calquera

